



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Cristal


PONTEVEDRA (1932-1933)


EDICIÓN FACSIMILE

XUNTA DE GALICIA

TÍTULOS PUBLICADOS:

1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: Catro discursos*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica*
(Edición facsímile, Ferrol 1952-1960)
3. *A Filosofía Krausista en Galicia*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor*
Giuseppe Tavani
5. *Guía de alimentación*
6. *Refraneiro galego da vaca*
7. *O Padre Feixoo, escolástico*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía*
(Edición facsímile, A Coruña, 1948 - Vigo, 1956)
9. *Posío, (Edición facsímile, Ourense 1945-1946)*
10. *Hamlet e a realidade cunqueirana*
11. *Repertorio Bibliográfico da Lingüística Galega*
12. *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera*
(Edición facsímile, Santiago de Compostela, 1945-1946)
13. *Plumas e Letras en "La Noche" (1946-1949)*
14. *Informe de Literatura 1995*
15. *Terra, Mar e Lume*
16. *Castelao, humorista*
17. *Posío, Arte y Letras*
(Edición facsímile, Ourense, 1951-1954)
18. *Poética da Novela de Autoformación.*
O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico
19. *Lírica profana Galego-Portuguesa*
20. *La Noche "Suplemento del Sábado"*
(Santiago de Compostela 1949-1950)
21. *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André*
(Do europeísmo ó galeguismo)
22. *A Cruz do Salgueiro. Narrativa Recuperada*
23. *EUROMOSAIC. Producción e reprodución dos grupos*
lingüísticos minoritarios da UE
24. *Video-libro "Ramón Piñeiro"*
25. *RESOL (Edición Facsímile, Galicia, 1932-1936)*
26. *Informe de Literatura 1996*






CRISTAL

REVISTA LITERARIA

PONTEVEDRA (1932-1933)

EDICIÓN FACSIMILE



CRISTAL

REVISTA LITERARIA

PONTEVEDRA (1932-1933)

EDICIÓN FACSIMILE

DIRECTOR DO PROXECTO

LUÍS ALONSO GIRGADO

COLABORADORES

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE

BEGOÑA EGUIZÁBAL GÁNDARA

AMELIA RODRIGUES ESTEVES

Edita

XUNTA DE GALICIA.
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador Científico

CONSTANTINO GARCÍA

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Realización

DIFUX

ISBN: 84-453-2129-3

Depósito Legal: C-200-98

Ó estudioso da nosa literatura e aínda ó lector interesado nela, non lle pasará desapercibido o labor de recuperación documental que está a desenvolver-lo Departamento de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta tarefa, particularizada na edición facsimilar de revistas literarias do noso pasado inmediato, ten dado xa os seus froitos na publicación das páxinas de *Alba*, *Aturuxo*, *Gelmírez*, *Posío*, *Resol* ou *La Noche*, ás que agora se engaden as de *Cristal*.


Escritores e historiadores das nosas letras como Ánxel Fole, Augusto M^a Casas ou Xosé Filgueira Valverde teñen apuntado en diferentes ocasións o interese e a importancia dos facsímiles literarios. Estas recuperacións son unha ferramenta moi útil para o estudio da nosa literatura e do percorrer lingüístico do noso pobo.

A pontevedresa *Cristal*, nacida e desenvolvida durante os anos da II^a República e impulsada por un grupo de escritores da capital do Lérez, rexorde agora —estudiadas as dimensións literaria e artística— para facer posible a lectura das colaboracións que nela deixaron ilustres figuras como Luís Amado Carballo, Fermín Bouza-Brey, Castelao, Antón Fraguas, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Antonio, Ramón Otero Pedrayo, Federico García Lorca, Juan Ramón Jiménez, Gabriela Mistral, Teixeira de Pascoaes e moitos máis.

A aparición deste *Cristal* pon o seu gran de area na ampla tarefa na que o Centro Ramón Piñeiro está comprometido a prol dunha investigación rigorosa e moderna nos terreos da lingua e a literatura, así como naqueloutros que integran o eido das Humanidades. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia asume a súa responsabilidade e impulsa a nosa lingua e literatura e potencia a actividade investigadora. Unha vez máis, os resultados xustifican as ilusións e os esforzos para que tal actividade teña repercusión no proceso da vida cultural da nosa terra.


Asemade, con esta edición facsimilar de *Cristal* queremos contribuír ós actos conmemorativos do primeiro centenario do nacemento de Federico García Lorca —colaborador da revista e autor dos *Seis poemas galegos*— que manifestou o seu amor pola lingua, a terra e o pobo de Galicia.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e
Ordenación Universitaria




ÍNDICE XERAL

I. PRESENTACIÓN	11
Xosé M ^a Álvarez Cáccamo Cristal dos poetas Gerardo Álvarez Limeses e Xosé M ^a Álvarez Blázquez	13
II. INTRODUCCIÓN	19
1. <i>Cristal</i> por fóra	21
2. <i>Cristal</i> por dentro	27
2.1. O proxecto estético	27
2.2. Os directores e colaboradores literarios	29
2.3. As ilustracións e os directores artísticos	39
2.4. A lingua	50
2.5. Os números	51
2.6. García Lorca en <i>Cristal</i>	58
2.7. A lírica galega	67
2.8. Diante de <i>Cristal</i> : valoracións	74
2.9. Notas biobibliográficas de colaboradores	76
III. BREVE INVENTARIO DE NOTAS INFORMATIVAS E REFERENCIAS CRÍTICAS	103
IV. FACSIMILE	113
V. APÉNDICES	297
A Pontevedra de <i>Cristal</i>	299
A linoleografía en Galicia	335
VI. BIBLIOGRAFÍA	373
VII. ÍNDICES	377




“As revistas recadan, dun xeito moi vivo, a colleita cultural de cada tempo. Son coma espellos, onde se refrean feitura e actitudes que os libros non sempre poden recoller. Ábrennos horizontes non sospeitados, fornécennos datos que sóio nelas podemos atopar. A súa propia e fuxidía actualidade fai que sexa árdigo axuntalas. Moitas tiveron tiradas mínimas, coma se fosen libros de bibliófilo, nada pra seren escollidas rarezas. Emporiso a xenerosa tarefa da reedición de vellas publicacións galegas merez tanta gratitude.”

Xosé Filgueira Valverde



PRESENTACIÓN



Cristal dos poetas Gerardo Álvarez Limeses e Xosé M^a Álvarez Blázquez

O 25 de xullo de 1932, na Pontevedra da República onde traballaban, conversaban e soñaban cun porvir luminoso algunhas das grandes figuras do galeguismo histórico, entre elas Castelao e Bóveda, ve a súa luz primeira a revista literaria *Cristal*. A publicación, presentada precisamente —pero non casualmente— na data do Día de Galiza, conxugará o espírito cosmopolita, deportivo e elegante que se anuncia no primeiro editorial cunha toma de postura receptiva aos mellores productos da literatura galega e á procura de excelentes mostras da universal. Así, e xa na primeira entrega, a carón de textos de Juan Ramón Jiménez e Juana de Ibarbourou, aparecen poemas galegos de Noriega Varela, Amado Carballo e Álvaro de las Casas, unha prosa de Otero Pedrayo escrita tamén na nosa lingua e un poema en castelán do excelente poeta Juan Bautista Andrade.

Para Xosé María Álvarez Blázquez, daquela un mozo de dazasete anos estudante de Maxisterio na vila do Lérez, debeu representar unha emoción impagábel asistir á súa propia estrea pública como poeta detrás daquel cristal onde transparentaban as devanditas sinaturas e outras que irían mostrándose en números sucesivos, entre elas as de Manuel Antonio, Federico García Lorca, Antonio Machado, Castelao...

O seu tío Gerardo Álvarez Limeses daba paso á voz do sobriño no número 2 da revista coa publicación do soneto “Bautismo”, composición que constituira dous meses antes a adicatoria en verso para o primeiro libro de Xosé María Álvarez Blázquez, *Abril*, que leva colofón do 14 de maio de 1932. O tío poeta, autor de varios libros en castelán e dun conxunto importante de poemas galegos (os que en 1934 organizarán o poemario *Antre dous séculos*), actúa de oficiante no rito da cesión simbólica do instrumento lírico, aparello dun oficio que os Álvarez mantemos en estado de uso desde a chegada a Galiza do primeiro escritor da familia, Emilio Álvarez Giménez, o pai de Gerardo. O soneto de Álvarez Limeses, debedor dos estilemas da retórica modernista, conclúe con esta fórmula de emocionada liturxia:

*“Como a un recién nacido te arranco de la cuna
y, ungiéndote en los brazos de la diosa Belleza,
en el nombre del Padre, te autorizo a soñar.”*



*A dinastía
dos Álvarez
en 1934*

E Xosé María, que viña soñándose poeta desde os catorce anos e dera corpo verbal a aqueles sonhos adolescentes no libro *Abril*, continuará ensaiando voces e achegándose aos ritmos diversos da contemporaneidade desde as páxinas de *Cristal*. No mesmo número 2 en que recibe as augas bautismais do seu tío e padriño, recolle aquela autorización e publica "O merlo poeta", unha composición neopopularista onde o autor recén estreado deseña unha autodefinición estética e ética e anuncia unha querencia que nunca abandonará: a da lírica tradicional. Este poema incorporárase logo ao primeiro libro galego de Álvarez Blázquez, *Poemas de ti e de min* (1949).

O neopopularismo inxenuista dá paso no número 3 ao descriptivismo hilo-zoista que era úbeda moda do momento. Amado Carballo e o grande amigo Juan Vidal Martínez (a quen Xosé María adicará un poema de *Poemas de ti e de min* e, moitos anos máis tarde, en 1982, o emotivo e dramático "Solpor") constitúen daquela dous referentes importantes para a formación da Poética de Álvarez Blázquez, de ancoraxe imaxinista e popular. No poema titulado "Optimismo", en castelán, o futuro autor de *Poemas de ti e de min*, amosa xa a súa potencia visualizadora e rítmica.

Outra das vías do neopopularismo ensaiadas por Xosé María Álvarez Blázquez foi a do romance de influencia lorquiana. Unha lúa fatalmente feminina e cruel protagoniza o poema aparecido no número 4 (outubro de 1932) e titulado "Romance de la luna coqueta", cantareira escena poboada de "nardos", "azahares" e outros complementos decorativos que algo deben ao autor do *Romancero gitano*, un exemplar de cuxa primeira edición foi adicado por Lorca "al joven poeta José María Álvarez Blázquez", en 1932, data da súa visita a Pontevedra.

Visita que se anuncia con lóxico entusiasmo no texto editorial do número 5 (novembro de 1932). Nesa mesma entrega reproducense dous poemas do *Romancero gitano*, os titulados "Prendimiento de Antoñito el Camborio en el camino de Sevilla" e "La monja gitana", e a continuación un interesante poema en prosa de Álvarez Blázquez. O autor de *Canle segredo* (1976) non se ten prodigado no uso desta modalidade rítmica, aínda que a súa prosa narrativa e ensaística, movida por aguda vontade de estilo, discorre frecuentemente con pautas próximas ás da musicalidade lírica. "A media noche" é relato simbólico que pescuda nas orixes míticas da fereza do lobo. O tema e o seu tratamento constitúen unha das primeiras amostras escritas do interese do futuro polígrafo polas orixes do mundo animal e humano.

Fechan este número tres poemas galegos de Gerardo Álvarez Limeses, titulados "Fai anos, ño Valado", "Naz'o día" e "Tríadas célticas". Son coplas de xinea popular, a primeira delas evocativa do ámbito rural de Baión, lugar próximo a


Vilagarcía de Arousa, onde a familia Álvarez pasaba os seus días de vacacións e onde os García de la Riega, emparentados con eles, disfrutaban da propiedade dun pazo coñecido como “O Valado”.

O número 6 (decembro de 1932) aparece encabezado por un soneto, daquela inédito, de Federico García Lorca. Xosé María, Juan Vidal e algún outro dos integrantes do consello de redacción de *Cristal*, asistentes a unha conferencia que Lorca dictara en Pontevedra, solicitaríanlle un poema para a revista. Federico acompañounos ao Café Moderno, lugar habitual de tertulias literarias e políticas, frecuentado, entre outros, por Valle-Inclán e Castelao, e alí memorizou e escribiu nunha cuartilla que conservamos o soneto “Yo sé que mi perfil será tranquilo”. O poema, unha das xoias da publicación pontevedresa, aparecerá despois formando parte dun conxunto titulado “Poemas póstumos” no volume VI das *Obras completas* de García Lorca, publicadas por Losada a partir de 1938.

Xosé María Álvarez Blázquez colabora no número 6 cun poema en castelán titulado “Cero”. É un bon exemplo da faceta lúdica e matizadamente irónica que o poeta cultivou a xeito de gozo complementario e do que ten dado algunhas amostras, entre elas a edición do apócrifo *Cancioneiro de Monfero* (1953) ou a escrita dos *Epigramas de Pepe do Rollo*, de publicación póstuma na súa *Poesía Galega Completa* en 1987. O tema da pelerinaxe que Álvarez Blázquez aborda aquí cun punto de ironía desmitificadora será despois o núcleo significativo do *Romance do pescador pelerriño* (1954), onde a aventura itinerante adquire unha tonalidade lírica de maior envergadura.

De Álvarez Limeses lemos na mesma entrega un “Nadal” descriptivista, labrado co ascético cicel do ermo noriegués e habitado por moi boa moblaxe imaxinativa. Tal vez sexa esta unha das mellores amostras da vontade poética do autor de *Antre dous séculos*, un poeta moi digno que, en bastantes ocasións, sobarda as lindes dunha estética ancorada nos presupostos enxebristas da súa época. E, case sempre, demostra unha afortunada disposición natural para o tecido espléndido de ritmos e procedementos imaxinativos.

O ano II de *Cristal* inaugúrase co número 7 (xaneiro de 1933), entrega onde por vez primeira figuran os directores literarios da publicación: Juan Vidal Martínez, Antonio Díaz Herrera e José María Álvarez Blázquez —Xosé María,



García
Lorca, por
Cebreiro

cando escribe en galego—, aos que acompañan na dirección artística Turas (un dos grandes amigos da mocidade de Álvarez Blázquez), José Luis e Alejandro de la Sota —quen co tempo chegaría a ser un dos máis notábeis arquitectos da segunda metade do século.

A querencia lorquiana da revista pontevedresa dirixe nesta ocasión o seu interese cara a faceta surrealista do poeta granadino. Publican os de *Cristal* o poema titulado “Asesinato”, que xa formaba parte do proxectado *Poeta en Nueva York*. Cando este libro vexa a luz en 1940, a versión do poema aparecida en *Cristal* incrementará notabelmente as súas dimensións.

A carón de “Asesinato” figura unha serie de dez tercerillas titulada “Semblanzas de Santos”, da autoría de Álvarez Blázquez. É un retablo epigramático, inocente como de ermida campesiña, do que destacamos, pola súa gracia, esta estampa:



“San Antonio de Amarante
casaba a todas las viejas
para no verlas delante”

De entre as diversas facetas da escrita poética ensaiada por Xosé María nas páxinas de *Cristal*, algunhas delas desenvoltas posteriormente coa sabiduría do oficio maduro e da sensibilidade ferida e cordial, a que máis interesa a este lector é a da confianza en ton maior que se declara no poema “Inmensidade”, publicado no número 8 (febreiro de 1933). Neste poema, que non foi incorporado a libro en vida do autor, pero si no apartado de inéditos e dispersos na edición póstuma da *Poesía Galega Completa*, albíscase a disposición anímica e o discurso de folgo aberto que caracteriza o mellor dos seus libros poéticos, *Canle segredo* (1976).

Xosé M^a
Álvarez
Blázquez,
por Turas

O tío Gerardo acompaña nesta ocasión ao sobriño con dúas estampas enxebres de cativo interese. Son os poemas titulados “A señora vaca” e “Pé do cruceiro”, ambos pertencentes a ese seu único libro galego de despaciosa escrita, *Antre dous séculos*.

Máis interesantes son os tres poemas en castelán con que colabora Álvarez Blázquez no número 9 (marzo-abril 1933), especialmente o titulado “Prólogo”, no que o esforzo imaxinativo, de caste creacionista, acada resultados de enxe-

ñoso lirismo. "Anhelo" está aínda lonxe da intensidade e bon oficio que o poeta demostrará con *Roseira do teu mencer* (1950) no labor da poesía infantil. E "Raid" é só boceto, exercicio de man instantánea minimalista.

A derradeira entrega de *Cristal*, que fai o número 10 (maio-xuño de 1933), recolle poemas dos dous Álvarez: "Los sapos en la noche", de Gerardo, e "Mayo" e "Romance do afiador", de Xosé María. Representan os tres textos unha axeitada despedida, ben significativa da atención que estes poetas, como a maior parte dos colaboradores da revista, prestaban ás linguaxes da súa contemporaneidade.

"Los sapos en la noche" vai encabezado polo anuncio da súa pertenza ao libro en preparación *Al caer vencido*, poemario que descoñezo e sospeito inédito. De todos os poemas de Álvarez Limeses aparecidos en *Cristal* este é o que máis se aproxima á imaxinería visual, á temática cósmica e á tonalidade exaltante de algunhas estéticas vangardistas, sobre todo á do creacionismo de Vicente Huidobro. Falo, de todos xeitos, de certa aproximación, non de comunidade cosmovisionaria ou de estilo.

O lorquismo galeguizado do "Romance do afiador", que verá a luz máis adiante, con algunhas modificacións, en *Poemas de ti e de min*, é a canle precisa para a presentación de dous motivos recorrentes na futura obra poética do escritor tudense: a simpatía solidaria pola xente común e os seus labores e o tema da pelerinaxe, aquí itinerancia de oficio.

Cun total de vinte poemas, oito de Gerardo e doce de Xosé María, figuran os Álvarez nas páxinas de *Cristal*. Foi a deles, portanto, unha decidida e asidua colaboración. Para Gerardo, un poeta consolidado, aínda que sen libro galego aínda, a revista foi espello onde reflectir o rostro xa completo da súa Poética, inmodificábel a esa altura da xeira vital e literaria. Xosé María, pola contra, atravesaba ese cristal cos acentos variábeis dunha voz en construción. Ensaia voces, anuncia motivos, dialoga co seu tempo e transparenta xa o timbre intenso do seu futuro discurso cordial, síntese de ferida gravidade e ledizosa exaltación.

En 1932, en 1933, uns anos antes da erupción do terror fascista que asasinou ao irmán de Gerardo, ao pai de Xosé María, o médico tudense Darío Álvarez




Xerardo
Álvarez
Limeses

Limeses; ao xenro de Gerardo e curmán de Xosé María, Alexandre Bóveda; uns anos antes de que a tristura homicida matase tamén ao propio Gerardo, a vida era un cristal sen sombras no que se ollaban, xuntos, tío e sobriño. O alén é outro cristal por onde pervagan, xuntos outravolta, os poetas Gerardo Álvarez Limeses e Xosé María Álvarez Blázquez.

Xosé María Álvarez Cáccamo
Novembro de 1997

INTRODUCCIÓN



1. *Cristal* por fóra

Foi 1932 un ano fructífero no eido das publicacións literario-culturais galegas. En efecto, xa no mes de marzo aparecía, en Santiago de Compostela, da man de Francisco Fernández del Riego, *Universitarios*, "Revista de la F.U.E.". En maio, Ánxel Fole sacaba en Lugo o nº 1 do seu *Yunque*, "Periódico de la vanguardia política" e, no mesmo mes, de novo en Santiago de Compostela, Arturo Cuadrado e Luís Seoane iniciaban a xeira da "Hojilla volandera del pueblo" que foi *Resol*. Dous meses despois, no Día de Galicia, un pequeno grupo de mozos —escritores e artistas plásticos— presentaba en Pontevedra, *Cristal*, "Revista literaria".

Cristal chegou a tirar un total de 10 números, axustados —con variacións insignificantes¹— a un formato de 28,5 x 21 cm. A súa periodicidade foi mensual agás nos números 9 e 10, que foron bimensuais. A publicación facíase nos Talleres Tipográficos de Julio Antúnez, no nº 6 da rúa da Oliva. A efectos de correspondencia e subscricións tiña o seu enderezo na rúa Pi y Margall nº 2, onde Xoán Vidal Martínez, mestre nacional e destacado fundador e impulsor da revista, daba pasantías.

Co paso do tempo a revista foi medrando e coñeceu algunhas variacións que, en boa medida, contribuíron a melloralala. O prezo pasou dos 15 cts do nº 1 e seguintes ata os 40 cts dos números 9 e 10. O número de páxinas tamén experimentou modificacións. Empezaron os primeiros números cun total de 8 páxinas (así, ata o nº 5), máis as da publicidade. Pero no nº 6 son xa 22, e 24 no nº 10, ata chegar ás 28 do nº 9. O primeiro sumario non aparece ata o nº 4 e as dúas primeiras entregas carecen doutras ilustracións que non sexan as das portadas. A mención do equipo de directores literarios e artísticos está consignada por vez primeira no nº 7 e experimenta a súa única variación no nº 9 (Rafael Lois Teijeiro substitúe a Xoán Vidal entre os directores literarios).

Descoñecemos a tirada² dos diferentes números, algúns deles coas páxinas en cor na súa totalidade. As fontes de financiación eran fundamentalmente catro: o produto da venda de exemplares, as subscricións (2 pts a subscrición anual), a contribución económica de don José Díaz Sanjurjo (pai de José e de Antonio Díaz Herrera) e a publicidade. Este último soporte financeiro que *Cristal* reflicte nas súas páxinas lévanos ó ámbito comercial pontevedrés da época, a establecementos que tiveron sona na cidade. Así acontece co Sanatorio do doutor

¹ Agás o nº 1, de formato máis reducido.

² "Unha distribución superior ós dous mil exemplares", como supón Modesto Hermida (*As revistas literarias na Segunda República*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1987, p. 21), parécenos notablemente esaxerada na Pontevedra de 1932 para unha revista literaria das características de *Cristal*. En todo caso, se atendemos ós datos que a propia revista fornece, debía ter boa aceptación entre os lectores, pois de acordo coa nota de contracapa do nº 8, os números 6 e 7 estaban esgotados cando o citado nº 8 aparecía.

Enrique Marescot Iglesias, cos productos La Toja e coa xastrería El Globo. Pero tamén figuran a Cristalería Moderna, a Farmacia Montenegro, Tecidos Peláez ou o distribuidor dunha das bebidas de moda, "Fruchampán" (champán de froita. Fantasía).

Na súa configuración externa, o bloque de colaboracións constaba, na súa meirande parte, de traballos inéditos, completados cunha sección de reproducións dos xa editados con anterioridade en libro, revista ou xornal. As ilustracións eran orixinais e todas elas da modalidade de gravado ó linóleo³. Fóra dos orixinais achegados e reproducións atopamos unicamente, e só nos números 8, 9 e 10, a sección Índice, de notas informativas sobre arte, teatro e revistas. A tipografía da cabeceira varía nas portadas dos diferentes números, pero no interior mantense idéntica a partir do nº 4.

A xeira de *Cristal* nos seus dez números non chegou a un ano, pois rematou en xuño de 1933. A súa desaparición non deixa de ser algo paradóxica pois no nº 10, nunha nota —"*Cristal*"— asinada por A(ntonio) D(íaz) H(errera) afirmábase que, superadas as dificultades motivadas polos exames na Universidade do "elemento joven" da redacción, *Cristal* "volverá en un próximo número, doble

tambien, "Julio-Agosto" a puntualizar su aparición". Ignoramos as razóns polas que a revista, que semellaba afirmada e en progresión, enmudeceu. Quizais haxa que pensar nas obrigas e nas circunstancias persoais dalgúns dos seus membros máis activos. Así, Xoán Vidal casaba con María Monteagudo en 1933 e ambos comezaban o seu labor como mestres pola provincia de Pontevedra, pero xa fóra da cidade. A saída de Vidal do grupo de directores literarios a partir do



No Hotel
Méndez
Núñez
estivo a
"redacción"
de *Cristal*

nº 8 non debeu ser un grave episodio de discrepancia, pois o poeta continuou a colaborar na revista e esta non experimentou ningunha modificación.

Antonio Díaz Herrera practicamente abandonaba o labor literario ó desaparecer *Cristal*. Da mesma idade que Xoán Vidal, cursaba estudos de Dereito despois de deixar os relixiosos. Xosé M^a Álvarez Blázquez, que en 1933 tiña deza-oito anos, vivía na casa do seu tío, Xerardo Álvarez Limeses e cursaba maxisterio, que remataría en 1934. O ingreso nas Mocidades Galeguistas foi o único acontecemento salientable naquel ano na súa vida, pero para nada debeu influír na marcha da revista.

³ A única excepción figura no nº 6, coa ilustración de María Monteagudo.

As obrigadas xuntanzas para a selección das colaboracións e posta a punto de cada número celébranse nun pequeno e modesto local, situado nos altos do Hotel Méndez Núñez, na Praza de San Xosé. Cando García Lorca visitou aquela “redacción improvisada en un desván del Hotel Méndez Núñez”, lembra Luciano del Río:

“Entramos en aquella especie de guarida de conspiradores políticos donde había por mesa única un cajón y unos pequeños bancos... Las paredes y el tejado estaban cubiertos con unos dibujos de “Turas” y de José Luis Fuentes de evidente influjo cubista. Los jóvenes de la revista “Cristal” se sintieron un tanto incómodos por llevar a Lorca a aquel lugar, pero Lorca les tranquilizó diciéndoles que la revista “Gallo”, de tan efímera vida y que él fundara en Granada en 1928 no había tenido mejor cobijo”⁴.

Pola súa banda, Xoán Vidal non fai senón reafirmar o testemuño de Luciano del Río ó confesar que, efectivamente, “Hacíamos la revista en un desván”⁵.

O nome da revista debeuse a Xoán Vidal. Sabemos que certo día, cando a idea xa lle andaba na cabeza, de conversa cuns amigos diante da Escola Normal tracexou no chan coa punta do paraugas a palabra “Cristal”. A anécdota gárdaa na memoria a súa filla Aurora.

Sen embargo, este bautismo non foi senón o remate dun proxecto que naceu nas xuntanzas que un grupo de mozos tiñan na casa dos Díaz Herrera, que vivían —segundo Filgueira Valverde⁶— no primeiro piso da casa de Martínez Bautista (onde tamén residían os De la Sota), que tiña o baixo ocupado polo Café Moderno. Destas xuntanzas, intrascendentes e divertidas, tivemos información directa por don Ramón de la Sota, que lembra aínda hoxe o seu carácter radicalmente apolítico e as bromas co espiritismo. Do grupo formaban parte Xoán Vidal, Evaristo Mosquera, Xosé Sesto, Ventura de Dios (“Turas”), Pérez Cienfuegos, Rafael Lois Teijeiro e A. Díaz Herrera.


Era frecuente nas revistas da época informar unhas doutras e manter relacións de intercambio. Vémosto así, sobre todo, nas páxinas de *Nós*, pero tamén nas de *Yunque* ou *Universitarios*. Algo disto fixo tamén *Cristal*, pero en menor medida da que sería de agardar. Efectivamente, nas súas páxinas só fai mención, en breves notas de R(amón) P(érez) C(ienfuegos) e A(ugusto) M(aría) C(asas), de *Resol*, *Yunque* e *Papel de Color*. E de fóra de Galicia, de *Estudiante*, revista da F.U.E. da Universidade de Granada.

⁴ Luciano del Río, “García Lorca en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 12-VIII-1973.

⁵ Aleyda Yglesias, “Juan Vidal Martínez, poeta en el silencio”, *El Día*, Tenerife, 10-VII-1973.

⁶ José Filgueira Valverde, “Cristal”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 2-IX-1979.

Pero Xoán Vidal, que pola súa idade, pola súa experiencia como fundador de anteriores publicacións e como poeta tiña máis relacións no ámbito das revistas literarias, conseguiu colaboracións de poetas que fundaron e dirixiron algunhas. Así aconteceu con Rafael Duyós, fundador e director de *Murta* (Valencia, 1932);



Xoán Vidal
levou moitos
colaboradores
ás páxinas
de Cristal

Eduardo de Ontañón, de *Parábola* (Burgos, 1923 e 1927-1928), na que colaborou o mesmo Xoán Vidal; Pedro Pérez Clotet, de *Isla* (Cádiz, 1935); Fernando González, de *Halcón* (Valladolid, 1945) e Emeterio Gutiérrez Albelo, de *Gánigo* (Tenerife, 1953) e con anterioridade colaborador da *Gaceta de Arte* (Tenerife, 1932), dirixida por Eduardo Westerthal, que Xoán Vidal intercambiaba con *Cristal*. Pero de ningunha delas se fixo eco a revista pontevedresa.

Outra circunstancia da que non temos referencia é a do posible pago das colaboracións. Feito, de todas formas, moi improbable porque nin era habitual naqueles tempos naquel tipo de publicacións (aventuras de xuventude, manifestacións de entusiasmo creador de grupos de mozos que daban os seus primeiros pasos literarios) nin a súa máis que problemática economía permitía tal cousa.


Lémbrese, por exemplo, que Lorca agasallou a *Cristal* con dous poemas a petición dos directores da revista. Con seguridade, a publicación das colaboracións era compensación suficiente para os autores.

Na seguinte gráfica podemos visualizar algúns dos fundamentais datos externos da revista:

Nº	Lugar	Data	Páxinas	Ilustracións	Prelo	Prezo	Publicidade
1	Pontevedra	Día de Galicia 1932	8 (8) ⁷	Portada	Talleres Tipográficos Julio Antúnez	15 cts	Non
2	"	Día da Peregrina 1932	10 (12)	Portada	Imprenta Librería Julio Antúnez	"	"
3	"	Setembro 1932	10 (12)	Portada 4 ilustracións	"	"	Si

⁷ O número que figura en primeiro lugar fai referencia á paxinación que aparece na revista; o número que figura entre parénteses é o número real de páxinas da publicación. Como pode observarse non sempre coinciden, pois en ocasións os responsables inclúen no cómputo das páxinas a portada e o seu reverso (números 1 e 9) e outras veces non (números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10), mesmo no derradeiro número, exclúen deste cómputo, ademais, dúas páxinas de publicidade do comezo da revista.

Nº	Lugar	Data	Páxinas	Ilustracións	Prelo	Prezo	Publicidade
4	Pontevedra	Outubro 1932	10 (12)	Portada 4 ilustracións	Imprenta de Julio Antúnez	15 cts	Si
5	"	Novembro 1932	10 (12)	Portada 3 ilustracións	Talleres Tipográficos Julio Antúnez	"	"
6	"	Decembro 1932	26 (28)	Portada 7 ilustracións 1 viñeta	Tipografía de Julio Antúnez	30 cts	"
7	"	Xaneiro 1933	14 (16)	Portada 2 ilustracións 1 viñeta	Talleres Tipográficos Julio Antúnez	25 cts	"
8	"	Febreiro 1933	14 (16)	Portada 2 ilustracións 1 viñeta	"	"	"
9	"	Marzo-Abril 1933	32 (32)	Portada 5 ilustracións 6 viñetas	"	40 cts	"
10	"	Maio-Xuño 1933	28 (32)	Portada 6 ilustracións 3 viñetas	"	"	"



2. *Cristal* por dentro

2.1. O proxecto estético

¿Que pretende *Cristal* no terreo literario? Ó respecto, e a xeito de pequeno programa ou manifesto, a revista inicia as súas páxinas cun texto, “Es...”, sen sinatura, que seguramente era asumido polo grupo de dirección. Algunhas claves da publicación que nace son as seguintes:

- a) Os seus impulsores son xente de “savia joven”, un grupo de xente moza. Xosé M^a Álvarez Blázquez tiña daquela dezasete anos. Os de máis idade eran Xoán Vidal, que andaba polos vinteoito; algúns menos tiña A. Díaz Herrera e dezaioito contaba Rafael Lois Teijeiro.
- b) Rotundamente queren fuxir da súa circunstancia inmediata, do ambiente pontevedrés dos anos da II República, pois xorden “despegándose del ambiente mohoso de la política que enturbia las horas”. Estamos, pois, diante dunha actitude de signo evasionista, de fuxida da realidade ideolóxica e social que en 1932 posuía, como sabemos, unha forte tensión na vida galega. Este posicionamento, que non pertence precisamente á esquerda política, ten as súas raíces, por exemplo, no illamento bautizado por algúns como “turriburnismo”, adoptado polo poeta pechado en si mesmo, de costas a todo o que non sexa o seu propio mester poético.
- c) Consecuencia do anterior é a caracterización de *Cristal* como “el espíritu elegante, romántico, de una página de Chopin, envuelta en una filigrana polícroma y cosmopolita de una orquestina de music-hall”. De certo, o parágrafo non suxire senón unha concepción elitista da literatura, un culturalismo no que se mestura romanticismo, modernismo e algo do espírito lúdico, intrascendente do vangardismo. A nota de dandysmo, de puro esteticismo, de visión da literatura como orfebrería do estilo, como ornamentación e traballada fermosura queda clara na seguinte definición segundo a que *Cristal* é “el cigarrillo rubio, dainty, que se quema en el cenicero de plata repujada”.
- d) Mesturar a “exquisitez de su contenido” co anxeio de ser “ eminentemente popular” é unha contradición que dende logo *Cristal* non resolveu. A literatura que podemos ler nas súas páxinas, coa excepción das dúas entregas de “cantigas” nos números 1 e 2, resulta declaradamente anti-popular: escolleita, elitista, estetizante e minoritaria.
- e) Tan directo e explícito como o rexeitamento do “ambiente mohoso de la política” é o do “renacer de clarines de espiritualidad”. Este renacer maniféstase na poesía da alma, no puro intimismo de moitos poemas publicados na revista e no espírito relixioso que latexa en moitos outros. Lirismo, pois, adentrado, solipsista; intimismo puro.

- f) No texto programático do que estamos a falar repítense os termos “color” e “policromía”. De certo, esta insistencia lévanos unha vez máis ó pasado modernista coa súa exaltación da sensorialidade e o seu gusto polo cromatismo, que conecta poesía e pintura.
- g) Por fin, o parágrafo alusivo á data do 25 de xullo sitúanos na única referencia galega, que, polas súas alusións ó Camiño de Santiago e ó Apóstolo, ás Platerías e ós gaiteiros de Soutelo e á vestimenta dos vellos de Bergantiños, debemos inscribir nunha triple liña á vez relixiosa, estetizante e folclórica.

A estas consideracións sobre as metas e propósitos de *Cristal* podemos engadir as de Filgueira Valverde, inmediato e directo coñecedor da mesma e home relacionado con moitos dos seus colaboradores. Neste senso, o polígrafo e catedrático pontevedrés observa que “correspondería a Álvarez Blázquez el señalamiento de las aspiraciones de galleguidad”⁸. No extremo contrario, ou polo menos moi afastado, “las notas de una distinción, “snob” y cosmopolita, correrían a cargo de A. Díaz Herrera”. Engadamos, como matización, que en *Cristal* predominaron as segundas sobre as primeiras e que a galegitude, presente nas achegas da vintena aproximada de colaboradores que se manifestan en galego, pouco ou nada tivo que ver coa Galicia real dos anos trinta, cos seus problemas e circunstancias históricas, políticas ou sociais. Estamos, case sempre, diante dunha Galicia ollada na súa paisaxe, na súa tradición relixiosa ou literaria, ou ben —con mínimas excepcións— ante un intimismo tinxido de tristeza, de saudade, de vaguedade sentimental.

Cómpre lembrar que nos anos polos que transcorre a xeira de *Cristal* aparecen algúns fundamentais poemarios da lírica galega da década de 1930, poemarios que son parte esencial dalgunhas correntes da etapa das vangardas nas nosas letras. Mencionemos, no eido do neotrobadorismo, *Nao senlleira*, de Fermín Bouza-Brey, e *Cantiga nova que se chama Riveira* —ambos de 1933— de Álvaro Cunqueiro, do que anotamos tamén *Mar ao norde* (1932) e *Poemas do sí e non* (1933), mostras do sincretismo vangardista do escritor de Modoñedo. No imaxinismo amadocarballista situamos *O vento segrel* (1932), de Augusto M^a Casas. *Corazón ao vento* (1933), de Aquilino Iglesia Alvariño, xorde baixo a influencia do saudosismo e o hilozoísmo.

Polo que atinxe ó concreto terreo da literatura galega, xa se ten falado de cómo as adversas circunstancias da década, que chegaron ó cumio coa guerra civil, frustraron en boa parte as moitas expectativas dos escritores das xeracións de 1925 e 1936 ás que pertencían os directores e colaboradores directos de *Cristal*, que asistiron á prematura morte de nomes tan influentes como Manuel

⁸ Xosé Filgueira Valverde, “*Cristal*”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 2-IX-1979.

Antonio e Amado Carballo, á serodia manifestación doutros como Luís Pimentel, ás oscilacións no bilingüismo doutros e ata o afastamento do galeguismo (e do emprego da lingua) ou do silencio e abandono da creación literaria de máis dun deles. Tampouco faltaron as vítimas da guerra.

2.2. Os directores e colaboradores literarios

a) Os directores

Temos que chegar ó nº 7 (xaneiro de 1933) para atopar referencia explícita dos responsables da parte literaria de *Cristal*: Xoán Vidal Martínez, Antonio Díaz Herrera e Xosé M^a Álvarez Blázquez. O grupo sofre unha modificación no nº 9 (marzo-abril de 1933), no que Rafael Lois Teijeiro ocupa o posto de Xoán Vidal. Descoñecemos o motivo deste cambio, pero dende logo non é probable que fora provocado por desavenencias, nin persoais nin estéticas; dende logo, non implicou modificacións de ningunha clase na revista.

Nada autoriza tampouco a pensar que os seis primeiros números non foran levados adiante polo grupo mencionado. Así, cando unha representación de *Cristal* recibe a García Lorca, en novembro de 1932, están alí, de acordo co testemuño de Luciano del Río⁹, Xoán Vidal “como redactor y fundador de la revista” xunto con Antonio Díaz Herrera e Xosé M^a Álvarez Blázquez. Tamén está presente Rafael Lois Teijeiro e os tres directores artísticos: Ventura de Dios López (Turas), Alejandro de la Sota e José Luis Alonso Fuentes. Matiza Luciano del Río que Xoán Vidal “era como el ‘hermano mayor’ de aquella inquieta y animosa comunidad literaria” que formaban os de *Cristal*. Tal condición non só era froito da idade (era o maior do grupo xunto con A. Díaz Herrera) senón tamén —e sobre todo— de que Xoán Vidal xa tiña publicados ó aparecer *Cristal* dous libros de poemas —*Mágoas* (1921) e *Alcor* (1927)—, xa fundara dúas revistas —*Hebe* e *Alborada*— e colaborara noutras. De feito, nalgunhas colaboracións de A. Díaz Herrera en *Cristal* aparece citado Xoán Vidal como mestre e amigo.

Non desminte o protagonismo dos citados Xoán Vidal, que menciona¹⁰ como integrantes da redacción ó seu íntimo amigo Xosé M^a Álvarez Blázquez, Antonio Díaz Herrera e el mesmo. No terreo da ilustración, a Turas e José Luis Fuentes.

Os catro directores mantiñan relacións de amizade e non deberon existir entre eles fortes discrepancias estéticas. A ideoloxía, como xa dixemos, non tiña

⁹ Luciano del Río, *art. cit.*

¹⁰ Aleyda Yglesias, *art. cit.*



naquela revista nada que facer. Da man de Xoán Vidal seguramente chegaron, póstumas, as numerosas colaboracións de Amado Carballo e Juan Bautista Andrade e quizais tamén as de Castelao e Otero Pedrayo, así como as de boa parte dos escritores de fóra de Galicia.

Doutra banda, tanto Xoán Vidal como Xosé M^a Álvarez Blázquez andaban xa daquela moi vencellados ó galeguismo, aínda que en *Cristal* non se decidiran a usar o galego de forma exclusiva. Pola contra, R. Lois Teijeiro e A. Díaz Herrera escribiron na revista sempre en castelán e nada temos nas súas achegas que demostre relación coa literatura galega agás o recoñecemento a Amado Carballo. Ningún dos dous fixo carreira literaria. *Cristal* reflicte nas súas páxinas, nos terreos estético e idiomático, a peculiar configuración deste grupo de directores.

Aínda que
póstuma, a
presencia
de Amado
Carballo en
Cristal foi
unha
constante

XOÁN VIDAL MARTÍNEZ

Nado no Pino, na parroquia de San Martiño de Salcedo (Pontevedra), en 1904, fillo de Juan Vidal Lino e M^a del Carmen Martínez, Xoán Vidal Martínez¹¹ cursou a carreira de Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra. Ó rematar os seus estudos deu clases particulares na súa casa pontevedresa e de seguido iniciou a súa delongada traxectoria como mestre, case sempre en compañía da súa muller, María Caramés Monteagudo, coa que casou en 1933. Así, nos anos trinta exerceu a docencia nas escolas pontevedresas do Vento (preto de Lalín), Tivó (ó lado de Caldas de Reis), Nespereira e Amorín. Con posterioridade marchou á vila de Ares, onde xunto coa súa dona permaneceu ata 1969 como mestre da Alianza Aresana. Nese mesmo ano a familia marcha a Canarias e Xoán Vidal traballa no Colexio Ramón y Cajal de Icod de los Vinos, en Tenerife.

En Canarias morre a súa dona en 1981 e en 1984 o poeta retorna a Pontevedra. Xa xubilado, vive na cidade do Lérez os seus anos de vellez ata o seu pasamento o 19 de xuño de 1994. Home de espírito sensible, dado ó ensoño e á contemplación da natureza, sufriu unha forte conmoción por causa da guerra civil.

¹¹ Sobre a súa vida e obra véxase: Aleyda Yglesias, *art. cit.*; Xesús López, "Juan Vidal Martínez, o poeta de Salcedo", *Xornal Diario*, Pontevedra, 16-II-1992; Anónimo, "Pontevedra llora la muerte de un poeta, Juan Vidal Martínez", *Diario del Domingo*, Pontevedra, 26-VI-1994; Antonio Bocanegra Larrazábal, "In memoriam Juan Vidal Martínez, eximio poeta y dilecto amigo", *El Día*, Tenerife, 6-VI-1995; Clementina Vidal Caramés, "Así foi o noso poeta", *Diario de Pontevedra*, 30-VI-1996.

Militaba daquela nas ringleiras do galeguismo¹² e a violenta morte de amigos como Alexandre Bóveda, Xohán Carballeira ou Ventura de Dios López (Turas) causoulle unha fonda impresión. Con Iglesias Vilarelle foi pioneiro das primeiras tentativas de implantar o galego nas escolas, de acordo co testemuño de Filgueira Valverde¹³. Doutra banda, foi membro fundador e secretario do Grupo Galeguista de Pontevedra, que na súa xuntanza de constitución (1 de San Xoán de 1931) nomeaba como presidente a Castelao, quen ó pouco tempo e ó ter que marchar a Madrid como deputado deixaba o seu cargo, para o que sería elixido Xoán Vidal.

Mantivo unha intensa amizade con Luís Amado Carballo, que prologou o seu primeiro e case adolescente poemario, *Mágoas* (1921), publicado cando o poeta tiña dezasete anos. Foi Xoán Vidal o verdadeiro albacea poético de Amado Carballo e tivo decisiva intervención na publicación póstuma de *O galo* (1928), segundo e derradeiro libro do influente lírico pontevedrés.

Íntima e máis duradeira foi a súa relación con Xosé M^a Álvarez Blázquez, con quen compartiu a dirección de *Cristal*, para despois manter unha ampla correspondencia epistolar. Por razóns familiares ou literarias fixo tamén amizade con Modesto Bará Álvarez, Evaristo Mosquera, Antonio Díaz Herrera, Luis Pintos Fonseca, Valentín Paz Andrade, Castelao —que preguntaba sempre a razón da tristeza daquel poeta mozo—, Juan Bautista Andrade e Augusto M^a Casas.

A traxectoria literaria de Xoán Vidal caracterízase pola súa temperá iniciación e o seu irregular desenvolvemento. Poucos e distantes no tempo foron os seus libros poéticos. Autor do primeiro libro de versos —*Mágoas*, 1921— en galego dos producidos pola súa xeración, pasou logo á expresión en castelán, pero sen abandonar definitivamente a súa primeira lingua, como demostran os seus poemas últimos aínda inéditos.

A súa formación e sensibilidade iniciais como poeta deben, sen dúbida, moito ás xuntanzas que presidía Juan Bautista Andrade na súa casa de Lérez, “A Fillagosa”. Alí coincidiu con Antonio Díaz Herrera, Luís Amado Carballo, Xosé Sesto, Casal del



Xoán Vidal, por Turas

¹² Foi expedientado, xa ó comezo da guerra, polo seu vencellamento coa esquerda galeguista e suspendido de emprego e soldo por un ano. En 1946 foille levantado o expediente.

¹³ Xosé Filgueira Valverde, “Xoán Vidal Martínez”, prólogo a “Palabra llana” (inédito), escrito con posterioridade á morte do poeta.



Evaristo Mosquera (à esquerda), con Bencho-Shey. Mosquera foi grande amigo de Xoán Vidal e colaborador de Cristal

Canarias dirixía Eduardo Westerdhall. Andando o tempo, nos anos da súa longa estadia en Tenerife como mestre (1969-1984), confesou a súa admiración polos poetas Arturo Lezcano, Pedro García Cabrera e Arturo Maccanti.

Publicou Xoán Vidal poemas soltos e prosas en revistas como *Alborada*¹⁵, *Alfar*¹⁶, *Hebe*, *Nós*¹⁷, *A Nosa Terra*¹⁸, *Parábola* (de Burgos), *Resol*¹⁹, *Sonata Gallega*²⁰ ou *Vida Gallega*. Colaborou con artigos en xornais como *Galicia*, *Faro de Vigo* e *El Día*, de Tenerife. Outra das súas facetas foi a de fundador e director de revistas literarias. Así, xa en 1920 funda, con Modesto Bará Álvarez e Alfonso Lois Sancho, o quincenario *Hebe*. Dous anos despois, xunto con Amado Carballo, funda *Alborada* (e a tamén Editorial Alborada²¹), que dirixía o xa citado Modesto Bará. Por fin, en 1932, funda *Cristal* con Xosé M^a Álvarez Blázquez e Antonio Díaz Herrera.

Xa dixemos que foi *Mágoas* (1921) o seu primeiro poemario, cun prólogo de Amado Carballo. En 1927 —ano da aparición de *Proel*— publica *Alcor*²², en cas-

¹⁴ Faustino Rey Romero, "Juan Bautista Andrade. Fundador de la escuela lírica pontevedresa", *Faro de Vigo*, Número especial conmemorativo do Centenario, Vigo, 1953, prego XIV, p. 211.

¹⁵ A súa única colaboración, "A serán", breve prosa poética, foi traducida ó catalán por Miquel A. Campillo na *Revista del Centro de Lectura de Reus*, nº 61-62, 1922, no que se lle dedica un extenso comentario a *Alborada*.

¹⁶ "Estío", nº 49 (abril de 1925).

¹⁷ "Nouturnio", nº 91 (25-VII-1931).

¹⁸ Colaborou con catro poemas en galego: "Posta de sol", nº 185 (15-V-1923); "Nouturnio" e "O poema de Ana María", nº 206 (1-XI-1924), e "Lúa Nova", nº 215 (25-VII-1925).

¹⁹ "Nouturnio", nº 3 (xullo de 1932) e "San Fiz", nº 9 (febreiro de 1935).

²⁰ "Voz y sentido de la tierra", nº 3 (verán de 1944).

²¹ Na Editorial Alborada apareceron *Proel* (1927), de Amado Carballo, e *Alcor* (1927), de Xoán Vidal Martínez.

²² Sobre *Alcor* escribiron Ramón Otero Pedrayo, Euxenio Montes, Xohán Carballeira, Santiago Montero Díaz, Augusto M^a Casas e José M^a González Luengo entre outros. *Los senderos inútiles* mereceu a atención crítica de Salvador Lorenzana, Benito Varela Jácome, Xosé M^a Álvarez Blázquez e Evaristo Correa Calderón. Xornais e revistas como *Alba*, *Faro de Vigo*, *Galicia Nueva*, *El Ideal Gallego*, *La Noche*, *El Pueblo Gallego*, *Vida Gallega* ou *La Zarpa* deron noticia da publicación dos poemarios de Xoán Vidal.

telán, coa portada ilustrada por Carlos Maside, que tamén ilustrou a de *Los senderos inútiles* (1956), agora prologado por Xosé M^a Álvarez Blázquez. Xa en 1986 dá ó prelo a antoloxía *Voz y memoria*, que recolle poemas aparecidos nos tres libros precedentes e engade outros novos: orixinais en castelán, poemas da autoría de poetas amigos e composicións traducidas ó castelán. Mencionemos tamén, como curiosidade, "Evasión" (1925), que contén o poemiña "Canto de evasión" a xeito de manifesto lírico²³.



Xoán
Vidal,
poeta da
paisaxe

Pouco despois da morte do poeta as súas fillas²⁴ reuniron os seus últimos poemas nun volume titulado "Palabra llana" para o que Filgueira Valverde preparou un prólogo. Como "poeta da rolda pontevedresa dos vinte, que fuxiu da sona literaria para o acougo da súa escola campesiña e a conversa siareira coa natureza" queda situado Xoán Vidal, do que este libro, aínda inédito, presenta un feixe de poemas, novamente en galego, que contén nove composicións reunidas no apartado "Cantigas do adeus". Síntese vello o poeta, acusa o cansancio da vida e lembra a veciñanza da morte, manifesta a súa fonda relixiosidade e fai da paisaxe unha constante dos seus versos.

ANTONIO DÍAZ HERRERA

O feito de non ter desenvolvido unha traxectoria literaria sequera de certa entidade, unido ás adversas circunstancias da súa vida, fai que teñamos moi poucos datos sobre este membro da dirección literaria de *Cristal* que foi Antonio Díaz Herrera. Por certo que, malia coincidencia dos apelidos, nada ten que ver co ourensán Gabino Díaz de Herrera, tamén colaborador de *Cristal*.

²³ Na contracapa do opúsculo "La enseñanza del idioma", de Xoán Vidal, sen datar pero, dende logo, posterior a febreiro de 1931, figuran como títulos —en preparación— do mesmo autor "O poema de Ana María e outros poemas", "Versos de Ayer" e "Antología lírica infantil" (este último en colaboración con Aurora Caramés Monteagudo, esposa do poeta). Non temos noticia da posterior publicación de ningún destes títulos.

²⁴ María Dolores Vidal Caramés, autora do poema escénico "Belén isleño" (1970) e do poemario *Niebla en la orilla* (1988), é mestra e directora de diferentes traballos no ámbito do teatro escolar. Clementina Vidal Caramés, poeta e pintora, publicou *Poemas tristes y alegres* (1985), *Homes, mulleres e nenos* (1990), álbum de debuxos con textos ó pé, e *O noso Colón* (1992), conto infantil ilustrado. Como pintora fixo exposicións entre 1983 e 1992. Colabora na prensa galega (*A Nosa Terra*, *Clave Orión*, etc.).

Nado en Pontevedra en 1904²⁵, de nai cubana, cursou estudos eclesiásticos (nos que foi o seu titor don Lino García, director do Instituto de Pontevedra) e de Dereito sen chegar a rematalos. Na súa casa de Pontevedra, na que o Café



Antonio
Díaz
Herrera (á
esquerda),
co seu
irmán
José

Moderno ocupaba o baixo, deu Federico García Lorca, na súa visita á cidade en 1932, un recital de piano e interpretou cancións andaluzas e galegas. Daquela, Díaz Herrera colaboraba en *Vida Gallega* e *Nós*; nesta última (nº 91, 1931) publicou o seu único poema galego do que temos noticia, “Cantarela d’amor”, nun número no que aparecen colaboracións poéticas de Xoán Vidal, Xohán Carballeira, Iglesia Alvariño, Bouza Brey, X. Álvarez Limeses ou Álvaro de las Casas, todos eles presentes en *Cristal*.

Fuxindo da guerra civil, marcha a Cuba co seu irmán José, que morre alí ós poucos anos de chegar. Na illa viviu Díaz Herrera afastado de calquera actividade literaria e por Ramón de la Sota Martínez sabemos que morreu no ano 1980.

Foi sen dúbida o máis activo colaborador de *Cristal* e as súas achegas —prosas en castelán— presiden as páxinas da revista a partir do nº 3, case sempre baixo o título do mes de saída de cada número. No último deles, ó pé da súa colaboración “El paredón de la feria”, temos a indicación de que a mesma pertencía ó libro “Mi ciudad”, do que non temos noticia da súa publicación posterior, pois estaba daquela “en preparación”.

Nas súas colaboracións —dezaseis en total— xorde a afección do escritor pola prosa poética, nunha linguaxe chea de sensorialidade, traballada con primor estético, mestura de espírito romántico e voz modernista, por veces achegada ó vangardismo. Advírtese a admiración por Juan Bautista Andrade, Amado Carballo e Xoán Vidal, ós que glosa afervoadamente. Non esquece tampouco os motivos relixiosos, que envolve en lirismo.

RAFAEL LOIS TEJEIRO

Pertencente ó grupo de mozos que fundou e impulsou *Cristal*. Nado en Pontevedra en 1914, manifesta na súa traxectoria persoal dúas ben diferentes etapas. A primeira, pontevedresa, marcada polos seus estudos no Instituto e logo

²⁵ A data procede de Ramón de la Sota e quizais sexa algo inexacta e haxa que adiantala algún ano máis.

pola fonda amizade con Laxeiro, Xosé M^a Álvarez Blázquez ou Xosé Sesto. Xunto cos seus compañeiros de *Cristal*, coñeceu e tratou a García Lorca cando o poeta andaluz visitou Pontevedra en 1932.

A segunda etapa comeza co estoupido da guerra civil e continúa nas décadas posteriores, cando Lois Teijeiro fai a súa carreira militar que o leva sucesivamente a Segovia, norte de África e, finalmente, a Madrid, onde morrerá no ano 1984.



Rafael
Lois
Teijeiro

A súa fuxidía vocación literaria tivo acubillo, de forma practicamente exclusiva, nas páxinas de *Cristal*, e foi, polo tanto, froito illado dos anos de mocidade. Substitúe a Xoán Vidal no grupo de directores literarios no nº 9 da revista, á que contribúe con oito poemas. Entre o romantismo e a poesía pura sitúanse as súas composicións, case sempre moi breves, dun lirismo feble e sentimental, non pouco artificioso. Hai nel algunha pegada lorquiana e ensaia o poema polimétrico.

XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ²⁶

Nacido en Tui en 1915 era o máis novo do grupo de directores literarios da revista. De forma case simultánea á aparición de *Cristal* publica *Abril* (1932), o seu primeiro e xuvenil poemario, escrito entre os catorce e os dezasete anos. Neste eido da lírica, pero xa en galego, continúa a súa traxectoria en títulos como *Poemas de ti e de min* (1949), en colaboración co seu irmán Emilio, *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioneiro de Monfero* (1953), *Romance do pescador peleriño* (1954) e, sobre todo, *Canle segredo* (1976).

Como novelista manifestouse en castelán nunha obra de considerable interese (de feito recibiu varios premios e foi aínda finalista do Nadal) na que seleccionamos títulos como *El crimen de la isla verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (1945), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955) ou *Crecean las aguas*²⁷. En galego, os contos reunidos en "Os ruíns" (1936) non chegaron a publicarse. Moitos anos despois apareceu *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971)

²⁶ Un puntual percorrido pola súa vida e obra aparece en Alfonso Álvarez Cáccamo, *Xosé María Álvarez Blázquez*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 1, 1994; tamén no apartado "Presentación, cronoloxía e bibliografía" de Xosé M^a Álvarez Blázquez, *Poesía Galega Completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1987, pp. 11-28, ó cargo de Xosé M^a Álvarez Cáccamo.

²⁷ De *En el pueblo hay caras nuevas* e de *Crecean las aguas* existen senllas traducións ó galego obra de Alfonso Álvarez Cáccamo: *Na vila hai caras novas*, Vigo: Ir Indo, 1993, e *Enchen as augas*, Vigo: Ir Indo, 1995.

Como dramaturgo son da súa autoría as pezas *El zapato de cristal* (*Cuento escenificado*) e *Los pazos altivos* (*Comedia en tres actos*). Ambas obras, escritas novamente en colaboración co seu irmán Emilio, foron estreadas en 1947.

Os volumes primeiro (1952) e segundo (1959) da *Escolma de Poesía Galega*, a *Escolma da poesía medieval* (1975), *Cancioneiriño da Virxe* (1954), *Contos de nadal, aninovo e reis. Escolma e prólogo* (1967), *Cantares de cego* (*Recadádiva, limiar e notas*) (1974), *Luís Amado Carballo. Vida e obra. Escolma de textos* (1982) e *Poesías galegas de Nicomedes Pastor Díaz* (1951) son parte esencial do seu labor de antólogo e estudioso da literatura. Pero a vasta tarefa intelectual do escritor non queda esgotada no terreo puramente literario, pois tivo proxección noutros ámbitos como o histórico, o etnográfico, o antropolóxico, o folclórico ou o arqueolóxico, ós que contribuíu con abondosos artigos e estudos especializados.



Xosé M^a
Álvarez
Blázquez,
por Sesto

en marcha de empresas editoriais que contribuíron á publicación de libros en galego. Así, en 1950, xunto a Luís Viñas Cortegoso e Emilio Álvarez Blázquez, funda en Vigo a Editorial Monterrey, editorial que publica *Nasce un árbore* (1954) e *Memoria de Tains* (1956), de Gonzalo Rodríguez Mourullo. En 1964 pasa a chamarse Edicións Castrelos. Dende aquí impulsa as ben coñecidas e populares coleccións "O Moucho" e "Pombal". Finou en Vigo en 1980.

Da súa presenza en *Cristal*, así como das colaboración do seu tío, Xerardo Álvarez Limeses, fornece cumprida información o artigo de Xosé M^a Álvarez Cáccamo incluído na sección de Presentacións que encabeza esta edición facsímile.

b) Colaboradores

Suman 55 os escritores que integran a nómina de colaboradores directos ou autores representados en *Cristal*. Do conxunto, os galegos son 34 e 21 os non galegos. Entre os españois non galegos salienta a presenza de mestres como Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez. Da xeración de poetas do 27 só com-

parece Federico García Lorca, xa daquela no cumio da súa popularidade. Pola súa banda, Eduardo de Ontañón, Pedro Pérez Clotet, Rafael Duyós e Emeterio Gutiérrez Albelo eran directores ou redactores de revistas literarias coas que Xoán Vidal tiña contacto. Temos tamén algunhas colaboracións de Francisco Villaespesa, Juan Lacomba, José M^a Pemán, Teófilo Ortega ou Joaquín Alcaide de Zafra.

Do resto de sinaturas presentes unicamente os escritores hispanoamericanos forman un grupo de certa entidade: Gabriela Mistral, Juana de Ibarbourou, Alfonsina Storni (da que Amado Carballo traduciu ó galego un poema²⁸), Felipe Sassone e Vicente Huidobro (cun poema en francés, única excepción ó binomio galego-castelán característico dos textos de *Cristal*). A comparecencia de escritores doutros países é residual: Guerra Junqueiro, Rabindranath Tagore, Celso da Cunha Dotti ou Marjan Paszkiewicz.

A participación de mulleres en publicacións do tipo de *Cristal* era, naqueles tempos, unha rareza. *Cristal* supera, neste senso, este baleiro ó incorporar ás súas páxinas poemas de Olimpia Martínez²⁹, María Monteagudo, Juana de Ibarbourou, Gabriela Mistral e Alfonsina Storni; as tres últimas, prestixiosas ou ben coñecidas voces da lírica hispanoamericana, que non faltaron noutras revistas galegas da mesma ou posteriores décadas (*Resol, Alba, Aturuxo*, etc.).

Dos escritores galegos o grupo máis amplo con moita diferenza, é o pontevedrés, o que lle confire á revista unha dimensión localista. Pontevedreses —ou vencellados a Pontevedra capital— son, ademais do grupo de directores literarios (Xoán Vidal, Álvarez Blázquez, Lois Teijeiro e A. Díaz Herrera) e dos directores artísticos (Alejandro de la Sota, Ventura de Dios López e José Luis Alonso Fuentes), Xerardo Álvarez Limeses, Amado Carballo, Manuel Antonio, Castelao, Losada Diéguez, Juan Bautista Andrade, María Monteagudo, Xohán Carballeira, Fermín Bouza-Brey, Evaristo Mosquera, Nóvoa Gil, Víctor Said Armesto, Prudencio Canitrot, Renato Ulloa, Agustín Portela ou Roberto Blanco Torres. Tamén é considerable a representación ourensá: Ramón Otero Pedrayo, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Manuel Gómez del Valle, Xoán Luis Ramos, Gabino Díaz de Herrera, Augusto M^a Casas e Álvaro de las Casas.

Máis significativa, dende o punto de vista literario, é a concorrencia de representantes de distintas xeracións. Cinxíndonos exclusivamente ó ámbito da literatura galega, Xerardo Álvarez Limeses e Antonio Noriega Varela representan a xeración ponte entre os séculos XIX e XX, da que Ramón Cabanillas foi o nome máis

²⁸ "¿Verdade?", *Cristal*, nº 5.

²⁹ Descoñecemos calquera dato sobre a vida e a posible obra desta colaboradora de *Cristal*, que, dende logo, non debeu facer carreira como escritora nin en galego nin en castelán.

representativo. Da época Nós temos a Castelao e Otero Pedrayo e xunto a eles, Losada Diéguez, que morrera en 1929, poucos anos antes da aparición de *Cristal*.

Pero sen dúbida a xeración dominante na revista de Pontevedra é a de 1925, coincidindo cos poetas do grupo de 1927 da poesía española. A esta xeración pertencen nomes fundamentais de *Cristal*: Amado Carballo, Roberto Blanco Torres, Fermín Bouza-Brey, Álvaro de las Casas, Augusto M^a Casas, Manuel Antonio, Xulio Sigüenza e Xoán Vidal. E moi vencellados a eles, aínda que algo

máis novos, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé M^a Álvarez Blázquez, incluídos na nómina da xeración do 36.



Falamos con anterioridade do localismo pontevedrés que percorre *Cristal*. Tal estimación non provén só do elevado número de colaboradores pontevedreses, senón da súa importante contribución á revista na súa condición de colaboradores máis asiduos, ademais de directores nos casos xa mencionados. En efecto, unha ollada de conxunto ós

Xosé M^a
Álvarez
Blázquez,
Aquilino
Iglesia
Alvariño,
Valentín
Paz
Andrade,
Luis Pintos
Fonseca,
Filgueira
Valverde e
Xoán Vidal
(Pontevedra,
1955).
Homenaxe
a J. B.
Andrade

sumarios evidencia que as presencias de máis relevo son as de Antonio Díaz Herrera, Rafael Lois Teijeiro, Xoán Vidal, Xosé M^a Álvarez Blázquez, Xerardo Álvarez Limeses e Ramón Pérez Cienfuegos. Como escritores representados, Luís Amado Carballo e Juan Bautista Andrade. Todos eles figuran cun número de colaboracións que oscila entre os sete poemas de Xoán Vidal e as dezaseis colaboracións (algunhas delas simples notas informativas) de Antonio Díaz Herrera. Lémbrese, de paso, que o nº 2 de *Cristal*, que aparece no Día da Peregrina, dedica a Pontevedra algo máis da metade das súas páxinas, destacando nelas “Cosas y figuras de Pontevedra”, de Amado Carballo, e “Líricos pontevedreses” (con poemas de Víctor Said Armesto, Juan Bautista Andrade, Amado Carballo, Renato Ulloa, Xoán Vidal, Xerardo Álvarez Limeses e Rafael Lois Teijeiro).

Fóra do ámbito pontevedrés rexistramos a importante colaboración de Augusto M^a Casas (íntimo amigo de Xoán Vidal) con sete poemas e dúas notas informativas. Outras presencias de interese —con catro achegas polo menos— son as de Ramón Barreiro Vázquez, Gabino Díaz de Herrera, Fernando González, Federico García Lorca, Eduardo de Ontañón e Rabindranath Tagore. Reducidos a unha ou dúas colaboracións rexistramos os nomes de Roberto Blanco Torres, Prudencio Canitrot, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Castelao, Fermín Bouza-Brey, Manuel Gómez del Valle, Antón Fraguas, Guerra Junqueiro, Vicente Huidobro, Gabriela Mistral, Manuel

Antonio, Olimpia Martínez, Xohán Carballeira, Otero Pedrayo, Noriega Varela, Virgilio A. Nóvoa Gil, Xoán Luís Ramos, Primitivo Rodríguez Sanjurjo ou Xulio Sigüenza entre outros.

Dende a perspectiva que hoxe temos da literatura galega podemos afirmar que *Cristal* acertou a reunir nas súas páxinas un número nada despreziable de escritores de primeira liña. Faltan, dende logo, nomes que estiveron presentes en publicacións literarias daqueles anos (Vicente Risco, Fernández del Riego, Luís Pimentel, Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Rafael Dieste e tantos outros), pero sen dúbida sinaturas como as de Castelao, Otero Pedrayo, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Roberto Blanco Torres, Losada Diéguez, Manuel Antonio, Antón Fraguas, Luís Amado Carballo —e, ó seu carón, García Lorca, Rabindranath Tagore, Juan Ramón Jiménez, Gabriela Mistral, etc.— e algúns máis, contribuíron a facer de *Cristal* unha revista atractiva e interesante, con algunhas colaboracións de relevo e un nivel medio certamente aceptable. É, por suposto, unha necesaria fonte de consulta á hora de traxear a panorámica non só das publicacións literarias da época, senón tamén dos camiños da produción poética en galego, dos que *Cristal* adiantou algunhas mostras.

2.3. As ilustracións e os directores artísticos

a) As ilustracións

No panorama das publicacións de preguerra *Cristal* constitúese nunha revista de capital importancia, pero non só polos seus contidos literarios —ós que se fixo referencia en páxinas anteriores—, senón tamén, en gran parte, debido ó alto nivel artístico que presenta.

Ó longo dos dez números de *Cristal* dez son os ilustradores que figuran nas súas páxinas: A. P.³⁰, Fernando Alonso, José Luis, La Sota, María Monteagudo, Maside, Pintos Fonseca (que tamén aparece asinando un traballo como L. P.), Sesto, Torres e Turas.

³⁰ Estas iniciais poderían corresponder tanto a Alejandro Paisa Gil como Agustín Portela Paz. Atendendo ó estilo de cada un deles parece máis lóxico pensar que a ilustración do nº 10, "Novicio", é obra de Paisa Gil, un artista que busca a imaxe real das cousas e no que as figuras non son só siluetas, senón que teñen unha maior naturalidade. Sen embargo en diversas publicacións especializadas —como Ramón Rodríguez Otero, *La escuela linoleísta de Pontevedra*, Pontevedra: El Museo de Pontevedra, XXXIV, 1980, p. 317— atribúese este gravado a Portela Paz (sen dar ningún tipo de razón ou explicación). Nós, damos por boa esta afirmación de Rodríguez Otero.



María Monteagudo, muller de Xoán Vidal, ilustradora e poeta de Cristal

Curiosamente ambos, xunto con Turas, son responsables da dirección artística da revista (tal como figura nos créditos da publicación a partir do nº 7).

Xa nos números 3 e 4 a ilustración adquire maior relevo e cada exemplar conta, ademais da portada, con catro gravados, todos eles agrupados nas primeiras páxinas e distribuídos de forma similar: nas páxinas 2, 3, 5 e 7 do nº 3 e nas páxinas 2, 4, 5 e 7 do nº 4. Sen embargo, existe unha diferenza importante entre ambos números: no nº 3 é Luis Pintos Fonseca o único responsable de todas as ilustracións, mentres que no nº 4 reproducense obras de Torres, José Luis, Turas³⁴ e Pintos Fonseca³⁵.

Deste grupo de artistas tan só María Monteagudo³¹ non emprega o gravado ó linóleo, nota característica desta publicación. De feito, *Cristal* é considerada como parte do embrión do que xurdirá o que se dará en chamar “Escola linoleísta de Pontevedra”³², seguindo o prototipo de *Alborada* —logo continuado por *Spes*, *Sonata Gallega* e *Sal-Lux*— de revista ilustrada integramente con esta técnica linoleográfica, tal como deixou dito o profesor Filgueira Valverde³³.

Deténdose na análise da ilustración na revista o primeiro feito que chama poderosamente a atención do lector é a presenza *in crescendo* ou o considerable aumento do número de gravados e gravadores a medida que transcorren os números. Así, nos dous números iniciais, a única ilustración presente é a da portada: no nº 1 unha figura feminina de Alejandro de la Sota e no nº 2 unha figura que porta un exemplar de *Cristal* na man, obra de José Luis.

³¹ Da súa autoría é unicamente un debuxo de carácter paisaxístico que figura na p. 18 do nº 6 (decembro de 1932) de *Cristal*, acompañando os “Poemas” de Xoán Vidal Martínez. Neste mesmo número da revista inclúe María Monteagudo unha composición súa “Llueve...” (p. 13) e, con anterioridade, no nº 4 (outubro de 1932), xa publicara un breve poemiña, unha cuarteta titulada “El alma del silencio”.

³² “Es *Cristal* pues un prólogo a la escuela pontevedresa, ya que es crisol donde se inicia y se fragua lo que después ha de cuajar en la valiosa y singular aportación de la ciudad del Teucro al mundo del arte” (Ramón Rodríguez Otero, *op. cit.*, p. 319).

³³ José Filgueira Valverde, “*Cristal*”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 2-IX-1979.

³⁴ Existe un erro no sumario deste número e non figura Turas, a pesar de que a súa sinatura é claramente recoñecible no gravado que ilustra a p. 4.

³⁵ Luis Pintos Fonseca, que figura no sumario deste número cos dous apelidos, no interior da revista asina a súa obra como L. P.


No nº 5, evidénciase un lixeiro retroceso cuantitativo tanto nas obras coma nos autores: son catro gravados (incluída a portada) de tres artistas (Turas, José Luis e Sesto³⁶). A distribución das ilustracións é moi semellante á dos números anteriores (portada e pp. 2, 4 e 6).

O nº 6 é o punto de inflexión da ilustración de *Cristal*. Entre as novidades que presenta destacan o anteriormente citado debuxo (non linóleo) de María Monteagudo e a aparición dunha viñeta que pecha o número na contraportada da revista³⁷. O interese desta viñeta radica no seu carácter anónimo que, polo tanto, inicia a chamada “ornamentación”³⁸: xa non só se pretende mostrar as obras duns artistas, senón que o que realmente interesa é enfeitar a revista. Ó mesmo tempo este número é o que presenta un maior número de ilustradores³⁹: Maside, Turas, José Luis, Pintos Fonseca, Sesto e María Monteagudo, todos eles cunha composición salvo José Luis e Turas con dúas.

As novidades introducidas a partir do nº 7 son a aparición da mención dos directores artísticos (Turas, José Luis e Alejandro de la Sota) e o feito de asignarlle un título ás ilustracións asinadas. Nesta ocasión son dúas ilustracións⁴⁰ —“Grabado”(p. 2), de Torres, e “Cirque”(p. 10), de José Luis— ademais da portada, de Turas.

O nº 8 continúa a tónica do número precedente: figuran só tres gravados de dous autores —portada e “Colombina e Arlequín” (p. 2), de José Luis, e “1800”⁴¹ (p. 10), de Turas— e unha viñeta sen asinar (p. 4).

Despois do pequeno baixón artístico (cuantitativo, que non cualitativo) que ten lugar nos números 7 e 8, *Cristal* retoma con forza este aspecto e os números finais (9 e 10) supoñen o particular apoxeo do gravado en linóleo da revis-



Linóleo de
Pintos
Fonseca

³⁶ Este gravador aparece citado no sumario e, sen embargo, non asina ningunha obra nas páxinas deste número. Por tal motivo supomos que a ilustración, sen sinatura, que figura na p. 4 debe ser da súa autoría.

³⁷ Este mesmo elemento de contraportada figura nos números 9 e 10.

³⁸ A partir do número seguinte xa figura no sumario da revista o responsable da ornamentación.

³⁹ E se temos en conta só as ilustracións asinadas este tamén é o número con maior número: sete (pp. 4, 6, 12, 16, 18, 20 e 21) e a portada.

⁴⁰ Tamén figura unha viñeta sen asinar na p. 3, que, evidentemente, é obra de Turas, autor que figura no sumario como responsable da ornamentación.

⁴¹ Ó pé do gravado aparece “1.8000...” como título, pero debe tratarse dun erro por “1.800...”, tal como figura no sumario. De feito, a ilustración representa unha parella vestida de época.

ta. En cifras sería como segue: o nº 9 conta coa presenza de tres artistas (Torres, Turas e José Luis) que colaboran con catro ilustracións —“Fornada” (p. 6), “Acordeón” (p. 12), “Exemplo” (p. 18) e “Vento pol-o río” (p. 25)— e a portada; a parte figura unha ilustración sen asinar (p. 15) e seis viñetas de menor tamaño tamén sen asinar (pp. 7, 8, 10, 13, 20 e contracapa). Pola súa banda, o nº 10 conta con cinco artistas (José Luis, Turas, A. P., Fernando Alonso e Xosé Sesto), que contribúen ás páxinas da revista con cinco ilustracións —“Tristeza” (p. 2), “Novicio” (p. 5), “Luna en el lago” (p. 9), “Radio” (p. 14), “Grabado” (p. 19)— e a portada e á parte, ó igual que no número anterior, figura unha ilustración sen asinar (p. 11) e tres viñetas⁴² (pp. 7, 8 e contracapa). Ambos números teñen en común co nº 7 a aparición da mención dos directores artísticos e dos responsables da ornamentación⁴³ e tamén a presenza da viñeta da contracapa.

Cun breve esquema resultará máis sinxelo o desenvolvemento desta cuestión:

Números	Ilustradores
1	La Sota
2	José Luis
3	Pintos Fonseca
4	José Luis, Pintos Fonseca, Torres e Turas
5	José Luis, Sesto e Turas
6	José Luis, Maside, María Monteagudo, Pintos Fonseca, Sesto e Turas
7	José Luis, Torres e Turas
8	José Luis e Turas
9	José Luis, Torres e Turas
10	A. P., Fernando Alonso, José Luis, Sesto e Turas

Á vista desta táboa o primeiro que cabe mencionar é a presenza, cunha soa colaboración, de cinco ilustradores: A.(gustín) P.(ortela Paz), Fernando Alonso, La Sota, María Monteagudo⁴⁴ ou Maside. Salvo o caso de Portela Paz, son artistas que non teñen un especial recoñecemento no mundo do linóleo, polo que non resulta extraña a súa escasa participación nas páxinas da revista.

A única contribución de Agustín Portela Paz, “Novicio”, figura na p. 5 do nº 10 (maio-xuño de 1933) e representa a figura dun monxe lendo á luz dunha vela. Con trazos firmes o artista caracteriza o personaxe e fai unha representa-

⁴² Antes de rematar con este capítulo de viñetas cómpre sinalar que algunha destas repítese en distintos lugares, como é o caso da que figura na contraportada do nº 7, que tamén está presente na p. 13 do nº 9 e na contraportada do nº 10.

⁴³ No nº 7, Turas; nos números 9 e 10, José Luis e Turas.

⁴⁴ Da ilustración de María Monteagudo xa tivemos ocasión de tratar con anterioridade neste mesmo apartado, polo que non nos deteremos nela.

ción xeral dos obxectos que rodean a figura (o banco, a vela, o chan, a fiestra...). Trátase dunha obra algo recargada, pero que xa vai na tónica do grosor da liña e o ton desleixado propio deste artista.

Fernando Alonso, máis recoñecido como pintor, colabora tamén no último número (p. 19) de *Cristal* ofrecendo un gravado de tema mariñeiro no que non imprime movemento nin aparece ningún tipo de reflexo.

Alejandro de la Sota é un caso á parte. El será o encargado de abrir o camiño da linoleografía na revista ilustrando a portada do número inicial (Día de Galicia de 1932). Trátase dunha figura feminina que segue a liña das portadas das novelas e revistas da época. A pesar de figurar na nómina de directores artísticos, De la Sota non publicará ningún outro gravado, pois máis que un cultivador era un admirador do linóleo.

Carlos Maside é o reponsable da portada do nº 6 (decembro de 1932). Neste gravado ofrécesenos unha muller do rural dentro da constante do seu estilo. Trátase dunha figura desproporcionada que lembra unha escultura.

Con tres obras figuran Pintos Fonseca, Sesto e Torres. Tres nomes sobradamente coñecidos no panorama da arte galega.

Cos tres traballos de Luis Pintos Fonseca impresos en *Cristal* pódese tracear o inconfundible estilo do que vai ser un dos mestres da Escola Linoleográfica de Pontevedra. Son obras iniciais nas que xa se pode observar os seus gravados densos e os seus trazos seguros. Pintos Fonseca é o responsable de todo o apartado artístico do nº 3 (setembro de 1932) da revista: a portada, unha das de maior calidade do conxunto da publicación, na que se reproduce unha fonte; unha ilustración de carácter paisaxístico que acompaña o poema de Amado Carballo, "Carón do Atlántico" (p. 2); unha escena dunha viaxe en tren que dá pé á composición de Juan Bautista Andrade "El viaje" (p. 3); unha viñeta de tema mariñeiro que se reproduce xunto ó texto de Gabino Díaz de Herrera "Gallardete" (p. 5); e, finalmente, o gravado que ilustra o "Nocturno" (p. 7) de Xoán Vidal Martínez.

Todas estas obras teñen en común que semellan ter sido creadas para a ocasión, xa que son ilustracións que se adaptan perfectamente ó texto que acompañan en cada caso.

Luis Pintos

Fonseca



Na p. 7 do nº 4 (outubro de 1932) inclúe unha viñeta que acompaña a composición de Xosé M^a Álvarez Blázquez “Romance de la luna coqueta”, na que se representa unha noite de luar nun xardín de natureza exuberante. Por último, na p. 16 do nº 6 (decembro de 1932), reproducécese un gravado dun cruceiro, onde o autor mostra unha evolución creativa e un maior dominio do medio lino-leográfico.

Xosé Sesto colabora nos números 5 (novembro de 1932), 6 (decembro de 1932) e 10 (maio-xuño de 1933). Nestas obras o autor mostra unha habilidade primeiriza no manexo do buril. No nº 5 ilustra os romances de Federico García Lorca (p. 4) cunha estampa pouco clara na que se reconece unha figura cun campanario ó fondo. No seguinte número unha viñeta súa acompaña o poema de Bouza-Brey “Parranda mariñeira” (p. 20); nesta ilustración o artista representa, con poucas liñas, un grupo de figuras entrelazadas como nunha danza, nunha obra de singular simplicidade. Finalmente, no derradeiro número da revista, publica un gravado titulado “Tristeza” (p. 2), de interesante inspiración, no que presenta o contraste da vida.



Linóleo de
M. Torres

esféricos, nunha harmonía de masas a medio camiño entre o cubismo, a abstracción xeométrica e o expresionismo alemán. Con esta obra Torres acada altas cotas de madurez técnica.

Neste mesmo grupo de artistas presentes por partida triple figura Manuel Torres. Este autor será, segundo Ramón Rodríguez Otero⁴⁵, o que presente os gravados máis logrados e de expresión máis atinada. Inicia as súas colaboracións coa portada do nº 4 (outubro de 1932), na que, dentro dunha das súas liñas temáticas características, dá vida a un porto pesqueiro cheo de movemento e de reflexos, no que ofrece ricas modulacións plásticas nesa forza de contraste entre o branco e o negro. Xa na p. 2 do nº 7 (xaneiro de 1933), a figura dunha peixeira que leva un cesto na cabeza mostra, nas liñas curvas e pesadas, próximas a certas figuras de Picasso, e no sutil manexo da gubia, un estilo próximo ás súas viñetas. E cun cambio de estilo, “Fornada” (p. 6 do nº 9 de marzo-abril de 1933), pecha a súa colaboración na revista. Nesta obra os volumes son xa

⁴⁵ Ramón Rodríguez Otero, *op. cit.*, p. 318.

Por último, a ilustración linoleográfica como constante artística de *Cristal* está sostida pola presenza doutros dous artistas: José Luis Alonso Fuentes e Ventura de Dios López (Turas). Ambos son os colaboradores máis habituais da revista (con oito e sete achegas, respectivamente); son tamén os encargados da chamada ornamentación e forman parte, ademais, da dirección artística da publicación.

Turas, artista malgrado, foi un dos traballadores infatigables do linóleo en *Cristal*. Aparecen obras súas en todos os números salvo nos tres iniciais, que son de carácter monográfico dende o punto de vista artístico. No nº 4 (outubro de 1932), acompañando o “Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo” (p. 4), publica unha ilustración⁴⁶ na que figura un labrego xunto a un espantallo. No seguinte número (novembro de 1932) son obras súas a portada, que representa unha paisaxe mariñeira, e a viñeta que ilustra o poema de Juan Bautista Andrade, “Tú...” (p. 6), no que figuran distintos elementos presentes no texto: unha persoa soa, un paxaro, unha flor e un camiño, todo o cal demostra que se trata dun gravado feito *ex profeso* para esta ocasión.

No nº 6 (decembro de 1932) aparecen dous gravados seus. O primeiro deles, na p. 4, representa unha alborada e nel aparece inserto un poema de Xoán Vidal Martínez co título “Oriente”. O segundo, na p. 21, aparece ilustrando o poema de Luís Amado Carballo “Chamada ao luar labrego...” referido ós motivos do Nadal, en concreto ó nacemento de Xesús, polo que a viñeta que o acompaña se corresponde cunha imaxe dos Reis Magos camiño de Belén guiados por unha estrela. Neste mesmo número aparece un pequeno gravado, un bodegón, na contraportada que posiblemente tamén sexa obra súa.

Un pequeno gravado semellante a ese bodegón figura na p. 3 do número seguinte (xaneiro de 1933) e, pese a non estar asinado, sábese a ciencia certa que se trata dunha obra de Turas, que figura no sumario como encargado da ornamentación e da portada. Esta portada, de pobre ou elemental ilustración, marca o formato para as entregas seguintes da revista (o tipo de letra da cabeceira, a distribución do texto, o debuxo na páxina, etc.), polo que debemos supoñer que foi Ventura de Dios o responsable desta idea. Nesta ocasión a pequena ilustración representa un elefante que transporta a alguén no seu lombo nunha noite de lúa.

No sumario do nº 8 (febreiro de 1933) atribúeselle a Turas o linóleo da p. 10, “1.800...”, pero seguramente tamén é obra súa a viñeta que acompaña ó texto de Juan Bautista Andrade, “Saludo al día” (p. 4), unha paisaxe un tanto surrealista. Respecto a “1.800...”, un gravado que representa unha parella vestida de

⁴⁶ Como xa comentamos con anterioridade, existe un erro no sumario deste número e non figura Turas, a pesar de que a súa sinatura é claramente recoñecible no gravado que ilustra a p. 4.

época. Sinala Ramón Rodríguez Otero⁴⁷ que, xunto con “Oriente” (nº 6), son gravados que ofrecen precariedade na combinación de luces e sombras.

No penúltimo número (marzo-abril de 1933) asina dous gravados: “Acordeón” (p. 12) e “Vento pol-o río” (p. 25). O primeiro deles, unha ilustración de tema mariñeiro —tema que tanto atraerá a este autor—, evoca unha taberna do peirao dun xeito moi expresivo. O segundo gravado, de feitura moi sinxela e tamén referido á auga, aínda que neste caso se trate dun río, pecha a composición de Augusto M^a Casas “Poema para conquistar unha soma”. Por outra banda, varias das seis viñetas⁴⁸ que figuran neste número son obra súa.

No derradeiro número (maio-xuño de 1933) só asina o linóleo “Radio”, de carácter vangardista, no que o gravado lineal inicia a súa liña ascendente pero no que, sen embargo, existe unha excesiva acumulación de motivacións.

Finalmente, José Luis Alonso Fuentes ofrece traballos seus en case todos os números (en realidade unicamente esta excluído dos números 1 e 3). A súa primeira contribución ás páxinas da revista é a portada do nº 2 (Día da Peregrina de 1932), que representa unha figura humana que sostén un exemplar da revista. Máis tarde, o nº 4 (outubro de 1932) inclúe dúas ilustracións da súa autoría: unha paisaxe na que predomina unha campá e que acompaña ó texto de Johán Carballeira “Lusco e fusco” (p. 2), e unha viñeta que representa a un parella de vacas no solpor, que, xunto con outra de Turas, ilustra o texto de Manuel Gómez del Valle “Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo” (p. 5).

No nº 5 (novembro de 1932) atopamos un novo linóleo de José Luis acompañando o poema de Juan Lacomba “Canción de todas las tardes” (p. 2). Esta imaxe mostra unha figura humana en actitude pensante que se recorta contra un sol enorme do que foxe unha estrela. Trátase dun gravado de tipo intimista en sintonía co que se observa na composición.

No número seguinte, de decembro de 1932, figuran dous gravados deste autor. Un, na p. 6, acompaña o soneto de Federico García Lorca “Yo sé que mi perfil será tranquilo...” e representa unha figura humana deitada dentro dun ambiente onírico, unha obra moi na liña vangardista. Seis páxinas máis adiante inclúe un gravado de carácter relixioso dentro do ámbito da súa persoal creatividade; unha imaxe da Sagrada Familia que serve de ilustración ó “Tríptico” de Antonio Díaz Herrera.

⁴⁷ Ramón Rodríguez Otero, *op. cit.*, p. 318.

⁴⁸ Estas viñetas son na súa totalidade obra de Turas e José Luis —responsables da ornamentación—; o problema radica en distinguir cales lles corresponden a cada un deles. Este mesmo problema preséntase no seguinte número, se ben a cantidade de viñetas e moito menor (tres en total).

Tan só unha obra de José Luis aparece no nº 7 (xaneiro de 1933): “Cirque” (p. 10). Trátase dun dos linóleos máis destacados de *Cristal* polo seu carácter vangardista; nel, aínda que cun tumulto multiforme de trazos, vanse sinalando os camiños do que vai ser o seu peculiar estilo.

Nos tres números restantes figura con dúas obras en cada caso: sempre a portada e unha ilustración nas páxinas interiores. Tamén son da súa autoría algunhas das viñetas anónimas que aparecen repartidas ó longo da revista. No nº 8 (febreiro de 1933), ademais da portada, inclúe o gravado “Colombina y Arlequín” (p. 2), obra vangardista que supón un paso adiante na destreza linoleísta deste autor. No seguinte número (marzo-abril de 1933) volve ser o responsable da portada (unha figura feminina recostada na herba xunto a unha nena que recolle flores) e dunha ilustración, “Ejemplo” (p. 18), na que, dentro do gravado relixioso característico deste artista, se mostra unha imaxe da Crucifixión. Por último, no derradeiro número (maio-xuño de 1933), no que posiblemente a portada sexa da súa autoría⁴⁹, asina o gravado “Luna en el lago” (p. 9), que mostra unha figura feminina espida, nun lago, nunha noite de luar.

Antes de rematar con esta panorámica de *Cristal* convén sinalar algúns dos aspectos fundamentais da revista. Por unha banda, e referido á temática, *Cristal* segue o que vai ser a Escola Linoleísta, na que os temas máis comúns son o influxo da cidade de Pontevedra —motivo que conduce ó tema da lírica da paisaxe— e a orientación relixiosa, pero ó mesmo tempo engade elementos innovadores e de vangarda.

Así, temos gravados que mostran a imaxe da terra e das súas xentes, como é o caso da portada do nº 1 de Alejandro de la Sota, a ilustración do nº 4 de Turas e José Luis (pp. 4 e 5), a portada de Maside do nº 6 e, neste mesmo número, o cruceiro (p. 16) de Pintos Fonseca, o gravado de Torres do nº 7 (p. 2) ou a “Fornada” deste mesmo autor no nº 9 (p. 2).

Reprodúcense, ademais, ó longo das páxinas da revista, un gran número de ilustracións de carácter paisaxístico (que tamén poderíamos interpretar como imaxes da terra), ben sexa de paisaxe mariñeira ou aldeá. Do primeiro grupo citaremos dúas ilustracións de Pintos Fonseca do nº 3 (pp. 2 e 5), a portada de Torres do nº 4, a portada de Turas ó nº 5 e o gravado de Fernando Alonso do nº 10. Do segundo grupo, de paisaxe aldeá ou campesiña son fundamentalmente as viñetas que figuran como ornamentación anónima da revista, aínda que tamén cabería neste apartado o xa citado cruceiro de Pintos Fonseca (nº 6, p. 16). De paisaxe urbana figura unicamente o gravado “1.800...”, de Turas, no nº 8 (p. 10).

⁴⁹ Non aparece asinada e no interior da revista non se dá conta do seu autor, pero seguindo a tónica dos números anteriores podemos supor que se trata dunha obra de José Luis.

Os gravados de temática relixiosa, aínda que non moi abundantes, si son significativos. Destacan os linóleos de José Luis que representan a Sagrada Familia (nº 6, p. 12) e a Crucifixión (nº 9, p. 18) e a representación dos Reis Magos de Turas (nº 6, p. 21).

Finalmente, existe un último grupo de linóleos de temática varia que é onde a presenza da vangarda é máis evidente (isto non quere dicir que non haxa elementos innovadores ou vangardistas nos linóleos dos grupos previamente citados). Son os casos, por exemplo, da ilustración de José Luis que acompaña ó soneto de Lorca no nº 6 (p. 6); de "Cirque" (nº 7, p. 10) ou "Colombina y Arlequín" (nº 8, p. 2), ambos do mesmo autor; de "Tristeza" (nº 10, p. 2), de Sesto; ou de "Radio" (nº 10, p. 14), de Turas.

Á vista do exposto, parece claro que a medida que vai pasando o tempo a técnica linoleográfica vai superándose e os autores evolucionan dende unha plasmación da realidade un pouco rudimentaria, cara a unha visión onírica, case abstracta, das cousas. Así, os últimos números son os que ofrecen algúns dos linóleos de maior calidade e tamén os de carácter máis vangardista.

Por outra banda, tamén é interesante distinguir os tres tipos de ilustración presentes en *Cristal*:

- a) as portadas e gravados interiores a toda páxina, obras que teñen un valor artístico autónomo.
- b) as ilustracións que acompañan un texto, normalmente de menor formato que as anteriores, son obras que interpretan o sentido da composición que acompañan, e funcionan na maior parte dos casos como imaxes do propio texto para o que están feitas.
- c) as pequenas viñetas, sen asinar, que teñen como misión simplemente a ornamentación ou enfeite interior da revista.

b) Os directores artísticos

Á diferencia doutras publicacións onde se crea e desenvolve a Escola Linoleísta de Pontevedra, *Cristal* conta cunha dirección artística: os seus directores artísticos son Turas, José Luis e Alejandro de la Sota —tal como figura nos números 7, 9 e 10 da revista—, ou se se prefire Ventura de Dios López, José Luis Alonso Fuentes e Alejandro de la Sota Martínez⁵⁰.

⁵⁰ Anotamos aquí o erro que aparece na obra *Luis Pintos Fonseca (1906-1959)* (Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 1991, p. 18), na que se cita como directores da revista unicamente a Turas e Alejandro de la Sota.

A continuación faremos un breve achegamento a cada un destes artistas.

De “artista malogrado” cualifica Ramón Rodríguez Otero ó primeiro dos citados directores artísticos, Ventura de Dios López (Turas ou Turiñas para os amigos), pois ben cedo morreu, vítima da guerra civil, loitando en 1936 na fronte de combate da Casa de Campo de Madrid. Nado en Pontevedra, Turas era sobriño de Castelao, do que tamén foi discípulo predilecto.

José Luis Alonso Fuentes estudou Filosofía e Letras e foi profesor da Escola Normal e do Instituto de Pontevedra. Membro de Acción Católica é un asiduo colaborador de *Spes*. Morre en Pontevedra en decembro de 1947. Os seus gravados, caracterizados pola linealidade e a sinxeleza, son fundamentalmente de temática relixiosa (motivos marianos), onde destaca o misticismo e a piedade das figuras, pero tamén é autor de linóleos de paisaxes mariñeiras e de figuras. Este autor mostra certa afinidade con Turas.



Turas, por
Paisa Gil

Fillo do arquitecto Daniel de la Sota y Valdecilla —renovador da cartografía galega, presidente da Deputación de Pontevedra entre 1923 e 1929 e home moi estimado por Castelao— foi Alejandro de la Sota Martínez, nado en Pontevedra no ano 1913 e que, como el mesmo lembra, naceu e creceu arrolado pola música do picar de mil canteiros. Iniciado na música xa de neno, amosou cualidades como pianista e pertenceu á Coral Polifónica pontevedresa dirixida por Blanco Porto. Amigo dos irmáns Díaz Herrera, de Luis Pintos Fonseca e de Afonso Daniel (fillo de Castelao), estudou o Bacharelato no Instituto de Pontevedra e Matemáticas, durante dous anos, na Universidade de Santiago de Compostela. Rematou en Madrid, en 1941, os estudos de Arquitectura. En 1965 fixo o Doutoramento e en 1972 era profesor da Escola Superior de Arquitectura de Madrid. Impartiu a docencia en escolas de arquitectura de Alemaña, Francia, Inglaterra e España. Os seus traballos como arquitecto están espallados pola Coruña, Pontevedra, Madrid e Tarragona.

Publicou estudos da súa especialidade en *Arquitectura*, *Revista Nacional de Arquitectura*, *Quaderns d'Arquitectura i Urbanismo* e *Grial*. Ó longo da súa dilatada existencia recibiu numerosos premios: Nacional de Arquitectura, Nacional de Artes Plásticas, Medalla de Ouro de Telecomunicacións, de Bellas Artes e do Colexio Superior de Arquitectos de España, Pinat 88 e Medalla Castelao entre outros.

Lembra Filgueira Valverde⁵¹ que na tertulia dos Díaz Herrera e De la Sota estivo García Lorca en 1932 interpretando varias melodias ó piano, cantando e recitando versos. Nese ano colabora nas páxinas de *Cristal* cun gravado ó linóleo, terreo ó que foi levado polo maxisterio de Castelao.

2.4. A lingua

Como tantas outras publicacións similares dos anos trinta (*Resol, Universitarios, Yunque, etc.*), *Cristal* foi unha revista bilingüe que combinou o castelán, a súa canle expresiva cuantitativamente dominante, coas colaboracións en galego; estas últimas, moito máis numerosas no ámbito do verso que no da prosa. Un bilingüismo, pois, certamente desequilibrado, que comeza xa no feito de que dous dos seus directores literarios —Rafael Lois Teijeiro e Antonio Díaz Herrera— se expresaron sempre en castelán, en tanto que os dous restantes, Xoán Vidal e Xosé M^a Álvarez Blázquez alternaron castelán e galego, se ben en diferente grao.

Manifestacións deste desequilibrio idiomático son: os créditos, notas informativas ou publicidade da revista están sempre en castelán; o número total de páxinas amosa ese mesmo predominio e aínda o nº 3 da revista contén un número ínfimo de achegas en galego (un poema de Amado Carballo). Doutra banda, as poucas colaboracións que temos de autores estranxeiros fóra do ámbito hispánico (Rabindranath Tagore, Guerra Junqueiro, Cunha Dotti e Marjan Paszkiewicz) figuran en castelán. Excepcionalmente Amado Carballo traduce ó galego o poema “¿Verdade?”, de Alfonsina Storni. Pero, dende un punto de vista cualitativo, a relevancia dos colaboradores que se manifestan en galego (total ou parcialmente) e o interese das súas colaboracións configuran en *Cristal* un espacio literario de indubidable consideración e interese.

Temos nestas páxinas un pequeno grupo de escritores galegos que se expresan exclusivamente en galego: Xerardo Álvarez Limeses, Castelao, Manuel Antonio, Aquilino Iglesia Alvariño, Fermín Bouza-Brey, Antón Fraguas, Álvaro de las Casas, Xohán Carballeira, Otero Pedrayo, Olimpia Martínez, Noriega Varela, Roberto Blanco Torres, Losada Diéguez ou Xoán Luís Ramos. Deles, excepcionalmente, Xerardo Álvarez Limeses presenta dous poemas en castelán e Augusto M^a Casas dúas notas informativas na mesma lingua.

⁵¹ Xosé Filgueira Valverde, “Lembranza do primeiro Alexandre de la Sota”, *Grial*, Monográfico de Alejandro de la Sota, t. XXIX, nº 109, Vigo, xaneiro-febreiro-marzo de 1991, pp. 117-122 (reproducido en Xosé Filgueira Valverde, *VII Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1992, pp. 338-341). Xa con anterioridade Filgueira publicara “La Sota, arquitecto”, *Faro de Vigo*, 5-XII-1988 (reproducido en Xosé Filgueira Valverde, *VI Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1990, pp. 272-273), artigo no que reivindica a figura deste artista “máis coñecido fóra de fronteiras que entre nós”.

Outro pequeno grupo alterna o emprego das dúas linguas de xeito máis ou menos equilibrado: Luís Amado Carballo, Xosé M^a Álvarez Blázquez e Xoán Vidal. Por último, empregan sempre o castelán Antonio Díaz Herrera, Rafael Lois Teijeiro, Xulio Sigüenza, Ramón Pérez Cienfuegos, Agustín Portela, Renato Ulloa, Gabino Díaz de Herrera, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Víctor Said Armesto, Prudencio Canitrot, Evaristo Mosquera, Manuel Gómez del Valle, Juan Bautista Andrade, María Monteagudo e Ramón Barreiro Vázquez.

En *Cristal* resulta claro o predomio do verso sobre a prosa, pero as achegas prosísticas (case sempre prosa de creación e moi poucos artigos e notas informativas) ocupan numerosas páxinas, polo que se xustifica a condición de "Revista literaria" que acompaña a cabeceira da publicación. É ben perceptible o predominio aquí do castelán e o intenso cultivo da prosa poética, ateigada de lirismo, e do poema en prosa. Á prosa en castelán contribúen Juan Lacomba, Antonio Díaz Herrera, Teófilo Ortega, Ramón Barreiro Vázquez, Evaristo Mosquera, Ramón Pérez Cienfuegos, Gabino Díaz de Herrera, Luís Amado Carballo, Xoán Vidal e Eduardo de Ontañón. Mostras de prosa galega témolas por parte de Otero Pedrayo, Castelao, Antón Fraguas, Amado Carballo, Álvaro de las Casas ou Manuel Antonio.

2.5. Os números

Nº 1. Homenaxe a Compostela. De Ramón Otero Pedrayo a Juan Ramón Jiménez

Prosa e verso, galego e castelán, lírica culta e popular, alternan xa neste número, significativamente aparecido o 25 de xullo, Día de Galicia, e dedicado en boa medida a Santiago de Compostela. O ámbito urbano e a temática xacobeana xorden nas colaboracións de Otero Pedrayo, Marjan Paszkiewicz e Juan Bautista Andrade. O texto do primeiro deles, un dos poucos exemplos de prosa galega de *Cristal*, amosa o poderío verbal do enxoiado estilo do escritor, o forte pulo emocional e as notas de culturalismo relixioso.

De acordo coa nota programática —"Es..."— comentada con anterioridade, a lírica popular, de autoría anónima, está presente nas sete "Cantigas" que terán continuidade, con catro máis, no nº 2 da revista. Paisaxe e terra galegas son obxecto dos poemas de Amado Carballo e Álvaro de las Casas. Nos "Alalás" do primeiro pódese constatar a visión hilozoísta e a mestura de tradición e vangarda característica do autor de *Proel*. Tamén en galego, o soneto de Noriega Varela, ateigado de sinxela relixiosidade, amosa o espírito franciscano na captación da natureza. En castelán, Nóvoa Gil mestura claves senso-

riais e sentimentais na súa "Canción del recuerdo"; Juana Ibarbourou expresa o anxeio de fusión coa natureza e Juan Ramón Jiménez escribe unha fermosa composición alexáica dedicada ó músico Isaac Albéniz. O exceso retórico, a prosa ornamentalista adobada de imaxes e metáforas, acartonada e oca, cae do lado do pouco coñecido Marjan Paszkiewicz. En síntese, un número baixo o signo da diversidade.

Nº 2. Homenaxe a Pontevedra. Machado e Tagore. Líricos pontevedreses

O texto de presentación deste número —"Cinta de verbena"— glosa a festividade pontevedresa da Peregrina, e Pontevedra (fillos egrexios e paisaxe urbana) é o asunto das páxinas da colaboración de Amado Carballo, "Cosas y figuras. Pontevedra". Os responsables da revista dedican dúas novas páxinas ós poetas pontevedreses con composicións todas elas en castelán. Nelas temos a un Víctor Said Armesto romántico, un Xerardo Álvarez Limeses modernista, un Juan Bautista Andrade relixioso, un Xoán Vidal romántico e sensible, un Amado Carballo retórico e pouco máis. A representación é pouco convincente e a calidade dos textos non chega a un nivel aceptable.

Os dous poemas en prosa de Rabindranath Tagore están moi na liña de *Cristal*: fermosura, artificiosidade, sentimentalismo, evasiónismo. Un bocado de aire fresco chega coas cancións de Antonio Machado, tomadas do seu terceiro poemario, *Nuevas canciones*.

En galego, ademais da segunda entrega de cantigas populares, catro poemas: o de Augusto M^a Casas, de asunto amoroso, evidencia a pegada do hilozoísmo. Xosé M^a Álvarez Blázquez mostra a súa finura, gracia e musicalidade. O paso do tempo, o derrubamento dos soños e o sentimento de liberdade están no cerne dos poemas de Antón Losada Diéguez e Roberto Blanco Torres. Poesía suxeita a rima e metro, elementos característicos do hilozoísmo, lirismo intimista e claves románticas e modernistas é o que temos ata agora, en materia de poesía, nestes dous números, únicos que recollen mostras de poesía popular galega.

Nº 3. Verso e prosa poética. Amado Carballo

Abre o número un breve artigo de Antonio Díaz Herrera, "Aniversario", no que lembra, conxuntamente, as xa entón desaparecidas figuras de Juan Bautista Andrade e Luís Amado Carballo, tan admirados polos directores de *Cristal* e tan presentes nas páxinas da revista. De seguido, "Carón do Atlántico", do mesmo Amado Carballo, que merece especial mención por dúas razóns: é a única colaboración en galego do número e constitúe unhas das poucas composicións da

revista que posúe un substrato cívico, comunitario, transmitido en forma de canto percorrido de esperanza, alento e certo ton épico.

De menor interese son as restantes achegas. A composición de Juan Bautista Andrade posúe un recendo campoamoriano. "Gallardete", de Antonio Díaz Herrera, é unha invitación á viaxe, á aventura; un poema optimista, xuvenil, pleno de cromatismo. E "Optimismo" é o poema de Xosé M^a Álvarez Blázquez, co seu toque lorquiano e o seu ornato mitolóxico. Máis denso, máis interiorizado, con algún elemento modernista, "La mano", de Gabriela Mistral. De xinea romántica, a modo de xoguete lírico, con algúns tópicos do romantismo máis feble e sensible, o "Nocturno" de Xoán Vidal. Fernando González contribúe con dous poemas de amor e Eduardo de Ontañón recrea, con lírica artificiosidade (e algunha imaxe vangardista) unha paisaxe aberta e luminosa, idílica e fortemente humanizadora. Pérez Cienfuegos, en fin, divaga sobre a puntualidade nunha prosa na que tamén advertimos algunhas dispersas notas vangardistas.

Nº 4. De voces diversas

Tras do habitual e lírico saúdo de Díaz Herrera —un poético "Otoño" en prosa— o número a penas recupera a presenza da lírica galega con dous poemas. "Lusco e fusco", de Xohán Carballeira, é por forma e expresión un dos poemas onde o vangardismo, a través do elemento visionario, irracionalista, alcanza unha máis clara manifestación, na peculiar paisaxe creada polo poema. En "Relanzo no teu espello" ofrece Augusto M^a Casas un afervorado canto amoroso e cheo de cromatismo.

En castelán, Gómez del Valle escribe un poema de aparición inesperada en *Cristal*. Pois, certamente, o "Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo" constitúe un himno humanitarista e solidario de notable contido social e aínda político e ton reivindicativo e revolucionario. O poeta era daquela militante comunista e dende logo non agacha as súas conviccións. Pola súa banda, Xosé M^a Álvarez Blázquez volve de novo á inspiración lorquiana no seu lírico-narrativo "Romance de la luna coqueta". A prosa poética ten a súa representación nos textos de Evaristo Mosquera e Pérez Cienfuegos. Xoán Vidal xoga ó paradoxo no seu peculiar "Soneto en mi soledad", escrito en octosílabos. Como remate, os "Retratos murales" de Francisco Villaespesa son unha homenaxe ó modernismo.

Nº 5. A chegada de García Lorca. Poesía de Álvarez Limeses

Unha nota anónima, ó parecer de Xosé M^a Álvarez Blázquez, advirte que "Pronto será huésped de Pontevedra García Lorca". Non lle debeu gustar moito

ó poeta de Granada a teima daquela nota na súa condición de “gitano”, un tópicoco que caeu sobre el a raíz sobre todo do *Romancero gitano* e do que sempre tentou fuxir. Dous poemas do citado libro (o segundo deles, “La monja gitana”, publicado xa en *Resol*, nº 1, maio de 1932) son aquí un anticipo de posteriores colaboracións deste poeta, protagonista dun fundamental episodio da intrahistoria de *Cristal* naquela visita a Pontevedra.

Polo demais, este número, dedicado ó poeta andaluz, supera ós dous inmediatamente precedentes na presenza de lírica galega, presenza pechada por tres composicións de Xerardo Álvarez Limeses que constitúen senllos cantos de raíz popular na liña da poesía da terra tan frecuente no século XIX. Amado Carballo está representado con “¿Verdade?” —única tradución ó galego de toda a revista— de Alfonsina Storni. Augusto M^a Casas ofrece de novo un poema amoroso no que destacan algunhas fermosas e sensuais imaxes.

En castelán, Xosé M^a Álvarez Blázquez glosa un poema de Rubén Darío de temática franciscana. A prosa poética está ó cargo de Víctor Said Armesto e Juan Lacomba está representado cun romance lírico.

Nº 6. Castelao, Lorca e Huidobro

Pódese considerar como un extraordinario este número de Nadal que case triplica as páxinas habituais da revista ata entón. A festividade relixiosa está reflectida nas ilustracións e nas colaboracións de Antonio Díaz Herrera (prosa e verso), no poemíña “Oriente”, manuscrito por Xoán Vidal, e en “Nadal”, de Xerardo Álvarez Limeses. Tamén, na prosa poética de Ramón Pérez Cienfuegos e no poema “Chamade o luar labrego...”, de Amado Carballo. García Lorca, na súa segunda comparecencia na revista, contribúe cun dos seus “Sonetos del amor oscuro”, poema do que redactou unha nova versión para *Cristal* a solicitude dos directores da publicación. E na citada liña de prosa poética, a colaboración de Juan Lacomba. A “Elegía” de Guerra Junqueiro, en castelán, non é unha mostra da mellor voz do poeta. E tamén de sabor elexíaco son as “Palabras al oído de Amado Carballo”, de Julio Sigüenza. En fin, a brevidade é a nota común dos poemas de Rafael Lois Teijeiro, Gabino Díaz de Herrera, Xosé M^a Álvarez Blázquez e María Monteagudo.

Cómpre destacar o interese das páxinas galegas, onde Castelao colabora por primeira e única vez cun texto en prosa, “Dous espíritos”, que, tomando como motivo inicial un asunto de carácter relixioso, remata por ter un senso político e social ó salientar o feito diferencial galego. Unha nova homenaxe a Amado Carballo chega a través da súa dobre presenza: no antes mencionado poema do Nadal e a prosa “Sant-Yago”, expresións da relixiosidade do escritor e das súas

raíces galegas. A paisaxe é correlato sentimental da tristeza e soidade do poeta nos cinco "poemas" de Xoán Vidal. A sensorialidade percorre o "Nouturnio" de Olimpia Martínez, mentres que Fermín Bouza Brey anticipa, en "Parranda mariñeira", a primeira composición pertencente ó ámbito do neotrobadorismo.

Como unha homenaxe ás vangardas haberá que interpretar a reprodución do poema francés "Moulin", de Vicente Huidobro, cabeza visible e fundador do movemento creacionista. Lémbrese a súa presenza en *Resol* (nº 2 da etapa arxentina, 1938) cun poema ben diferente a este de *Cristal*.

Nº 7. Despedida de Lorca. Poemas de Otero Pedrayo e Bouza-Brey

Abre este número o segundo e último ano da xeira de *Cristal*. Certa novidade é nel a nota informativa de Ramón Barreiro Vázquez sobre o concerto de guitarra de Regino Sáinz de la Maza en Pontevedra, onde chegara a instancias do Comité de Cooperación Intelectual da cidade que presidía Luciano del Río. Recolle así a revista a segunda información de actualidade (a primeira fora a chegada de Federico García Lorca), que neste caso non garda relación directa coas súas páxinas.

En castelán, o longo poema do ourensán Primitivo Rodríguez Sanjurjo é unha nova mostra da permanencia en *Cristal* do lirismo modernista. E lirismo, pero en prosa, témolo xenerosamente prodigado na estampa celanovesa de Juan Lacomba, que completa así a colaboración do número anterior, "Cuaderno de un maestro". Nada de lírica e si moito de fúnebre ten "Mi voluntad", de Teófilo Ortega, unha voz certamente disonante e pouco explicable no contexto de *Cristal*. Un segundo agasallo de García Lorca á revista é "Asesinato", que ía pasar ás páxinas de *Poeta en Nueva York*, que o poeta escribira durante a súa estancia en Estados Unidos e Cuba (1929-1930). O libro que o poeta entregou a José Bergamín en 1936, non foi publicado ata 1940. Xa se ten falado, polo demais, do que hai de premonitorio no título deste poema.

A poesía galega conta, neste número, cunha nova entrega de Bouza-Brey na mesma liña do neotrobadorismo á que el deu carta de natureza na nosa lírica. De Roberto Blanco Torres reproducécese "Os meus cabalos", que seguramente debemos interpretar en clave simbólica como un canto de alento e esperanza no inmediato futuro. Augusto M^a Casas, con "Lilaila en fondo de neve" teima no amor, nun poema que se sitúa na órbita do hilozoísmo, con fermosas e sensoriais imaxes. En fin, Ramón Otero Pedrayo deixa aquí unha axeitada mostra da súa condición de poeta ó verquer ó divino un tema profano. O poema, que nunha das súas partes deixa ver o achegamento ó neotrobadorismo, ten moito de lenda lírica situada nunha múltiple paisaxe galega. Mestura de metros e rimas

diferentes é un conxunto lírico unitario cheo de lixeireza e tenrura no que os diminutivos poñen unha nota de afectividade.

Nº 8. Vello e novos poetas de Ourense e Pontevedra

Coa única excepción de Eduardo de Ontañón, todos os colaboradores deste número son autores galegos, case todos eles pontevedreses ou ourensáns. Concrétase aquí, ademais, esa liña de información de actualidade —da que anotamos dous adiantos soltos— agora na sección “Índice”, na que colaboran Ramón Pérez Cienfuegos e Ramón Barreiro Vázquez e que terá continuidade ata o último número da revista.

Abre o número Antonio Díaz Herrera, que en “Febrero” evoca dous poetas que admiraba: Xoán Vidal e Juan Bautista Andrade. Deste último temos en “Saludo al día”, un poema impregnado de relixiosidade franciscana no que, novamente, atopamos máis dunha clave modernista, aínda que non tantas nin tan superficiais como as que asolagan “Mi anillo”, do ourensán Gabino Díaz de Herrera.

O vangardismo déixase ver (en elementos léxicos, en imaxes) nos poemas de Ramón Pérez Cienfuegos e Xoán Luís Ramos e o hilozoísmo ten un novo exemplo na lírica estampa paisaxística de Antón Fraguas. Tamén en galego, Xosé M^a Álvarez Blázquez e Xerardo Álvarez Limeses están presentes: o primeiro, cun poema mariñeiro no que a inmensidade do mar é símbolo do espírito do poeta; o segundo, con dúas composicións que desenvolven senllos elementos da paisaxe galega, a vaca e o cruceiro. De inequívoca raíz galega é o cadro costumista “Misa pagana”, de Prudencio Canitrot, que se desenvolve na illa de Sálvora e no mar da Lanzada.

Nº 9. De Manuel Antonio a Tagore

Primeiro número bimensual da revista, presenta unha nómina de colaboradores máis variada có anterior. Dúas voces colaboran por vez primeira: de Manuel Antonio, o máis caracterizado vangardista galego, temos dous poemas en prosa qu sen dúbida contribúen ó interese e importancia de *Cristal* para a literatura galega, aínda que os textos cos que aquí está representado andan aínda ben lonxe do que será a contribución máis característica do poeta á lírica das vangardas. Pola súa banda, Aquilino Iglesia Alvariño colabora con “Noite”, un poema do mar que ten moito de xoguete poético, de visión lúdica e fondamente sensorial dun cosmos poético construído polas imaxes baixo a pegada do hilozoísmo.

A calidade visionaria das imaxes, o léxico e a disposición dos versos son factores que acreditan a condición vangardista de “A unha vella cupre de un café calquera”, de Xoán Luís Ramos. E no ámbito do hilozoísmo e da lírica amorosa prosegue Augusto M^a Casas, quizais o poeta de máis continuada coherencia en *Cristal*.

En castelán, a exaltación da beleza informa as colaboracións de Rafael Lois Teijeiro e “Clasicismo”, do poeta e dramaturgo andaluz José M^a Pemán. Evaristo Mosquera volve á temática xacobeá. Vangardista e lorquiano, aparece novamente Xosé M^a Álvarez Blázquez e, xunto a el, lúdico e marítimo, o ourensán Gabino Díaz de Herrera. A infancia, en tres poemas en prosa, é a temática dos “Poemas de la luna nueva”, de Rabindranath Tagore, mentres que no seu “Abril”, e no terreo da prosa poética, Antonio Díaz Herrera lembra outravolta a Juan Bautista Andrade e Xoán Vidal. Nese mesmo terreo que, como xa anotamos, é frecuente nas páxinas de *Cristal*, atopamos tamén a Ramón Pérez Cienfuegos co seu “Responso primaveral del río”. Un longo texto de Teófilo Ortega, de asunto relixioso, e poemas de Felipe Sassone e P. Pérez Clotet completan este número.

Nº 10. Nunha liña de continuidade

Tamén bimensual e tamén con 24 páxinas preséntase este derradeiro número de *Cristal*, onde rexistramos un inusual número de reproducións de colaboracións xa publicadas e a presenza dalgún novo colaborador como Celso da Cunha Dotti⁵² e Agustín Portela. Continúa tamén a riqueza de ilustracións, case unha constante ó longo dos dez números da revista.

Na liña que xa temos comentado figuran aquí novas colaboracións de Antonio Díaz Herrera, Rafael Lois Teijeiro, Xoán Vidal, Rabindranath Tagore ou Juan Bautista Andrade. Agustín Portela, máis coñecido como debuxante, contribúe a este número con dous poemas en prosa, e tamén en prosa temos a colaboración, agora en galego, de Álvaro de las Casas, que opón cristianismo a paganismo. Moito máis lírico, aínda que tamén en prosa, e máis descritivo que narrativo, o cadro paisaxístico “Domingo de Ramos na aldea”, de Antón Fraguas. E lirismo tamén nos poemas en prosa de Amado Carballo, case omnipresente en *Cristal*.

En castelán, os tres poemas de Juan Bautista Andrade evidencian a musicalidade e o senso do ritmo da súa voz, voz da alma manifestada con notas cromáticas e algunha referencia mitolóxica. Nostálxico, sensible, emotivo —como case sempre—, Xoán Vidal. Delicado e livián —lírico puro—, Fernando González en “Orillas del río”. Na órbita hilozoísta, en castelán, Xosé M^a Álvarez Blázquez en “Mayo”. Neopopularista e lorquiano, en galego, o mesmo poeta en

⁵² Carecemos de datos sobre o posible labor literario deste colaborador de *Cristal*.

"Romance do afiador". Hilozoísta o soneto de Augusto M^a Casas. Vanguardista máis que nunca, Díaz Herrera no seu "El pabellón de la feria".

2.6. García Lorca en *Cristal*

Federico García Lorca (1898-1936), poeta granadino do que en 1998 se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento, constitúe, por si mesmo, un capítulo breve pero intenso da nosa historia literaria contemporánea. E parte dese capítulo garda estreita relación con Pontevedra e *Cristal*.

A análise da relación de Lorca con Galicia pasa, ó noso ver, pola consideración dos seguintes extremos:



Lorca, por
Seoane

capital da provincia. Filgueira Valverde, que xa contactara con Lorca en Santiago, reconstrúe con precisión aquela xornada:

"La Barraca" deu "La Guarda Cuidadosa" e "La Cueva de Salamanca" o día 28 de agosto daquel ano, ó ar libre, na Praza

- a) As distintas viaxes que, a partir de 1916, fixo o poeta pola nosa terra.
- b) As referencias textuais que delas fixo Lorca.
- c) Os seus percorridos por vilas e cidades coa agrupación teatral "La Barraca".
- d) As conferencias e recitais, as xuntanzas e relacións con escritores e intelectuais galegos.
- e) A contribución á lírica galega cos seus *Seis poemas galegos* (Nós, Santiago, 1935)
- f) A súa colaboración nas nosas revistas literarias dos anos trinta: *Yunque*⁵³, *Resol* e *Cristal*.
- g) As informacións e notas de prensa nas que se recolle a estancia e actividades de Lorca en Galicia.

Polo que se refire concretamente ás estancias de Lorca en Pontevedra, a primeira delas tivo lugar o día 28 de agosto de 1932. O día 25 do mesmo mes estivera en Vigo, co grupo de "La Barraca" na súa xira galega, e o día 28 "La Barraca" actuaba na

⁵³ Nesta revista luguesa, que dirixía Ánxel Fole, apareceu por vez primeira (no nº 6, outono de 1932) un poema galego de Lorca, "Madrigal a la ciudad de Santiago" (co título en castelán). En decembro do mesmo ano reproducíoo *Resol* no seu nº 6. O texto é o mesmo có de *Yunque*, sen ningunha variante textual. Case simultaneamente apareceu tamén nas páxinas de *El Pueblo Gallego* de Vigo (8-X-1932) e nas de *El Sol* de Madrid (10-XII-1932).

da Estrela da Ferrería pontevedresa, tendo por fondo o "Parador", hoxe substituído, e a "Casa das Caras" dos Barbeito, habitada polos Barreiro, tan artistas. Asistíu á representación Don Fernando de los Ríos, que era Ministro de Instrucción Pública e que denantes fixo unha demorada visita ó Museo. Quedouseme moi grabado o interés do poeta na dirección e a preocupación, mesmo obsesiva, polos pequenos pormenores, coma a perda duns cíngulos de dous actores. Non é mester engadir que foi unha festa xurdia, que o moito público identificouse coas obríñas e que houbo longas ovacións".⁵⁴

A segunda visita prodúcese pouco tempo despois. Lorca chega de novo a Pontevedra o día 19 de novembro de 1932. Fora invitado polo Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra, que, fundado o 23 de setembro daquele ano, presidía Luciano del Río Besada. Este Comité, que tiña a súa secretaría no Instituto (accedíase a ela polos xardíns de Vincenti) daba a coñecer as súas actividades nunhas circulares nas que avisaba ós seus membros dos cursiños e ciclos de conferencias e recitais que programaba. Así, en xaneiro de 1933, figuraban como conferenciantes invitados Otero Pedrayo, Castelao, Montero Díaz, Bibiano Fernández Ossorio-Tafall, Luis Jiménez de Asúa e Pío Baroja. O Comité creou tamén unha biblioteca circulante para promover a lectura.

Viña o poeta granadino para pronunciar unha conferencia, cousa que fixo ó día seguinte, no cine Coliseum, disertando sobre a pintora María Blanchard. Na estación pontevedresa estaban para recibilo os membros do Comité: Luciano del Río, Evaristo Mosquera, Javier Andrade Cimadevila, Bernardo Salom de la Hoz, Tabucho Pintos Fonseca e Luis Poza Pastrana, entre outros. Alí mesmo prodúcese o contacto inicial do poeta cos membros de *Cristal*, representados por Xoán Vidal, tal e como ía lembrar Luciano del Río moitos anos despois:

"También estaba allí el poeta Juan Vidal como redactor y fundador de la revista "Cristal" a la que pertenecían José María Álvarez Blázquez, Antonio Díaz Herrera, hoy residente en Cuba, Rafael Lois Teijeiro y como dibujantes Ventura de Dios López (Turis), Alejandro de la Sota y José Luis Fuentes. Juan Vidal era como "el hermano mayor" de aquella inquieta y animosa comunidad literaria".⁵⁵

⁵⁴ Xosé Filgueira Valverde, "Federico García Lorca", en *V Adral*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, col. Ensaio, 1989, pp. 372-373.

⁵⁵ Luciano del Río, *art. cit.*

Posteriormente as cousas sucedéronse como conta o mesmo Luciano del Río, centrándose xa no percorrido de Lorca cos responsables de *Cristal* e nos detalles do que foi a súa colaboración na revista que poucos días antes anunciaba a súa chegada:

“Los animadores de la revista “Cristal”, para los que tan gozosa fue la presencia de Lorca, le invitaron a visitar la redacción improvisada en un desván del hotel Méndez Núñez situado en la plaza de Sna Inés. Nos escoltaba como un tutor, con aire serio el profesor de Literatura del Instituto, don Ramón Segura de la



*O Café
Moderno,
onde Lorca
escribiu o
soneto para
Cristal*

Garmilla, que me había pedido que le presentara a García Lorca. Entramos en aquella especie de guarida de conspiradores políticos donde había por mesa única un cajón y unos pequeños bancos. Las paredes y el tejado estaban cubiertos con unos dibujos de “Turas” y de José Luis Fuentes de evidente influjo cubista. Los jóvenes de la revista “Cristal” se sintieron

un tanto incómodos por llevar a Lorca a aquel lugar, pero Lorca les tranquilizó diciéndoles que la revista “Gallo”, de tan efímera vida y que é fundara en Granada en el año 1928 no había tenido mejor cobijo. A la salida Antonio Díaz Herrera y Álvarez Blázquez pidieron a Lorca un poema para un núm. que iba a serle dedicado. Lorca solicitó un lugar para escribirlo y una cuartilla. Cruzamos la plaza de San José y entramos en el salón pequeño del Café Moderno. Sobre una de aquellas pesadas mesas de mármol donde Luís Amado tantas cuartillas escribiera para “Proel”, Federico, sin tardanza, compuso un bellissimo soneto, de gran sonoridad, y con “duro acento romano”:

Yo sé que mi perfil será tranquilo (...)

Después de leerlo reiteradas veces, se lo entregó a Álvarez Blázquez. En el número dedicado a García Lorca se publicó con una magnífica ilustración de José Luis Fuentes. También, de su libro *Poeta en Nueva York*, autorizó publicar el poema “Asesinato” “(Dos veces de madrugada)”.⁵⁶

⁵⁶ Luciano del Río, *art. cit.*

Filgueira Valverde deixou tamén constancia dos feitos, reparando en particular na velada poético-musical da que o poeta granadino foi protagonista na casa de Antonio e José (familiarmente chamado "Pon") Díaz Herrera:

"Cos membros do "Comité" axuntáronse, para agasallalo e para escoitalo, os rapaces da xeración da revista poética "Crisol"⁵⁷: Martínez Herrera⁵⁸, Virxilio Nóvoa, Vidal Martínez, Lois, "Turiñas", Pintos, X. M^a Álvarez Blázquez, A. la Sota que o saudarían no número 5 da publicación "con toda la capacidad de las almas jóvenes", que lograrían escribirse para ela, nunha mesa do Café Moderno, o soneto "Yo sé que mi perfil será tranquilo" e o galano do poema tristeiramente premonitorio "Asesino" que saíu en "Poeta en Nueva York" (...)

O mellor da xornada foi un improvisado concerto, na casa de Martínez Bautista, onde o poeta recitou versos galegos, entonou as "Cantigas" de Martín Codax, tocou no piano as melodías preferidas e regalou a todos cunha longa, escintilante conversa".⁵⁹

Sobre a visita á cidade e as conversas cos integrantes do Comité e de *Cristal* falou detalladamente Luciano del Río, que insiste tamén na lembranza do acontecido na casa dos Díaz Herrera:

"Seguimos enseñándole la ciudad, entonces tan sosegada y tranquila, y si algún desasosiego ofrecía era el del herbor político. Lorca nos iba dando noticias de sus proyectos poéticos y teatrales y contándonos anécdotas de las tertulias literarias de Madrid; entre ellas, algunas de Valle Inclán. Nos reímos con gana, pero recuerdo que Federico nos dijo: "Don Ramón del Valle Inclán es el don Francisco de Quevedo y Villegas de nuestros días". Mientras habíamos llegado, procedentes de la plaza de la Peregrina, al cruce de García Camba, Peregrina y Andrés Mellado. Por la acera izquierda de esta calle subía Celestino Poza Pastrana. Al divisarse, Lorca y Poza cruzaron rápidamente la calle y se abrazaron fuertemente; ambos habían sido internos en la Residencia de Estudiantes en la calle del Pinar. Celestino Poza preguntó a Lorca por otros compañeros, por Salvador Dalí, por Severo Ochoa, y creo recordar que por el poeta Gabriel Celaya. Le fue contestando García Lorca lentamente diciéndole, entre otras cosas, que Dalí estaba en Cadaqués "haciendo ejer-

⁵⁷ Erro, por *Cristal*.

⁵⁸ Refírese ós irmáns Díaz Herrera.

⁵⁹ Xosé Filgueira Valverde, *art. cit.*, p. 374.

cicios espirituales con su subconsciente” y dibujando cada vez con mayor maestría. De Severo Ochoa le anunció que estaba preparando, o que había hecho unas oposiciones a cátedras. “Ochoa no acaba de comprender —añadió— que él no tiene espíritu de opositor y sí de investigador. Sólo fuera de España llegará a ser lo que realmente es”. Se despidieron y continuamos por García Camba. Contempló el cine “Coliseum” donde al día siguiente pronunciaría su conferencia y seguimos haciéndole preguntas y escuchándole mientras caminábamos. Uno de nosotros le pidió noticias y su juicio sobre los Estados Unidos; sobre Nueva York y su vida universitaria, pues había hecho unos estudios, un curso, en Columbia University. Para él lo mejor de aquel país era, habían sido Abraham Lincoln y Walt Whitman. En general aquel poderoso país le parecía “el Senegal con maquinaria”. Salir de los Estados Unidos y llegar a Cuba fue como “escapar de la atroz pesadilla de una noche torturada para alcanzar jubilosamente un día soleado (...)

Al finalizar su permanencia entre nosotros los hermanos Díaz Herrera ofrecieron a Lorca un vino español en casa de su padre. Los Díaz Herrera vivían en el piso principal del edificio del café Moderno. En uno de los salones tenían un viejo piano, pero lo suficientemente afinado para que Federico nos ofreciera un magnífico recital de canciones populares andaluzas y alguna gallega. Habrá que advertir que era un gran pianista, pues de niño había empezado a estudiar música pero sus padres le hicieron cambiar este aprendizaje al morir su maestro.

Recuerdo, y algún amigo me ayuda a su vez a memorizar aquellos días, que García Lorca nos recitó y cantó ayudándose del piano, “¡Ay!, río de Sevilla”, “Caminito de Almonte”, “Los cuatro muleros” y “Asubía que fai vento...”. Después ejecutó otras canciones, que según nos anunció, había recogido, en compañía de Falla, en las serranías de Ronda. “Vais a oírlas por primera y última vez, nos dijo, pues no creo que hagamos uso de ellas”.⁶⁰

Daquela presencia lorquiana entre mozos de *Cristal* mantña viva memoria tamén Xoán Vidal, que engade algunha novidade ó recollido por Luciano del Río

“Fue en 1932. Coincidió con García Sanchís cuando éste vino a dar una de sus famosas charlas en el Teatro Principal, en noviembre o diciembre del mismo año. Lorca dio una conferencia en el Coliseum sobre María Blanchard y tuvo tiempo

⁶⁰ Luciano del Río, *art. cit.*

todavía para visitar la redacción de "Cristal" y dar con nosotros un paseo al mirador de Samieira en un día lluvioso, entre verdos y pinares. Este paisaje le impresionó vivamente y escribió sobre él una cuartilla, cuyo autógrafo conserva José María Álvarez Blázquez, que leyó por Radio Pontevedra. Por cierto que, según él, era la primera vez que hablaba por radio. Recuerdo que marchando en el coche hacia el mirador, nos habló frente al inquieto mar, de una tragedia que había concebido, y que creo que no llegó a escribir, que se titularía "El yerno", cuyos cabellos se volvieron blancos, al pensar un día, que debía volver a su lucha desigual con el mar embravecido. Este era su argumento. Después de todo, estuvo con nosotros una tarde en el salón grande del Moderno, y en una de aquellas mesas de mármol sobre la cual había escrito Luis Amado Carballo tantas páginas de Proel, escribió Federico para "Cristal" el soneto que comienza "Yo sé que mi perfil será tranquilo en el cielo de un cielo sin reflejo..." Lo leyó y releyó varias veces, enamorado tal vez de su dulce sonoridad. Y por último, invitado por los hermanos Díaz Herrera a un vino de honor en casa del padre de éstos, nos deleitó y entusiasmó a todos, cantando, acompañándose del viejo piano que dormía olvidado en una sala dieciochesca, varias inolvidables canciones andaluzas y gallegas, entre las cuales recuerdo "Ay, río de Sevilla", "Caminito del monte" y "Azubía que fai vento". Su acento era cálido, vibrante, arrebatador..."⁶¹

Da visita de Lorca á cidade do Lérez temos aínda outra anécdota. Refírese á súa intervención na concesión a Laxeiro da bolsa de estudos da Deputación Provincial de Pontevedra no curso 1932-1933. As obras que presentaba Laxeiro para conseguir aquela bolsa foron destacadas por Castela e Johán Carballeira:

"Sen embargo, segundo o mesmo artista, parece que foi crucial a fortuíta intervención de Federico García Lorca, que daquela se atopaba en Pontevedra, hospedado no Hotel Méndez Núñez, para dar unha conferencia, invitado pola revista *Cristal*, e visitou a mostra dos aspirantes a bolseiros. As loas e a defensa que fixo o poeta granadino da pintura do mozo Laxeiro, dicindo que se alguén merecía unha pensión para desprazarse a Madrid era el, contribuíron, de maneira decisiva, a disipar as dúbidas que puidese haber en torno ós seus méritos".⁶²

⁶¹ Aleyda Yglesias, *art. cit.*

⁶² Antón Castro, *Laxeiro. A invención dun mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1997, p. 38.



Lorca, por
Carboneras

Esta segunda visita de García Lorca a Pontevedra posúe unha especial dimensión, un particular significado para o poeta. En efecto, a partir do éxito do seu *Romancero gitano* (1928) Lorca tivo que soportar o estereotipo do poeta xitano, o mito da xitanería que caeu sobre el. Nesta imaxe tópica insiste a nota do nº 5 de *Cristal*, cando anuncia que “será huésped de Pontevedra García Lorca, el gitano de los romances”, e engade “Para nosotros García Lorca no es más que un gitano. Un gitano legítimo. Un gitano que sabe serlo...”

Pois ben, a conferencia que pronunciou no cine Coliseum, os poemas que deixou para *Cristal* e as conversas que mantivo cos escritores da revista e os membros do Comité foron parte da estratexia de García Lorca para anular a imaxe reduccionista e empobrecedora do “gitano de los romances”. Neste senso Eutimio Martín suxire:

“¿Fue también para desembarazarse del grillete gitano por lo que se lanzó a escribir poemas en gallego? Lo cierto es que antes de que finalice este mismo año 1932, Federico estrena su nueva condición de poeta gallego con la publicación de “Madrigal â la cibdá de Santiago”⁶³. En la navidad de 1935, el libro *Seis poemas galegos*, impreso en Santiago de Compostela, confiere a Federico García Lorca una más amplia dimensión española”.⁶⁴

Coincide así con Landeira Yrago no seu comentario da estancia de Lorca en Pontevedra:

“De la ronda nocturna por calles de Pontevedra —le acompañan poetas en flor y sabihondos del Comité de Cooperación Intelectual— sale nuestra hipótesis de destrucción, por el propio Lorca, del mito provinciano de gitanería, de que se había quejado a Jorge Guillén en conocida carta: “Confunden mi vida y mi carácter”. El cosmopolitismo neoyorquino, pesa; pero no

⁶³ Publicado en *Resol*, nº 6 (diciembre de 1932).

⁶⁴ Eutimio Martín, *Federico García Lorca. Antología comentada (I, Poesía)*, Madrid: Ediciones de la Torre, 1988, pp. 297-298.

menos la "koiné" de esas plazas de cantería que embelesan la sangre en medio del silencio, mientras la fuente canta. "¡Son as plazas de pedra mais fermosas do mundo!", ponderaba Vicente Risco a Alexandre Bóveda: "¡Dígocho eu, que veño de percorrer media Europa!". (Bóveda lo creyó, y por amar la libertad de las plazas que hacen francas y universales a las ciudades gallegas, un piquete de milicianos segó su vida en la Pontevedra de 1936). El memorioso de aquella velada describe cómo los mozos de *Cristal* solicitan a García Lorca un poema para ser publicado: "Cruzamos la plaza de San José y entramos en el salón pequeño del Café Moderno... Federico, sin tardanza, compuso un bellissimo soneto, con gran sonoridad y con *duro acento* romano". Otro poema, apunte neoyorquino, muy breve, pasó a manos de los jóvenes. El soneto, cuya versión primigenia data de La Habana, orienta el dramático perfil del verso hacia el "norte de un cielo sin reflejo": Antes se leía: "musgo de un norte sin reflejo". Ominosa y premonitoria, la racha sombría descompone la cosmética de navaja y luna, aplicada ingenuamente por los redactores de la revista. Los autógrafos lorquianos de Pontevedra; el recital a los admiradores de Lugo, que, antes, acudieron a la "reprise" de la conferencia sobre la pintora María Blanchard; la cesión, según Ángel Fole, de dos poemas gallegos "para ser publicados en cierta revista", potencian el propósito de extirpar el mito de gitanería".⁶⁵

Nun artigo do mesmo Landeira Yrago e Franco Grande vólvese insistir na actitude de Lorca de rexeitar o xitanismo a partir das peculiares características dos poemas que publica *Cristal* nos seus números 6 e 7:

"El desasimio del mito de gitanería es exhibido, como lección ostensible y cortés, al elenco provinciano que por aquellas calendas acoge en Pontevedra al granadino. Envereda el soneto por un itinerario misterioso y fatídico que arrastra a territorios poéticos desconcertantes. "Asesinato", es la réplica a aquellos que sólo han visto en el *Romancero gitano* la sensualidad: "... se encontrarán defraudados con Poeta en Nueva York, que es un libro sobrio, en el que la parte social tiene una gran importancia".⁶⁶

⁶⁵ José Landeira Yrago, *Viaje al sueño del agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 1986, p. 19.

⁶⁶ José Luis Franco Grande e José Landeira Yrago, "García Lorca en Galicia (Tres versiones de un soneto)", *Ínsula*, nº 339, Madrid, febreiro de 1975, p. 3.

O día 22 xa estaba Lorca en Lugo para pronunciar a mesma conferencia, "María Blanchard, gloria y angustia de la pintura moderna". Na tertulia do Hielo Bar coñeceu a Ánxel Fole, Luís Manteiga e Álvaro Cunqueiro. Na casa de Ramón Martínez López estiveron, ó redor do poeta granadino, Álvaro Cunqueiro, Pepe e Carlos Pimentel, o matrimonio Lamas, Luís Manteiga, Maruja Torviso, Pepe Gayoso, Enrique Ramos, Antonio Suárez Villamarín e o mesmo Fole.⁶⁷

Naturalmente, *Cristal* acolleu a García Lorca nas súas páxinas. No nº 5 (novembro de 1932) a nota de primeira páxina, "Federico García Lorca", advirte⁶⁸ da súa próxima chegada a Pontevedra e, nunha posterior páxina ilustrada, reproduce dúas pezas do *Romancero gitano*: "Prendimiento de Antoñito el Camborio en el camino de Sevilla" e "La monja gitana"⁶⁹.

No nº 6 (decembro de 1932), agora cun gravado de José Luis Alonso Fuentes, o soneto⁷⁰ "Yo sé que mi perfil será tranquilo", do que ofrecemos a reprodución do manuscrito orixinal da versión —a segunda— escrita polo poeta no café Moderno de Pontevedra⁷¹. A data que figura ó pé do mesmo, 1930, corresponde á primeira versión. O poema foi escrito por Lorca en Nova York, en 1929. Publicouse por vez primeira en Cuba, nas páxinas da *Revista de Avance* (15-IV-1930), nun tríptico de poemas cunha nota de presentación de José M^a Chacón y Calvo.

En 1937, nun artigo aparecido en *Hora de España*, Vicente Aleixandre falaba duns "Sonetos del amor oscuro" que Lorca lle recitara pero que non se publicaran. Luis Rosales apuntou que o título daqueles poemas —once en total— ía ser "Jardín de Sonetos". Un deses sonetos era o que *Cristal* publicou no seu número de decembro de 1932. O conxunto de sonetos non viu a luz ata que en 1983 apareceu nunha edición pirata e, xa ó ano seguinte, co título "Sonetos de amor", apareceu nas páxinas de *ABC* (17-III-1984) a edición príncipe, ó cargo de Miguel García Posada.

Lorca deu autorización para reproducir "Asesinato" en *Cristal*. Esta composición ten como subtítulo, no manuscrito orixinal, que aínda hoxe se conserva, "Dos voces en la calle 42". Outra versión foi a que figuraba no texto da conferencia do poeta sobre o seu futuro *Poeta en Nueva York*, conferencia que pronunciou varias veces entre 1932 e 1935. Tal versión apareceu na revista *Blanco y Negro*, no número correspondente ó 5 de marzo de 1933. Dous meses antes,

⁶⁷ Ánxel Fole, "Recuerdo lucense de Federico García Lorca", *Galicía Emigrante*, Bos Aires, xaneiro de 1955.

⁶⁸ "Pronto será huésped de Pontevedra García Lorca".

⁶⁹ Este poema figuraba xa na primeira páxina do nº 1 de *Resol* (Santiago de Compostela, maio de 1932).

⁷⁰ Para as cuestións de carácter ecdótico deste poema e do seguinte, véxase o artigo de José Luis Franco Grande e Landeira Yrago, "García Lorca e Galicia (Tres versiones de un soneto)", *Ínsula*, nº 339, Madrid, febreiro de 1975, p. 3.

⁷¹ Unha referencia a este soneto figura en Antón Castro, *op. cit.*, p. 64.

en xaneiro, reproducíase *Cristal* (nº 7, xaneiro de 1933) co subtítulo “Dos voces de madrugada”. En 1940 aparece nas dúas edicións do libro que, case simultaneamente, apareceron en México e Nova York. Nelas o poema subtitúlase “Dos voces de madrugada en Riverside Drive”. Nin no caso deste poema nin do anterior entramos na análise de variantes textuais das diferentes versións.

2.7. A lírica galega

Xa deixamos constancia do desequilibrado bilingüismo que amosan as páxinas de *Cristal*. Cómpre agora un percorrido polo seu *corpus* de lírica galega que é, sen dúbida, de interese por dúas razóns polo menos: a calidade de moitas das mostras poéticas e o feito de que na súa meirande parte son colaboracións orixinais; é dicir, trátase de poemas que ven a luz por vez primeira nesta revista e, con certa frecuencia, só figuran nela. Ordenamos a nosa panorámica alfabeticamente.

Xosé M^a Álvarez Blázquez

Dos doce poemas da súa autoría publicados en *Cristal* temos tres en galego. Deles, “Romance do afiador” e “O merlo poeta” foron incorporados anos despois ó poemario *Poemas de ti e de min* (1949), que o poeta asinaba a carón do seu irmán Emilio, e situados respectivamente nos apartados “Foguetes” e “Notas” do citado libro.

En “Romance do afiador” as variantes son as seguintes (a primeira forma é sempre a da revista): *baí* por *ehi* (v. 1), *vesta* por *besta* (v. 4), *cinguida* por *xuncida* (v. 4 e último), *desgracia* por *maliaxe* (v. 14), *roubâs* por *róubaas* (v. 15), *chola* por *testa* (v. 19), *com'a* por *coma a* (v. 4 e último). Tamén está suprimido o acento nalgunha ocasión (*Xá* por *xa*, v. 13). En “O merlo poeta” temos: *aldean* por *lanzal* (v. 2), *xuntiñas* por *collidas* (v. 4), *ia* por *iña* (v. 8) *d'un arbre* por *mais outa* (v. 9) e *N-o* por *no* (v. 12).

Polo que se refire a “Inmensidade”, non foi recollido polo poeta en ningún dos seus libros. Aparece sen embargo (co título “Inmensidá”) na sección de “Poemas inéditos e dispersos” da súa obra poética en galego compilada por Xosé M^a Álvarez Cáccamo. A versión que se recolle non é a mesma da revista: falta a dedicatoria a Rafael Lois Teijeiro e son numerosas as variantes: *con vosco* por *convosco* (v. 2), *ond'o* por *onde o* (v. 2), *Hirmans* por *Irmáns* (v. 4), *adouzante* por *arriscada* (v. 5), *en pago* por *en troques* (v. 9) *da mañá, da tarde* por *do serán, do abrente* (v. 10), *eivos* por *heivos* (v. 13), *decir* por *dicir* (v. 13), *poesía inmensa* por *inmensa poesía* (v. 18), *chola* por *testa* (v. 2), *deixan* por *leixan* (v. 22), *y-alma* por *alma* (v. 26) e algunha variación no uso do guión e o

acento. Isto presupón unha segunda redacción do poema, unha segunda versión que só apareceu con carácter póstumo. De certo, e de acordo coas variantes rexistradas, non se reproduce a versión publicada en *Cristal*.

Xerardo Álvarez Limeses

Agás as composicións “Bautismo” e “Los sapos en la noche”, todas as restantes contribucións de Xerardo Álvarez Limeses a *Cristal* —seis en total— están en galego. Entre 1932 e 1933 *Cristal* anticipa “Fai anos, no Valado”, “Naz’o día”, “Triadas célticas”, “Nadal”, “A señora vaca” e “Pé de cruceiro”(esta última baixo o título “Rendimento”), composicións que logo o poeta inclúe no seu libro *Antre dous séculos* (1934), prologado por Castelao.

En todos os casos o autor debeu repasar as versións da revista, que conteñen variantes —certamente ás veces de mínima entidade— con respecto ós textos que logo observamos no libro. Así, en “Naz’o día” advertimos o troco de *robleda* por *reboleira* (v. 2) ou *Quebra* por *Creba* (v. 9) ademais da supresión de apóstrofos (*antr’as* por *antre as*, v. 12) e alteracións na puntuación.

En “Fai anos, no Valado” poucas son as diferencias. Aínda así, anotamos *chuviás* por *chuiuas* (v. 21), *albrouxaba* por *abrouxaba* (v. 22) ou *encanto* por *feitizo* (v. 27) e a eliminación de apóstrofos e guións. En “Triadas célticas” observamos *froles* por *frores* (v. 2) e *rotal-as* por *botal-as* (v. 6). En “Nadal” rexistramos *olras* por *orlas* (v. 4), *voltan* por *golsan* (v. 5), *arrupiada* por *arripiada* (v. 10), *chuvia* por *choiva* (v. 17), *adouzadas* por *enfiadas* (v. 18) e *ouvera* por *houbera* (v. 19). En “A señora vaca” as variantes son: *ei* por *ebí* (v. 1), *reposito* por *apouso* (v. 7), *rancea* por *ranza* (v. 8), *ós quealcontra* por *pra as veiras* (v. 9) e *guardia* por *garda* (v. 12).

Polo que se refire a “Pé do cruceiro”, as modificacións introducidas na versión do libro —xa dende o mesmo título do poema— son tantas que optamos por reproducilo para que o lector poida cotexala coa de *Cristal*:

Cruceiros das aldeas,
ergueitas orazons;
deleixados nas corgas,
enlevados nos cons,
esquecidos nos pazos;
senlleiros, na door
da nosa esquencia; sempre,
cando alumea o sol,
cando se alcende a tarde,

cando o día se pon,
Hastra o trono de pedra
onde se ergue El Señor,
de perto ou dende lonxe,
os ouvidos de Dios,
leva unha volvoreta
verbas de un corazón...

Luís Amado Carballo

A figura de Amado Carballo está fundamente vencellada a *Cristal*, como tamén a *Alborada* e, dende logo, a Xoán Vidal Martínez que, poucos anos despois do pasamento do autor de *Proel*, o seu íntimo amigo, levou algúns dos seus poemas a *Cristal* para publicalos con carácter póstumo. Do amplo conxunto de colaboracións de Amado Carballo na revista —verso e prosa— seleccionamos unicamente os seus poemas galegos.

“Alalás” pertence á terceira sección de *Proel* (1927), do que está tomado para as páxinas da revista sen ningunha alteración.

“Carón do Atlántico” foi publicado por primeira vez en *El Pueblo Gallego*⁷² (25-VII-1924). A versión de *Cristal* é a segunda, pero está incompleta pois faltan as estrofas 2^a, 3^a, 6^a, 11^a e 12^a.

“Chamade ao luar labrego” pertence, como o anterior, ó grupo de poemas que non pasaron a ningún dos dous poemarios de Amado Carballo. Pero neste caso aparece como primicia en *Cristal* (nº 6, decembro de 1932). Trátase sen dúbida dun dos poemas máis antologados e reproducidos do poeta pontevedrés.

A traducción ó galego do poema “¿Verdade?” (nº 5), de Alfonsina Storni, é tamén unha novidade que presenta *Cristal* e que figurará en edicións posteriores da lírica amadocarballista, na sección de poemas soltos.

Roberto Blanco Torres

O primeiro do dous poemas cos que Roberto Blanco Torres figura representado na revista pontevedresa é “O quezta” (nº 2). A composición está tomada

⁷² Frecuentemente Amado Carballo adiantou os seus poemas en publicacións como *La Concordia*, *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*.

de *Orballo da media noite* (1929), único libro poético do autor⁷³, imprentado por Nós na Coruña como volume XXIX das súas publicacións. *Cristal* reproduce a versión que apareceu no libro coa única variante de *pra'a* por *par'a* (v. 3).

O segundo poema, "Os meus cabalos" (nº 7) figura na sección de "Reproduccións", polo que xa debía estar publicado con anterioridade, pero dende logo non está incorporado ó seu poemario citado. A súa fonte primeira está en *Nós*⁷⁴ (nº 79, 25-VII-1930) co título "Meus cabalos". *Cristal*, na reprodución do texto, é absolutamente respectuosa coa versión da revista ourensá, aínda que contén formas como *cómaras* (v. 7) e *alalides* (v. 10) que semellan evidentes erros de impresión.

Fermín Bouza-Brey

Con dous poemas —"Parranda mariñeira" (nº 6) e "Limiar" (nº 7)— está o poeta representado na revista. Ambos foron anticipados por *Cristal* e de seguida apareceron integrados en *Nao senlleira* (Nós, 1933) sen variantes dignas de mención. Digamos unicamente que "Limiar" aparece no libro sen título e está datado en 1932. "Parranda mariñeira" está dedicado a R. C. Calero, dedicatoria que falta na versión da revista.

Estes poemas de Bouza-Brey e tamén os de Roberto Blanco Torres fundamentan a observación de Modesto Hermida respecto de "unha certa tendencia"⁷⁵ ó emprego dalgunhas grafías lusistas. A observación semella esaxerada, pois fóra dos dous casos citados —certamente excepcionais— tal fenómeno non existe na revista.

Aquilino Iglesia Alvariño

Co antetítulo "Noticias do porto" temos o poema "Noite" (nº 9) como única colaboración de Aquilino Iglesia Alvariño. Este poema figura reproducido, de acordo coa versión que temos en *Cristal*, no apartado "Poemas soltos (con data)" da edición⁷⁶ da lírica galega completa do poeta. Case ó mesmo tempo da

⁷³ Hai poemas de Blanco Torres espallados por xornais e revistas, algúns deles aínda hoxe sen reunir. Sobre a súa obra poética véxase Miro Villar, "Roberto Blanco Torres (1891-1992). Unha obra poética crebada polo fascismo", *A Nosa Terra*, nº 506, 23-I-1992. Sobre a súa vida e actividade xornalística véxase Xoán C. Garrido Couceiro, "Roberto Blanco Torres", en *Os mártires do 36*, A Nosa Terra, Promocións Culturais Galegas, xullo 1996.

⁷⁴ Onde tamén publicou "Elegía do espírito enfermo" (nº 69, 15-IX-1929).

⁷⁵ *op. cit.*, p. 21.

⁷⁶ Aquilino Iglesia Alvariño, *Poesía Galega Completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1986, pp. 259-260.

súa publicación en *Cristal* o poema figuraba en *Papel de Color*, nº 2, coa supresión da penúltima estrofa e algunhas variantes (*oucas* por *algas*, v. 1; *rompen-tes* por *acantilados*, v. 3).

Álvaro de las Casas

Xa no nº 1 da revista publicaba Álvaro de las Casas a súa primeira e última colaboración lírica, o poema "Ondas do mar..." que, ó non figurar en *Sulco e vento* (1931), único poemario do autor, entendemos que é unha nova exclusiva de *Cristal*.

Augusto M^a Casas

Augusto M^a Casas inclúe unha composición poética en sete dos dez números da revista: "Loa para esquecer un romance" (nº 2), "Relanzo no teu espello" (nº 4), "Saudade do luar esquecido" (nº 5), "Lilaila en fondo de neve"⁷⁷ (nº 7), "Si ti foras río..." (nº 8), "Poema para conquistar unha soma" (nº 9) e "Viaxe pol-a natureza" (nº 10). Ningún destes poemas se reproduce nas distintas obras do autor (*Vento segrel*, 1932; *Cantigas da noite moza*, 1950; *Isa folla que vai polo río*, 1954, e *Alén*, 1962).

Johán Carballeira

Aínda como poeta estivo Johán Carballeira (pseudónimo de José Francisco Gómez de la Cueva) vencellado ó terreo xornalístico. Poeta sen libro (pensaba publicar as súas composicións nos poemarios "Con la frente en la noche" e "Cartafol", pero os dous quedaron en proxectos sen rematar), as súas composicións foron aparecendo nos xornais *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*, así como nas revistas *Céltiga*, *Cristal*, *Galicia*, *Nós* ou *Resol*.

Poeta bilingüe, Johán Carballeira⁷⁸ publicou medio cento de poemas agora reunidos no *Cartafol de poesía*⁷⁹. Nesta benemérita compilación aparece "Lusco e fusco", poema publicado por vez primeira en *Cristal* (nº 4). Unha segunda versión do poema apareceu en *Faro de Vigo* (13-I-1934) coas variantes *láyase* por *chora* (v. 1), *cingueno* por *cinguino* (v. 5), *Espállanse as badeladas* por *As bade-*

⁷⁷ En *Vento segrel* figura un poema "Canzón de amor lonxano" no que menciona a Lilaila, que debe ser a mesma persoa citada neste poema.

⁷⁸ Sobre a vida e obra de Johán Carballeira pódese consultar Xesús Portela, *Johán Carballeira*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na Historia, 1997.

⁷⁹ *Cartafol de poesía*. Edición especial de *O Candil*, Revista do Colexio Público "A Pedra", Bueu, 1996.

ladas corren (v. 7), *circando por espallando* (v. 9), *curazón por corazón* (v. 23), *pol-as cinco fiestras por total-as fenestras* (v. 26) e aínda os versos engadidos “onde se espino as estrelas / ¿Deus, fuxe en volta a ista hora?” situadas a continuación do v. 27 da versión de *Cristal*.

Antón Losada Diéguez

Cun único poema —“Neboeiro”— contribúe Losada Diéguez ás páxinas de *Cristal*. Certamente, o polifacético escritor non se deixou tentar excesivamente pola lírica, eido no que escribiu un pequeno feixe de composicións (menos dunha ducia) en galego ou castelán.

Pois ben, “Neboeiro” (*Cristal*, nº 2) apareceu por vez primeira en *Faro de Vigo* (1-I-1927). Con posterioridade, no traballo “Inéditos de Lousada”, aparece recollido en *Nós* (nº 71, Ourense, 15-XI-1929) no número dedicado ó escritor cando se cumpría un mes do seu pasamento. O título é agora “Lonxe” e presenta diversas variantes con respecto á versión publicada no xornal vigués. Por terceira vez témolo en *Cristal* nunha versión que se achega á primeira, de 1927, aínda que corrixe as anomalías do verso inicial: “Probes, rosa, saúdosas” por “Probes rosas, saudosas” e modifica *pola* por *ponla* (v. 7).

O poema, datado no Nadal de 1926, foi outravolta recollido —na súa versión de *Faro de Vigo*— por Justo G. Beramendi na súa edición⁸⁰ das obras de Losada Diéguez. Outros poemas do autor apareceron en xornais e revistas como *Nós*, *El Estradense* e *A Nosa Terra*, nalgúns casos con carácter póstumo.

Antón Noriega Varela

O soneto de Noriega Varela incluído no nº 1 de *Cristal*, “O teu ánxel de luz...”, figura na segunda edición de *D'o ermo*, de 1929. Trátase, tal como se afirma na súa primeira páxina, dunha “Novísima edición aumentada” que engade unha serie de composicións inéditas entre as que aparece o poema reproducido en *Cristal*.

Entre as dúas versións, separadas no tempo por tres anos, existen algunhas diferencias de escasa importancia: na versión de *Cristal* todas as palabras iniciais de verso están en maiúsculas e na anterior versión aparecían en minúsculas; a frase “compañeirinho d'unha imaxe” figuraba entre parénteses na primeira versión e na seguinte está entre comas; o v. 4 remataba en puntos suspensivos e

⁸⁰ Justo G. Beramendi (ed.), *Antón Losada Diéguez. Obra completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1985, p. 612.

nesta versión acaba cun só punto; no v. 10 desaparece a admiración inicial do verso. Outros cambios en palabras puntuais son: *Jesús-Meniño* por *Jesús Meniño* (v. 1), *pro* por *pr'o* (v. 2), *pruma* por *pluma* (v. 4), *imáxe* por *imaxe* (v. 6), *I-a* por *y-a* (v. 7 e 8), *Tra-los* por *trá-los* (v. 10), *I-un* por *y-un* (v. 12) e *Ternura* por *ternura* (v. 14).

Ramón Otero Pedrayo

É ben coñecida a resistencia do polígrafo ourensán a reunir os seus poemas (menos dun cento, entre orixinais e traducións) que el mesmo espallou por diferentes publicacións periódicas. Única excepción a isto é o feixe de composicións que aparecen no breve poemario *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar* (1958). Debemos ir, pois, a antoloxías como as de Fernández del Riego⁸¹, Varela Jácome⁸² ou Alonso Montero⁸³ e a revistas como *Alba*, *Aturuxo*, *Gelmírez*, *Sonata Gallega* ou *O Soneto Neo Latino*⁸⁴, entre outras, para atopar os poemas oterianos.

En *Cristal* (nº 7) publica Otero Pedrayo un breve conxunto lírico, "Cántiga das tres Marías", integrado por sete partes de diferente extensión. Non temos constancia da súa publicación posterior.

Xoán Luís Ramos

A súa produción poética, sumamente breve, consta de varios poemas soltos que debemos localizar no ámbito dos xornais e revistas. Os seus poemas galegos de *Cristal*, "Lúa" (nº 8) e "A unha vella cupre de un café calquera" (nº 9) só figuran na revista pontevedresa.

En 1934 publica en *Nós* dúas composicións máis: "Cadro" (nº 121, 15-I-1934) e "Notiza e vos da vida fonda" (nº 128-129, agosto-setembro, 1934). Na mesma revista, pero en prosa, publicou "Papeletas pra unha emigrazón a beira da noite" (nº 122, 15-II-1934), que sitúa claramente ó autor nas ringleiras do vangardismo polo seu novidoso tratamento expresivo e o visionario xogo imaxinativo.

⁸¹ Francisco Fernández del Riego, *Escolma de Poesía Galega. IV. Os Contemporáneos*, Vigo: Galaxia, col. Pondal, 1955.

⁸² Benito Varela Jácome, *Poetas gallegos*, Santiago: Porto Editores, 1953.

⁸³ Xesús Alonso Montero, *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Lugo: Ed. Celta, 1970.

⁸⁴ A colaboración de Otero Pedrayo nesta revista portuguesa de Vilanova de Famalição, 1929-1933, foi dada a coñecer por Xesús Alonso Montero primeiramente en "Otero Pedrayo, sonetista neolatino", *Boletín Galaxia*, nº 3, 1988, e posteriormente en "O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famalição, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas", en *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, Vigo: Galaxia, 1996, pp. 11-37.

Xoán Vidal Martínez

As composicións poéticas en galego que Xoán Vidal deixou en *Cristal* están agrupadas baixo o epígrafe "Poemas" no nº 6 da revista. Trátase dun conxunto de cinco poemiñas que andando o tempo o escritor incorporou ó apartado "Loaira" que preside a súa antoloxía *Voz y memoria* (1986), que contén poemas en galego e castelán dos diferentes libros poéticos do autor, co engadido de seccións nas que atopamos novos poemas do escritor, traducións e aínda poemas alleos.

As versións que aparecen en *Voz y memoria* manteñen algunhas diverxencias de grafía (*soio* por *soyo*, *i embaixo* por *y-embaixo*, *coa* por *co-a*) respecto das versións que podemos ler en *Cristal*, onde os poemas apareceron por vez primeira.

2.8. Diante de *Cristal*: valoracións

Tentaremos aquí, finalmente, establecer algunhas estimacións —descritivas ou críticas— sobre a revista pontevedresa *Cristal* que, como unha empresa dun grupo de mozos da cidade interesados na literatura (na poesía sobre todo) e nas artes plásticas (léase linoleografía), entre xullo de 1932 e xuño de 1933 chegou a un total de dez números.

As páxinas de *Cristal* amosan un notable coidado estético no seu deseño, tipografía e ilustracións. A revista foi en progresión e dende o nº 3 adquiriu unha identidade propia que non abandonaría ata o remate da súa xeira.

O conxunto das súas ilustracións, numerosas e de calidade, fan de *Cristal* unha publicación de obrigada consulta e referencia en calquera traballo respecto a arte linoleográfica galega.

En materia literaria hai un notable, case total predominio, da poesía, manifestada en verso as máis das veces, pero tamén no poema en prosa. Frecuentes son tamén os fragmentos de prosa poética.

Aínda que empresa de xuventude, *Cristal* rendeu homenaxe a vellos poetas de anteriores xeracións ou voces novas pero xa daquela desaparecidas. Entre os primeiros, Juan Bautista Andrade ou Xerardo Álvarez Limeses. Dos segundos, Luís Amado Carballo moi en especial, pero tamén Manuel Antonio.

Cristal fixo unha aposta pola Estética no seu senso máis puro e requintado. Pola linguaxe poética preciosista e ornamental, culturalista, sempre na procura da beleza. Temos nas súas páxinas moito de artempurismo, de escapismo ou evasiónismo, de lirismo esvaído e feble, de intimismo nostálxico, de

puro xogo estético en non poucas ocasións gratuíto e intranscendente, esgotado en si mesmo.

Tradición e vangarda están presentes. A primeira baixo as reminiscencias románticas e modernistas. A segunda coa manifestación, sobre todo, do hilozoísmo e, en moitísimo menor grao, do neotrobadorismo. Algunha mínima mostra de neopopularismo e notas vangardistas nas liñas do creacionismo ou ultraísmo só moi timidamente: no ton, no léxico, nalgunhas imaxes... e pouco máis. De certo, poemas de Amado Carballo ou Augusto M^a Casas e algo de Aquilino Iglesia Alvariño non fan de *Cristal* a revista galega voceira e representativa do hilozoísmo.

Claramente bilingüe e non menos pontevedresa, *Cristal* —como a súa predecesora *Ronsel* ou a súa coetánea *Resol*— contribuíu á literatura galega cun cuarto, aproximadamente, das súas páxinas. En gran parte son páxinas de escritores destacados, contemporáneos os máis deles, que en non poucas ocasións adiantaron na revista composicións que andando o tempo incorporarían a ben coñecidos poemarios. Porque, contrariamente ó que ás veces vemos en *Resol*, en *Cristal* o apartado de “Reproducciones” do xa publicado é mínimo e non cae nunca na arqueoloxía. Pola contra, a maior parte das achegas son orixinais.

No terreo concreto da lírica galega, os poemas de Amado Carballo, Augusto M^a Casas, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Xoán Luís Ramos ou Xosé M^a Álvarez Blázquez demostran ata qué punto *Cristal* asumiu a poesía de vangarda. Cousa diferente é que o hilozoísmo sexa unha corrente pouco rupturista, pouco iconoclasta e cun ollo posto en elementos temáticos e métricos tradicionais. Circunstancia que acusa, aínda con máis intensidade, o neotrobadorismo. Certamente, a Galicia que reflecten as páxinas de *Cristal* afonda as súas raíces —como xa comentamos— na literatura, na paisaxe, na relixiosidade ou na intimidade do poeta.

Situada ó comezo dunha década fondamente problemática, *Cristal*, que en palabras de Filgueira Valverde “foi como unha neta de *Alfar*, como unha filla de *Ronsel*, como unha irmá de *Resol* e de *Papel de Color*”⁸⁵ semella máis ben unha revista dos anos vinte e pon de manifesto o pouco innovador, o pouco arriscado do vangardismo galego. Na súa mestura de voces diversas e de correntes do pasado inmediato e do presente propuxo case sempre unha literatura pura, de fermoseada estética, de valor artístico, de íntima emotividade, de enxoiada palabra. Ese foi o seu veyiro, o seu testemuño e, quizais, a súa limitación.

⁸⁵ Xosé Filgueira Valverde, “*Cristal*”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 2-IX-1979.

2.9. Notas biobibliográficas de colaboradores⁸⁶

ALCAIDE DE ZAFRA, Joaquín

Non deixa de ser un tanto insólita a comparecencia en *Cristal* deste pouco coñecido e só discreto poeta andaluz, nado en Sevilla en 1871. Como dramaturgo pasou desapercibido, pero como poeta —entre amoroso e folclórico— tivo certa sona. Entre os seus poemarios lembremos *Estrellas fugaces* (1895), *Cantos de la Giralda* (1896), *Trébol* (1899) e *Cantares de amor y celos* (1911). Publicou algúns poemas na revista *Vida Gallega*.

Tal vez a chegada do único poema da súa autoría que figura en *Cristal* (nº 6) se debeu á amizade do escritor con Gabino Díaz de Herrera, ó que a composición vai explicitamente dedicada. Trátase dun poema de amizade no que se advirte a forte pegada da poética modernista, sobre todo na súa dimensión máis ornamentalista, máis retórica e musical.

ANDRADE Y TOJEDO, Juan Bautista

O primeiro poeta pontevedrés homenaxeado en *Cristal* foi Juan Bautista Andrade, nado en Lérez (Pontevedra) o 24 de xullo de 1879. Estudiu Humanidades co seu tío Frei Juan Arribas, que espertou a súa vocación poética, e con don Javier Pimentel, profesor do Seminario de Tui. Entre 1907 e 1915 conseguiu distintos premios en certames poéticos, entre eles o organizado polo Ateneo León XIII de Santiago de Compostela e o celebrado en Toledo con motivo do centenario de Rojas Zorrilla; a este último presentou a súa composición “Íntima”. Tamén en Santiago de Compostela foille concedida a Flor Natural polo poema “Las cumbres”. Con tal motivo foi homenaxeado na cidade e conseguiu do Marqués de Riestra o patrocinio para o seu primeiro libro poético, *Al amor del terruño* (1915), prologado por Augusto González Besada. Dous anos despois publicaba *Al desplegarse de la rosa*.

A súa inicial retórica declamatoria foi sometida polo poeta a un proceso de depuración que conclúe nunha lírica achegada á corrente hilozoísta, xa ben perceptible en *Diana de gaita* (1920), que, prologado por Enrique Díez Canedo, foi o seu máis célebre poemario. Nos anos vinte, en xornais de Vigo e Pontevedra, apareceron os seus “Enfoques”, conxunto de prosas nas que ecoa a visión hilozoísta da paisaxe. Foi tamén autor dalgunhas pezas teatrais estreadas na súa vila

⁸⁶ Para evitar reiteracións do xa feito en anteriores facsímiles, omitimos aquí as notas biobibliográficas de escritores xa tratados, repetidamente, nas nosas edicións de *Aturuxo*, *Alba*, *Posío*, *Gelmírez* ou *Resol*.

natal. Morreu en 1930 cando estaba a piques de dar ó prelo "Cantarelas", o seu único poemario galego aínda inédito.

Considerado por González-Alegre como "el Juan Ramón Jiménez de la poesía gallega"⁸⁷ e voz influente na lírica de Amado Carballo, ó dicir de certo sector da crítica, viviu a partir de 1925 afastado na súa casa da Fillagosa, que deu acubillo a unha tertulia de poetas e artistas pontevedreses como Lois Pintos Fonseca, Xoán Vidal Martínez, Casal del Rey, Amado Carballo, etc.

Boa parte da súa obra permanece inédita. Deixou sen rematar o poemario "Poemas compostelanos", do que temos no nº 1 de *Cristal* sete composicións, o ensaio "El pazo, los cipreses y el mar", a novela "La sombra de Fray Juan" e o xa citado "Cantarelas".

En *Cristal* é Juan Bautista Andrade un dos poetas máis representados, pois contamos dezaseis poemas da súa autoría. Ademais, temos sobre el distintas páxinas de Antonio Díaz Herrera, en especial a titulada "Aniversario" (nº 3, setembro de 1932), na que evoca con admiración ó mestre, vencellando a súa figura á de Amado Carballo. O maxisterio do autor de *Diana de gaita* estendeuse tamén a Xoán Vidal.

BARREIRO VÁZQUEZ, Ramón

Carecemos de calquera referencia biográfica sobre este escritor. Temos constancia, pola contra, de que no ano 1939 publicaba, en Madrid, *Metralha branca del Madrid rojo*, ilustrado por Ferrer Sama. Trátase dunha visión humorística dos anos da guerra civil. O mesmo enfoque humorístico caracteriza *Nosotros los hombres* (1943), que contén un conxunto de doce biografías imaxinarias.

BLANCO TORRES, Roberto

Nado en Cuntis (Pontevedra) en 1891, foi Roberto Blanco Torres figura sobresaínte do galeguismo no ámbito da prensa. Iniciou estudos eclesiásticos, pero de seguida os abandonou para dedicarse ó xornalismo. Emigrou a Cuba, onde coñeceu a Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte; colaborou con Basilio Álvarez e interveu nas campañas de loita política da comunidade galega na illa, das que escribiu numerosas crónicas para a prensa galega⁸⁸.

⁸⁷ Ramón González-Alegre, "La poesía de Juan Bautista Andrade", en *Poesía gallega contemporánea. Ensayo sobre literatura gallega*, Pontevedra: Gráficas Torres, col. Hughín, 1954, p. 83.

⁸⁸ Colaborou en *Galicia*, do Centro Galego de Montevideo, *A Fouce* e tamén en *España*, de Madrid.

En 1916, de volta en Galicia, participa na fundación das Irmandades da Fala e nos debates sobre o nacionalismo dende diferentes xornais. Nas dúas seguintes décadas participou activamente na vida política e nos anos da República foi gobernador civil de Palencia. Morreu fusilado en Entrimo (Ourense) en outubro de 1936.

En Cuba fundara *La Alborada* (1911) e, catro anos despois, *La Tierra Gallega*, colaborando tamén en *Santos e Meigas* e *Vivero en Cuba*, así como en *Eco de*



Roberto
Blanco
Torres

Galicia, Galicia e *Suevia*, de Arxentina. Dende 1917 a súa sinatura aparece en artigos políticos publicados en *Galicia Nueva*, *El Noroeste*, *A Nosa Terra*⁸⁹ e *El Progreso*. Xa en 1920 dirixe *El Correo Ferrolano* e un ano máis tarde aparece como director de *La Zarpa*, que promovía en Ourense Basilio Álvarez. Con posterioridade ocupa o posto de redactor-xefe en *El Pueblo Gallego* e *Galicia*, xornal —este último— dirixido por Valentín Paz Andrade. Os seus artigos aparecen tamen en *El Sol* de Madrid e, arredor de 1929, en *Gaceta de Galicia* de Vigo. En 1932 dirixe o republicano *El País* de Pontevedra e xa en 1935 colabora en *Ser*, “Semanao Gallego de Izquierdas” que dirixía Ramón Suárez Picallo. Un ano despois a súa sinatura figura en *Cultura Gallega* da Habana.

Ademais da súa amplísima tarefa xornalística Blanco Torres cultivou a lírica no seu poemario

Orballo da media noite (1929), de onde está tomado o poema “O quetzal” para as páxinas de *Cristal* (nº 2). Reuniu un feixe das súas crónicas en *De esto y de lo otro* (1930).

CANITROT Y MARIÑO, Prudencio⁹⁰

Na cidade de Pontevedra naceu Prudencio Canitrot, no ano 1882. Dende a súa temperá mocidade estivo interesado nas artes plásticas e os seus cadros obtiveron premios e recoñecementos en varias exposicións; neste senso é obrigado citar a distinción que recibiu en Liexa (Bruxelas) o seu cadro “Una romería en Galicia”. Ilustrou tamén numerosos libros como *Por los agros celtas* (1907), de Basilio Álvarez, ou *Ventureiras* (1909), de Ricardo Barros Pinto.

⁸⁹ Ademais de prosas en *A Nosa Terra* publica os poemas “O neno” (nº 111, 25-I-1920) e “A Manuel Antonio” (nº 270, 1-IV-1930).

⁹⁰ Sobre este autor pódese consultar Manuel Murguía, “Prudencio Canitrot”, *Boletín da Real Academia Galega*, t. 6, nº 70, 1913.

No terreo literario comezou publicando contos e artigos nas revistas *Acción Gallega*, *Eco de Galicia*, *Galicia*, *Pro-Galicia*, *Suevia*, *Terra*. *Órgano del Centro Gallego de Córdoba* (Arxentina) e no xornal *El Liberal*. Entre as súas obras figuran *Cuentos de abades y de aldeas* (1909), con prólogo de Manuel Murguía, *El Camino de Santiago* (1910), *Rías de ensueño* (1910), *Ruinas* (1910), con prólogo de Antonio Rey Soto, *Suevia* (1911), *La última pirueta* (1913) ou *La luz apagada* (1914). Na súa totalidade estes libros están publicados en Madrid, cidade na que o escritor residía e onde morreu no ano 1913.

Couceiro Freijomil menciona outros títulos do escritor como “El señorito rural” ou “Tragedias ridículas y otras narraciones”, pero non constan datos da súa publicación.

Naturalmente a súa presenza en *Cristal* hai que interpretala como un acto de homenaxe ou lembranza por parte da dirección da revista, que inclúe no seu nº 8 a “Misa pagana”, estampa na que describe, nunha prosa percorrida de elementos líricos, o desenvolvemento dunha misa dominical na illa de Sálvora.

DÍAZ DE HERRERA, Gabino

Pertence ó representativo grupo ourensán de colaboradores de *Cristal*. Nado no Barco de Valdeorras en 1908, cursou estudos de Filosofía nas universidades de Santiago e Madrid. Escribiu en diversos xornais españois e hispanoamericanos. Poeta sempre en castelán, son da súa autoría os poemarios *Abril* (1927) e *Versos marineros* (1930). Como novelista publicou *El teniente azul* (1928), en colaboración con Vidal Dovale, e *Perfil de un ilustre* (1933), con ilustracións de Xaime Prada. Obtivo galardóns en certames poéticos de León —premio de poesía da Asociación da Prensa— e Lugo. Colaborou tamén nas páxinas de *La Esfera*.

En *Cristal* temos cinco colaboracións poéticas reveladoras da atracción do autor polos temas e motivos do mar. Con frecuencia son mostras vagardistas na súa expresión poética, lixeira e alegre, entusiasta, moi dada á imaxe. Pero hai tamén composicións como “Mensaje al caballero W. Aubell” de filiación modernista. En “Los almanagues” deixa unha breve mostra de prosa poética.

DUYÓS GIORGETA, Rafael

Naceu en 1906, en Valencia, cidade na que exerceu como médico. Como poeta, foi fundador e director da revista *Murta* (1931-1932) a carón de Ramón Descalzo e Pascual Plá y Beltrán. Na súa obra poética destaca o asiduo cultivo da temática taurina, que advertimos en poemarios como *Toros y pan* (1932) ou

Los ángeles hacen palmas. Romancero taurino (1946). Outros títulos da súa autoría son *Cabanyal* (1933), *Romances de la Falange* (1939), *Junto al Plata* (1941), *Siempre y nunca* (1941), *Mojtar* (1945), *Penumbra* (1945) e *A la luna de Valencia* (1953).

En *Cristal* (nº 6) publicou unha única colaboración, o poema "Amor", que revela unha voz intensa e sensual.

GABRIELA MISTRAL

Gabriela Mistral foi o pseudónimo literario (mestura de Gabriele D'Annunzio e Frédéric Mistral) de Lucila Godoy Alcayaga, nacida en Vicuña (Chile) en 1889. Gran figura da lírica do seu país, e aínda de toda Hispanoamérica, deuse a coñecer en 1914 recitando nos Xogos Florais de Santiago de Chile os seus "Sonetos de la muerte".

Exerceu na súa terra como mestra e en 1922 colaborou na reforma educativa do goberno de México. Desempeñou despois diferentes funcións diplomáticas, como representante de Chile, por numerosos países.

Vencellada ó posmodernismo, aliñada tamén no movemento nativista ou mundonovista, Gabriela Mistral publicou os poemarios *Desolación* (1922), *Ternura* (1922), *Tala* (1938), *Lagar* (1954) e *Poema de Chile* (1967), que deixou sen rematar. En *Recados contando a Chile* (1957) foron reunidos algúns dos seus artigos. En 1945 foille concedido o Premio Nobel de Literatura. Os seus poemas apareceron con moita frecuencia en numerosas revistas poéticas españolas de posguerra.

GÓMEZ DEL VALLE, Manuel

Aínda que nacido na Habana en 1906, a súa curta existencia estivo moi vencellada a Ourense, onde marchou cando tiña once anos para cursar o Bacharelato. Retornado a Cuba, viaxou por varios países de Hispanoamérica e neles desenvolveu un amplo labor xornalístico a prol dos dereitos humanos. De novo en Ourense, colaborou nas páxinas de *La Región*, *La Zarpa* e *El Soviet*. Morreu fusilado en Ourense, ó comezo da guerra civil, cando só tiña trinta anos.

Escritor en castelán, ademais dos artigos xornalísticos publicou un pequeno feixe de poemas soltos. Cun deles, "Manifiesto pastoril de los niños pobres del mundo", colabora por primeira e única vez en *Cristal* (nº 4). O poema é unha das pouquísimas manifestacións de versolibrismo que atopamos na revista. Tamén é excepcional pola temática tratada e, sobre todo, pola actitude crítica,

de denuncia e testemuña adoptada polo poeta, que cultiva aquí un lirismo humanitario de forte acento social e intención reivindicativa e revolucionaria.

LACOMBA GUILLOT, Juan

Mestre, poeta e crítico de arte, naceu en Valencia en 1900. Na prensa da súa cidade natal publicou poemas e artigos. Tivo escola en Celanova e foi amigo de Xoán Vidal. Foi tamén colaborador —con Juan Chabás, Gerardo Diego, Marcelino Álvarez-Cerón ou Eduardo de Ontañón— da burgalesa revista *Parábola* (1923 e 1927-1928), fundada e dirixida por Teófilo Ortega.

Entre as súas obras (verso e prosa poética) anotamos *Tardes de provincia* (1925), *Libro de estampas* (1927), *Carácter* (1928), *Los niños cantan* (1936), *Los cuatro horizontes* (1938), *Desnuda verdad* (1939), *Poesía* (1942), *Canción apasionada* (1953), *Viento del destino* (1954), *Dulce arroyo del amor* (1958) e *Canciones del silencio y la esperanza* (1963). En valenciano escribiu *Jocs d'alfils* (1935) e no terreo da crítica de arte, *Arte valenciano. Folchi, su obra* (1927). Finou en 1963.

En *Cristal* comeza a colaborar no nº 5 e publica un total de tres achegas, todas elas en castelán. Dúas delas son textos de prosa poética, de escenario celanovés, pertencentes ó “Cuaderno de un maestro”, título que non chegou a publicar. A terceira é un romance lírico de influencia juanramoniana.

LOSADA DIÉGUEZ, Antón

Naceu en Borborás (Ourense) en 1884 no seo dunha familia católica e conservadora. Viviu de neno na Estrada e logo estudou Filosofía e Letras na Universidade de Deusto. A continuación cursa Dereito na Universidade de Santiago de Compostela —onde será profesor axudante de Cotarelo Valledor— e en 1910 presenta a súa tese de doutoramento. Influído por Cabeza de León, conecta co rexionalismo e participa no movemento agrarista. Dende 1910 estivo vencellado ó socialcatolicismo e o compromiso relixioso foi unha constante na súa vida.

En 1911 marcha a Madrid para preparar oposicións e gaña a cátedra de Psicoloxía e Lóxica do Instituto de Toledo, que logo permuta coa de Ourense, onde chega no curso 1914-1915. Alí contacta co núcleo de intelectuais ourensáns que constituirán o Grupo Nós, participa na vida cultural da cidade, intervén de novo no movemento agrarista e promove a fundación do Ateneo Ourense.

O seu paso ás ringleiras do galeguismo data de 1917, cando entra na Irmandade da Fala de Ourense. En adiante, o seu prestixio non fará senón aumentar ata facer

del unha figura de extraordinaria relevancia do nacionalismo político e cultural. Foi un dos promotores da revista *Nós* e en Pontevedra, onde chegara en 1919, participou na creación da Coral Polifónica do Museo Provincial e da Misión Biolóxica de Galicia. Profesor do Instituto pontevedrés, ingresou en 1924 no Seminario de Estudos Galegos, onde presentou o traballo "Ouservacións encol da prosa galega". En 1922 foi nomeado por Vicente Risco Conselleiro da Irmandade Nazionalista Galega. En Pontevedra, nos últimos anos da súa vida, exerceu unha fonda influencia intelectual que logo ía callar na dereita galeguista representada entre outros por Filgueira Valverde. Presidiu o Círculo Católico e colaborou na revista *Acción* da xuventude católica. Morreu na cidade do Lérez en 1929.

Moi breve foi a súa obra escrita, da que temos poucas mostras espalladas por xornais e revistas como *Acción*, *Alborada*, *Diario de Pontevedra*, *El Estradense*, *Heraldo Orensano*, *Galicia* da Habana e de Vigo, *Nós*, *A Nosa Terra*, *Progreso*, *La Región*, *O Tío Marcos da Portela*, etc.

Os escritos de carácter social e político son dende logo os máis numerosos, pero Losada Diéguez tratou tamén sobre arte, literatura e arqueoloxía. No ámbito da creación literaria escribiu, en galego, poemas, contos e a peza teatral "A domeadora", editada por Pilar García Negro e X. M^a Dobarro en *Cadernos da Escola Dramática Galega*, nº 54, 1985. En castelán destaca a súa contribución ó teatro.

A comparecencia de Losada Diéguez en *Cristal* é breve e póstuma. Temos del no nº 2 o poemiña "Neboeiro"; reproducido como homenaxe ó escritor, que vencella os ideais do home ó mundo dos sonhos.

MASIDE, Carlos

Nado en San Lois de Cesures (Valga) o día 16 de marzo de 1897, Carlos Maside será o cuarto de cinco fillos dun matrimonio de condición modesta. Benito Maside, seu pai, contaxiaralle a inclinación entusiasta por todas as iniciativas culturais, pero será súa nai, Socorro García Hermo, quen marque fondamente a súa personalidade e a quen estará estreitamente unido.

Nun primeiro momento asiste á escola de Don Bernardo Cordero na súa vila natal, pero ó comezar a sobresaír as súas cualidades artísticas deciden envialo á escola de Gende y Trasmonte, en Padrón, onde coincide con Manuel Antonio.

Coa morte do seu pai en 1912 a familia trasládase a Santiago de Compostela e debido ás dificultades económicas Maside ten que interromper os seus estudos e comezar a traballar en Vilagarcía; unha experiencia traumática para o

artista, que ten que vivir afastado da súa familia. Na súa estadía vilagarciana coñece os debuxos de Castelao e asiste á conferencia do rianxeiro "Algo acerca de la caricatura", sucesos que influíron fondamente nel.

En 1915 viaxa a Madrid para realizar o servizo militar. Esta viaxe supón a súa inmersión na tradición da pintura española e o coñecemento da modernidade (Pirandello, Stravinsky, Picasso, a difusión da revista *Dadá*, etc.). Por estas datas o debuxante Federico Ribas introdúceo no ambiente literario das tertulias do Ateneo, ás que asisten figuras como Azaña e Ortega, e tamén lle facilita os seus primeiros traballos de ilustración.

De volta a Galicia, tres anos máis tarde, comeza a colaborar na revista *Vida Gallega* e procúrase unha formación máis sólida. Nos anos seguintes vive a bohemia entre Santiago e Vigo e inicia as súas colaboracións en *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. A súa información das novas escolas non lle permite acomodarse facilmente ás manifestacións artísticas vixentes en Galicia.

En setembro de 1926 viaxa a París, pensionado cunha bolsa da Deputación de Pontevedra, para estudar pintura e gravado. Dous anos máis tarde este organismo concédelle unha nova bolsa para a ampliación de estudos. Tamén en 1928 se instala en Madrid por un período de catro anos, nos que colabora nos xornais *Libertad*, *Más*, *La Raza*, *El Sol*, *Vida Gallega* e *La Voz*. Importante será tamén a súa contribución a *Nueva España*, revista que, en certa medida, provocou o seu ingreso no cárcere no Nadal de 1930, aínda que non chega a ser encausado e sae en liberdade nos primeiros días de 1931.

No verán de 1930 realiza a súa primeira exposición individual na Asociación Gallega de Amigos del Arte de Santiago. Esta mostra non foi moi ben acollida polo público, feito que desatou a ira do artista, que destruíu a totalidade das obras. Neste mesmo ano obtén o premio de Gravado na Exposición Nacional de Belas Artes de Madrid. Posteriormente participa na exposición itinerante "Artistas Españoles Contemporáneos".

En 1932 instala definitivamente o seu estudio en Santiago de Compostela, na rúa do Vilar nº 42, e renova a colaboración en *El Pueblo Gallego*, interrompida na súa estadía madrileña⁹¹. Participa nas tertulias do Café Español do Derby e nas revistas literarias do momento, *Cristal*, *Resol*⁹², *Universitarios* e *Yunque*.

En febreiro de 1933 ingresa como profesor na Escola Elemental de Traballo e Artes e Oficios de Santiago de Compostela e nese mesmo ano gaña a praza de

⁹¹ Xa no final da súa vida colabora tamén en *Galicia Emigrante*.

⁹² Participa tamén na Barraca de feira Resol, unha mostra a ceo aberto dun grupo de artistas galegos.

profesor de Debuxo, labor que desempeñará primeiro no Colexio da Estrada e posteriormente no de Noia, onde permanece ata 1937.



García
Lorca, por
Maside

destes proxectos quedaron en simples bocetos e deseños que, salvo en contadas ocasións, non se chegaron a realizar. Por outra banda, tamén elabora un proxecto de documental para o NO-DO titulado "O Pórtico da Gloria", traballo no que aborda o guiión técnico, o guiión literario e a dirección, pero tampouco chegou a realizalo, se ben si se conserva un manuscrito desta idea. Así mesmo, na fundación da Editorial Galaxia, Maside foi nomeado director artístico. Como articulista publica "Eisposición Colmeiro" (*Nós*, nº 130, outubro 1934) e "En torno a la fotografía popular", (*Colección Grial*, nº 2, 1951).

A pesar da súa enfermidade, que en forma de malestar intermitente vai paralizándola a súa actividade, Maside⁹³ nunca deixa totalmente de pintar. Realiza a portada de *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio, e ilustra obras de Rafael Dieste⁹⁴ (*Viaje y fin de D. Frontán*, 1930), Antonio Ramos (*Un suceso en los arra-*

⁹³ Sobre o artista pódense consultar: a monografía *Carlos Maside*, prologada por Álvaro Cunqueiro e Ricardo García Suárez, Vigo: Galaxia, 1954; o monográfico dedicado a Maside da revista *Galicia Emigrante* (nº 35, xuño-xullo de 1958); Luís Seoane, *Carlos Maside*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1971; F. Mon, *Carlos Maside*, Madrid: Colección de Artistas Españoles Contemporáneos, nº 33, 1972; VV. AA., *Maside, un pintor para unha terra*, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1979; *Maside*, edición de Clodio González Pérez, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Os Nosos Humoristas, nº 4, 1983; e *Carlos Maside* (Catálogo da Exposición no Auditorio de Galicia), Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 1992.

⁹⁴ Precisamente na súa obra editada por Arturo Casas, *Encontros e Vieiros* (Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1990), aparecen dúas charlas de Dieste sobre a figura de Carlos Maside: "Inauguración do Museu Carlos Maside" (pp. 35-55) e "Charla sobre Carlos Maside" (pp.119-137).

bales, 1933), Castelao (*Retrincos*, 1934), Otero Pedrayo (*La vocación de Adrián Silva*, 1950), etc. Recibe tamén unha carta de Cunqueiro solicitándolle que ilustre o seu *Merlín*, pero non poderá compracer ó amigo, pois o 10 de xuño de 1958 morre en Santiago.

En 1966 faise unha exposición antolóxica de Maside, de carácter itinerante, que viaxa por Galicia e o norte de Portugal. En 1970, como homenaxe ó artista, fúndase no Castro (Sada-A Coruña) o Museo de Arte Carlos Maside.

MONTEAGUDO, María

María Josefa Aurora Caramés Monteagudo naceu na Habana en 1906. Cursou alá estudos artísticos e amosou particular afección pola pintura e a música. Viaxa a Galicia en 1921 e, en Pontevedra, estudia na Escola Normal a carreira de Maxisterio, que exerceu durante moitos anos por diferentes escolas pontevedresas. Nos anos corenta pasou á vila coruñesa de Ares e impartiu clases na Alianza Aresana, xunto co seu esposo, Xoán Vidal Martínez, con quen casara en 1933. En 1969 o matrimonio trasladouse a Icod de los Vinos (Tenerife), onde María Monteagudo finou en 1981.

Como pintora deixou óleos e acuarelas que reflicten sobre todo motivos paisaxísticos galegos. No nº 6 de *Cristal* figura un debuxo seu que ilustra os "Poemas" de Xoán Vidal Martínez. Este debuxo destaca no conxunto da revista porque é a única colaboración plástica que non é un gravado en linóleo.

Non fixo carreira literaria e só en *Cristal* (números 4 e 6) deixou dous pequenos poemas, en castelán, que, na súa brevidade, amosan un espírito sensible habitado pola tristeza. Precisamente un dos poemas que figura na revista —"Llueve" (nº 6)— está reproducido posteriormente no nº 1 de *Sonata Gallega* (inverno de 1944).



María
Monteagudo
co seu
esposo,
Xoán Vidal

MOSQUERA, Evaristo Antonio

En 1932, ano no que aparece *Cristal*, era Evaristo A. Mosquera o secretario do Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra e, en función do seu cargo, participou directamente na chegada de García Lorca en novembro do mesmo ano e nas actividades que o poeta granadino desenvolveu na cidade.



Evaristo
Mosquera,
nos anos de
Cristal

Vidal Martínez e Fernández del Riego. Este último prologou o único libro que coñecemos da súa autoría, *Cuatro años a bordo de una isla* (1984).

Xa a comezos da guerra civil ingresou na cadea, en Pontevedra, primeiro nos locais do vello Instituto e despois, durante catro anos, no lazareto da Illa de San Simón, onde tivo como compañeiro, entre outros, a José Gómez de la Cueva (Xohán Carballeira), colaborador tamén das páxinas de *Cristal*. Posto en liberdade, marchou a Madrid, onde volveu pasar á cadea por motivos políticos, cumprindo cinco anos de reclusión en Carabanchel, Ocaña e o campo de traballo de Fuencarral.

Axudado por Álvaro Gil, traballa nalgúns empresas privadas e ó pouco tempo reingresa no corpo de Facenda (do que estaba expedientado), pasando en Ávila unha breve tempada. En Madrid, na década de 1940, participa activamente no galeguismo na clandestinidade. Asiste, con Ramón Piñeiro, Fermín Penzol, Álvaro Gil, Castro Arines e Ben-Cho-Shey, ás xuntanzas de La Granja del Henar. Tamén está presente nas tertulias do Café Gran Vía e nas do Café Pidoux; con posterioridade e durante moitos anos, integra a tertulia galega do Café Gijón xunto a Blanco Tobío, Borobó, Carlos Martínez-Barbeito, Ramón Cabanillas, Landeira Yrago e Ben-Cho-Shey. Colaborou nos xornais *Diario de Pontevedra*, *El País* e *La Voz de Galicia*. Finou o 19 de febreiro de 1976.

Subtitulado “Una extraña manera de vivir nuestra guerra civil”, o seu citado libro *Cuatro años a bordo de una isla* pertence ó ámbito do memorialismo e

Evaristo A. Mosquera foi un dos mozos pontevedreses que constituíron o grupo de colaboradores directos de *Cristal*. Era xa amigo de Xoán Vidal e de Amado Carballo e estaba vencellado á Xuventude Católica de Pontevedra.

Nado en 1909, estudou no Instituto pontevedrés (onde foi alumno de Losada Diéguez) o Bacharelato entre 1919 e 1925. Con posterioridade cursou estudos de Maxisterio. En Madrid opositou ó corpo de funcionarios de Facenda e prestou servicios nas delegacións daquel ministerio en Vigo e Pontevedra. Nesta última coñeceu a Alexandre Bóveda, con quen compartiu os días de cárcere previos ó seu fusilamento. Nos anos da República escribiu na prensa pontevedresa (publicou tres colaboracións en *A Nosa Terra*) e ingresou no Grupo Galeguista. Mantivo unha relación de amizade con Alexandre Bóveda, Castelao, Álvaro Gil, Ramón Piñeiro, Xoán

constitúe un sinxelo testemuño dos feitos e circunstancias padecidos polo escritor e un documento sobre a vida no cárcere nos anos da guerra civil, verdadeiro eixe da obra.

A súa comparecencia en *Cristal* constitúe unha simple aventura literaria de xuventude que logo non tería continuidade. As súas dúas colaboracións na revista (números 4 e 9) non son senón dúas breves prosas: vangardista e poética a primeira, de temática galega a segunda, na que se relaciona Galicia coa figura do apóstolo Santiago.

NÓVOA GIL, Virgilio Antonio

Nado en Lalín en 1913, a súa existencia, da que temos mínima noticia, parece estar vecellada ós ámbitos do xornalismo e da poesía. No primeiro anotamos as súas colaboracións nos xornais e revistas *Alerta*, *El Compostelano*, *Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo*, *Isla*, *Juventud*, *La Libertad*, *Mío Cid*, *El Pueblo Gallego*, *El Sol*, *Sonata Gallega* e *Vida Gallega*. Como poeta coñecemos da súa autoría os poemarios *Silencio* (1932) e *El sueño desanclado* (1936).

En *Cristal* (nº 1) colabora unicamente co poema "Canción del recuerdo", un romance lírico na liña juanramoniana tinxido dun sentir melancólico e triste.

ONTAÑÓN LEBANTINI, Eduardo de

Fillo dun xornalista que foi figura coñecida no Burgos da segunda metade do s. XIX, Eduardo de Ontañón naceu naquela capital en 1904. A súa chegada ó mundo literario foi sumamente temperá, pois xa antes de 1920 publicaba *La sombra de Beatriz*, o seu primeiro poemario, e do citado ano data tamén a segunda edición de *Breviario sentimental*. Dende a súa xuventude foi figura destacada da intelectualidade burgalesa e colaborou con poemas e artigos en *Ahora* e *Estampa*, ambas publicacións madrileñas. Tamén foi colaborador de *Luz*, xornal da mesma capital. Aparece así mesmo entre os colaboradores da revista gaditana *Isla* (1933), que dirixía Pedro Pérez Clotet, e da coruñesa *Alfar*.

En Burgos, en 1932, creou a tertulia "El Ciprés" e con anterioridade foi asiduo do Café Iris, no que se celebraban xuntanzas literarias. Promoveu a revista *Burgos Gráfico*, dirixiu o xornal sensacionalista *La Linterna* e foi fundador e director da revista *Parábola*, que na súa primeira etapa (1923) tirou dous números e seis na segunda (1927-1928).

Eduardo de Ontañón foi poeta, xornalista e editor. Da súa obra, ademais dos títulos que xa anotamos, rexistramos outros como *Sinfonía en azul* (1921), *Haz. Poemas de tierra montañesa* (1923), *Enciclopedia gráfica* (1930) e *El cura Merino. Su vida en folletín* (1933). Con posterioridade á guerra civil exiliouse en México onde publicou *Siete poemas mexicanos* (1940).

Cualificado como poeta vangardista, publicou en *Cristal* catro colaboracións. Todas elas son mostras de prosa poética, cadros ou estampas que denotan o gusto do escritor por un certo preciosismo expresivo.

ORTEGA, Teófilo

Escritor de orixe palentina, colaborador da revista *Parábola*, seguramente chegou a *Cristal* da man de Xoán Vidal, que tamén colaborou na citada publicación burgalesa. O seu ámbito como escritor foi o do ensaio, e nese senso deixou libros sobre Ibsen, Jorge Manrique ou *La Celestina*. Entre outros moitos títulos dos seus libros ensaísticos mencionamos *El amor y el dolor en la tragicomedia de Calixto y Melibea* (1927), con epílogo de César M. Arconada, *La voz del paisaje* (1928), prologado por José M^a Salaverría, *Brand, hijo de Ibsen* (1933) ou *Romances en prosa* (1938). Outros títulos están recollidos no nº 7 de *Cristal*.

Tres son as colaboracións de Teófilo Ortega na revista pontevedresa. Trátase de textos prosísticos que amosan a inquietude do autor polos temas relixiosos, pola morte e pola existencia. En conxunto, estas achegas semellan afastadas da liña de colaboracións da revista e pouco ou case nada contribúen á calidade estética da mesma.

PAISA GIL, Alejandro

Naceu o 16 de setembro de 1920 en Medina del Campo (Valladolid), pero ós oito anos pasou a Pontevedra, onde se instalou definitivamente. Nesta cidade colabora con diversas publicacións periódicas como é o caso de *Sonata Gallega*, que no seu nº 2 (primavera de 1944) inclúe un gravado ó linóleo deste artista.


Cultivador do óleo, a acuarela e o gravado en linóleo, nas súas obras mostra fundamentalmente a paisaxe galega. Ó longo da súa vida realizou trinta e cinco exposicións individuais e participou en máis de vintecinco colectivas por distintas cidades españolas: Avilés, A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense, Oviedo, Pontevedra, San Sebastián, Santiago de Compostela, Vigo e Xixón. De entre esta nómina de exposicións pódese citar a súa participación na I Bial

Regional de Arte de Pontevedra (1970), na que gaña o segundo premio coa acuarela "En las dunas", e nas Bienais Internacionais de Arte desa mesma cidade: a I Bienal de agosto de 1974 á que envía a súa obra "Paisaje", a II Bienal (agosto de 1976) con "Tierras de Peñafiel" e a III Bienal (agosto de 1978) con "Pasión de la caracola".

PASZKIEWICZ, Marjan

As únicas noticias que temos deste episódico colaborador de *Cristal* redúcense á súa amizade con Euxenio Montes, á súa residencia en Madrid na década dos anos vinte e, daquela, á súa colaboración nas páxinas de *Alfar* con artigos críticos sobre tendencias e figuras da pintura contemporánea. Coñeceuno Rafael Dieste, que fai del o seguinte comentario:

"Pois ben, no ano vintecinco chegou por Vigo Marjan Paskiewitch. Marjan Paskiewitch era un grande crítico de arte e un grande admirador de Rubens. El fora pintor e algunha vez preguntei-lle: Por que xa non pinta? Contestara-me: "Xa despois de ver, e chegar a entender a fondo a Rembrandt, a Rubens, a Velázquez, pois un día rompín os pinceis". Ben, pois hai que ter mais modestia: cada un pinto o que pode. Eu era moi rapaz daquela, pero Paskiewitch era un home maior"⁹⁵



Marjan
Paszkiewicz

PEMÁN, José M^a

Nacido en Cádiz en 1897, a súa ampla produción abrangue os ámbitos da lírica, a narrativa, o teatro, o ensaio e o artigo xornalístico. Deuse a coñecer, con éxito, coa peza dramática *El divino impaciente* (1933), á que seguiron outras como *Cisneros* (1934), *La casa* (1946), *Callados como muertos* (1952), *Los tres etcéteras de don Simón* (1958) e outras.

Como narrador cultivou a veta humorística en *Romance del fantasma y de doña Juanita* (1927). *Volaterías* (1932) e *De Madrid a Oviedo* (1933) son

⁹⁵ *op. cit.*, p. 137.

outras contribucións a este terreo. Asiduo colaborador da prensa —en particular de *ABC*—, foi, na posguerra, presidente da Real Academia Española da Lingua. Xa nos anos da guerra civil se posicionara a favor do bando sublevado e no seu *Poema de la Bestia y el Ángel* (1938) amosou a súa inequívoca adhesión ó novo réxime. Durante varios anos presidiu o consello particular de don Juan de Borbón, Conde de Barcelona. Morre na súa cidade natal en 1981.

PÉREZ CIENFUEGOS, Ramón

Nado o 29 de xaneiro de 1896 en Xixón, Ramón Pérez Cienfuegos é un dos colaboradores de *Cristal* nos que a literatura ten un carácter episódico, de feito a súa produción redúcese a algunhas colaboracións en xornais e revistas como *Nervión* (Bilbao), *Carballón* (Oviedo), *El Pueblo Gallego* (Vigo), *Diario de Pontevedra* (Pontevedra), etc.

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ingresa no Corpo de Investigación e Vixilancia (hoxe, Corpo Xeral de Policía) en 1921. Prestou servizo en Venta de Baños, Bilbao, Pontevedra, Oviedo, Vilagarcía, Valladolid, Madrid, A Coruña, Huesca e Sevilla, cidade onde finou en 1948.

PÉREZ CLOTET, Pedro

Poeta andaluz, nado en Villaluenga del Rosario (Cádiz) en 1902, foi Pedro Pérez Clotet asiduo colaborador de revistas poéticas dos anos trinta. Así, atopamos poemas da súa autoría en *Ddooss* (1931), *Noroeste* (1932), *A la nueva aventura* (1934), *Ágora* (1934), *Frente Literario* (1934) *Literatura* (1934) ou *Nueva Poesía* (1935). Pero, sobre todo, o nome deste poeta está vencellado a *Isla* (1932) —que apareceu en Cádiz para se trasladar despois a Xerez da Fronteira—, pois foi o seu fundador e director. Defensora da poesía pura, nas súas páxinas colaborou Eduardo de Ontañón, tamén presente en *Cristal*.

Entre os máis significativos poemarios de Pérez Clotet rexistramos *Signo del alba* (1929), *Trasluz* (1933), *A la sombra de mi vida* (1935), *Invocaciones* (1941), *A orillas del silencio* (1943), *Presencia fiel* (1944), *Bajo la voz amiga* (1949), *Noche del hombre* (1950) e *Como un sueño* (1955). Finou en Ronda (Málaga) en 1966.

No nº 9 de *Cristal* temos a súa única colaboración, o poema “Muerte con amor”, que revela o senso musical do escritor.

PINTOS FONSECA, Luis

Nado o 26 de xaneiro de 1906 en Pontevedra, Luis Pintos Fonseca será o sétimo de oito irmáns froito do matrimonio formado por Xavier Pintos Fonseca e Luisa Fonseca Buceta. Así, a súa formación transcorrerá nun ambiente culto e refinado que marcará fondamente ó artista.

Os seus primeiros mestres serán Eduardo Rojas e Carlos Sobrino, pero a figura capital da súa formación artística foi Castelao⁹⁶. Este será quen o inicie na técnica do gravado, concretamente na xilografía, e, con posterioridade, na linoleografía.

Remata o Bacharelato en 1922, cursa estudos de Filosofía en Santiago e despois fai a carreira de Maxisterio. A continuación ingresa na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. En 1923, contando tan só con dezasete anos, participa na súa primeira grande exposición, a Terceira Exposición de Arte Gallego celebrada no Palacio Municipal da Coruña. Por estas datas ilustra o poemario de Herminia Fariña, *Seara* (1924) e tamén a novela de Xosé Filgueira Valverde, *Os nenos* (1925)⁹⁷. Nestes primeiros gravados mostra a clara influencia do Modernismo, tomado a través de Castelao. Xa a finais de 1924 comeza a colaborar no xornal galeguista *Galicia* e pouco máis tarde en *Faro de Vigo*.

En 1926 sucede un feito que será de grande importancia no desenvolvemento da carreira artística de Luis Pintos. Trátase da concesión da bolsa de estudos da Deputación Provincial de Pontevedra, que tiña como finalidade proporcionar ós artistas "de provincias" a posibilidade de aprendizaxe e coñecemento das vangardas artísticas nos seus centros. Con esta pensión Luis Pintos viaxa a Madrid e asiste á Real Academia de San Fernando. Aquí, o artista pontevedrés adscríbese á liña tradicional, cunha pintura paisaxística de gran lirismo, enraizada na tradición romántica e expresada cunha linguaxe figurativa, dentro da estética dominante na época. Neste momento será cando se empecen a fixar as características definidoras do seu estilo: o predominio do debuxo sobre a cor, a preocupación pola luz e a práctica ausencia da figura humana.

Artista versátil (traballará con todas as técnicas: óleo, acuarela, debuxo e gravado) e polifacético (realiza encargos de decoracións, de ilustracións de obras e revistas, etc.), nas súas primeiras composicións resulta evidente a pegada de Carlos Sobrino e a influencia do Art Nouveau e a estampa xaponesa aprendidas

⁹⁶ Segundo testemuños familiares, cando a Junta para a Ampliación de Estudios pensiona a Castelao para viaxar por Europa, este pedirá poder levar consigo a Luis Pintos Fonseca, pero o pai do artista pontevedrés non llo permite argumentando a xuventude do rapaz.

⁹⁷ Anos máis tarde ilustrará tamén a *Guía de Pontevedra* (1931), de Xosé Filgueira Valverde, e *Antre dous séculos* (1934), de Xerardo Álvarez Limeses.

de Castelao. Andando o tempo evolucionará cara a un postimpresionismo luminoso nos seus óleos e acuarelas e cara ó expresionismo nos seus linóleos.

En Madrid, Luis Pintos vivirá moi de preto os acontecementos políticos do momento. Co remate da súa etapa de pensionado establécese definitivamente en Pontevedra e continúa a súa febril actividade de creación e exposición.

En 1931 ingresa na Escola Normal de Maxisterio de Pontevedra, abandonando os estudos de Filosofía e Letras que comezara. En setembro dese mesmo ano é nomeado profesor de Debuxo de Figura e Adorno da Sociedade Económica de Amigos do País de Pontevedra, traballo que desempeña ata o estoupido da guerra civil. En 1932 é designado profesor axudante de Debuxo no Colexio de 2ª Ensinanza de Tui e comeza así a intensa actividade docente que non abandonará ata a súa morte. En 1936 exercerá como profesor auxiliar de Debuxo do Instituto de Ensino Medio de Pontevedra, posto no que será ascendido á terceira categoría de auxiliares de insituto en 1942 e sete anos máis tarde a adxunto numerario. A partir de 1952 encargarase tamén das clases de Relixión neste mesmo instituto; dous anos antes fora nomeado profesor de Debuxo da Escola Elemental de Traballo e días despois facíase cargo da praza acumulada de Profesor de Debuxo da Normal de Maxisterio de Pontevedra.

Volvendo á década dos anos trinta é tamén neste momento cando comeza a colaborar de xeito habitual no eido da ilustración de revistas, empregando como técnica habitual o gravado ó linóleo. *Cristal*, *Logos* e *Spes*, e máis tarde *Finisterre* e *Sonata Gallega*, serán algunhas das publicacións que contén coas súas ilustracións.

A comezos de 1936 Pintos Fonseca, que estivera dende sempre moi vinculado á ideoloxía galeguista, non dubida en participar como tantos outros artistas do momento na campaña de apoio ó Estatuto de Autonomía de Galicia. Este compromiso motiva que ó producirse o alzamento militar Pintos se refuxie no Mosteiro de Poio. A guerra civil vai supor unha gran paréntese na súa produción, se ben segue colaborando en *Spes*.

Unha vez rematada a contenda o artista sorprenderá a todos os que o coñecían iniciando a carreira relixiosa. Do Mosteiro de Poio trasladarase ó Seminario de Tui e ó de Santiago de Compostela para rematar os seus estudos. O 15 de xuño de 1947 será ordenado sacerdote.

A partir de 1950, data na que deixa de colaborar en *Spes*, a súa actividade artística redúcese practicamente á intimidade (en 1944 participara na que será a súa última gran mostra; trátase da exposición de gravados en linóleo da revista *Spes* celebrada en Madrid). Tras sobrevirle unha repentina enfermidade fina, na casa onde nacera, o 25 de xullo de 1959.

De grande interese para un mellor coñecemento tanto da súa personalidade como da súa obra resulta a consulta do catálogo da exposición celebrada no Museo de Pontevedra no ano 1991⁹⁸.

PORTELA PAZ, Agustín

Nace en Pontevedra en 1906, no seo dunha familia de fonda significación galeguista e indiscutible relevo no ámbito cultural da cidade. Do seu pai, Francisco Portela Pérez, antólogo e prosista do rexionalismo, herda a enxebreza e o fervor galego. Cursa o Bacharelato no Instituto pontevedrés, onde ten como profesor de Debuxo a Castela. Máis tarde marcha a Madrid e alá promove e funda a Liga dos Dereitos do Home ó tempo que estudia nas Escolas de Aparelladores, Enxeñeiros Industriais e Belas Artes, sendo alumno de Álvaro Gil. Na capital traballa como aparelador da Deputación ata o ano 1936, data na que regresa a Pontevedra. Aquí sorprendeuno a guerra civil e durante o réxime franquista sufriu varios procesos debido á súa ideoloxía liberal.

Ó longo da súa vida participou nas actividades do Museo de Pontevedra, o Museo do Pobo Galego, o Padroado do Pedrón de Ouro e a Sociedade de Amigos da Cultura e foi membro correspondente da Real Academia Galega.

Como artista plástico —debuxante e augafortista, fundamentalmente—, ilustrou, entre outros, libros de Carballo Calero, Cabanillas, Cunqueiro e mesmo do seu pai. Ilustrou tamén *As pontes do Lérez* (1987), do seu amigo Antonio Rodríguez Fraiz. Entre as súas obras destaca *Pontevedra, boa vila* (1947)⁹⁹, unha selección de debuxos da cidade do Lérez que acompaña cunha serie de textos de escritores recoñecidos (trinta e seis en total, entre os que figuran Cabanillas, Otero Pedrayo, Risco, Aquilino Iglesia Alvariño, Bouza-Brey, etc.), facendo así unha especie de antoloxía da prosa do momento. Esta obra conta ademais cun prólogo de Sánchez Cantón. Por outra banda, desenvolveu un dilatado labor no eido xornalístico e, así, colaborou nas páxinas de *Chan*, *Faro de Vigo*, *La Noche* ou *Vida Gallega*.

Dende a súa xubilación traballa no debuxo do *Plano de reconstrucción do recinto amurallado da vila de Pontevedra a mediados do século XIX* que presentará a finais da década dos setenta¹⁰⁰. Con posterioridade apareceu *O trasno* (1992), libro humorístico sobre feitos e lendas.

⁹⁸ Luís Pintos Fonseca, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 1991. Nesta obra figura un interesante traballo de Xosé Filgueira Valverde "Recordo de Luisiño Pintos" (pp. 29-33) que o autor reproducirá posteriormente en *VII Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1992, pp. 319-324.

⁹⁹ Existe unha edición facsímile de 1985.

¹⁰⁰ Xosé Filgueira Valverde, "Agustín Portela e a Pontevedra antiga", *La Voz de Galicia*, 30-XII-1979 (reproducido en *II Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1981, pp. 313-317).

RAMOS PÉREZ-COLEMAN, Xoán Luís

Inscrito nas ringleiras do vangardismo polo que respecta á súa lírica, Xoán Luís Ramos —como Johán Carballeira, por poñer o exemplo doutro colaborador de *Cristal*— é un poeta sen libro e as súas composicións témolas que consultar nas páxinas de xornais e revistas¹⁰¹ dos anos trinta.



Xoán Luís
Ramos
Pérez-
Coleman,
por Seoane

Fundador, nos seus anos mozos, do Ateneo de Ourense e vencellado naquela cidade ós persoeiros da xeración Nós, foi membro do Partido Galeguista e secretario de propaganda da Federación de Mocidades Galeguistas. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, exerceu como notario por distintas cidades ata se xubilar en Xixón. Despois da guerra civil abandonou a actividade literaria. Na actualidade reside entre Madrid e Nigrán e está a traballar nun ensaio de carácter político sobre a xeración Nós.

Temos da súa man un breve currículo que preparou para esta edición de *Cristal* e que reproducimos integramente:

“Naceu en Ourense no outono de 1913. Pasou a infancia en Póboa de Trives, onde seu pai era notario. Alí, na escola de dona Concha, aprendeu as letras e, malamente, os números arábigos. Tamén aprendeu a coñecer os paxaros, o grilo real e as rás, cando o deixaban ir co Isauro, o fillo dos caseiros, a lindar as vacas nun pequeno paraíso, acochado entre ferixos e bidueiros e un regato cantareiro que baixaba da neve. Traslada a familia a Andalucía dos Tartesos completou a súa educación infantil entre chumbeiras, pitas e xaras, aprendendo a xogar ás corridas de touros. Morto seu pai regresa a Ourense, onde remata o bacharelato. Ó comezar os estudos universitarios, e apadriñado por Ramón Otero Pedrayo, entra no galeguismo pola porta grande da mesa-camilla de Risco, sendo o máis novo dos seus contertulios de número. Alí fai os primeiros tanteos literarios. É redactor xefe, sen redacción na que mandar, de *El Heraldo de Galicia*. Comparte con Manuel Luis Acuña a dirección dos Viernes Literarios de *La Región* e, baixo

¹⁰¹ Colabora en *Nós* co poema “Cadro” (nº 121, 15-V-1934) e en *A Nosa Terra* co texto en prosa “Adrián Solovio” (nº 318, 18-XII-1933).

a tutela de Risco, intervén na composición da revista *Nós*, cando esta abriu as súas páxinas á nova poesía. E alí meteuse tamén. Cando chega a Guerra Civil ten para publicar un poemario, "Lonxana arcadia en Maio", que desapareceu na editora ou camiño dela. Coa guerra acábase iste currículum. Dende entón viviu fóra de Galicia, mantendo pasiva a súa vinculación co galeguismo e, epistolamente activa, a amizade dos mestres Risco e Otero e a do seu compañeiro de xeración Francisco Fernández del Riego. Fóra xa do currículum hai, no ano 54, unha cativa serie de artigos publicados no xornal madrileño *Informaciones*, tratando principalmente temas galegos. Agora, despois de xubilado, vive parte do ano en Galicia, dedicado a xardinería e artes domésticas, tales como as de pór e repór para-fusos e arranxar enchufes eléctricos."

RODRÍGUEZ SANJURJO, Primitivo

Nado en Ourense en 1880, fixo a carreira de Dereito na Universidade de Salamanca e a de Filosofía na de Madrid, onde coñeceu e tratou a Otero Pedrayo e López Cuevillas. Tivo sona de intelectual interesado e experto en saberes raros e esotéricos (exiptoloxía, orfismo, teosofía, astroloxía, mitoloxía, etc.). Foi afervoado admirador de Baudelaire, Verlaine e Rubén Darío; este último, ó parecer, gabou o seu libro de poemas *Las mesetas ideales* (1910).

Con Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo compartiu a tertulia do ourensán Café Royalty e promoveu as actividades culturais do Ateneo. En 1917 participou na fundación da "Revista Neosófica" *La Centuria*, que dirixía Risco, e nas súas páxinas publicou un poema e catro artigos.

Afastado das ringleiras do galeguismo nas que militaban os seus compañeiros ourensáns, en 1920 marcha a Nova York para se facer cargo dunha cátedra de Literatura Española na Cornell University Ithaca, onde impartiu a docencia ata 1926, ó tempo que pronunciaba conferencias e publicaba artigos de temática literaria. En 1923 aparece o seu libro *Escenas de Gigantomaquia*.

En 1932 ocupa a cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Lugo, cidade na que morre en 1947. Ademais do estudio *Errores de la actual división provincial de España y fundamentos geográficos para una nueva división en provincias* (1925) deixou varias obras inéditas. Entres estas cítanse as traxedias "El bergantín" e "La princesa Legedia", o poemario "Definiciones poéticas" e outros títulos como "Interpretaciones helénicas" ou "Prosas poemáticas".

En *Cristal* (nº 7) temos o seu “Preludio a Los Nocturnos”, un poema de ascendencia nidiamente modernista.

SAID ARMESTO, Víctor

O célebre autor de *La leyenda de don Juan* (1908), Víctor Said Armesto¹⁰², naceu en Pontevedra en 1871. Foi fillo do catedrático de Ciencias da Escola Normal, don Federico Said, e de Amalia Armesto e sobriño de Indalecio Armesto, o autor de *Discusiones sobre la Metafísica* (1878). A súa formación intelectual, ampla e sólida, desenvolveuse na biblioteca do seu tío e mais nas de Jesús Muruais, Casto Sampedro e José Casal y Lois, pero tamén na súa relación persoal con Manuel Murguía, Valle-Inclán, Prudencio Landín, Labarta Pose e outros intelectuais da Pontevedra de finais do século XIX.

Educado no krausismo e no republicanismo, loitando sempre contra a súa precaria saúde, xa ós trece anos publicaba *Estrofas*, o seu primeiro libro, e en 1886 fundaba e dirixía a folla xornalística *La Guindilla*. Ó ano seguinte aparecía *Amor y celos*, unha noveliña sentimental, e o seu autor fundaba o Ateneo “Los Amigos del Progreso” na súa Pontevedra natal. Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela, en 1892 marcha a Madrid para facer o doutoramento e tomar contacto co ambiente cultural da capital. En 1897 publica *Análisis y ensayos*, integrado por tres estudos sobre temas que xa o autor desenvolvera en conferencias no Recreo de Artesanos e no Círculo Republicano. Un deles, “Un libro modernista”, é un estudio de *Femeninas* (1895), o primeiro libro de Valle-Inclán.



Víctor Said Armesto

Lingua e Literatura españolas, que desempeñará nos institutos de Reus, León e Pontevedra. En 1910 aparece o *Cancionero Musical de Galicia*, para o que Said Armesto levaba anos na procura de materiais e ó que contribuíu cun estudio introductorio e notas. En 1912 era profesor de Portugués da Escola Central de

¹⁰² Entre os estudos máis recentes sobre o escritor pontevedrés, pódese consultar o de Fernando Díaz Plaja, *Vida y obra de Víctor Said Armesto*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1993.

Idiomas e dous anos máis tarde ocupaba a cátedra de Lingua e Literatura galegas da Universidade Central de Madrid, cátedra que non chegou a exercer, ó morrer ese mesmo ano de 1914.

No ámbito dos estudos e ensaios, ademais dos títulos xa citados, foi autor doutros como *La enseñanza filosófica* (1900) ou *Notas para el estudio de la materia de Bretaña en la lírica gallega de los siglos XIII y XIV* (1911) e "Discurso resumen del florilegio de poetas españoles" (1913), así como estudos sobre o teatro de Tirso de Molina, Guillén de Castro e as *Cantigas* de Afonso X. Do seu traballo xornalístico temos constancia polos numerosos artigos publicados en *El Heraldo* ou *El Imparcial*, de Madrid; *El País*, da Habana; *La Nación*, de Bos Aires; *El Anunciador*, de Pontevedra; *La Ilustración Española y Americana*, *Blanco y Negro*, *Galicia Literaria*, etc. Escribiu así mesmo algunhas pezas teatrais, entre elas *Retoños al minuto*, representada en Pontevedra en 1891. Fixo tamén o libreto da zarzuela *La flor del agua* (1900), con música de Conrado del Campo, representada en Madrid en 1914.

En *Cristal* (números 2 e 5) rexistramos dúas colaboracións da súa autoría que son manifestación da veta romántica do seu lirismo e do tratamento, nunha prosa de calidades líricas, do tema filosófico da dúbida.

SASSONE SUÁREZ, Felipe

Integra Felipe Sassone, xunto con Juana de Ibarbourou, Gabriela Mistral e Vicente Huidobro, o grupo de escritores hispanoamericanos presentes en *Cristal*. Figura salientable do teatro peruano nas primeiras décadas do século, Sassone naceu en Lima en 1884, pero residiu en Madrid en diferentes ocasións e alí escribiu boa parte da súa obra dramática, composta por comedias lixeiras na súa meirande parte. Ademais dunha notable actividade xornalística (colaborou asiduamente nas páxinas de *ABC*), cultivou a poesía en *A Santa Rosa de Lima* (1937), *Parva favilla* (1939) e *La canción de mi camino* (1954). No terreo da narrativa son da súa autoría *Malos amores* (1906), *Viendo la vida* (1908), *Ladrón de vida y amor* (1911), *A todo amor* (1926) e *La casa sin nombre* (1953). Da súa ampla produción teatral anotamos as comedias *De veraneo* (1910), *El miedo de los felices* (1914), *La canción del pierrot* (1915), *Lo que se llevan las horas* (1916), *Calla, corazón* (1923) ou *Como una torre* (1936).

Felipe Sassone pasou en Pontevedra unha breve tempada e chegou á cidade acompañando á actriz María Palou. No ámbito da biografía e do ensaio deixou títulos como *Por la tierra y por el mar* (1930), *María Guerrero, la grande* (1943) e *La rueda de mi fortuna* (1958). Finou en Madrid en 1959.

En *Cristal* (nº 9) publicou "Fragmentos", un nocturno de tema amoroso seguido dunha composición na que o poeta indaga na orixe interior do seu canto.

SESTO LÓPEZ, Xosé

Nado en Pontevedra en 1909, Xosé Sesto cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e ingresou como funcionario de Facenda na Delegación de Pontevedra e máis tarde na de Vigo. Con posterioridade emigrou a Venezuela, onde foi profesor de Artes do Libro na Escola Superior de Artes Plásticas da capital. A súa actividade artístico-intelectual abrangue ámbitos como os estudos históricos, o xornalismo, a ilustración e a miniatura en acibeche ou marfil. De feito, cando lle conceden a bolsa¹⁰³ da Deputación de Pontevedra en novembro de 1931 para viaxar a Madrid a perfeccionarse no gravado, concretamente na ilustración de libros, Sesto era un home xa moi polifacético que se dedicaba á poesía, ilustración, gravado e pintura e, segundo Filgueira Valverde "camino desde un expresionismo que estaba muy cerca de los dibujantes de la línea de Castelao, Cebreiro y Maside, y de estampas gallegas, de tintas limpias, próximas a las ferias de Souto, hasta un difícil prerrafaelismo icónico, exquisito, simbólico"¹⁰⁴.

No seu labor como artista plástico salienta a ilustración de *El Libro de Santiago* (1948), de Xosé Filgueira Valverde, *Poesías galegas* (1951), de Nicomedes Pastor Díaz, e *Da estrela e da fouce* (1967), de Sesto Novás.

Como escritor figura entre os poetas menores da Xeración do 36. O seu primeiro achegamento á lírica data de 1972; trátase de *A lúa está ebí*, obra que conta cun "Prólogo que non quere selo" de Celso Emilio Ferreiro. Da súa autoría son tamén o "Epi(logo)tafio (Pra cando Celso Emilio fine, no ano MMC)" inserto en *Cimiterio privado* (1973) e o opúsculo *Pranto a Chariño* (1975).

En 1976 sae do prelo o *Refraneiro da muller*, no que Xosé Sesto compila case mil cincocentos refráns clasificados tematicamente. Preparou ademais unha edición anotada da *Historia de Galicia* do século XVII, publicou o limiar de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972), de Álvarez Gallego, *Unha carta e cen cousas pra abogados* e un estudo sobre Antón Losada Diéguez.

¹⁰³ Tan só se concederon dúas bolsas para o estudio do gravado —unha a Castro Arines, en 1930, para o estudio da augaforte e outra a Xosé Sesto, en 1931, para o estudio da ilustración de libros— porque segundo manifesta X. Antón Castro en *Renovación e vangarda en Galicia (1925-1933). Os pensionados da Deputación de Pontevedra* (Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 1986, p. 242), "o gravado e as artes industriais (ilustración de libro e cerámica neste caso) foron os aspectos menos interesantes (...). Realmente nunca existiu na Deputación un interese auténtico na promoción destas manifestacións máis alá do que propuña o Tribunal de turno".

¹⁰⁴ Xosé Filgueira Valverde, "Introducción a la pintura gallega", en *Catálogo Un siglo de pintura gallega*. Instituto de Cooperación Iberoamericana, 1984, p. 1131.

Foi Xosé Sesto un dos fundadores, en 1923, de *Acción*, publicación da Xuventude Católica de Pontevedra. Colaborou ademais en *Spes*, *Alba* e *La Noche*.

STORNI, Alfonsina

Singular figura da poesía arxentina, naceu en Sala Capriasca (Suíza) en 1892. A afirmación da súa condición de muller está na súa lírica xa dende o seu libro inicial, *La inquietud del rosal* (1916), e continúa en posteriores poemarios como *El dulce daño* (1918), *Irremediablemente* (1919) e *Languidez* (1920).

Nacionalizada arxentina en 1920, viaxou por Europa en 1930 e contactou cos movementos de vangarda. Baixo a súa influencia apareceron os seus novos poemarios *Mundo de siete pozos* (1934) e *Mascarilla y trébol* (1938). Suicidouse en augas de Mar del Plata en 1938, tras dunha existencia percorrida pola dor e a anguria.

A súa presenza en *Cristal* é indirecta, motivada pola tradución ó galego —feita por Amado Carballo— do seu poema “¿Verdade?”, que xa comentamos.

TORRES MARTÍNEZ, Manuel

Nado en Marín o 17 de xuño de 1901, Manuel Torres estudou Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra. Moi novo, a partir de 1920, comeza a colaborar como articulista —correspondente dende Marín— en *Faro de Vigo* e cinco anos despois publica neste mesmo xornal vigués debuxos de ton humorístico¹⁰⁵. Por estas datas tamén envía algúns artigos ó semanario *Suevia*, de Pontecaldelas.

En xaneiro de 1928, pensionado pola Deputación de Pontevedra, marcha a Madrid, onde en lugar de acudir á Academia de San Fernando prefire asistir a unha academia libre no Círculo de Belas Artes. Tamén participa na mostra colectiva de Arte Galega, celebrada no Palacio do Retiro por iniciativa do *Heraldo de Madrid*, a carón de Asorey, Bello Piñeiro, Castelao, Palacios, Pintos Fonseca, Souto, etc. e comeza a publicar tiras cómicas nos xornais *La Libertad* e *El Sol*, onde curiosamente os textos figuran en galego.

Retornado a Galicia, a partir de 1930 colabora en *El Pueblo Gallego* con artigos e ilustracións que amosan a súa inspiración popular. Neste mesmo ano a Deputación de Pontevedra volve concederlle unha bolsa para a ampliación de

¹⁰⁵ Moitas das viñetas publicadas en *Faro de Vigo* foron tamén reproducidas por *Vida Gallega*.

estudios, nesta ocasión para viaxar a París, pero a súa estadía será moi breve¹⁰⁶ e a mediados de xullo de 1931 regresa á súa vila natal.

Na década dos trinta fai as súas primeiras mostras individuais¹⁰⁷ e participa en exposicións colectivas entre as que salientamos a do Círculo de Bellas Artes e a Exposición Nacional, ambas en Madrid. Á vez traballa como mestre na súa vila natal (a onde se trasladou, procedente de Vigo¹⁰⁸, en outubro de 1933), profesión que desempeñará ata a súa xubilación en 1967, con escasas parénteses motivadas fundamentalmente pola guerra civil¹⁰⁹.

En 1934 faise socio protector do Seminario de Estudos Galegos, ó tempo ingresa na sección de Pedagogía e nese mesmo ano participa no libro *Dez cursos de traballo (1923-1934)*. Tamén se interesa pola Sociedade Cultural Santa Cecilia, onde imparte clases de debuxo durante moito tempo. Máis tarde ilustra os poemarios de Aurora Vidal Martínez, *Camino de Belén* (1946) e *Sonetos líricos* (1948) e o libro *Andrómenas. Contos pra o pobo* (1953), de Ben-Cho-Shey. No terreo literario publicou *Do meu cartafol*¹¹⁰ (1986), escolma de textos —poemas e narracións— e viñetas que apareceran con anterioridade en diversos xornais galegos.

Autor polifacético, cómpre destacar, á parte do seu traballo como cultivador da acuarela, o óleo e o gravado en linóleo, o seu interesante labor como caricaturista e, como curiosidade, os seus primeiros pasos na escultura¹¹¹, a técnica do gouache ou o óleo-rascado, demostracións claras todas elas do seu espírito inquieto. Na temática e intencionalidade da súa obra Manuel Torres amosa a pegada de Castelao, se ben Maside foi, sen dúbida, o artista que máis influíu nel. Así, como toda a súa xeración, Torres rexeita as normas da escola (academia de Belas Artes) e acepta unha arte verdadeiramente galega, sen convencionalismos e intemporal, que se identifica coa idea de arte popular¹¹².

¹⁰⁶ El mesmo conta os motivos do seu regreso: "Entón atopeime soio, ¿que podía facer eu alí soio? Qué podía facer con 1.500 pesetas prá viaxe. Andiven uns días por alí a facer o parvo e, entón, xa canso, no mes de xullo, na segunda quincena, como non atopaba a ninguén coñecido, non sabendo a onde ir, din a volta sin facer nada e volvíñ prá miña casa" (*Torres*, edición de Clodio Rodríguez Pérez, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Os Nossos Humoristas, nº 6, 1983, p. 11).

¹⁰⁷ A súa primeira exposición individual será en Marín en setembro de 1932 e nela presenta óleos, debuxos e gravados ó linóleo.

¹⁰⁸ Dende o ano 1925 exercera como mestre na escola pública de San Miguel de Oia, en Vigo.

¹⁰⁹ Foi cesado por catro meses e posteriormente trasladado a Petán (A Cañiza, Pontevedra) durante o curso 1936-1937.

¹¹⁰ O limiar desta obra, "Manuel Torres", de Filgueira Valverde, reproducése posteriormente no *V Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1989, pp. 333-334. Neste texto o erudito pontevedrés salienta o "home de letras" que se agacha detrás das obras de Torres Martínez.

¹¹¹ A amizade con Eiroa será a que esperte o seu interese pola escultura, pero a súa obra, dentro deste eido artístico, está evidentemente influenciada por Asorey. Torres fai as súas primeiras esculturas en madeira e posteriormente pasará ó bronce, con pezas de maior calidade.

¹¹² Sobre esta visión da arte de Manuel Torres resulta de interese a consulta das respostas do artista ó "Inquérito a los pintores" sobre os problemas da pintura galega publicado na *Colección Grial*, nº 2, 1951, pp. 54-56.

Empregou ó longo da súa vida múltiples pseudónimos: Mielles Toubes, Banda do Río, Juan de la Fuente, Xan do Río, Codesido, Da Costa, Xan da Ría, Juan del Puerto, etc. e baixo estes e outros nomes publica artigos e debuxos en diversos xornais e revistas, entre os que salientamos, á marxe dos xa citados, *Almanaque Agrícola*, *Anuario de Pontevedra*, *Blanco y Negro*, *Céltiga*, *Diario de Pontevedra*, *Finisterre*, *Galicia Emigrante*, *Logos*, *Más*, *Mar*, *La Noche*, *A Nosa Terra*, *La Región*, *Spes*, *Sonata Gallega*, *Triunfal* e *La Voz de Galicia*. En 1946 fundara, co seu irmán Xosé, a revista ilustrada *Ría*, dedicada a temas de Marín.

Entre outros premios foi merecedor da Medalla de Prata na I Bienal Provincial de Arte de Pontevedra, celebrada en 1969, polo debuxo "Peixeiras".

ULLOA VARELA, Renato

Nas décadas do tránsito do século XIX ó XX tiveron sona na vida literaria pontevedresa os irmáns Ulloa, Torcuato e Renato. De Torcuato Ulloa di Xosé Fortes¹¹³ que era "el más agudo humorista de la ciudad". Home elegante e caracterizado pola súa fina ironía, foi sobre todo un célebre xornalista. Asiduo da famosa tertulia de Jesús Muruais na casa que este tiña na praza de Méndez Núñez, asistiu tamén á de Manuel Palacio, que se celebraba na Casa das Galerías. Foi amigo íntimo de Francisco Portela. Colaborador da revista *Extracto de Literatura* (1893), redactor de *La Voz de Helenes* e colaborador de *Diario de Pontevedra*, cofundador de *El Adelanto*, fundou a revista *Galicia Ilustrada* e o xornal *Noticiero Gallego*. Traballou tamén de correspondente para *El Imparcial* de Madrid e *La Vanguardia* de Barcelona. É autor de *Poemas* (1886) e *Arlequinada* (1894), obra na que reuniu varios artigos de carácter humorístico.

Renato Ulloa Varela, que nacera en Pontevedra en 1850, foi poeta e xornalista. Funcionario de Facenda durante moitos anos, asistiu ás tertulias pontevedresas, entre elas á de Concepción Arenal na rúa da Oliva. Colaborador tamén de *Extracto de Literatura*, participou en 1890 na "Velada literario-humorística", e na publicación que se fixo ó respecto figura o discurso que pronunciou. Como poeta publicou tres libros: *Pluma y alma* (1913), *Ecos de la tragedia* (1914) e *De la vida* (1919). Morreu na súa cidade natal en 1922.

De Renato Ulloa temos en *Cristal* (nº 2) dous poemas breves. Un deles é claramente un madrigal. O outro celebra a fermosura da flor nunha revitalizada e sensorial natureza.


¹¹³ Xosé Fortes Bouzán, *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega, 1993, p. 671.

VILLAESPESA, Francisco

Nado en Laujar de Almarax (Almería) en 1877, xogou na súa xuventude un activo papel na vida literaria de Granada, Málaga e Madrid como fundador de revistas e animador de tertulias literarias. Nas súas viaxes por Hispanoamérica contactou co modernismo, corrente de fonda presenza na súa poesía e no teatro. Finou en Madrid en 1936.

Escritor de moi extensa produción, triunfou no teatro con pezas como *El alcázar de las perlas* (1911) ou *Abén-Humeya* (1913). A súa traxectoria poética comeza con *Intimidades* (1898) para logo continuar en títulos como *La copa del rey de Thule* (1900), *La musa enferma* (1901), *Rapsodias* (1905), *Tristitiae rerum* (1906) e outros. Non é extraña a presenza en *Cristal* deste poeta se temos en conta as diversas manifestacións dun modernismo serodio que aparecen na revista.

**BREVE INVENTARIO DE NOTAS
INFORMATIVAS E
REFERENCIAS CRÍTICAS**



A aparición de *Cristal* non pasou desapercibida, loxicamente, na prensa do momento, en particular na pontevedresa. A súa consideración como publicación literaria é sen embargo moi posterior, tal e como acontece con outras revistas semellantes daquela época e aínda das décadas seguintes. A divulgación do que fora *Cristal* no terreo da prensa contou, primeiramente, coa atención que lle dedicaron Filgueira Valverde e Luciano del Río, que viviron os anos da revista (1932-1933) e mantiveron relacións de amizade con moitos dos seus colaboradores. Xa no terreo dos estudos literarios, cómpre a mención dos traballos de César Antonio Molina e Modesto Hermida.

A saída de *Cristal* foi saudada, catro días despois da aparición do seu primeiro número, por *El Pueblo Gallego* na sección "Pontevedra", que rexistraba preferentemente noticias da capital da provincia.

"Ha aparecido la nueva revista *Cristal* que editan y confeccionan entusiastas jóvenes pontevedreses, algunos ya destacados en las bellas letras.

En la portada, a toda plana, aparece un excelente dibujo de Alejandro de la Sota, que es un excelente dibujante.

Las composiciones que figuran en el texto son todas ellas dedicadas y escogidas.

Este primer número de *Cristal* causó gratísima impresión en los medios literarios y culturales pontevedreses.

Mucho éxito deseamos a los entusiastas confeccionadores de la nueva revista."¹¹⁴

Ó pouco tempo era o nº 3 obxecto de atención nunha notiña que non deixaba de advertir a progresión daquela nova publicación:

"Hoy se pondrá a la venta el tercer número de la notable revista literaria *Cristal*. Aparece muy mejorada, con una bellísima portada y cuatro ilustraciones de Luis Pintos Fonseca."¹¹⁵

Meses despois o mesmo xornal, na citada sección, anunciaba a saída do nº 5 de *Cristal* e sinalaba que o número ía "dedicado a Federico García Lorca" e destacaba a súa presenza na revista:

"Hoy se pondrá a la venta el número 5 de la joven y floreciente revista literaria *Cristal*. Este número va dedicado a Federico García Lorca, que con objeto de dar una conferencia para el

¹¹⁴ "*Cristal*", *El Pueblo Gallego*, 29-VII-1932.

¹¹⁵ "La revista '*Cristal*'", *El Pueblo Gallego*, 11-IX-1932.

Comité de Cooperación Intelectual, visitará en breve nuestra ciudad.

Publica originales inéditos de Juan Lacomba, Antonio Díaz Herrera, Víctor Said Armesto, Álvarez Blázquez, Andrade, Lois Teijeiro, Augusto María Casas, Amado Carballo y Álvarez Limeses.

Reproduce dos escogidos romances de García Lorca. Lo avaloran inéditas y artísticas ilustraciones de Turas, José Luis y Sexto."¹¹⁶

Máis alá destas notas puramente informativas (ás que poderíamos engadir a referida¹¹⁷ ó nº 7) e nas "Páginas de Homenaje" a Pontevedra, na columna "Índice Espiritual de Pontevedra", sen sinatura, ofrécese unha síntese da vitalidade artístico-cultural da cidade na que non falta a referencia a *Cristal*:

"Todavía las rosas vigilan los sepulcros del príncipe de la nueva lírica gallega, Luis Amado Carballo y del armonioso poeta de "Diana de Gaita"; todavía suena el aplauso universal en torno al violín de Manolo Quiroga, y ya aparecen en el marco espiritual de Pontevedra pintores y escultores como Arturo Souto, Luis Pintos Fonseca, Ramón Peña, José María Acuña; artistas como Enrique Barreiro, que ha logrado la fotografía en colores naturales; escritores como Sebastián González y Filgueira Valverde; planistas como María Teresa Alonso Parada, y en torno a *Cristal*, la reciente revista literaria, dibujantes tan notables como José Luis Fuentes, Alejandro La Sota, Ventura Dios López; y poetas como Juan Vidal Martínez, Antonio Díaz Herrera y Rafael Lois Teijeiro."¹¹⁸

Outro xornal vigués, *Faro de Vigo*, anticipou tamén nas súas páxinas a publicación de *Cristal*, precisando que o seu nacemento coincidía co Día de Galicia de 1932:

"Un grupo de jóvenes artistas de esta capital, renovando la tradición literaria pontevedresa, se propone editar una nueva revista que será el exponente más elevado y puro de los valores actuales de la región. Publicarán, además páginas antológicas de las letras hispanas y extranjeras.

¹¹⁶ "Simplemente «Cristal», *El Pueblo Gallego*, 13-XI-1932.

¹¹⁷ "Escaparate de libros. «Cristal», *El Pueblo Gallego*, 16-III-1933.

¹¹⁸ "Índice espiritual de Pontevedra", *El Pueblo Gallego*, 14-VIII-1932.

El primer número saldrá a luz el lunes día 25, coincidiendo con la fiesta del Apóstol y estará en su mayor parte dedicado a celebrar el Día de Galicia.

Figurarán en él, originales de Juan Ramón Jiménez, Juan Bautista Andrade, Marjón Paskiewicz, Álvaro de las Casas, Novoa Gil, Ramón Otero Pedrayo, Amado Carballo, Juana de Ibarborou y Noriega Varela.

Avalora el número una magnífica portada del notable dibujante Alejandro La Sota.¹¹⁹

Con posterioridade, o xornal mantívose atento á xeira da publicación pontevedresa anunciando, por exemplo, a aparición do seu nº 5. Seguramente polo interese que suscitaba a visita de García Lorca, a breve nota informativa do diario vigués¹²⁰ sinalaba —como o facía *El Pueblo Gallego*— que “este número va dedicado al poeta García Lorca con motivo de su próxima visita a esta ciudad”.

Máis explícita e precisa é a nota referida ó nº 6, “magnífico número extraordinario dedicado a la fiesta de la Navidad”, do que se consignan interesantes e precisos datos tanto dos colaboradores literarios como dos artísticos. O anónimo autor da nota demostra coñecer a andaina da revista:

“Representa este número un considerable avance, así en el aspecto artístico como literario. Admirablemente editado, con una espléndida portada del gran dibujante gallego Carlos Maside, grabados a toda plana de los notables artistas Pintos Fonseca y Turas e ilustraciones de José Luis Sexto y María Monteagudo, inserta trabajos inéditos de los poetas españoles Federico García Lorca, Rafael Duyos, Alcaide Zafra; de los brillantes escritores Eduardo de Ontañón, La Comba, etc. También figuran otros trabajos inéditos de los llorados gallegos Juan Bautista Andrade y Luis Amado Carballo. Avaloran además el interesantísimo sumario, maravillosos poemas y prosas gallegas de Bouza Brey, Álvarez Limeses y Castelao, con reproducciones de selectas páginas de Guerra Junqueiro y Vicente Huidobro. Completan este magnífico número extraordinario que uno de estos días se pondrá a la venta, originales de los jóvenes poetas Díaz Herrera, Luis Teijeiro, Vidal Martínez, María Monteagudo, José María Álvarez Blázquez, Olimpia Martínez, Ramón Pérez Cienfuegos y Julio Sigüenza.”¹²¹

¹¹⁹ “Revista literaria”, *Faro de Vigo*, 23-VII-1932.

¹²⁰ “Cristal”, *Faro de Vigo*, 13-XI-1932.

¹²¹ “La revista *Cristal*”, *Faro de Vigo*, 23-XI-1932.

Con anterioridade, non deixou de ser comentada a conferencia de García Lorca en Pontevedra sobre a figura de María Blanchard. O cronista, que lembra cómo o conferenciante “fue muy obsequiado, no solo por el Comité, sino también por la redacción de la revista *Cristal*”, refire as apreciacións de Lorca sobre a pintora, pero tamén os comentarios do poeta-conferenciante encol da pintura das vangardas:

“Intercala luego el conferenciante la aparición de los “ismos”, del año 9 al 26, pasando la sensibilidad artística por el tamiz dramático de la guerra europea.

El cubismo con el arte desnudo de Picasso, el dadaísmo poético y plástico, el suprarrealismo, con Juan Gris...

Todo ello es maravillosamente estudiado, sacando en consecuencia la gloria de la nueva pintura, que no se propone ya el absurdo impresionista de reproducir los cuadros naturales, sino que busca las calidades pictóricas de los objetos, la esencia plástica de las cosas.

Los suprarrealistas pintan como sueñan, constituyendo este la revelación del íntimo sentido artístico que anima a la época en angustioso combate con las normas de la pintura histórica.”¹²²

Pola súa banda, Luciano del Río publicou en *Faro de Vigo* un primeiro artigo no que ofrecía algunhas anécdotas da estancia de Lorca en Pontevedra, que logo ía ampliar no seu extenso artigo de *Diario de Pontevedra*. Entre estas anécdotas está a da visita de Lorca ó Mosteiro de Poio e a súa relación cos representantes de *Cristal*:

“Me viene a la memoria nuestro recorrido por la ciudad y por sus alrededores, cuando nos acercamos al convento de Poyo, donde charló con un joven mercedario que conocía el “Cancionero gitano”, al que, pidiendo previamente perdón a García Lorca, opuso ciertos reparos, más morales que literarios. También pienso en aquel grupo de jóvenes —Juan Vidal, José Luis Fuentes, Antonio Sanjurjo y otros— que animaban unha revista poética —“Cristal”—, que tanto agradó a Federico”.¹²³

Outro xornal da capital da provincia —*Progreso*— fíxose eco tanto da aparición de *Cristal* como da conferencia de García Lorca sobre María Blanchard. Así, rexistraba a aparición do nº 3 da revista¹²⁴ apreciando a notable melloría do

¹²² “La conferencia de Federico García Lorca”, *Faro de Vigo*, 22-XI-1932.

¹²³ Luciano del Río, “García Lorca, en Pontevedra”, *Faro de Vigo*, 8-IX-1961.

¹²⁴ “La revista “Cristal”, *Progreso*, Pontevedra, 12-IX-1932.

número en comparación cos dous anteriores e salientando que “La portada, así como los bellísimos grabados que ilustran el texto, son obra del pintor Luis Pintos Fonseca”.

Progreso estivo moi atento ás actividades do Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra, como exemplo disto, temos a nota¹²⁵ na que se anuncia o concerto de Regino Sáinz de la Maza, o “poeta de la guitarra”, acto que tempo despois comentaría Ramón Barreiro Vázquez nas páxinas de *Cristal* (nº 7, xaneiro de 1933).

Polo que se refire a García Lorca, na sección Notas de arte e co título “Federico García Lorca”¹²⁶ reproducéase un comentario de Gómez de Baquero, “Andrenio”, sobre a poesía lorquiana. Un día antes, o xornal advirte noutro escrito —“La conferencia de Federico García Lorca”¹²⁷— da chegada do poeta a Pontevedra para pronunciar “mañana domingo a las once y media”, en el Coliseum, la conferencia sobre María Blanchard, engadindo que “Por la personalidad exquisita del admirable conferenciante, el anuncio de este acto ha llenado de expectación al público”.

Máis amplitude ten o comentario¹²⁸ sobre a conferencia do poeta. O autor da nota rexistra non só o tratado polo conferenciante, senón tamén a relación do mesmo cos promotores de *Cristal* e do Comité de Cooperación Intelectual pontevedrés:

“Federico García Lorca en su visita a esta ciudad fue muy obsequiado, no sólo por el Comité, sino también por la redacción de la revista literaria *Cristal*. Para todos nosotros, para el Comité y para *Cristal*, la visita de García Lorca a Pontevedra fue una revelación inolvidable, pues pudimos contemplar a García Lorca en todas sus manifestaciones artísticas, que produjeron en nosotros toda la sensación de la plenitud en el arte”

Tamén na capital do Lérez o *Diario de Pontevedra* prestou atención a *Cristal* en diferentes notas informativas. Unha delas anuncia o número sete, que inicia a presenza da revista no ano 1933:

“Acaba de publicarse el número 7 de esta notable revista literaria. Esta primera salida en su segundo año constituye un nuevo

¹²⁵ “Comité de Cooperación Intelectual. Sección de Pontevedra”, *Progreso*, Pontevedra, 6-I-1933.

¹²⁶ *Progreso*, Pontevedra, 20-XI-1932.

¹²⁷ *Progreso*, Pontevedra, 19-XI-1932.

¹²⁸ “La conferencia de García Lorca”, *Progreso*, Pontevedra, 22-XI-1932.

éxito para sus editores. Contiene originales de: Antonio Díaz Herrera, Primitivo R. Sanjurjo, Fermín Bouza Brey, Augusto María Casas, Ramón Otero Pedrayo, Teófilo Ortega, Federico García Lorca, José María Álvarez Blázquez, Juan Lacomba y Ramón Barreiro Vázquez, unha reprodución de Roberto Blanco Torres y planas de Torres y José Luis. Corre a cargo de Turas la portada y ornamentación.”¹²⁹

Unha nova nota informativa sobre *Cristal* témola agora en *Universitarios*, que no seu nº 2 (xaneiro de 1933), na súa sección Archivo Bibliográfico, resumía:

“Revista literaria bilingüe, editada en Pontevedra, recoge en sus páginas la inquietud y el desasosiego de un haz de mozos intelectuales, en que tan prolífica se está mostrando en el actual momento, nuestra tierra.

En su último número, publicado durante las fiestas navideñas, se revela el ritmo vago, la melodía de nuevos cantores poetas; gallegos y extraños.”¹³⁰

O xa mencionado Luciano del Río é autor dun dos traballos de máis interese dos que na prensa se publicaron sobre *Cristal*. Do seu extenso artigo de *Diario de Pontevedra* fixemos xa abondosas e longas referencias. Unicamente salientaremos aquí unha reflexión que o autor fai (ó noso ver moi axustada) entre os diferentes modelos literarios dos mozos de *Cristal* e os que interesaban ós integrantes do Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra:

“Digamos al paso que entré los muchachos que constituían la redacción de “Cristal” y los que formábamos el Comité de Cooperación Intelectual existían ciertas diferencias en cuanto a entusiasmos intelectuales. Los animadores de aquella excelente revista se habían entregado con evidente fervor, a la obra poética y literaria de los hombres de la generación del 27: a Altolaguirre, a Rafael Alberti, a Guillén, a Cernuda, a Salinas, a Vicente Aleixandre y, desde luego, a Federico García Lorca, que venían a ser los nietos de la generación del 98. Por el contrario nosotros, sin dejar de entusiasmarnos las creaciones de una y otra generación nos sentíamos más atraídos por los hombres del 14, la generación intermedia un pelotón de hombres entre los que figuraban los Machado, Eugenio D’Ors, Madariaga, Azaña,

¹²⁹ “Cristal”, *Diario de Pontevedra*, 7-III-1933.

¹³⁰ “Cristal”, *Universitarios*, nº 2, Santiago de Compostela, xaneiro de 1933, p. 22.

García Morente, Marañón, Novoa Santos y, sobre todo, Ortega y Gasset.”¹³¹

Filgueira Valverde puntualizou en diferentes artigos algunhas características de *Cristal* e forneceu informacións de primeira man sobre a vida da revista e o traballo nela de varios dos seus colaboradores, tanto no ámbito literario como no das ilustracións.

En primeiro termo o profesor pontevedrés matiza, non sen certa ironía, que en *Cristal* o único popular, ademais dalgunhas cantigas, “era el precio: dos pesetas al año, quince céntimos el número suelto”, que logo chegou ós 40 cts, como xa deixamos anotado ó principio desta introducción. Máis detalladamente comenta a selección de colaboradores, os modelos seguidos polos directores da publicación e, a partir da fuxida “del mohoso ambiente de la política” que *Cristal* expresa dende o seu único texto programático, valora a liña seguida pola revista:

“Hoy nos sorprende cómo los grupos juveniles de aquellos años sabían atraer colaboraciones tan señaladas, cribar las propias producciones de manera que no desdijeran, al lado de las rogadas a los maestros, y escoger para reproducirlas páginas antológicas. Y, como el contenido parecen admirables y la presentación tipográfica y las ilustraciones originales.

Los mozos que publicaban “Cristal” sabían mucho y tenían especial acierto en la elección de guías y modelos. En el terreno artístico es patente el influjo de Castelao, como luego veremos; en el literario, Gerardo Álvarez Limeses, con su conmovedor “Bautizo” no sólo apadrinaba al sobrino poeta José María, sino a la propia publicación, a la que ofreció valiosas primicias de los volúmenes poéticos que preparaba. Y sobre todo, se percibe la presencia, ya espiritual pero continuada, de Juan Bautista Andrade y Luis Amado Carballo. (...)

Con la distancia a que nos ha llevado el paso del tiempo, podemos ahora valorar lo que representaban los movimientos literarios de entonces y la posición que, ante ellos, adoptaban los grupos juveniles. La publicación pontevedresa, lírica, descomprometida, elegante, mesurada, por veces honda y por veces superficial, constituye todo un testimonio y... una fuente de añoranzas.”¹³²

¹³¹ Luciano del Río, “García Lorca en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 12-VIII-1973.

¹³² “Quodlibet. «Cristal», *El Ideal Gallego*, 2-IX-1979.

No seu percorrido polas páxinas de *Cristal* Modesto Hermida ofrece algunhas apreciacións que tentan valorala e caracterizala como publicación “puramente literaria... aberta, variopinta en tódolos aspectos que se poden considerar no feito literario”. Teima o estudioso das revistas galegas da República na indefinición estética e ideolóxica da revista pontevedresa, pero aprecia, polo que á ideoloxía se refire, “unha tendencia de galeguismo dereitista”; este xuízo, ó noso entender, hai que entendelo na liña descomprometida e estetizante de *Cristal* que só atopa excepcións en textos de Castelao, Gómez del Valle e algún de Amado Carballo. Non existe, pola contra, ningunha colaboración de tema político ou social susceptible de sustentar o galeguismo dereitista, a non ser que coa expresión denominemos a visión de Galicia baixo prismas estéticos, relixiosos, paisaxísticos ou puramente literarios.

A “indefinición estética” concrétese, para Modesto Hermida, no feito de que “alternan restos de modernismo con avangardismos varios, con maneiras populares ou co neotrovadorismo, sen faltaren textos de compromiso aínda que estes señan escasos e sempre en castelán”¹³³. Pola nosa banda entendemos que deses “avangardismos varios”, o único que acada certo relevo é o hilozoísmo, pero, aínda así, semella inexacto —por esaxerado— considerar, como fai Xosé Ramón Pena, que esteamos diante do “auténtico portavoz do hilozoísmo”¹³⁴.

César Antonio Molina sitúa *Cristal* na órbita das súas ilustres predecesoras *Alfar* e *Ronsel* como, doutra banda, xa fixera Filgueira Valverde. E, como Luciano del Río, sitúaa tamén “na liña das do 27”. Coincide con Modesto Hermida en que “non tiña unha liña editorial definida” e non deixa de reparar tamén no seu localismo pontevedrés para logo afirmar:

“En definitiva, estas páxinas serviron de campo de probas para uns mozos preocupados intelectualmente, ós máis dos cales lles había arrebatada a guerra civil as súas ilusións. Ora, esta xuventude precisaba un guía. E este é o poeta pontevedrés Juan Bautista Andrade y Tojedo (1879-1930), escritor en castelán ó que se nomeou moitas veces como fundador da escola lírica pontevedresa.”¹³⁵

¹³³ op. cit, pp. 70-71.

¹³⁴ Xosé Ramón Pena, *A poesía de Manuel Antonio*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega. Serie Nova, 1979, p. 70.


¹³⁵ César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989, p. 430.

CRISTAL

REVISTA LITERARIA

PONTEVEDRA (1932-1933)

EDICIÓN FACSIMILE



Cristal



Grabado La Sota.

PRECIO 15 CTS.

CRISTAL

NÚM. I

REVISTA LITERARIA

Pontevedra, Día de Galicia 1932

ES . . .

Es un grupo de artistas lleno de ansiedad y colorido. Es, a poder decirse, el espíritu elegante, romántico, de una página de Chopin, envuelta en la filigrana policroma y cosmopolita de una orquestina de music-hall. Es el cigarrillo rubio, dainty, que se quema en cenicero de plata repujada.

Esto es Cristal, y es un grupo de artistas, lleno de la ansiedad y el colorido fuerte y puro de la savia joven, quien lo lanza en un renacer de clarines de espiritualidad, despegándose del ambiente mohoso de política que enturbia las horas, como un cohete, a vendimiarse en la concavidad terciopelada de una noche vernal.

25 de Julio. Recubiertas sus capas por un polvillo de constelaciones—polvo de rutas celestes—llegan por el camino de Santiago a tenderos su ofrenda, Santo Apostol. En esta fiesta barroca Cristal cae de hinojos en el porche de las Platerías, envuelto en la cinta de seda cantareira, agarimosa que brota del fol de los gaiteros de Soutelo, entre el abigarramiento de los pañuelos de las mozas y el sabor de las calzas cortas y las chupas coloradas de los viejos de Bergantiños.

Cristal tiende, dentro de la exquisitez de su contenido, a ser eminentemente popular. El vino de Chipre al alcance de todos los labios.

CANTIGAS

N-o teu colíño durmín,
n-os teus brazos descansei,
non digas que me olvidache
que fun eu que t'olvidei

Delgadiña da cintura
como palla de centeo,
chégate a min, delgadiña,
que non teño outro remedio.

Costureira melindrosa
dam'un alfiler de prata,
para sacar unha espiña
do corazón, que me mata.

Meu corazón é de vidro
é de vidro n-a tua man;
se te queres vingar d'el
déixao caer n-o chan.

Puxenme a contar estrelas
y-eu a do norte deixei;
por ser a mais bunitiña
contigo ch'a comparei.

Se queres falar conmigo,
olvida os amores vellos;
que mal se mira unha cara
a un tempo en moitos espellos.

Falai baixo namorados,
qu'as pedras teñen oídos;
amores disimulados
sempre son os mais queridos.

O TEU ANXEL DE LUZ...

Por A. NORIEGA VARELA

Bendiga o Bon Jesús (Jesús-Meniño)
Cada flor qu' é pro ermo unha festiña,
Cada doa que fulxe en cada espiña,
Cada pruma que brando torne un niño...

Bendiga aquel farol, compañeiríño
D' unha imaxe, bendiga esta fontíña,
I-a pompa d' os carballos d' a igrexíña,
I-a virazón que riza un remansiño...

A un seu xesto gracioso, meiga salla,
Tral-os montes, a luna, que agasalla,
Idolatrada mai!, tua sepultura,

I-un sorriso d' o Neno logre aínda
Que o teu ánxel de luz, Galicia linda,
Sea, a través d' os siglos, a Ternura...

COMPOSTELANAS

(A Euxenio Montes)

Santiago fija con el dogma arquitecturado la fluidez panteística del paisaje gallego.

Las dos torres de su Catedral—brazos dorados del resonante diapason celeste—se oponen, firmes en su ritual belleza, a la voraz avalancha del verde. No pasa por entre ellas más que el azul. Todo el paisaje que huye del mar en busca de su definitiva armonía parece meditar ante Santiago y ensayar en el oscuro musgo de los muros, la sutil ciencia de las aristas. Y los montículos en torno son monaguillos humildes ayudando con el incienso de sus nieblas matutinas a esta misa mayor de Arquitectura que es Santiago.

Entre las columnas, (¿plegarias hechas de piedra?) tentaciones piadosas aprietan el alma.

El remordimiento cuaja todo brote de emoción en cirio votivo. El pecado de tardanza planea sobre la concien-

cia seglar. Me siento culpable de dejar incumplido el foro, que, hace siglos, establecieron con el Apóstol mis antepasados, peregrinos del Vistula, que practicaban el milagro del cayado refflorecido por riegos de lágrimas, tenían horizontes por rosarios y, en sus ojos, azules espejos de palomas, nunca dejaron brillar deseos de destrucción aunque también eran rubios, como los Vándalos.

Sufro tanto bajo la presión de tenebrosos atavismos, que maquinalmente empiezo a distribuir limosna. Se me antojan los mendigos peregrinos medioevales que sacrificaron al Apóstol el retorno a sus patrias lejanas.

Cuando a la hora del ocaso, las paredes de Compostela reverberan todos los colores de madreperla, se comprende el símbolo de la conchas incrustadas en los muros de la Santa Ciudad. Santiago es una suntuosa vieira prendida a la verde esclavina del peregrinante paisaje gallego.

Marjan PASZKIEWICZ

POEMAS COMPOSTELANOS

L Á P I D A

¡Compostela!
Con tu alma de lluvia
y tu cuerpo de piedra.
Ciudad sepulcral
viva en tu ataud
medieval ..

RUA DE LA CALDERERÍA

Rua de la Calderería,
la de judaicas angosturas,
la de las tiendas apretadas
y oscuras.
Rua de la Calderería.
Policromía
en movimiento.
Sonar de zuecas aldeanas.
Pregón de *tranchos*-Mar al viento.

ESTATUA DE MENDEZ-NUÑEZ

Se agiganta en el bronce, en una extraña
corpulencia, que en vida no ha podido ostentar.
Y es el heroico esfuerzo que hace para mirar
por sobre el horizonte cercado de montañas
un lampo de la mar.

PLAZA DE LA QUINTANA

¿Se ha ido el tiempo de esta plaza austera?
¿Este aire de su ámbito es de ahora?
Escuchad, escuchad... ¡La plaza entera
se hunde en la eternidad, hora tras hora!

CITA, REVERBERO, ORACION

Lo que tarda en correrse el visillo
y entreabrirse después el balcón...
Corre un fino remusgillo.

Reverbero y esquilón
a la par tremulan brillo
y oración...
Lo que tarda en correrse el visillo
—anhelan los ojos y el corazón!

S E R E N O

¿Donde el sereno de la lanza,
la talma oscura y la linterna?
Entre las sombras ya no avanza.
¿Se habrá metido en la taberna?
¿Como esta blanca noche deja
que esté la luna inconsolada
en el perfil de la calleja
como una novia abandonada?
—¡Eh, buen sereno!--¿Ha respondido
y hacia el que llama se desplaza
o ha sido el eco apercibido
en las esquinas de la plaza?
Nadie se acerca. Esos rumores
que se difluyen vagamente
son los románticos amores
sin esperanza, de una fuente...

CAMPANAS DE COMPOSTELA

... Todos los tejados
están penetrados
de una unción secular de campanas.
¡Oh, los cimbalillos
claros y sencillos
que llaman a misa todas las mañanas!
Campanas de coro
de toque sonoro
las de gravadoso, solemne voltear.
Campanas donadas
por reyes, grabadas
con nombres insignes del patrio solar.
Campana gigante
la del trepidante
profundo tañido...
¡la que maza las horas y su zumo destila
sobre la eterna pátina de la ciudad tranquila
en lentos goterones de hinóptico sonido!

Juan Bautista ANDRADE

COMPOSTELA

OUTONO FARTO E DOURADO

Obradoiro traballado como unha casulla, altares solenemente flame-xantes de San Martín e de San Payo, pantasia xeométrica de Santa Clara. O barroco leva o nome portugués das pedras imperfeitas e decorativas, ás que soilo sirven para compoñer conxuntos, non pra brilar con se-rea lus. O barroco galego refrexa un sol-por de vendima e de farta re-colleita. A súa época é na hestórea de Galicia un solene período some-llante o dos Antoninos na antigueda-de; fai falla o estilo d'un Gibbon pra contalo. Os fidalgos ergen pazos—non castelos—e fundan foros, os mos-teiros dormen sestas lembrando va-gamentos ó tempo heróico dos seus orixes, os arcebispos gastan as ren-das fabricando imensas arquiteitu-ras—O correr do tempo o barroco gana en dinidade: o sol e-a chuva, a saudosa neboeira atlanteca reconece a súa amiga a pedra e van-a coorean-do, amorosiñamente hastra darlle o caris dos outeirales. O labrego gusta do luxo do barroco como gusta das cangas dos bois traballadas a navalla, da pruma de pavo rial no chapeu, dos foliós e das solainas adornadas con espigas de millo. Hai tardes en San-tiago n'as que as torres resaltan no sol derradeiro, parescen, luxosamen-te revestidas, celebrar n-a Misa Ma-yor.

Ramón OTERO PEDRAYO

A L A L A S

Son lostregos do verde mollado,
que aturuxan nas ponlas dos pinos
pregoando a chegada do día,
os tremantes cantares doidos
que maina acompasa
a chorosa fuxida do río...

A alma do campo choraba nos ceos
unha sonatina de violoncellos.

Luis AMADO CARBALLO

ONDAS DO MAR...

Ondas do mar da miña patrea,
levai meu barco a navegar.
Pra cada día teño un sol,
pra cada noite unha estrela polar;
sete luceiros pra cada hora,
unha via-láctea pra cada semán.

Nin lle teño medo ao inverno,
nin lle teño medo ao vràn,
nin aos ardentes meiodías,
nin às noites de vento a ventar.
Ei, Terra! Andan connigo
cen rapaces a navegar.

Ondas do mar da miña pátrea,
cobizamos ir mais alá:
por total-as nacións celtas,
por total-as costas irmáns,
a convivir cos que en cen séculos
fixeron nosa inmortalidá.

Ultreya! Valentes mozos.
Xentes do meu sangue, Alalá!

Alvaro DE LAS CASAS

1932

A ISAAC ALBENIZ EN EL CIELO DE ESPAÑA

Frente a tus ojos mustios era el sol una rosa
de claras armonías:
la tarde hablaba pura, dorada y luminosa,
cuando tú te morías!
Tu corazón, helándose; la hora sonriente
oliendo ya a ti yerto.,
en el poniente, España; más allá del poniente,
el Infinito, abierto!
—Sevilla, Triana, El Puerto, todo lo que a tu alma
fué torrente sonoro,
estaría, a esa hora, soñando en una calma
de ilusión y de oro!
La arboleda, meciendo su renacer florido,
Guadalquivir, corriendo,
los pájaros más dulces suspirando en el nido
del sol que iba muriendo...
¡Oh, que suspiro hondo, sangriento, inextinguible,
—¡ciega naturaleza!—
qué anhelo de querer detener lo imposible,
¡qué espanto y qué tristeza!
Tú, que dejaste mi alma de bruma, tantas veces,
clara y estremecida,
acoge esta guirnalda, que cuelgo en tus cipreses,
de rosas de mi vida.
Mi gesto es doloroso, y mi mirada errante
llora, al darte, tanto!
...Si una perpetuidad viniera a hacer constante
el ademán y el llanto!
Maestro: un rosal cálido de tristes savias rojas
las sacó de mi entraña;
entre la maravilla de sus mojadas hojas
yerra el olor de España...
¡Si, juntas en la tierra, florecerán un día,
como dos claridades,
tu ardiente melodía, mi ardiente poesía,
...nuestro afán de ciudades!
...Sevilla, Triana, El Puerto—¡y tu alma y mi alma!—
Guadalquivir sonoro,
todo, en la eternidad bogará en una calma
de ilusión y de oro!

Juan Ramón JIMENEZ

CANCION DEL RECUERDO

Es un recuerdo de rosas
que sabe a almíbar y a menta;
es un recuerdo de luz,
oloroso a yerbabuena.
Viene vestido de blanco
por un camino de nieblas,
desenredando las sombras
con su manita de estrellas..
Trae en su frente de nardo
un pensamiento azucena,
todo risueño, sin voz...
Se acerca al alma, la besa
y le preludia, al oído,
una canción dulce y vieja...
El corazón lo acaricia
y se hace todo de fiesta...
¡Llora de gozo, allá dentro,
la evocación de una pena!
—¿Por qué llorar, buen hermano,
—buen corazón— si aún te queda,
en tus labios, una risa
de amores, de primavera?—
¡Es un recuerdo divino
que sabe el alma y no cuenta!

Virgilio Antonio NÓVOA GIL

S I L E N C I O


Mi casa tan lejos del mar,
mi vida tan lenta y cansada.
¡Quién me diera tenderme a soñar
una noche de luna, en la playa!
Morder musgos rojizos y ácidos
y tener por fresquísima almohada
un montón de esos curvos guijarros
que ha pulido la sal de las aguas.
Dar el cuerpo a los vientos sin nombre
bajo el arco del cielo profundo
y ser toda una noche, silencio
en el hueco ruidoso del mundo!

Juana DE IBARBOUROU



Grabado José Luis

PRECIO 15 CTS



Cristal

REVISTA LITERARIA

NUM. 2

DIA DE LA PEREGRINA

PONTEVEDRA

Cinta de Verbena

Agosto. Fiestas. La noche ciñe la muselina oscura de su vestido en las serpentinadas de luz que le arroja la mano galante del cohetero y los volantes de su falda caen por el espiral de la guirnalda de los farolillos.

La fuente ha abierto su magnolia de cristal y en su fondo acoge como en un encantamiento de serenidad, la silueta larga y honda de San Francisco.

Sobre el pedestal "festeiro" de los gaiteros de Palla Mallada, la ciudad alza su frente en las torres de la Peregrina cuya puerta abierta,—pupila de luz—dibuja al fondo el raso azul de un carro peregrino. En el manto de la Virgen van prendidas las conchas como corazones marineros y en su bordón las calabazas llenas del agua fresca de un manantial de esperanza.

Las manos luminosas de los fuegos fijos van trazando caprichosas arabescos sobre la muselina de la noche: de esta noche que parece repetir aquellos versos de Juan Bautista Andrade

Ala-lá. Todos tienen su casa.

Ala-lá. Yo no tengo ninguna.

Ala-lá. Sobre el sueño de todos

yo me duermo en el aire, desnuda.

COSAS Y FIGURAS

PONTEVEDRA

LOS PUENTES

Pontevedra va a ser siempre la ciudad de los puentes.

El puente de la Barca, moderno y estilizado y el del Burgo, lento y pesadote.

Tiene el primero de estos puentes toda la inquietud contemporánea de la velocidad; de un salto acrobático se lanza, resuelto, de una a otra orilla.

Por el contrario, el puente del Burgo me recuerda la visión insultaneista de una aldeana atrabesando el río.

Vadea el Lérez con calma labriega y reflexiva.

Este puente está en el camino de Compostela.

Y a la ciudad del Apostol hay que ir así, con andar tardo y sintiendo el peso de la carne, agobiado por una voluntaria penitencia.

LA MOUREIRA

Un poco emocionado escribo este nombre del barrio corazón de la ciudad: *La Moureira*.

Corazón envejecido que guarda un repicar alborozado de palpitations, el aroma, casi conventual, de nuestra tradición.

Sobre ese conglomerado de casucas misérrimas que hoy se ve, tuvo un ingente templo la aventura.

Aún sangran las aguas bajo los tajos audaces de las galeras de Colón, Sarmiento de Gamboa y los Nodales.

Y el mar, que tuvo para los esforzados navegantes seducciones deliciosas de mujer, acaricia con huecas palmadas de oleaje los flancos domésticos de las traineras de los nietos de los héroes.

SANTO DOMINGO

Acertó definitivamente aquél observador que llamó al estilo ojival el símbolo del fuego.

Este templo era así en sus épocas mozas un gran incendio de piedra donde ardían, cual diminutas vedijas, las armaduras de los caballeros.

El hielo de los siglos extingió la hoguera lentamente.

Solo quedan, cual llamas rezagadas, el abside y dos naves, y aún puede evocarse el esplendor de aquella luminaria maravillosa.

En el desgarrante crepúsculo del viejo templo, el hieratismo de las estatuas yacentes es fe, oración y espada.

PAYO Y GOMEZ DE CHARINO

Llevado de la mano por las estrellas salió al mar el almirante.

Era amarillo el día, y el sol, escondido entre nubes pajizas, maduraba como una manzana aldeana.

Dormía el viento sobre la blanda cama del Atlántico y las velas caían a plomo.

Entonces, el almirante Don Payo, para entretener el largo viaje a tierras de Morería, tomó entre sus recias manos la céltica caracola marinera.

Y dijo trovas bellas y sentidas al cielo y al mar, al Señor Sant-Yago y a Santa Maria.

Aquella voz había nacido para flotar eternamente en el espacio de la edad medioeval e ir con un auroral cabalgar de aceros y de plegarias a lamer las doradas playas de la patria que atrás quedaba.

EL PADRE SARMIENTO

Este buen padre Martín, gordo, benévolo y sabio, nos dejó para que no le olvidáramos, su asiento en la ribera del Lérez.

El querido dominico supo que así tendría un lugar pequeñito de emoción en nuestros corazones.

Amaba a la Naturaleza y sabía verla el padre Martín; sus oídos se abrieron a todos los murmullos y penetraron sus ojos con lanzada sagaz en la amante intimidad de las cosas humildes.

Empero lanzó también su observación rectilínea a los cielos cribados de jóvenes estrellas y los amó como a pequeñas florecillas de los campos del Señor.

Por todo esto, a la orilla izquierda del río Lérez, tiene aún hoy su asiento vacío en una peña enorme, que le aguarda siempre.

ELEGIA A LOS TRES MOZOS

Eran tres mozos, galanos y bellos, ciegos de audacia, escalofriados por un constante temblor emotivo.

Cantaba en sus almas la misma aurora de los días del Corpus en la ciudad.

Amaban la vida con candentes ímpetus de sensualismo juvenil.

Y había en sus corazones una ambición de ser, una ambición tan grande, tan arrogante, que ni ellos mismos supieron explicarla.

Marcharon de la ciudad un día en un atrevido navegar de idealismo.

Pasados algunos años supimos que habían muerto en tierra extraña.

Me gusta verlo así porque su silueta es más plana, más larga, más serena. Tiene un romántico mutismo y no es ni quiere ser más que MURO. Le véis cerrar el poniente, mudo, extático, indiferente a las ramas desnudas de los manzanos del huerto de las monjas, las ramas que sobresalen de él queriendo ser JIRAFAS; indiferente a la luna que esparce por la tierra sus tentáculos y os grita desde el cenit: YO quiero ser PULPO. Porque es todo silencio, porque está ensimismado, porque su ceño es meditativo y tiene pupilas para mirar hacia adentro entre este griterío de las cosas, me gusta ver el Paredón de la Feria bajo el plenilunio, cuando la ciudad apretando vuestros ojos con la mirada de sus luces, en un plano horizontal a la altura de vuestras pupilas os dice: YO quiero ser VAMPIRESA. Y las antenas de la radio celestinean de ciudad a ciudad como vulgares trotaconventos.

De "Mi ciudad". En preparación

A D H

A p u n t e

PASA la Santa Compañía...

Los árboles cuchichean comentando la extraña procesión.

Entre las zarzas que bordean el camino se destacan las miradas verdes, llenas de envidia, de las luciérnagas y los ojos asustados de un mendigo.

Lejos, muy lejos, los perros del pazo er-tonan una canción fúnebre.

Entre los muertos que forman el cortejo va el cuerpo de un joven tísico fallecido tan recientemente que aún no ha podido olvidar la costumbre de toser.

P o e m a c u r s i

SOBRE un tablado de carcomidas tablas, debilmente alumbrado por unas luces mortecinas, Arlequin prosigue su tradición de burladar adueñándose del ligero corazón de Colombina.

La orquesta pretende interpretar "Los millones de Arlequin".

El cornetín expresa la alegría del nuevo amor, el chelo la tristeza del que finaliza....

A G U S T I N P O R T E L A



GRABADO

FERNANDO ALONSO

Xornadas de Bastián Albor

17 Natal

DE mañán cedo chegou o abade pra decir misa na capela do pazo e ficou a pasar o día con nós. Co-a sua vinda paréz que remudou todo; é un vellote cheo de saúde e de simpatía. Rillamos ben, chimpamos máis da conta e, despois do café, pegamos nun tute a patacón o tanto, que faguía tentarse a roupa. Co xogo fóise o tempo e cando acordamos xa non eran horas de botar ao probe abade pol-os camiños. Ceou tamén con nós. Logo parolamos hastra ben despois da meia noite diante unhas copas de *Carlos I*, doirado que daba xenio velo.

Eu cheguei a perder etiqueta e compostura, e dándome tal cual son, pran-teí perante o crérigo o probrema das miñas crencias. Eu creio en Cristo com-unha figura históreca, creio na sua vida e fago por crer na doutrina da sua eirexa, mais no fondo da i-alma, gardo un culto íntimo e sinxelo aos vellos déuses da Hélada: creio en Dyonisios e en Poseidon, en Zeus e en Palas; gosto de lembrarme do mito de Leda, de Maxinar a Cástor e Pólux, e de soñar co-a proteición omnimoda de Hermes. O seor abade chegou a arrepiarse das miñas verbas. Logo, cando lle mostréi o meu horóscopo e ll-espriquei os signos que o mago me pintou na casa de Sagitario, bromeou mais repou-sado:—Esas son birimbáinas de xentes de pouco mais ou menos.

Insistin nas miñas argumentaciós e demostreille como a beleza fuxiu da vida no intre en que as xentes esqueceron os antigos mitos. Non me puiden conter, puxen mans nese libro maravioso que vai sempre conmigo e que leva por tidoo *La muerte de los dioses*, e leinlle aquele admirabre capídoo XII onde Merejkowsky conta o paseo de Xu-liano pra faguer as panexirias no monte Hélios, diante o neno Heferión, o fillo da sibila Diotima, e o vello Gorgio, únecos crentes na eisquisita relixió dos antergos. Teño pra min que o seor abade emocionóuse tamén na lectura. Lois escoitaba calado, ollos pechos, coma querendo povoar a sua imaxinazón de somas amigas co-as que poidera falar logo a soias, nas horas longas, nos silenzos infindos, na soedade insoportable, pra lles contar a auguria da sua vida certo de topar un eco de consolo.

Despóis das duas, deitámonos. O seor abade certamente que levaba posto o pensamento nos mártires das persecuciós imperiaes, Lois na dor que supon ollar per-dida pra sempre a ledicia das groriosas e inesquecibres escolas gregas; eu pol-a miña parte, nos mármores inimitabres dos subrimes mestres doutroa, naquela tradizón d'antes que ninguén mais voltará a continuar, porque perdéuse pra sempre a fe que alumiaba nos diviños xenios helénicos: na eleganza de *Apolo* de Belvedere no sofrimento de *Laoconte*, na grandiosidade do *Galo Suicida* da coleición Ludovisi, no movimento aéreo da *Victoria* de Samotracia, na repousada serenidade da *Démeter* de Cnido, na beleza espritoalísima do *Hermes* de Praxiteles, na castidade das *Venus*, na teatralidade dos frixos de Pérgamo, en todas aquelas xoias, fontes de toda sabencia e sensibilidade, nas que beberon os maiores artistas dos novos mundos.

A L V A R O D E L A S C A S A S

V i a x e p o l - a n a t u r e z a

A conquistar a soma imaxinada
nas aristas dos ventos en folía,
en cada ponla unha canción s'afia,
por esquezos de lús asolada.

Nos espellos do río vai deitada
a lúa, debalando mais esguía
esperanzas en follas de legria;
contra da beira verde, a pandeirada.

A xuvenca medita unha muiñeira,
no seu ollar pintando a primaveira,
en perfil de coores a paisaxe.

Pol-os camiños o silencio arrola
a canción esquecida, núa, tola,
que me leva da man n'ista viaxe.

A U G U S T O M . ^a C A S A S

R o m a n c e d o a f i a d o r

VEL-HAÍ ven o afiador
asubía que asubía.
Co seu carro de unha roda
é com'a vesta cinguida.
Trai unha caixa de ferros
i-unha pedra onde il afía,
unha pedra condenada
que vota raios e chispas.

—Veña pra acá, afiador:
afie a navalla miña.
Teño na festa da Virxe
de facer trinta feridas.
—Xá fican poucas navallas,
rapáz, pra desgracia miña:
roubás a Garda Cevil
aos mozos, nas romarías.

Xá rematou a tormenta
de trebós, raios e chispas.
A chola do afiador
foi a Terra onde cairan.

.....

—Afiador, peleriño
de corredoiras e vilas;
cando non ten que afiar,
qué fai?

—Año cantigas.

.....

Vel-ahí vai o afiador,
asubía que asubía.
Co seu carro de unha roda
é com'a besta cinguida...

X O S É M . ^a A L V A R E Z B L Á Z Q U E Z

E S F I N X E S

PASABAN os días cal un lento rosario, nas mans d-un santo asceta, y-as cousas mudábanse ante os meus ollos y-a sensación do onte era tenás propuñadora da do mañan ateigado de cousas novas.

Sempre ao entrar no templo, eu percuraba desvear o fondo mistereo d-aquelas esfinxes da portada qu-eu ollaba a cotío na catedral de Compostela.

E todol-os días tiñan aquelê mesmo xesto, a mesma autitude chea de serea inmutabilidade com depurada do roce envellecedor do tempo. Nin unha verba, nin un salayo. Sempre tendendo a man pidichona, n-unha solene imploración.

Somellantes às graníticas imaxens que puxo o devoto cicel de Mateu no Pórtico da Gloria, gardaban a alma momificada n-un xesto hieratic, n-un vago y-estáteco ollar inexpresivo.

E axiña comprendin que aquês espíritos fechados no mais profundo de si mesmos, tiñan pros arripantes cancos e grangrenas que apodrecían a súa carne miserabel unha tranquiá indifrenza chea de santidade loubante.

Y-o resinado senso das súas vidas doentes oubria aos meus ollos un espallado camiño asprerrimo requemado pol-a tráxica fogueira do pecado carnal.

O circo da quietude eterna enfechaba n-un vasto, interminabel instante, á natureza enteira.

O I R I S D I N A M I C O

NA longa e recendente campia.

Tece a gaita saudosa novelos de còr e cintaxos de lus.

E tórnase acesa en vida a rexoubante policromía dos traxes aldeans.

O gaitero cal un vello pintore antigo vai compoñendo os cadros...

Amarélo, verde, azul, róxo... choutan e bulen n-un frebicitante vértigo cal si o "arco da vella" estumballado encol da terra, estalara en anzós sarpulentos.

O bosque cal un fano primevo sinte a fonda solenidade do instante. Xa son os piñeiros lanzals columnas de basalto y-as ponlas aprétanse facendo unha outa bóveda propicea ao inciático mistéreo, reteñen as nubens a súa respiración eólica.

Vai chegar a hora.

O panteístico instante da consagración.

.....
No ardente circo do Sol asoma com outramente a bonanceira faciana do Horus do Pleroma.

Na longa e recendente campia tece a gaita saudosa novelos de còr e cintaxos de lus.

L . A M A D O C A R B A L L O

DOMINGO DE RAMOS NA ALDEA

UN rechouchío que arrecende a festa antre as piornas rubiu as corgas do monte empuxado pol-as acibeiras da congostra que peteiran co-a folladela o arume primadeiral dun pintasilgo garimoso. Van na percura das aguilladas pra labourar con pacencia as oracións avelaiñas da sementeira. Con tenra sinxeleza arquiteitónica trousaron as mellores chorimas do aciveiro, decotando a espranza dun xugo se abranguera un século de vida.

Na oliveira do adro loitan pol-a cruzada gomaxe, onde dormiron os gorrións da invernia, cantando no atardecer un *miserere* co-a música medoñenta do campadario e o laido agonizante do moucho que tivo a noite por sua sin lampiñón que o guiase. Puxanza por conquistar as gaxanas, paixón pra mañan campar na eirexa co traxe dos dias santos.

O dono da mellor ponla é o ás desta xogada, rexo capitán foupeiro trafega loureiro, remeu pau de San Gregorio, ruda... un almacen de albres sen vida que sauda a velliña con lelias e paga con beixos de aboa.

Paseniño, paseniño, ven a noite co soplo dunha orballada gardar a sazón das herbas que durmen no patín da casa.

O galo, pito cairo da escascadiña, peta co seu croiar no oco do infindo silencio. A fumaza da mañan espreguizase en percura do val silandeiro que esperta co esferruxar lonxán dos zocos nas calzadas da corredeira que levan camiño da eirexa. As mulleres levan un feixe de ramos atafegados co mantelo e atados coa soga do gando. Sobor dos confesonarios aparecen os maores ramos da parroquia que pasaron a noite na eirexa.

Os homes con ponlas de oliveira contan lampanas no adro e todol-os nenos da parroquia choran a retesia e barullan no colo de sua nai ou da madriña, lucindo puchas rizadas con tinos de chuchamel. Barullo amorfo, polifónica manifestación dos nenos que inda non falan orquestando seu laiar con renxido de chaves guindadas no seo das ladaiñas.

Saleu o cura coa capa nova e na eirexa hai un remuíño de ramaxe con arume de campia. Os ramos fican de pe, como choucas mestas no comareiro, a veira da sua dona que agarda a procesión pra quebrar a pauliña malfadada. Como somas de xigantes salen todos ó redor da eirexa, repenicán as campás con aires de muiñeira enxerida pol-o vento nos remorsos do turreiro. O sancristán fechou a porta e agarda os tres golpes do abade que seguido da freguesia prega coa crus a entrada na Santa Casa. As mulleres reloucan por entrar de primeiras e fan ceibar o latin as golparadas.

A crus envolta no pano morado deu o terceiro golpe e o sancristán franquea a porta entrando a xente en furacán na eirexa. Misa longa antre arumes de ruda e incienso, despois galliños de oliva na porta da casa, beizon na facenda, fumazas na lareira cando trone e aproveitamento do acibo, pra aguillada, que ouviu na porta do confesonario un *qui tollis peccata mundi*, entranto rezarios encadeados na pantasia arrolan folerpas vigairosas no roteiro neboento que leva a nao campesiña.

A . F R A G U A S



' ' C R I S T A L ' '

INTEGRADA la redacción por elemento joven, que acaba de pasar por época de exámenes, se vió por ello obligado el retraso en la salida de sus números. Pasada ya esta etapa de mayor intensidad por las preocupaciones universitarias, volverá en un próximo número, doble también, "Julio-Agosto" a puntualizar su aparición poniendo como siempre el mayor cuidado en sus páginas, hacia las que seguirá atrayendo a los valores de la literatura actual. Como hasta aquí vinieron prestigiando sus páginas. Lacomba, Cunha Dotti, Duyos, Teófilo Ortega, Pérera Clotet, Augusto M.^a Casas, Gabino Diaz de Herrera, Pemán, Sassone, Iglesia Albariño, Cienfuegos, Xohan Luis Ramos, García Lorca ...

A R T E

F e r n a n d o A l o n s o

ESTE dibujante, que es casi un niño, se asoma hoy por vez primera a la ventana de una página impresa. Se asoma, con ese balbuceo en las pupilas, absortas por la luz, cuando encuentran el cielo apenas salidas del sueño. Es la primera vez que graba y no sé si por su página sabréis medir cuantas promesas guarda. Pero yo, que conozco sus dibujos os aseguro que estais frente a un artista. Joven, incipiente, llevo de alegría en el trazo y en la luz, dá a sus páginas un dinamismo amable, un poco frívolo, un poco "ritmo de fox" que le dá un sabor más nuevo.

"Cristal" que le ve hoy grabar por primera vez cifra en él buenas esperanzas. Dad tiempo al tiempo: yo os digo que estamos ante la epifanía de un feliz intérprete de lo bello.

A . . . D . . . H . . .

" P A P E L D E C O L O R "

DE la mano de Alvaro Cunqueiro, sale a la calle en el Este gallego, una hoja de poesía. El espíritu exquisito de este poeta, presenta en esta hora de nuestro renacimiento, magníficos poemas de nuestros mejores poetas jóvenes, con su "Papel de color", publicación llena de alegría y de expresión lírica.

Merecía "Papel de color" un amplio comentario. Pero su noticia habrá de concentrar en este punto la máxima atención. Para el lector, queda, pues, el comentario: alborozo preciso y denso, de esta oja de poesía ante los espíritus de la nueva Galicia.

Lleva publicados tres números. Admirables. De una belleza justa y verdadera. Tan bellos que queremos mirarlos por adentro, para ver el corazón de su poesía. Tan bellos que queremos pasar la mano por el perfil de sus imágenes, para sentir la vida que hay en sus poemas. Tan bellos que se quedan delante de nuestros ojos, como esos recuerdos que nos cortan el paso y nos crucifican entre las cuatro paredes del silencio.

"Papel de color" núm. 1.—"Elegía a Manuel Antonio", de Alvaro Cunqueiro Poesía pura y transparente, con el color de la sombra, reverdeciendo la admiración hacia aquel gran poeta que se fué de nuestro lado... Elegía para decir en su loa, delante del mar de su "De catro a catro" con sus galernas de imágenes. Elegía que nos sabe a viento, que nos hace latir el corazón más de prisa, hacia la otra orilla, al lado del inolvidable Manoel Antonio.

"Papel de color" núm. 2.—"Noticias do porto", de Aquilino Iglesia Alvariño. Un poema entero y verdadero, noticias bellas de ese puerto que todos llevamos dentro Iglesia Alvariño es uno de nuestros mejores poetas. Este poema que hoy publica, es justa proclama de su auténtico prestigio.

"Papel de color" núm. 3.—"Historia de Amendoíña Segundo Andersen", de Ricardo Carballo Calero. De este poema hay mucho que hablar. Y que sentir. Es una página admirable de nuestra lírica novísima. Carballo Calero sabe muy bien que la poesía tiene algo que se escapa de las palabras: imponderable. Y sabe engolfarse en estas bellas mareas poéticas.

Para fecha muy próxima anuncia un número extraordinario, dedicado a "Resol".

Yo creo que "Papel de color" es una oja de poesía.

A . . . M . . . C

BARREIRO



FOTÓGRAFO



PONTEVEDRA

SANATORIO MARESCOT

— DE —

Cirugía general y Ginecología

DIRECTOR:

ENRIQUE MARESCOT IGLESIAS



Cirujano del Hospital, de las Clínicas Quirúrgica del Hospital de la Salpêtrière y Ginecologica del Hospital Broca de París.




ESTE SANATORIO, LUJOSAMENTE INSTALADO Y DOTADO DE LOS NUEVOS ADELANTOS, RESPONDE A LAS NECESIDADES DE LA NUEVA CIRUGIA, PRACTICANDOSE EN ÉL TODA CLASE DE OPERACIONES QUIRÚRGICAS Y TRATAMIENTOS





CIMILARES

Moderna instalación de Rayos X










APÉNDICES



A Pontevedra de *Cristal*: os anos da IIª República (1931-1936)

1. Algúns aspectos sociais

O aumento demográfico de Pontevedra é continuado xa dende inicios de século, se ben será durante a década dos trinta cando se empeza a producir un incremento máis acusado. Trátase, xa que logo, nos anos vinte e trinta, dunha poboación nova que presenta unha distribución desigualitaria no que se refire á composición por sexos, xa que é moito maior o número de mulleres que a compón.

Segundo o censo de 1930, a provincia de Pontevedra era unha das máis poboadas en España, correspondéndolle ás zonas costeiras, entre as que se destacaban Vigo, Cambados e a propia Pontevedra, os meirandes índices demográficos. A poboación de feito, para o total da provincia, era, segundo o devandito censo, de 568.011 habitantes, e a poboación de dereito de 636.149. Esta cidade acollía a cabeceira dun dos partidos xudiciais en que se dividía a provincia, que para cuestións civís dependía da Audiencia Territorial da Coruña, mentres que para cuestións penais facía da propia Audiencia Provincial de Pontevedra.

Polo que atangue ó sector das mulleres, hai que dicir que a partir dos anos 20 dáse un incremento relativo do movemento feminista, posto que arredor da vindicación do dereito a voto aparecen grupos de mulleres e círculos de opinión cuestionadores da ideoloxía dominante, marcada polo catolicismo e por unha consideración da muller como un ser inferior. O dereito ó voto feminino apróbase no ano 1931 e a partir da chegada da IIª República dáse un aumento no que fai referencia ós chamamentos ás mulleres para participaren no proxecto do Partido Galeguista. No semanario *A Nosa Terra* encétase unha sección denominada "O recanto da muller", na que destacadas protagonistas piden a participación e o compromiso das mulleres no movemento galeguista. Con todo, a militancia feminina habería de ser escasa e a súa relevancia neste proxecto pouco significativa¹³⁶. No plano político, hai que facer mención tamén da proposta progresista que os delegados nacionalistas composteláns presentaron para lle outorgar a igualdade de dereitos civís á muller. Isto ocorreu na cidade de Pontevedra, na Asemblea Constituínte do Partido Galeguista, no nadal de 1931¹³⁷.

¹³⁶ Vx. a tal efecto os capítulos "A muller galega en loita polos seus dereitos" e "A participación das mulleres", respectivamente, en Emilio Xosé Ínsua, *O teatro das Irmandades da Fala*, Vigo: A Nosa Terra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, *Historia da Literatura Galega*, nº 20, 1996, pp. 615-616; Goretti Sanmartín Rei, *A prosa didáctica (1916-1936)*, Vigo: A Nosa Terra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, *Historia da Literatura Galega*, nº 26, 1997, pp. 824-829.

¹³⁷ Xosé Vicenzo Freire Lestón, *Lembranzas dun mundo esquecido. Muller, política e sociedade na Galicia contemporánea 1900-1939*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 32, 1993.

No que respecta ó plano literario, cabe facer referencia á escasísima presenza feminina neste terreo. Daquela, como dato significativo pódese constatar que entre o comezo de século e o remate da guerra civil tan só se publicaron oito libros poéticos de autoría feminina. Entre as escritoras, dous nomes representativos, expoñentes á vez dunha ideoloxía católica e nidiamente conservadora, son os de Herminia Fariña e Francisca Herrera Garrido.

A crecente alfabetización da poboación, que terá a súa expansión xa nos anos corenta, é outro aspecto salientable deste período cronolóxico aínda que dentro dunhas condicións propias dun país cun escaso grao de desenvolvemento¹³⁸. No tocante ós sectores productivos, a relativa importancia do sector primario débese a que boa parte da poboación pontevedresa vive en parroquias rurais. Prodúcese un descenso da poboación activa neste sector nas primeiras décadas de século, cun incremento relativo na súa actividade ocasionado pola guerra civil. O sector terciario medra de xeito acelerado ata os anos trinta, mentres que o secundario o fai de forma moderada¹³⁹.

Outro dos problemas cardinais que lle afectaban á sociedade da época era o da emigración, que non era outra cousa que a manifestación evidente dunha posición de atraso, marxinalidade e submisión, tanto política coma económica ou cultural. Este fenómeno, amais doutras moi negativas consecuencias para Galicia, coma o avellentamento da poboación ou a perda de forza productiva, trouxo consigo un factor de dependencia periférico con respecto ó poder central, que eivou a posibilidade dunha expresión política autónoma asumida de xeito maioritario pola poboación. Pola contra, ben lonxe dunha explosión colectiva de cariz nacionalista, o legado do anteriormente sinalado sería o autoodio, a xenreira idiomática e unha clara posición marxinal na correlación de forzas con respecto a outras culturas da España da época.

2. Evolución política

A chegada da IIª República¹⁴⁰ contou en Pontevedra cun abondoso número de monárquicos, caso de Víctor Lis Quibén, Luis González, Salvador Foronda ou Luis Fonseca, parte dos cales ó se constituír a Confederación Española de Dereitas Autónomas, ingresaron nela. Destacado expoñente da Falanxe era Secundino Esperón, mentres que Emiliano Iglesias pertencía ó Partido Radical,

¹³⁸ Dun total de 14.064 homes e 16.757 mulleres censadas en 1930 no municipio de Pontevedra, 4.972 e 8.158 son, respectivamente, as cifras de persoas sen saber ler nin escribir.

¹³⁹ Vx. María Araceli Filgueira Iglesias, "El comercio pontevedrés y las ferias", *El Museo de Pontevedra*, nº XXVII, Pontevedra: Padroado José M. Quadrado do C.S.I.C., 1973, pp. 131-180.

¹⁴⁰ Xosé Fortes Bouzán, *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña: La Voz de Galicia, 1993, pp. 739-757.

representante do conservadorismo máis tradicional. No proxecto centrista de Manuel Portela Valladares integráronse homes como Prudencio Landín, Sáenz Mon ou Valentín Paz Andrade.

Por parte das forzas republicanas salientaban nomes como Bibiano Fernández Osorio-Tafall, alcalde da cidade xa nas eleccións municipais do 12 de abril de 1931. Este sector, que nun principio estivo aglutinado arredor da Organización Republicana Galega Autónoma, que capitaneaba Santiago Casares Quiroga, logo do fracaso electoral de 1933 integraríase na Izquierda Republicana de Manuel Azaña. Unha facción minoritaria do republicanismo pontevedrés, na que estaban Celestino Poza e J. Adrio Barreiro entre outros, pasaría á Unión Republicana, como a anterior integrada posteriormente na coalición de esquerdas da Fronte Popular.

O sector socialista posuía unha abondosa representación á que estaban adscritos Francisco Tilve, Ramiro Paz e Amancio Guance Pampín. A maior parte dos traballadores aglutinábanse arredor da Federación Obreira (presidida por García Filgueira), posuíndo unha porcentaxe menor a UXT. Representantes locais do Partido Comunista eran, amais deste último, Gama Casalderrey ou Xosé Acuña Gallego.

Co remate da Dictadura de Primo de Rivera en 1929 coinciden as tentativas serias de reorganización do nacionalismo galego. Co gallo da celebración da festividade do Día de Galicia, no ano 1930 teñen lugar no Teatro García Barbón de Vigo unha serie de discursos de especial significación para o lanzamento dun novo periplo no percorrido do nacionalismo galego. O de Ramón Otero Pedrayo titulábase “A siñificación espiritoal do Día de Galiza”, mentres que o de Afonso R. Castelao se denominou “O galeguismo no arte” e, pola súa banda, o de Valentín Paz Andrade foi “A nosa definición autonomista”. En consonancia con isto, é na denominada “dictabranda” dos xenerais Berenguer e Aznar —entre 1929 e abril de 1931— cando intelectuais como Ramón Otero Pedrayo e Afonso R. Castelao principian a andaina da reorganización. Daquela, en Ourense fúndase o Partido Nazonalista Republicano, mentres que en Pontevedra aparece o Partido Galeguista.

Neste estado de cousas, a comezos de decembro de 1931 constituíuse en Pontevedra, na converxencia final do movemento das Irmandades da Fala, o Partido Galeguista, que acadaría un protagonismo especial ó longo dos anos que durou a República¹⁴¹. Este partido, do que era órgano de expresión *A Nosa Terra*, xogou un papel decisivo na loita pola consecución do Estatuto de Autonomía e contaba cun importante número de figuras nas súas filas. Entre

¹⁴¹ Justo G. Beramendi e Xosé Manoel Núñez Seixas, *O nacionalismo galego*, Vigo: A Nosa Terra, *Historia de Galicia*, nº 18, 1995, pp. 143-164.

elas, persoas do peso de Castelao, Alexandre Bóveda¹⁴² ou Víctor Casas. No seu seo produciuse o debate ideolóxico fundamentalmente entre os representantes da liña neotradicionalista, encabezada por Vicente Risco, e os da liberal-democrática, con nomes como os de Afonso Rodríguez Castelao, Bóveda ou Valentín Paz Andrade. Como resultado destas disputas produciríase unha escisión na IV Asemblea do Partido Galeguista, celebrada en Compostela en abril de 1935, que levou a unha parte da tendencia tradicionalista a constituír a Dereita Galeguista de Pontevedra, dirixida por Xosé Sesto López, Xosé García Vidal, Xosé Martínez Tiscar, Antonio Iglesias Vilarelle e, a partir de maio, por Xosé Filgueira Valverde. O 25 deste mes aparece o manifesto "Dereita Galeguista de Pontevedra", que asinan Xosé Sesto, Martínez Tiscar, Filgueira Valverde, García Vidal, Lino Sánchez e Darío Caramés. Nel propugnábase a creación dun partido galeguista de dereitas e esbozábase un pequeno ideario que sentaba os alicerces.¹⁴³

Nos últimos días do mes de maio de 1931 tiña nado Labor Galeguista de Pontevedra, cunha Xunta Directiva composta por Xosé García Vidal, como presidente; Xosé Filgueira Valverde, secretario; Claudio Losada Prada, tesoureiro, e Xerardo Álvarez Jiménez, Afonso R. Castelao e Cruz Gallástegui Unamuno, en calidade de conselleiros. A súa finalidade era a de axuntar homes de tendencias opostas e colaborar e incidir dun xeito galeguizador sobre as formacións políticas constituídas en Galicia a fin de fortificar a súa conciencia colectiva. En maio de 1931, presentada dentro da candidatura galeguista na campaña das eleccións constituíntes, organizaron un mitin no Teatro Principal de Pontevedra no que Afonso Daniel R. Castelao actuou de presentador dos participantes, Ricardo Carballo Calero, Álvaro de las Casas e Ramón Otero Pedrayo. Ó mes seguinte, en distintas localidades da provincia —Catoira, A Guarda e Tui entre elas— interviñeron Castelao, Valentín Paz Andrade, Antón Iglesias Vilarelle, Álvaro de las Casas, Xosé Núñez Búa, Alexandre Bóveda, Xoán Vidal e Xosé Lino.

O 1 de xuño de 1931 tivo lugar unha xuntanza nos baixos da casa nº 9 da rúa Sarmiento de Pontevedra co fin de dar conta dos estatutos que serían presentados no Goberno Civil para a constitución do Grupo Nazionalista Galego de Pontevedra, estatutos que serían aprobados por unanimidade. O Consello Executivo resultou ser o seguinte: Afonso Rodríguez Castelao¹⁴⁴ no cargo de pre-

¹⁴² No *Diario de Pontevedra* do 21-II-1933 reproducíase a súa conferencia en defensa do Estatuto pronunciado o domingo 19 no Coliseum.

¹⁴³ Vx. Xavier Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana* (vol. II), Ourense: Deputación Provincial, 1985, pp. 780-790.

¹⁴⁴ Adoitan establecerse, no período que media entre o comezo da década dos anos trinta e o seu pasamento, unha serie de banzos no que é a súa evolución ideolóxica: o seu papel como líder e aglutinante do nacionalismo galego, fiel á democracia republicana; a progresiva decantación cara á esquerda, en especial a partir da chegada das forzas da dereita ó goberno en 1933; unha actitude militante e combativa fronte ó fascismo, dende o inicio da guerra civil. A este respecto véxase o volume de Manuel Rei Romeu, *A guerra civil. Literatura do exilio (I)*, Vigo: A Nosa Terra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, *Historia da Literatura Galega*, nº 31, 1997, pp. 965-976.

sidente; Antón Iglesias Vilarelle como vicepresidente; Xoán Vidal Martínez como secretario¹⁴⁵; Serxio Sánchez Puga, depositario; Eduardo Alexandro Ferrín, contador; Lois Pintos Fonseca, bibliotecario; Sebastián González García e Carlos García Cabezas, conselleiros. En sesión do 3 de nadal de 1931 o Grupo Nazionalista de Pontevedra reuniuse para estudar o relatorio para o programa do Partido Galeguista, de unificación de todas as entidades ou grupos autonomistas e nacionalistas de Galicia.

A este respecto, hai que dicir que o Partido Galeguista de Pontevedra —denominación máis ben referida á provincia cá propia vila— non habería de acadar unha existencia nida, froito da curta duración da súa andaina, de a penas seis meses. As distintas agrupacións que o constituían mantiveron existencia de seu e houberon de estar representadas na asemblea da que, a finais de ano, xurdiría o partido con representación en toda Galicia.

Así as cousas, a Asemblea Constituínte do Partido Galeguista tivo lugar na cidade de Pontevedra os días 4, 5 e 6 do nadal de 1931, logo da celebración da VII Asemblea Nacionalista. Entre os concorrentes pontevedreses, que acudiron á sala de festas do Hotel Madrid, estaban Xosé García Vidal, Antón Iglesias Vilarelle, Alexandre Bóveda, Xosé Filgueira Valverde, Xoán Vidal Martínez, Cruz Gallástegui, Pedro Basanta e Xerardo Álvarez Gallego. Tamén estiveron presentes os deputados Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Suárez Picallo e Ramón Otero Pedrayo.

Como resultado, a provincia de Pontevedra foi a única das galegas nas que o nacionalismo formou candidaturas en senlleiro para as Cortes constituíntes, arredor da Candidatura Galeguista, que en 1931 presentou os nomes de Afonso R. Castelao, Valentín Paz Andrade e Ramón Cabanillas. Mais dos catro dirixentes elixidos polo galeguismo en tales comicios, só Castelao foi o representante desta provincia, de non mediar o fraude electoral que lle custou a acta de deputado a Valentín Paz Andrade.

Nas eleccións xerais de novembro de 1933¹⁴⁶ o Partido Galeguista, dada a súa estratexia de presentar candidaturas por minorías en todas as provincias, como xa fixeran para concorrer ós comicios municipais de abril de 1933, presentou como candidatos polas súas listas en Pontevedra a Valentín Paz Andrade, Afonso Rodríguez Castelao, Antón Alonso Ríos e R. Alonso Martínez, sen que ningún deles obtivese escano.

¹⁴⁵ A partir da xuntanza do 30 de marzo de 1932 ocupará o cargo de vicepresidente e, despois, dende o 5 de agosto de 1932, será o presidente da nova comisión executiva, logo de que Castelao presentase a súa dimisión.

¹⁴⁶ Dentro do extenso labor desenvolvido "no ano en curso", indícanse as conferencias levadas a cabo polo Partido na emisora de Radio Pontevedra. Alí faláron Alexandre Bóveda, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Lino Sánchez, Antonio Iglesias Vilarelle, Xosé Núñez Búa, Paz Andrade, García Cabezas e Álvarez Gallego. Vx., "Laboura do Partido Galeguista", *A Nosa Terra*, nº 302, Santiago de Compostela, 25-VII-1933.

A chegada ó poder dos gobernos de centro-dereita durante o “bienio negro” supón, entre outros moitos atrancos para o galeguismo, a suspensión de *A Nosa Terra* e o desterro de Castelao e Alexandre Bóveda, persoeiro este último que ocupara o cargo de Secretario de Organización do Partido Galeguista, agás en 1932 en que fora elixido Secretario Xeral¹⁴⁷.

Unha vez aprobado, no 25 de xaneiro de 1936 en Compostela, o ingreso do PG na Fronte Popular e constituída, xa que logo, a Fronte Popular de Esquerdas integrarán, entre outros, a súa candidatura por Pontevedra Afonso Rodríguez Castelao, Bibiano Fernández Osorio-Tafall¹⁴⁸, Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde. Como consecuencia, ás tres actas de deputados logradas polo galeguismo nas eleccións de febreiro —Castelao, Ramón Suárez Picallo e Antón Villar Ponte— hai que engadirlle, o 28 de xuño de 1936, o triunfo rotundo no plebiscito do Estatuto de Autonomía.

Noutro estado de cousas, no que fai referencia ó goberno municipal, dado que nas eleccións do 12 de abril de 1931 resultaran victoriosas as forzas republicanas, antes da toma de posesión como alcalde de Bibiano Fernández Osorio-Tafall, o Goberno Provisional da República Española nomeou alcalde accidental ó concelleiro electo Arturo Rey Juncal, que logo habería de ser primeiro tenente de alcalde. Os restantes serían Francisco Tilve, Felipe Aparicio, Marcelino Candendo e Manuel Gama, sendo Manuel Lorán o síndico elixido. O novo presidente da Deputación foi Amancio Caamaño Cimadevila, mentres que Vicente Varela Radío ocupou o cargo de novo gobernador.

Capítulo de especial importancia foi o acaecido o 2 de xaneiro de 1933, data na que se lle ofreceu como homenaxe un banquete na capital pontevedresa a Alexandre Bóveda e mais a Osorio-Tafall por mor da súa brillante actuación na asemblea de municipios celebrada en Compostela¹⁴⁹, xuntanza na que se discutiu e aprobou, por unanimidade, o proxecto do Estatuto Galego¹⁵⁰. Este acto, servido polo Restaurante Estación, concitou numerosas adhesións en toda Galicia e contou cunha moi numerosa asistencia de público. Ofreceu o agasallo, en galego, o avogado galeguista da capital pontevedresa Xosé Lino Sánchez.

¹⁴⁷ Para un seguimento da actividade desta relevante figura dentro do Partido Galeguista é de especial interese a consulta da segunda parte (“Paixón”) do libro de Xerardo Álvarez Gallego, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Vigo: A Nosa Terra, col. O Fardel da Memoria, nº 2, 1996; tamén o capítulo “O Partido Galeguista” da obra de Xosé María Álvarez Blázquez, *Alexandre Bóveda*, Vigo: Ir Indo, col. A Fraga, nº 12, 1992.

¹⁴⁸ Que xa en 1932 presidía o “Comité Central de Organización y Propaganda del Estatuto”.

¹⁴⁹ Tamén interviñeron na devandita asemblea, como representantes por Pontevedra, Xosé García Vidal, Xerardo Álvarez Gallego, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González, Ramón Cabanillas e Poza Juncal.

¹⁵⁰ Publicado no nº 297 de *A Nosa Terra* (Pontevedra, setembro de 1933), está reproducido no libro de Arximiro Rojo *O Galeguismo a través dos seus textos e documentos políticos*, Santiago de Compostela: Coordinadas, Revista Universitaria de Cultura, Monografías, nº 9, 1989, pp. 145-158.

Logo falaron o alcalde compostelán, López Pol, e a seguir, tamén en galego, Álvaro de las Casas, Poza Juncal, Valentín Paz Andrade, Alexandre Bóveda¹⁵¹ e Ramón Otero Pedrayo, quen gabou as figuras dos homenaxeados.

Habida conta que a corporación municipal era maioritariamente de esquerdas, a victoria da dereita nas eleccións a deputados de 1933 supuxo unha seria dificultade para o seu labor. A seguir, o 12 de novembro dese mesmo ano o gobernador civil designou unha nova corporación, presidida por Vicente Quintá, membro do Partido Radical. O tamén conservador Tomás Abeigón sería o seu substituto. Finalmente, como resultado do triunfo da Fronte Popular nas eleccións de xaneiro de 1936, repúxose a corporación electa en 1931. A primeiros dese mesmo ano, o 12 de abril, celebráronse eleccións municipais, nas que a victoria volveu corresponder ás forzas de esquerda, polo que Bibiano Fernández Osorio-Tafall saíu elixido de novo alcalde, mais a súa designación en Madrid como subsecretario de Gobernación fixo que o comunista Manuel García Filgueira se convertera no novo alcalde. En consecuencia, en 1934, froito dunha folga na cidade no mes de outubro e a raíz dos sucesos de Asturias, a cámara municipal sería substituída por unha comisión xestora encabezada por Ramón Segura, profesor do Instituto e da Normal.

3. A defensa da lingua

A cuestión lingüística foi dende os inicios do movemento galeguista un dos trazos caracterizadores fundamentais de Galicia, tal como consta na “Declaración de Principios” do Partido Galeguista. No apartado VII, relativo á cultura, Álvaro de las Casas tiña presentado unha enmenda á totalidade no nome da Esquerda Galeguista a respecto da necesidade de galeguizar amais da universidade compostelá, as escolas normais e o primeiro ensino. O título co que se daría a coñecer foi o de “Galeguización do ensino”. O activismo nacionalista neste eido, do mesmo xeito que noutros, viría determinado como unha actitude de resposta perante a presión cultural por parte da cultura e lingua castelá ó universo cultural propio.

Coa fundación na cidade da Coruña do movemento das Irmandades da Fala, en 1916, e a creación de grupos por todo o país —entre os que a Irmandade Compostelá e a figura de Lois Porteiro Garea haberían de xogar un papel destacado en canto á definición ideolóxica deste movemento—, tíñase iniciado un fenómeno fundamental na nosa historia contemporánea. Ó nacemento do nacionalismo galego, coa conseguinte superación do rexionalismo e coa engádega

¹⁵¹ Entre as variadas novas sobre este acto rastrexadas na prensa da época, no nº 19 do diario republicano pontevedrés *El País* (22-XII-1932) infórmase que tal homenaxe estará exenta de significación política e constituirá unha “firme expresión de fervor rexionalista”.

agora do elemento de soberanía nacional, superpónselle o pulo definitivo no eido da cultura e do idioma. Xa que logo, artellouse unha organización que foi quen de conseguir dous obxectivos fundamentais, o de axuntar á meirande parte dos intelectuais do entón e desenvolver moi variadas iniciativas a prol da expansión e mais da dignificación da cultura propia e do uso do galego.

A resultas disto, en 1919 a Irmandade da Fala da Coruña lanzou “¡Terra a Nosa! Biblioteca Popular Galega”¹⁵² como suplemento do xornal *El Noroeste*. Nestas mesmas datas nacería, tamén na Coruña, o “Conservatorio Nazonal da Arte Galega”¹⁵³, expoñente da capital importancia concedida ó teatro como vehículo galeguizador da sociedade. Con esta mesma finalidade promovéronse agrupacións artísticas e coros populares que, asemade, representaron obras de diversos autores.

Nesta orde de cousas, coa devandita intención de espallar a nosa lingua e de apostar por xéneros escasamente desenvolvidos, xurdirían as coleccións de novela curta, nomeadamente¹⁵⁴. Dada a situación de anormalidade, tanto lingüística coma literaria, padecida pola cultura galega, os homes das Irmandades da Fala, do Grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos¹⁵⁵ promocionaron con intensidade o cultivo da prosa e en particular o xénero ensaístico. A este respecto cómpre indicar que do mesmo xeito que viron a imperiosa necesidade de avanzar en espazos que ata entón lle estaban coutados ó noso idioma, tamén fixeron unha seria e decisiva aposta por deixar atrás o ruralismo e o folclorismo costumista e ir á procura dunha literatura moderna que estivese en contacto e á par da que se estaba a facer na época en calquera cultura normalizada. Consonte con estes postulados, e referíndose ó xénero narrativo, é o artigo de Leandro Carré “Encol da novela galega” publicado no nº 27 (15-III-1926) da revista *Nós*.

En maio de 1922 aparece *Alborada* en Pontevedra que, sen desbotar textos de marcado cariz ensaístico, lle dedicou unha especial atención á narrativa breve. É o caso de “Camiñantes” e “Amañecer” (nº 2), de Antón Losada Diéguez; “Maliaxe” (nº 2), “O Iris dinámico” e “Esfinxes” (nº extraordinario), de Amado Carballo; “Carón da natureza ser un gladiador” (nº extraordinario), de Euxenio Montes; “O mito de Sant-Iago” (nº extraordinario), de Vicente Risco; “Os esteos da nazonalidade” (nº extraordinario), de Antón Villar Ponte; “O Sol! ¡O Sol!” (nº extraordinario), de Ramón Cabanillas; “O que o sol-por calaba” e “As irremediabes merancorías”

¹⁵² A semellanza da iniciativa de Andrés Martínez Salazar a finais do XIX coa Biblioteca Gallega.

¹⁵³ Estreado coa representación de *A man de Santiña*, de Ramón Cabanillas.

¹⁵⁴ Vx. Xosé Luís Bouzas Millán, *A popularización da novela curta: as coleccións Célitga e Lar*, Vigo: A Nosa Terra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, *Historia da Literatura Galega*, nº 21, 1996.

¹⁵⁵ Anxo Tarrío considera apropiado empregar o termo de Época Nós para se referir ó período comprendido entre 1916 e 1936 dado, aínda a pesar das fondas diferencias ideolóxicas e de estratexia política interxeracional, o sentimento de “nostridade” existente, na tarefa común por liberar Galicia da súa postración secular. Vx. *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1994, p. 199.

(ambos no nº extraordinario), de Manuel Antonio; "O símbolo da árbore" e "O pino de Beni-Hassan" (nº extraordinario), de Valentín Paz Andrade; "O cego" (nº extraordinario), de Castelao, e "A serán" (nº extraordinario), de Xoán Vidal Martínez. Ademais no primeiro número anúnciase a publicación de *Un home de hoxe*, de Antón Losada Diéguez, que non se chegaría a editar e, no extraordinario, anúnciase a publicación dun próximo número que nunca habería de aparecer e que contería a novela *Os super-homes* de Leandro Carré, con ilustracións de Castelao.

"Libredón", pola súa banda, presentaba unhas características afíns ó resto das coleccións de novela curta, se ben posuía de seu características específicas. Non se circunscibía á obra de escritores galegos, senón que tamén acolleu a produción de escritores portugueses. Entre as súas finalidades estaba a de espallar fóra de Galicia, en especial na colectividade emigrada americana, os seus exemplares. Entre 1924 e 1925 editou, en Compostela, dúas novelas.

Pero haberían de ser outras dúas as principais coleccións do xénero breve en Galicia. Conscientes, xa en 1916, Xoán Vicente Viqueira e mais Antón Vilar Ponte da obrigada necesidade de posuír unha editorial propia para publicar obras de creación, o xurdimento das editoriais de que imos falar supuxo, por dicilo dalgún xeito, a consolidación do programa patriótico e cultural promovido polas Irmandades.

A primeira, no que á data de aparición respecta, foi "Céltiga". Xurdida do obraidoiro da homónima editorial ferrolá, viu luz por primeira vez en marzo de 1922, sendo Xaime Quintanilla o seu director. Co subtítulo de "Novela mensual ilustrada", chegou a editar un total de trece títulos, entre os que conta *Un ollo de vidro*. *Memorias d'un esquelete* de Afonso R. Castelao, non chegando a se editar o que habería de ser o nº 14, *A trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán*, de Vicente Risco.

A segunda delas, "Lar", apareceu na Coruña en novembro de 1924 e chegaría a acadar o corenta e derradeiro número en 1928. Acolleu a primeira publicación literaria de Otero Pedrayo, *Pantelas, home libre*, premiada na "Festa da Lingua Galega" celebrada pola "Liga de Amigos de Compostela" o 25 de xullo de 1924 e publicada ó ano seguinte. O director desta colección, auspiciada pola editorial do mesmo nome, era Leandro Carré, mentres que Ánxel Casal foi administrador da mesma. Este último, en 1927, abandona o proxecto para fundar a Editorial Nós ó ano seguinte na mesma localidade. En 1931 instalou a súa sede en Compostela, editando publicacións como *A Nosa Terra* e os *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* amais da maior parte da obra de preguerra dos homes de Nós¹⁵⁶. Tamén lle coubo a honra a esta editora de ser a que en 1935

¹⁵⁶ Vx. "Catálogo de Nós, Publicacións Galegas e Imprenta (1927-1935) (Reproducción facsimilar)", en Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 1983, pp. 209-226.

publicase os *Seis poemas galegos de Federico García Lorca*¹⁵⁷. A este respecto, Ramón Suárez Picallo informaba nas páxinas do semanario *Ser*¹⁵⁸ da importante contribución que supuña este volume para a poesía galega, incidindo na significación deste libro para o galego: “¡Boa lección para a caterva mesta de descastados, cursis e analfabetos, que consideran o galego como dialecto de xentes baixas, nun alarde de mimetismo suicida e canalla!”¹⁵⁹.

Noutra orde de cousas, o 12 de outubro de 1923 constituíuse o Seminario de Estudos Galegos, institución que tivera o seu xermolo na Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas xurdida a comezos dos anos vinte en Pontevedra arredor da figura de Antón Losada Diéguez. Composto por variadas seccións, Filoloxía entre elas¹⁶⁰, o Seminario tivo por fin principal a recuperación e divulgación da cultura e esencia de Galicia. A investigación lexicolóxica, os estudos fonéticos e a concreción dunhas normas ortográficas, que se aprobaron na xunta xeral de 1933, están entre os seus logros máis meritorios. Resultado das súas pesquisas foi a revista *Arquivos*, que entre 1927 e 1934 chegou a publicar seis volumes. O primeiro presidente foi Armando Cotarelo Valledor, a quen sucedeu Salvador Cabeza de León en 1925, mentres que Luís Iglesias accedeu á presidencia en 1934, sendo o derradeiro en ocupar este cargo Ramón Otero Pedrayo, xa en 1936. Pola súa banda, Ánxel Casal editou e imprimiu o resultado das investigacións que ó abeiro do seminario tiveron lugar.

Entre os traballos relativos a cuestións lingüísticas promovidos no seu seo están: “Los orígenes del idioma gallego” (2 de abril de 1926-1927), comunicación pronunciada por Armando Cotarelo Valledor; “Cursillo de fonética gallega” (do 20 de outono ó 20 de febreiro do curso 1926-1927), impartido por Lois Tobío Fernández; “Ensaio de un catálogo da lingua galega” (30 de xaneiro de 1925-1926), de Vicente Risco; “D’outono, poesías c’unhas verbas limiares sobor da lingua galega” (11 de abril de 1925-1926), a cargo de Manuel Lugo Freire¹⁶¹. Froito dunha reunión xeral do Seminario de Estudos Galegos, o 15 de outubro de 1933, acordouse publicar os traballos que a sección de Filoloxía lle encargara a unha comisión dedicada a elaborar unhas normas ortográficas para o galego¹⁶², que a

¹⁵⁷ Para un inventario completo da produción da Editorial Nós pódese consultar o traballo de Miguel Anxo Seixas Seoane, *Ánxel Casal*, Santiago de Compostela: Concello, col. Papeis de Educación, nº 16, 1995, pp. 30-33.

¹⁵⁸ *Ser*. Semanario Gallego de Izquierdas, Santiago de Compostela, nº 14, 30-VI-1935.

¹⁵⁹ De interese resulta a consulta da longa recordación a respecto da figura de García Lorca e da súa estada en Galicia realizada por Salvador Lorenzana, “Federico García Lorca, en Galicia”, *La Noche*, “Un tema gallego cada semana”, 6-VII-1948.

¹⁶⁰ Esta sección, creada en 1923, estivo dirixida sucesivamente por Armando Cotarelo Valledor (1923-1928), Abelardo Moralejo (1928-1930) e Paulino Pedret (1930-1936).

¹⁶¹ Vx. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, I —edic. facsímile—, A Coruña: Eds. Boreal, 1989, pp. 265-272.

¹⁶² Estaba integrada, entre outros, polo escritor e crítico portugués (da denominada Geração da República) António Sérgio e mais por Paulino Pedret Casado, Fermín Bouza-Brey, Ricardo Carballo Calero e Xosé Filgueira Valverde.

finais de ano viron luz, co título de *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*. Os autores din nunha nota que se valeron do traballo que Antonio Couceiro Freijomil tiña presentado na IV Asemblea do Seminario, que se celebrara en Pontevedra en abril de 1928, momento no que se creara a devandita sección. Tamén dentro das publicacións do Seminario e con carácter escolar está o *Método de lectura*, obra de Xosefa Iglesias Vilarelle, intento práctico de escola galega¹⁶³.

De especial importancia son as múltiples alusións á variada actividade cultural que se contén ó longo das páxinas da revista *Nós*. Se o grupo ourensán inicial está composto por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas —promotores da revista *La Centuria* en 1917, conxuntamente con Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Arturo Noguerol— a unión doutros homes de diferente traxectoria ideolóxica, entre os que están Afonso Daniel R. Castelao, Ramón Cabanillas ou Ánxel Casal, vai ser decisiva para a tarefa cultural a prol do galego promovida por este grupo.

Á carón dos moitos eventos desenvolvidos en apoio da lingua e cultura de Galicia dáse conta das novidades editoriais que ían xurdindo froito da intelectualidade comprometida coa causa galeguista. Neste sentido é de destacarse a sección “Os homes, os feitos, as verbas” na que se informa dos actos de carácter político e cultural que daquela estaban a acontecer, á carón das novidades do mundo editorial¹⁶⁴. Tamén na sección “A cultura galega hoxe en día” se daba conta dos actos máis relevantes da actualidade. Daquela, no nº 115 da referida revista *Nós*, correspondente ó Día de Galicia de 1932, no apartado “Revistas, cursos e conferencias”, fálase de diversas publicacións galegas xurdidas nos últimos tempos e cítanse *A Nosa Terra*, *Logos*, *Universitarios*, *Galiza*, *Yunque*, *Papel de Color* e *Cristal*, da que se di que é unha revista de nova literatura “d’un grupo de poetas e dibuxantes de Pontevedra”¹⁶⁵.

Ó esforzo destes homes débense tamén os *Suplementos de Nós*, que principian a saír en novembro de 1927 chegando ós corenta e sete números. O primeiro fascículo constitúeno as *Cantigas Galegas* escolleitas por Xosé Filgueira Valverde. Entre os textos publicados nesta colección merecen ser destacados polo seu interese lingüístico: *Do folk-lore galego* (IX); Ramón Cabanillas, *Poeta*

¹⁶³ Vx. Clemente López Pasarón “Publicacións Escolares do Seminario d’Estudos Galegos”, *A Fouce*. Periódico Galego, Bos Aires, 15-IX-1932, ano III, nº 54.

¹⁶⁴ Así, por exemplo, no nº 112 de *Nós* (15-IV-1933) alúdese a senllas exposicións do pintor Colmeiro e o escultor Eiroa, ós actos do centenario de Murguía, á conferencia “Verbas ós mozos galegos” de Álvaro de las Casas e a un estudio de cultura popular do oriente lugués realizado polo profesor alemán Walter Ebeling. Tamén se fai referencia ó lanzamento dos tres primeiros números de *Papel de Color* na Editorial Un, por parte de Álvaro Cunqueiro; á presentación do número dous de *Universitarios* polos estudantes da F.U.E. e, polo derradeiro, á saída do número sete de *Resol*, dedicado a Portugal.

¹⁶⁵ *Nós*. Boletín Mensual da Cultura Galega, ano XV, nº 115, Ourense, Día de Galicia de 1933 —edic. facsímile—, A Coruña: Xuntanza Editorial, 1991, t. V, 1991, p. 104.

da Raza (X e XI), de Antón Vilar Ponte; *Confrenza por Xoban Vallés e Pujals* (XVII), dentro dos actos organizados pola Lliga Regionalista de Catalunya; *Divagaciós engebristas* (XXIV e XXV), de Xoán Vicente Viqueira —que inclúen un apartado denominado “Pol-a reforma ortográfica” no que avoga pola ortografía etimolóxica e se manifesta en contra da ortografía fonética—; e *Conferencia pronunciada en Santiago pol-a Señorita María Pura Lorenzana* (XXX e XXXI).

Así mesmo, no Suplemento do Día de Galicia 1933 contense o texto *Porque debemos falar en galego*, de Lois Tobío. Con anterioridade, xa se tiñan publicado os *Discursos pronunciados o Día da Galiza no mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*, editados polo Grupo Autonomista Galego. No seu discurso, titulado “A nosa definición autonomista”, Valentín Paz Andrade indica que en tal celebración do Día de Galicia fala a nosa terra, logo de vivir durante os sete anos da Dictadura de Primo de Rivera, xorda, muda e cega, por se ter esquecido de si mesma e do seu idioma proscrito coma todo intento de “reivindicación rexional”, por non ter expresado tan sequera nos concellos o seu sentir, as súas arelas o pobo e por non ollar o espolio económico por parte dunha España preocupada en encher as arcas do Estado a conta de Galicia. Do mesmo xeito no pequeno libro *Ideas que defende e fins que se propón o Partido Galeguista*, tamén publicado nesta colección, contén, entre outros, un capítulo titulado “A nosa fala”. O mesmo acontece no *Discurso do Dr. Porteiro* ó fundarse a Irmandade en Santiago, cun primeiro apartado encabezado “Falar i escribir en galego, coma seipamos”.

Xa que logo, maioritariamente por parte dunha minoría ilustrada pequeno-burguesa que tratou de conectar coa gran masa rural da poboación, deuse unha resistencia á integración, á defensa dunha cultura subordinada e do seu idioma, co propósito de o empregar en todos os ámbitos. Daquela produciríase a identificación desta elite intelectual coa cultura nacional representada polas masas campesiñas e mariñeiras. A aposta dos galeguistas era a dunha sorte de bilingüismo desequilibrado a prol do galego a fin de contrarrestar os desniveis cos que se atopaba o uso social do mesmo, mais a política lingüística dos galeguistas sufriu fortes atrancos por parte de diversos sectores do espectro político. No programa do Partido Galeguista demandábase o “Dereito ô emprego do noso idioma e cooficialidade co castelán”, o cal presupuña o bilingüismo no ensino.

Relacionado coa preocupación de que lles eran merecentes as escolas de maxisterio, na Escola Normal de Maxisterio de Pontevedra desenvolvéronse uns cursos de cultura galega, onde conferenciarían nomeados galeguistas. É nesta época cando persoeiros coma Sebastián González ou Xosé Figueira Valverde esixen como condición a de se expresaren en galego. Co título de “El cursillo de Estudios Gallegos” o 4 de marzo de 1933 pode lerse un artigo no *Diario de*

Pontevedra no que se indica que o inspector de primeiro ensino Xerardo Álvarez Limeses tivo ó seu cargo leccións de arte galega.

Así mesmo, non son infrecuentes as novas na prensa a respecto do problema lingüístico. Tamén en revistas da época se poden achar testemuñas relativas a esta cuestión; así, por exemplo, en números de *Vida Gallega* correspondentes ós anos 1932-1933 rexístranse artigos como "El bilingüismo en Galicia", "Pra ler y-escibir en galego" ou "La lengua y el Estatuto".

4. Publicacións pontevedresas

Pontevedra foi serodia na aparición da imprenta e case se pode dicir que o seu incunable é o *Boletín Oficial de la Provincia*, do ano 1834 e editado por Manuel María de Vila¹⁶⁶. O primeiro periódico coñecido foi *Las Musas de Lérez* (1842), máis tarde aparecen *La Revista*, *El Vocinglero* e *El Eco de Pontevedra*, tendo en común a vocación e tendencia literaria¹⁶⁷. Os posteriores xa terían unha maior inclinación política. Se facemos reconto do número de xornais saídos á rúa, soamente dende 1835 ata 1900, teriamos un total de 127, o que nos daría o elevado promedio de dous periódicos novos por ano. De maneira contraria, a publicación de libros resultou anecdótica.

O primeiro xornal diario habería de ser *El Correo de Pontevedra*, que tiña aparecido durante o bienio progresista, a finais da primeira metade do século XIX. Se no período da "Gloriosa" (1868) e durante todo o Sexenio Revolucionario que se principia en tal ano a prensa acada novamente unha dimensión política, no subsecuente período da Restauración, na prensa han volver prevalecer os denominados intereses xerais, cun menor protagonismo da actividade política. Desta etapa son publicacións coma *Galicia Moderna*, de Enrique Labarta, o *Extracto de Literatura* ou *El Iris Literario*, que sae á rúa por primeira vez o 1 de outubro de 1888. É tamén cando xorden as primeiras publicacións integramente en galego, caso de *O Galiciano* (1884), *O Novo Galiciano* (1888) e *A Tía Catuxa* (1889).

O xornal diario da capital era o *Diario de Pontevedra* (impreso na tipografía Paredes). Remóntase a *El Anunciador* (1877), *El Avisador* (1881), *El Diario* (1882), *La Voz de Helenes* (1883), *El Noticiero Gallego* (1884) e *La Luz* (1887). Coa cabeceira de *Diario de Pontevedra* —coa que reaparece en 1924— xa viría a luz en 1879, 1881 e 1887. Coa morte de Andrés Landín fixérase cargo da súa

¹⁶⁶ Vx. a este respecto os volumes: Antonio Odriozola, *Las imprentas en Pontevedra en el siglo XIX*, Pontevedra: Deputación Provincial, 1989; Antonio Odriozola e Xosé Ramón Barreiro, *Historia de las imprentas en Galicia*, A Coruña: Galicia Editorial, 1991, pp. 327-354.

¹⁶⁷ Este xornal, que saíu en 1852, viu luz na imprenta de Xosé e Primitivo Vilas, a mesma na que un ano máis tarde se editaría tamén *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos.

dirección e xerencia Prudencio Landín, quen tiña acadado sona debido á publicación dos artigos encabezados co epígrafe “De mi viejo carnet”¹⁶⁸. Dende 1923 a propiedade do diario pasa a estar en mans de Evaristo Paredes, o seu director ata que en 1939 se suspendeu¹⁶⁹.

O tamén diario *El País* empezou a se editar o 1 de decembro de 1931 e desapareceu o 18 de xullo de 1936¹⁷⁰ —o último editorial levaría o significativo título de “Viva el Frente Popular”, “Viva la República del 16 de Febrero”—; era o substituto do antigo semanario *El Pueblo*. Durante os cinco anos da súa existencia chegou a editar un total de 1.122 números. Convertido en órgano do Partido Republicano Galego e máis tarde de Acción Republicana, subtítulo “Diario republicano de la tarde”, posuía tendencia autonomista; o seu fundador e director foi Maximiliano Pérez Prego. Entre os seus colaboradores estaban Ramón Otero Pedrayo, Roberto Blanco Torres, Manuel García Barros e Antón Villar Ponte. Pola súa banda o xornal *Progreso* apareceu en 1912 e tivo unha vida efémera. Dirixido por Isidro Buceta e de ideoloxía liberal, son antecedentes seus as cabeceiras homónimas de 1865, 1869, 1886 e 1907 respectivamente. A súa impresión realizábase na imprenta Barros.

De publicación semanal era *La Libertad*, de tendencia republicano-radical (a formación política de Lerroux tamén contaba nesta cidade co xornal *Galicia Radical*). Estivo dirixida sucesivamente por Celestino Poza, Xosé Juncal, Xaquín Poza Cobas e Xaquín Poza Juncal. Se as súas orixes parecen remontarse a marzo de 1906, a súa desaparición non é anterior ó ano 1931. O seu antecedente máis inmediato era *La Libertad* (1906). Defensora do sistema republicano e dun Estado federal, coa chegada da Segunda República pasou a ter o subtítulo de “Semanario republicano radical”, momento no que o seu director foi elixido deputado provincial pola Federación Republicana Galega.

El Noticiero Gallego, pola súa banda, saía cada dez días e inscribíase dentro das publicacións de carácter profesional, en concreto nas relativas ó maxisterio. Cómpre citar tamén o semanario político *La Hora*, subtítulo “Semanario de Izquierdas”, de carácter socialista (dirixido por Xosé Arán e Ramiro Paz), xurrido o 16 de maio de 1931 e que chega ata 1935, e *A Nosa Terra*, voceiro do Partido Galeguista, ambos editados na imprenta “La Popular” de Ramiro Paz.

¹⁶⁸ Prudencio Landín Tobío, *De mi viejo carnet. Crónicas retrospectivas de Pontevedra y su provincia*, Pontevedra: Deputación Provincial, 1984.

¹⁶⁹ Aurora García González, *Diario de Pontevedra. A fórmula da súa permanencia*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Textos/Media, 1997.

¹⁷⁰ Segundo Xosé Fortes (“*El País*, un diario olvidado que cubrió toda la II República en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Pontevedra. El espejo del tiempo”, 10-X-1993) era significativa a distancia cos outros diarios da capital. Indica que nas súas páxinas pode seguirse mellor ca en ningún outro xornal a traxectoria política da axitada primavera e o truncado verán de 1936.

Esta publicación nacionalista, que xurdira na cidade da Coruña como órgano das Irmandades da Fala o 14 de novembro de 1916, pasaría a se editar en Pontevedra en febreiro de 1932 (nº 292) durante uns meses, ata que Ánxel Casal o publique en Santiago. No mes de maio de 1934 volverá ser editada en Pontevedra e, suspendida durante meses polos atrancos ocasionados polo goberno da CEDA e do Partido Radical, sairá novamente á rúa en febreiro de 1935 ata que o 17 de xullo de 1936 (nº 422) sexa interrompida a súa publicación por causa da sublevación fascista, que a levará a se editar en terras do exilio americano¹⁷¹. Unha vez que pasou de ser o órgano da Irmandade da Fala da Coruña a voceiro do Partido Galeguista, os seus directores foron Víctor Casas, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Suárez Picallo e, derradeiramente, outra volta Víctor Casas.

De entre os xornais comunistas máis importantes do período republicano hai que citar o pontevedrés *¡¡Revolución!!*. De inspiración republicana, ó igual ca *El País*, foi tamén *La República*, editado na mesma cidade.

Órganos de expresión de carácter republicano autónomo eran *La Idea e Galicia Radical*, do Partido Republicano Radical. *El Noticiero Gallego e Escuela Vivida* tiñan unha última orientación de carácter pedagóxico. Publicada, con carácter quincenal, entre 1935-1936, esta tiña unha orientación nidiamente renovadora no eido do ensino, en consonancia coas teses promovidas polo goberno da República. Nela aparecen colaboracións de importantes poetas españois como Rafael Alberti, Pedro Salinas ou Federico García Lorca. Defendía o ensino laico, mixto, gratuíto e obrigatorio, como tamén as posturas de renovación pedagóxica.

Inscrita tamén ó maxisterio estaba o *Boletín de Educación*, órgano de Inspección Provincial de Primeira Ensinanza da provincia, coma a anterior, publicación defensora do modelo republicano no eido da renovación pedagóxica, aínda que con independencia de calquera opción política. Saíu en decembro de 1933, con periodicidade trimestral, e durou, na súa primeira etapa, ata xuño de 1936.

Entre a prensa de carácter deportivo que se publicaba en Pontevedra está *Gimnástica*, xa existente en 1929, e o semanario *Aire*. Con relación ó que é a actividade xurídica publicábase en 1932 un *Boletín da Asociación de Funcionarios de Pontevedra*.

Publicacións literarias de carácter relixioso son *Spes e Logos*. A primeira delas comezou a súa andadura en 1934 e continuou máis alá da cronoloxía republicana fronte á segunda, composta por corenta e nove números, insertos no perí-

¹⁷¹ Margarita Ledo Andión, *Prensa e galeguismo: Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de A Nosa Terra (1916-1936)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982.

odo que estamos a estudar, en concreto entre 1931 e 1936. Pontevedresa é, ase-
made, *Revista Literaria* —o título completo é *Revista Informativa, Literaria y de
Ilustración*— publicación de carácter cultural xurdida en outubro de 1933, fun-
dada e dirixida por Ramón Peña.

A comezos de 1893 tiña xurdido na cidade o *Extracto de Literatura*, semana-
rio humorístico fundado e dirixido por Enrique Labarta Pose¹⁷². Editábase na
imprensa de Andrés Landín¹⁷³ e nos seus corenta e tres números —o derradeiro
número é do 28 de outubro de 1893— deu acollida a numerosos poemas en
galego de Alberto García Ferreiro, Xosé Pérez Ballesteros, Enrique Labarta,
Heraclio Pérez Placer, Xavier Valcarce Ocampo ou Filomena Dato. En castelán
hai poemas de Xoán Barcia Caballero, Víctor Said Armesto, Sofía Casanova e
Benito Losada. Prosas de Ramón del Valle Inclán, Augusto González Besada e
Manuel Amor Meilán. Alternando a prosa e o verso, neste último idioma están
as abondosas contribucións de Xerardo Álvarez Limeses.

Periodicidade quincenal tñaa a revista *Hebe*, xurdida o 15 de outubro de 1920
e desaparecida a mediados de abril, cando xa ía no nº 13. O seu director era
Modesto Bará. Esta publicación quincenal declara nun inicial artigo de redacción
a súa vontade de amparar e estimular as plumas xuvenís¹⁷⁴ á vez que ser o
voceiro dos mestres e dos xa iniciados. Cultivadores da poesía en galego son
Xoán Vidal Martínez —quen xa no primeiro número escribe a composición “A
unha”—, Herminia Fariña, Antonio Estévez Cao e Urbano R. Moledo. En caste-
lán hai textos de Manuel Cabanillas, o propio Xoán Vidal —profuso colaborador
en toda a revista— e Federico Menéndez. Como curiosidade apuntamos a repro-
ducción da composición “A Galicia” de Xoán Manuel Pintos, aparecida no
Album de la Caridad.

O propio Xoán Vidal foi quen fundou a tamén literaria revista pontevedresa
*Alborada*¹⁷⁵, sendo Modesto Bará o seu director e Manuel Cabanillas o redactor
xefe. Tiña periodicidade mensual e o primeiro número ve a luz en maio de 1922.
En total editáronse catro números, os tres primeiros correspondentes ós meses
de maio, xuño e xullo, o derradeiro no día de Santiago¹⁷⁶. Colaboran nela con

¹⁷² A partir do nº 23 (10-VI-1893) o director foi Torcuato Ulloa, se ben no nº 41 (14-X-1893) retoma a direc-
ción o propio Labarta, encargándose da dirección literaria Xerardo Álvarez Limeses, quen á vez era o seu
redactor xefe.

¹⁷³ Para efectuar un breve percorrido da obra desta familia por imprentas, xornais e libros, resulta de interese
a consulta do artigo “Los Landín: una trayectoria en letras de molde”, no libro de Xosé Fortes, *Pontevedra en
el espejo del tiempo*, Pontevedra: Caixa de Pontevedra, 1995, pp. 313-316.

¹⁷⁴ Ser un grande órgano de xuventude é o seu obxectivo fundamental.

¹⁷⁵ Vx. a “Introducción” feita por Xosé Filgueira Valverde de *Alborada* (edic. facsímile), Santiago de
Compostela: Sotelo Blanco Edicións, serie Resgate, 1990.

¹⁷⁶ Na cabeceira do nº 3 avánzase a saída, o día 25 de tal mes, dun número extraordinario “feito pol-os mei-
randes poetas e prosistas da nosa terra, e ilustrado pol-os xeniales dibuxantes Castelao e Méndez”.

textos poéticos en galego Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo —de quen se publica o poemario *Proel*, feito en 1924 e tirado do prelo do *Diario de Pontevedra* en 1927— e Xoán Vidal Martínez —co poemario en castelán *Alcor*, que editou Edicións Alborada en 1927—. As colaboracións en prosa corresponden a Antón Losada Diéguez, Luís Amado Carballo, Euxenio Montes, Vicente Risco, Antón Vilar Ponte, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Valentín Paz Andrade, Castelao e Xoán Vidal Martínez.

No primeiro número anunciábase unha extensa nómina de colaboradores dos que moitos non chegaron a aparecer. Son Francisca Herrera Garrido, Herminia Fariña, Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, M. Ventura Balaña, Victoriano Taibo, Roberto Blanco Torres, Aurelio Ribalta, Manuel Lugrís Freire, Xaime Quintanilla, Ramón Vilar Ponte, Leandro Carré, Gonzalo López Abente, Antonio Noriega Varela, Evaristo Correa Calderón, Ramón Otero Pedrayo, Eladio Rodríguez González e Modesto Bará. Castelao con Álvaro Cebreiro e Manuel Méndez figuran como redactores artísticos da revista.

5. Ambiente cultural

Durante todo o século dezanove a actividade cultural de Pontevedra atópase espallada fundamentalmente nos centros de ensino, sociedades culturais coma os Centros Artesáns, Colexios Profesionais, Liceo Casino, Liceo Recreativo de Artesáns, Sociedade de Xogos Florais, Sociedade de Amigos do Progreso, Sociedade Arqueolóxica, Sociedade Económica de Amigos do País, Círculos Católicos Obreiros e varios orfeóns e sociedades musicais. Cómpre, así mesmo, destacar o papel desenvolvido pola prensa, onde foron aparecendo os traballos de escritores como Antolín Esperón, Xosé Benito Amado, Xoán Manuel Pintos, os irmáns Daniel e Renato Ulloa ou Andrés e Xesús Muruais, Luís Rodríguez Seoane, Indalecio Armesto, Casto Sampedro, Roxelio Lois, Xosé Millán, Enrique Labarta, Torcuato Ulloa, Augusto González Besada, Víctor Said Armesto, Xerardo Álvarez Limeses, etc. De destacar son, asemade, as audicións da emisora EAJ40, en Radio Pontevedra, de Vázquez Lescaille.

Especial repercusión habería de ter na cidade do Lérez o enterro de Antón Losada Diéguez en outubro de 1929. Tal evento congregou a un importante número de intelectuais galeguistas. Entre os asistentes estaban Ramón Otero



*Edificio do
Teatro
Liceo-
Casino de
Pontevedra*

Pedrayo, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Álvaro de las Casas, Abelardo Moralejo, Antón Fraguas, Paulino Pedret, Xesús Carro e Salvador Cabeza de León. Froito da subseguinte reunión de intelectuais no enterro principia a xestación dunha Asociación de Escritores Galegos, que fica constituída en xullo de 1930¹⁷⁷. Ramón Otero Pedrayo sería o presidente e no corpo directivo estaban Antón Vilar Ponte, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Antonio Noriega Varela, Álvaro de las Casas, Cándido Fernández Mazas, Vicente Risco, Roberto Blanco Torres, Xacinto Santiago, Valentín Paz Andrade, Rafael Dieste, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Florentino Cuevillas, Xesús Bal y Gay e Felipe Fernández Armesto. Logo da efémera vida desta asociación, desaparecida a comezos de 1931, habería que agardar ata o 29 de marzo de 1936 para que nunha asemblea celebrada no salón de sesións do Pazo de Raxoi, que presidiría o director do xornal *El País* de Pontevedra, Roberto Blanco Torres, ficase constituída a Asociación de Escritores de Galicia. Trala elección da nova Xunta Directiva sería nomeado representante da Asociación por Pontevedra o escritor rianxeiro Roxelio Pérez González, "Roxerius", curmán de Manuel Antonio.

Á dereita,
Luciano
del Río,
secretario do
Comité de
Cooperación
Intelectual
de
Pontevedra

No mes de setembro de 1932 constituíuse en Pontevedra o Comité de Cooperación Intelectual, que desenvolveu unha intensa actividade cultural. Na prensa da época, caso das seccións diarias "Crónica de Pontevedra" ou "Pontevedra al día", do *Faró de Vigo* e de *El Pueblo Gallego* respectivamente,



aparecen numerosas noticias referidas á actividade levada a cabo por este Comité. No *Diario de Pontevedra* tamén podemos encontrar múltiples referencias ás súas actividades. Dunha mención especial é merecente a visita de Federico García Lorca, que convidado polo referido Comité pronunciaría en diversos puntos de Galicia, entre eles Pontevedra, unha conferencia titulada "María Blanchard, gloria y angustia de la pintura moderna", a respecto da obra da pintora santanderina María Rodríguez Cueto.

O 14 de novembro de 1933 tamén se informa da posta en marcha do proxecto dunha Biblioteca Circulante na cidade¹⁷⁸. Infórmase, asemade, nas páxinas

¹⁷⁷ Vx. o cap. III do libro de Antón Capelán Rey, *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, Ensaio, nº 45, 1994, pp. 231-275.

¹⁷⁸ Para tal efecto adquiriron da editorial Espasa-Calpe a Colección Universal, que contiña o máis selecto da produción universal, en literatura e ensaios, de todos os tempos. Tamén os Manuais Labor, que abranguían as diversas materias do eido científico. Proporciónase ademais, nunha sección de moi frecuente aparición, que leva por título "Biblioteca Circulante", un listado dos libros que compuñan a devandita biblioteca.

deste xornal doutras iniciativas promovidas polo Comité, caso de proxeccións cinematográficas —o 1 de marzo do devandito ano alúdese ó filme “La Tierra”, de Dovchenko—, concertos, conferencias e outros actos culturais. Neste mesmo xornal cabe referir que, nun artigo do 21 de xaneiro de 1933, se anuncia un ciclo de conferencias¹⁷⁹ que, logo do concerto de guitarra de Regino Sainz de la Maza, continuaba cos programas trazados para o ano en curso.

O 19 de marzo de 1933 tivo lugar, no Paraninfo do Instituto, un acto académico en homenaxe a Manuel Murguía, co gallo do centenario do seu nacemento. Álvarez Limeses foi o encargado de trazar a semblanza biográfica, Filgueira Valverde de situar a súa obra no contexto do Rexurdimento e, da clausura, o propio director do Instituto, Bibiano Fernández Osorio-Tafall¹⁸⁰. Deste mesmo ano é tamén unha proxectada homenaxe ó literato pontevedrés Xerardo Álvarez Limeses, coa publicación dun libro que recollese unha parte da súa produción. Nas páxinas do *Diario de Pontevedra* foi aparecendo unha lista diaria de donativos que se ían recibindo. De destacar é tamén por estas datas, en concreto no mes de xaneiro, as conferencias de carácter político e cultural pronunciadas na emisora compostelá Unión Radio Galicia, creada pola Liga Santiaguesa Pro-Estatuto, con intervención de figuras pontevedresas coma Castelao ou o propio Filgueira Valverde.

É este mesmo tamén protagonista, con outras figuras coma Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo, dos cursos sobre Historia, Xeografía e Literatura galegas impartidos na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela que organizara o Instituto de Estudios Regionales, creado no período republicano por iniciativa de quen fora rector da mesma entre 1930 e 1933, Alejandro Rodríguez Cadarso.

Trala constitución do Seminario de Estudos Galegos no Castro de Ortoño (A Maía) no outono de 1923, moitos son os pontevedreses que participan das súas iniciativas. Xosé Filgueira Valverde no Consello Directivo do curso 1927-1928 ocupa o cargo de Secretario Xeral e el mesmo será un dos conselleiros da Comisión Directora do curso 1930-1931 e seguintes. Amais deste, entre os socios protectores da cidade de Pontevedra están Xerardo Álvarez Limeses, Pedro Basanta, Antonio Blanco Porto, Alexandre Bóveda, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Cruz Gallástegui Unamuno, Antón Iglesias Vilarelle, Prudencio Landín Tobío, Antonio e

¹⁷⁹ A conferencia de Castelao, pronunciada o 25 de xaneiro de 1933, levou por título “O novo espírito no Arte”. Nela, amais de falar da caricatura nas diversas etapas da civilización, estudiou o cubismo, futurismo, expresiónismo e a arte rusa, sinalando as contribucións espirituais dos franceses, alemáns, anglosaxóns e rusos a estas modalidades pictóricas. Indicou que o labor do artista non é o de fotógrafo da realidade e, en conexión cos postulados dos homes de Nós, aconsellou a quen cultive a pintura o enraizamento nos sentimentos populares para realizar logo a obra cun selo de orixinal interpretación persoal.

¹⁸⁰ Vx. a longa noticia sobre o acto en “El centenario de Murguía”, *Diario de Pontevedra*, 20-III-1933.

Xosé Lino Sánchez, Xaquín Maquieira Fernández, Adriano e Luis Pintos Fonseca, Octavio Pintos Lois e Afonso Rodríguez Castelao. Foi este quen dirixiu a sección de Arte e Literatura xa en 1930, alongándose neste cargo durante os tempos da República. Na comisión directora de 1933-1934 é Xosé Filgueira Valverde, profesor do Instituto de Pontevedra, quen dirixe a sección de Historia da Literatura, e o director do instituto, Ramón Sobrino Buhigas, aparecerá en 1927-1928 como Conselleiro elixido polos socios protectores. Por outra banda, cómpre referir entre as entidades que foron protectoras do S.E.G. a Deputación e o Concello de Pontevedra, o Instituto, o Liceo Casino e a Biblioteca Provincial.

Por outra banda, dentro das iniciativas culturais da época, temos que apuntar a fundación, no mes de febreiro de 1932, da organización nacionalista xuvenil "Ultreya". No seu consello estaba o promotor da mesma, Álvaro de las Casas, como rexente, mentres que os vocais eran Xosé Filgueira Valverde, Antón Iglesias Vilarelle, Xosé Antón Tenreiro, Xurxo Lourenzo e mais Raimundo de Aguiar, sendo Francisco Fernández del Riego o secretario xeral. Ó pouco de se constituír principiou o seu espallamento por toda Galicia. Amais de Pontevedra, localidades como Noia, Compostela, Ourense, Vigo, Tui ou Redondela contaron con agrupacións locais.

As ideas deste movemento, que tentaba construír unha Galicia anovada e enxebre, a respecto da formación cultural da mocidade galega están expostas na conferencia "Verbas aos mozos galegos. O momento universitario" que Álvaro de las Casas, convidado pola Asociación Profesional de Estudiantes de Filosofía e Letras, pronunciou no Paraninfo da Universidade de Compostela o 9 de marzo de 1933¹⁸¹. A presentación correu a cargo de Francisco Fernández del Riego e a organización dependeu da Federación Universitaria de Estudiantes. Da conferencia en si anotemos que, se ben a primeira parte está centrada na análise da situación universitaria compostelá, a segunda constitúe un valioso documento para o estudo da referida agrupación xuvenil¹⁸². Entre as actividades que levaron a cabo no que a Pontevedra atangue está a primeira xeira da Misión Biolóxica de Galicia¹⁸³, que tivo lugar na pontevedresa Granxa de Salcedo dende

¹⁸¹ Nunha liña análoga ó contido desta conferencia é o manifesto a prol da galeguización da universidade, redactado por representantes das distintas facultades da universidade compostelá entre os que figuraban Francisco Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Xaquín Lorenzo Fernández e Ricardo Carballo Calero. Co título de "Aos escolares, aos universitarios, aos galegos" foi publicado por este o 13-III-1933 no xornal *El Pueblo Gallego*, logo recollido no seu libro *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, nº 33, 1987, pp. 107-112.

¹⁸² Antón Capelán Rey, *Contra a Casa da Troia (e II)*, "O «affaire» de Álvaro de las Casas (1933) e outros enfrontamentos ideolóxicos no paraninfo santiagués", Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 78, 1996, pp. 17-154.

¹⁸³ Dirixida por Cruz Gallástegui, realizou traballos de importancia sobre os maízos híbridos e a produción agropecuaria.

o 20 ó 27 de marzo de 1932¹⁸⁴. Así mesmo organizaron un cruceiro marítimo polas Rías Baixas, baixo a dirección de Álvaro de las Casas e os profesores Isidro Parga Pondal e Ramón Martínez López.

Outra das actividades de espallamento cultural promovidas polos homes desta agrupación foi a edición de folletos de carácter popular, que se difundían polas cidades, vilas e aldeas. Consistían en pequenas escolmas de cantigas, breves biografías de personalidades galegas e lembranzas de acontecementos históricos. Formaban parte destas publicacións unha edición dun *Cantigueiro galego* ou *Dez Cursos de traballo 1923-1933* (1934), do Seminario de Estudos Galegos. Foron eles, asemade, os responsables, en boa parte, da difusión da obra editada por Nós.

A comezos de 1935 produciríase unha renovación no Consello Directivo desta organización, que, entre outros, contaría como membros a Álvaro de las Casas, Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde, Camilo Díaz Baliño, Ánxel Casal e Francisco Fernández del Riego.

6. O mundo do ensino

No período da Segunda República merece destacarse o esforzo levado a cabo no eido educativo e cultural. Neste sentido, é de salientarse o programa, iniciado polo ministro Marcelino Domingo, de creación e subministro de novas escolas. Xorde asemade unha meirande concienciación popular a respecto do problema educativo, traducida en numerosas peticións de escolas. Segundo Decreto do 7 de decembro de 1932 faríase unha nova distribución das zonas de instrucción na provincia, sendo nomeado Xerardo Álvarez Limeses Inspector Xefe polo partido de Pontevedra.

Considéranse como as máis aptas pedagoxicamente as ideas da Institución Libre de Enseñanza de Francisco Giner de los Ríos, cun ambicioso plan renovador mediante a realización de congresos, excursións escolares, bibliotecas itinerantes, etc. As revistas de primeiro ensino *El Noticiero Gallego* ou *Escuela Vivida* dan conta das propostas renovadoras que se tentaban levar a cabo no ensino¹⁸⁵. Con este propósito, as Misións Pedagóxicas¹⁸⁶ actuaron en lugares afastados para

¹⁸⁴ "Ultreya", Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, ano XIV, nº 106, Ourense, 15-X-1932 e nº 107, 15-XI-1932 (edic. facsímile), A Coruña: Xuntanza Editorial, 1991, Tomo V, pp. 178-187 e pp. 207-216.

¹⁸⁵ Para unha análise da reforma educativa no período republicano vx. o volume de Antón Costa Rico, *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.

¹⁸⁶ Nunha nota aparecida no xornal pontevedrés *Progreso*, do día 26-IV-1932, alúdese á visita de Alejandro Rodríguez Cadarso, rector da Universidade de Compostela, á cidade de Pontevedra para presidir unha sesión extraordinaria do Consello provincial de primeira ensinanza. Indícase que as misións darán comezo de contado e que as conferencias deberán ter lugar os domingos nos locais escola de todos os concellos.

conseguir unha masiva alfabetización, para isto impulsan iniciativas coma a creación de bibliotecas escolares, cursos de actualización pedagóxica —algún auspiciado polo Seminario de Estudos Galegos—, a implantación da obrigatoriedade do Certificado de Estudos Primarios, o favorecemento do asociacionismo educativo ou o desenvolvemento de escolas especiais para persoas diminuídas.

Tamén foi obxecto de atención o emprego do galego, lingua considerada de obrigado uso escolar por ser a propia do alumnado. Isto hai que pólo en relación coas teses renovadoras defendidas para o ensino por Xoán Vicente Viqueira, para quen cumpría reformar os métodos e a filosofía pedagóxica, polo que era imprescindible pór a escola en contacto coa realidade e coa vida¹⁸⁷. Coma Viqueira, Vicente Risco tamén leva a cabo importantes contribucións neste eido. No seu “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas”¹⁸⁸ insiste en que o modelo de ensino ideal sería o ofrecido en lingua galega. A este respecto, o deputado nas Cortes constituíntes Ramón Otero Pedrayo, nunha intervención o día 24 de maio de 1933, recolleu as ideas deste texto para defender a aplicación do “Dereito de Bilingüismo” como un dereito irrenunciábel, e non como unha concesión, ó igual que se estaba a facer en Catalunya. Outros aspectos ós que se lle prestou atención no citado plan foi á necesidade de existiren moitas pequenas escolas, dado o espallamento da poboación. Como medidas iniciais para unha efectiva recuperación tanto cultural coma idiomática, indícase que estas deberían estar integradas no medio, ó igual que se demandaba tamén as Cátedras de Lingua Galega nas Escolas Normais.

En 1934 créase a Sección de Pedagogía —dirixida por Manuel Díaz Rozas— do Seminario de Estudos Galegos, segundo desexo de Vicente Risco. Dentro da devandita sección constituíuse un Laboratorio de Psicotecnia, que pasou a dirixir Antón Iglesias Vilarelle. Entre outras cuestións de índole renovadora, participarían na xeira celebrada en Pontevedra sobre aspectos educativos e culturais no mes de agosto de 1935¹⁸⁹.

O Instituto de Segundo Ensino de Pontevedra¹⁹⁰ aparece cara a mediados do século XIX, coincidindo cunha serie de circunstancias que determinan o afastamento institucional da Igrexa no momento de deseñar o modelo do consenso

¹⁸⁷ Xesús Torres Regueiro, *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, nº 36, 1987, pp. 60-68.

¹⁸⁸ Publicado nos números 6 e 7 da revista *Nós* (20-VIII-1921 e 25-X-1921, respectivamente), dentro do apartado “Sección Pedagóxica”, dise que foi sacado dun traballo inédito encomendado ó autor pola III Asemblea Nazionalista Galega celebrada, había pouco tempo, en Vigo.

¹⁸⁹ Vx. Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos, nº 123, 1996, pp. 43-47.

¹⁹⁰ De interese é a consulta do capítulo “A II República”, elaborado por M^a Teresa Núñez Férvida, do libro *O Instituto de Pontevedra. Século e medio de historia 1845-1995*, Pontevedra: Deputación Provincial, 1997.

do novo réxime liberal. En primeiro lugar, a guerra civil trouxo consigo un aspecto clerical que afastou o liberalismo de toda convivencia co poder eclesiástico. En segundo termo, hai que ter presente que, no contencioso entre o réxime e a igrexa, medidas como a desamortización, a supresión dos señoríos xurisdiccionais ou a supresión do dezmo eclesiástico, colocaban á Igrexa nunha situación de ruptura co réxime. Todas estas circunstancias explican que a xerarquía eclesiástica en canto tal se mantivese á marxe do pro-



jecto liberal, non participando na súa reconstrucción e deseño. Mais se o ensino non logrou os niveis de secularización que eran esperados nun réxime liberal non só foi polo papel desenvolvido pola Igrexa, senón que tamén foron determinantes o consenso entre liberais e un sector do absolutismo, o máis moderado, que determinou o tipo de ensino preferido. Os liberais apostaron por un ensino controlado polo Estado, chegando a temer máis o radicalismo das súas propias filas có radicalismo absolutista. A partir de 1845, ano da aparición do Instituto de Pontevedra, percíbese un progresivo achegamento da igrexa española, o cal culminará na sinatura do Concordato de 1851, que lle aseguraba á Igrexa importantes cotas de poder no control da educación.

*O Instituto
de Ensino
Secundario.
(Debuxo de
Portela)*

O antecedente máis inmediato desta institución está no Colexio Oficial de Humanidades de Pontevedra, dependente da Universidade Literaria de Santiago, que principiaría as súas actividades no ano 1843, instalándose no antigo convento dos xesuítas (na actualidade edificio Sarmiento). Estaba en marcha a proposta de creación dun Instituto, encabezada polo Concello e un grupo de destacados cidadáns. Como xa se apuntou, no ano 1845, coincidindo co Plan Pidal e a conseguinte proliferación de centros de ensino secundario no estado, prodúcese a apertura do Instituto de Pontevedra en medio dunha gran precariedade de medios, coa dobre intención de habilitar o ingreso na universidade e completar a educación xeral das clases acomodadas. Comeza por absorber o Colexio de Humanidades e dende a súa fundación pasa a impartir as disciplinas de Xeografía, Historia, Historia Natural, Matemáticas e Debuxo. Logo de moitos problemas, consecuencia da carencia do Estado dunha facenda que lle permitise asumir estes custos e coa preponderancia da Deputación de Pontevedra, que tiña que facer fronte a estes novos gastos, foi ampliándose, chegando a ter mesmo un internado propio (1867-1882), instalando nel unha Escola de Comercio e outra de Náutica (1878) e mais un observatorio metereolóxico. O Instituto, ata comezos do século XX, mantívose na súa residencia primitiva, ata que iniciado o século pasou ó edificio construído para Escola

Normal e de Artes e Oficios, non chegando a se trasladar ó novo edificio (hoxe Valle-Inclán) ata o ano 1930.

Dende as súas aulas, na época da República, como xa se dixo, avogouse por un modelo de ensino que supuña unha serie de cambios netamente anovadores con respecto á etapa anterior. Alicerces deste proceso renovador son o laicismo, a tolerancia, a coeducación ou o bilingüismo. Fundamentábanse nos principios pedagóxicos da Institución Libre de Enseñanza, de Giner de los Ríos; nos presupostos da Escuela Moderna, de Francisco Ferrer, ou en proxectos socialistas emanados da redacción das leis educativas republicanas a instancias de persoas como Fernando de los Ríos ou Lorenzo Luzurriaga. Daquela, xa no discurso de apertura do ano escolar 1931-1932, o director do Instituto de Pontevedra, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, fixo unha defensa do interclasismo estatal. De mediados de febreiro de 1933 dátase a conferencia "Terra, raza e língoa" pronunciada por Álvaro de las Casas, daquela director do Instituto de Noia, no salón de actos do propio instituto pontevedrés.

No corpo de profesorado do Instituto nesta época gloriosa son de especial significación nomes coma os de Afonso Daniel Rodríguez Castelao¹⁹¹, auxiliar de debuxo —labor compatibilizado coa súa acta de deputado a Cortes constituíntes, trala súa elección en 1931—, o catedrático de agricultura Bibiano Fernández Osorio-Tafall —alcalde da cidade e tamén deputado e director do centro— e, en letras, Xosé Filgueira Valverde —que acada a cátedra en 1935—, Celestino Noya ou Luis Pintos Fonseca.

En 1934 creouse a Residencia de Estudiantes, o único internado oficial que, dependente do Instituto, desenvolveu unha importante actividade social para moitos alumnos. Tamén se celebraban cursos da Sociedade Económica de Amigos do País. Divididos, separados segundo sexos, no curso 1931-1932 impartíanse, entre outros, cursos de debuxo xeométrico e artístico, francés, corte e confección, solfeo e piano.

A creación da primeira Escola Normal da Corte dátase en 1837; alí as Deputacións tiñan que enviar, con carácter obrigatorio e ó seu cargo, dúas persoas con bolsa de estudos. Un ano máis tarde, co regulamento das Escolas públicas, recomendábase a creación de escolas normais en Pontevedra e xa en 1840 se determina o seu establecemento na cidade do Lérez, tomando como emprazamento o antigo convento de xesuítas e sendo, xa que logo, unha das primeiras no Estado, ó se inaugurar en 1845. Despois de varias tentativas de suprimila, logrou manterse, pasando por varios locais ata o ano 1930, no que se

¹⁹¹ Para unha análise da súa obra neste terreo pode consultarse o libro de Avelino Lage Casal, *Castelao e a cuestión do ensino*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.

trasladou ó seu propio edificio, preto da Deputación, (actual Delegación de Educación) e dende alí, en 1964, ó actual inmovible.

A Escola de Mestras non se materializa ata 15 anos despois, en 1860, instalándose en paralelo coa de Mestres, pasando logo por diferentes edificios e xuntándose novamente coa de Mestres a comezos da década dos trinta. No que atanguía ó ensino, a República, segundo un Decreto publicado o 20 de setembro de 1931 polo Ministerio de Instrucción Pública, reorganizaba as escolas normais e os estudos de maxisterio, pasando a ter vixencia o plano do 20 de agosto de 1931. Xa que logo, establecíase a educación conxunta de persoas de ambos sexos, o que determinou que as dúas escolas normais que ata entón había se agruparan nunha nova Escola Normal Mixta, dende aquela no edificio da de mestres. Prudencio Landín sería o director ata decembro de 1931, substituído por Xosé Ferrer e este, á súa vez, en marzo de 1933, por Ernestina Otero.

A Escola de Artes e Oficios naceu tamén a cargo da Deputación no ano 1880 e a proposta do Gobernador Civil. Situouse tamén no vello convento dos xesuítas, compartindo o seu profesorado co Instituto de Segundo Ensino, mais a súa vida non foi superior a seis anos, xa que a Deputación, argumentando excesivas cargas, optaría por suprimila. Mais o certame de Artes e Oficios organizado en Pontevedra no ano 1898 animou á Sociedade de Amigos do País a resucitala, chamándose Escola de Artes e Oficios, Música, Canto e Declamación. Nesta orde de ensino parece que Pontevedra foi pioneira en España, e así figura nunha acta da Deputación.

Despois de que a Deputación enviase dous bolseiros á Escola de Grignon en Francia, creouse, en 1872, a Escola Normal, instalada no Pazo e granxa da Caeira, propiedade do Marqués da Riestra. O alumnado da Escola, de entre dezaioito e vinte e cinco anos, residía en réxime de internado e recibía clases teóricas que se impartían polo mesmo profesorado que o do Instituto e clases prácticas ó cargo de dous capataces franceses. A Escola Agrícola tería a súa fin en paralelo coa Escola de Artes e Oficios, en 1886, fracasando todas as tentativas posteriores de revitalizala, ata que en 1943 se crea o Centro Rexional de Ensino, Investigacións e Experiencias Forestais coa súa escola de Capataces, situado dende un principio no Pazo de Montero Ríos, en Lourizán.

En fin, o ensino privado, tanto relixioso coma laico, seguiu a se manter durante este período na cidade, debido ós altos custos que ocasionaban a creación de institutos e mais ó incremento da escolarización. Os colexios privados de segundo ensino de carácter relixioso eran o dos Irmáns Maristas, as Doroteas e o Sagrado Corazón. Polo que respecta ó ensino laico, destaquemos a Academia Minerva, o colexio Modelo, o colexio Balmes, o colexio Políglota Mercantil e o Cervantes.

7. Algunhas institucións culturais pontevedresas

7.1. A Coral Polifónica de Pontevedra

No ano 1925 Antón Iglesias Vilarelle e Antonio Blanco Porto fundaron a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. Dentro desta é de destacar especialmente o labor de Castelao, quen se tiña trasladado a Pontevedra en 1916, o mesmo ano en que se producira con claridade a súa definición ideolóxica como nacionalista. Lembremos que en 1921 realizou unha viaxe por Europa, benefi-



A Coral
Polifónica
de
Pontevedra

ciándose dunha bolsa da Xunta para a Ampliación de Estudos¹⁹², visitando Francia, Bélxica e Alemaña. Froito desta viaxe é o seu *Diario 1921*¹⁹³. Nela aprofundou no coñecemento das técnicas de augaforte, litografía e gravado. É de destacarse, neste sentido, o intenso labor de experimentación artística emprendido á súa volta.

Mais a obra de Castelao fica afastada das novas ideas que naquela altura

estaban a agromar e estendéndose por Europa adiante, dado o seu deveso por chegar ó pobo e vencellarse cunha tradición que tiña as súas raiceiras na cultura popular e no folclore de Galicia¹⁹⁴. Como xa se dixo, na conferencia "O novo espírito no arte", pronunciada en Pontevedra a comezos de 1933, avogaba pola pescuda e o aprofundamento do artista no sentimento popular á hora de crear a súa obra. En definitiva, o valor social da arte, aspecto este absolutamente contraposto cos postulados de Vicente Risco¹⁹⁵, quen xa en 1917 no *Preludio a toda estética futura* avanza nidiamente cál é a súa posición, dun conservadorismo que virá refrendar tanto *Nós, os inadaptados* (1933) coma *Mitteleuropa* (1934). A arte nova tería de xurdir cando se dera unha novo xeito de concibir a vida. No entan-

¹⁹² Que tiñan sido institucionalizadas na fin de 1925, no período que Daniel de la Sota exercía de presidente da Deputación de Pontevedra. Durante o mandato do membro do Partido Radical, Alejandro Lerroux, como presidente do Goberno da República, a partir de 1933, foron abolidas.

¹⁹³ Castelao, *Diario 1921*, Vigo: Galaxia, Museo de Pontevedra, 1977.

¹⁹⁴ Correspóndese este período coa etapa denominada "Práctica artística e conformación nacionalista (1909-1929)", definida polo progresivo achegamento de Castelao á política e salientando como "xenial artista"; ambas facetas concibidas como camiño de experiencia e coñecemento e forma de chegar a ser. Vx. ó respecto o volume de Manuel Rei Romeu, *Castelao e Sempre en Galiza*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 70, pp. 79-94.

¹⁹⁵ Pode consultarse para estas cuestións o capítulo "Vicente Risco, Castelao e a vangarda: a procura dunha estética nacional", en Xosé Ramón Pena, *Manuel Antonio e a vangarda*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudos e Investigacións, 1996, pp. 68 e ss.

to, o que se precisaba, segundo a concepción que tiñan os homes de Nós, era a incorporación da arte ó conxunto das demais actividades sociais, como expresión definitiva dun grupo étnico e cultural. Eis a conflictiva relación de Galicia coas vangardas históricas¹⁹⁶. Os anormais condicionantes ós que estaba sometido o noso país determinaron a apremiante necesidade de encher unha tradición baleira e reconstruír un pasado decote negado, polo que unha das finalidades da arte era a de procurar nel os elementos identificativos da nosa identidade nacional. De aí, xa que logo, a importancia do valor da tradición¹⁹⁷.

Con anterioridade ó xurdimento da Coral pontevedresa, Castelao tiña en mente a creación dun Teatro da Arte en Pontevedra¹⁹⁸ —plasmación do que é xa en 1934 “Pimpinela”, terceiro dos lances de *Os vellos non deben de namorarse*, ó igual que as pezas do *Teatro de máscaras* de Otero Pedrayo—, denominación derivada da compañía teatral moscovita que creara e dirixía Konstantin Stanislavski. Parece ser¹⁹⁹ que Antón Iglesias Vilarelle considerou máis fácil crear unha coral, como consecuencia do cal apareceu a Sociedade Coral Polifónica, aproveitando algunhas das ideas do autor rianxeiro para a creación escénica. Antonio Blanco Porto sería o director, mentres que Antón Losada Diéguez o primeiro presidente²⁰⁰. Afonso Castelao sería o seu sucesor neste cargo, e foi el quen realizou diversos decorados para a Polifónica logo de ter ido aprender a técnica a Compostela, onda Camilo Díaz Baliño.

En definitiva, do 9 de abril de 1925 dátase o primeiro concerto ofrecido pola Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, un conxunto de antifonas dos séculos XVI ó XVIII que abría novas perspectivas á vida musical galega, en especial no que á música tradicional se refire²⁰¹. Esta audición tivo lugar no Teatro

¹⁹⁶ Para Antón Castro (*Laxeiro. A invención dun mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1997, pp. 45 e ss.), os renovadores históricos, aqueles que ultrapasan os postulados de Castelao, propoñen unha linguaxe na que se funde tradición e vangarda, o sentido primitivista e expresionista da herdanza plástica galega cunha moderada tentativa de incorporación ós movementos daquela vixentes. E cita, como destacados artistas que viviron un período formativo fóra de Galicia e souberon imbuírse dos novos aires, ó propio Laxeiro, Carlos Maside, Luís Seoane, Manuel Torres, Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Virxilio Blanco ou Cándido Fernández-Mazas.

¹⁹⁷ Para estas cuestións resulta de especial interese a consulta da publicación de Manuel Vilar Álvarez, *Teóricos da arte*, Vigo: A Nosa Terra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, *Historia da Literatura Galega*, nº 30, 1997, pp. 930-960.

¹⁹⁸ Manuel F. Vieites, *Os vellos non deben de namorarse de Alfonso R. Castelao*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1996, pp. 26-28.

¹⁹⁹ Xosé Filgueira Valverde, *IV Adral*. “Castelao na lembranza”, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1987, pp. 77-100.

²⁰⁰ Emotivo recordo da súa figura é o artigo “Antón Losada Diéguez” e tamén “Unha lección de Losada Diéguez”, este último de Xosé Filgueira Valverde, publicados no nº 71 da revista *Nós* (15-XI-1929), en homenaxe con motivo do seu pasamento en Pontevedra o 15 de outubro de 1929.

²⁰¹ Xosé Filgueira Valverde —*IX Adral* (1996)—alude á coincidencia na Pontevedra dos anos 20 de Castelao, Losada Diéguez, Iglesias Vilarelle, Blanco Porto, Bóveda, Paz Andrade, Sánchez Cantón..., homes que dinamizaron a actividade cultural, tamén, algúns deles, dende outras fronteiras coma o Museo de Pontevedra, as Misións Biolóxicas ou o propio Seminario de Estudos Galegos.

Principal, se ben o primeiro concerto propiamente dito dátase do 23 de marzo de 1926, no referido teatro pontevedrés²⁰².

7.2. O Clube Karepas

Tratábase dunha xuntanza de mozos con afeccións comúns e interesados nas últimas correntes que estaban a xurdir no eido das letras e das artes. O nome víñalle de “casca ou pel da froita” e entre os seus compoñentes tamén adoitaba haber nomes de troula (tal o caso do de “Palleiro”, referido a Afonso Castelao²⁰³). A orixe deste singular clube estaba nos alumnos saídos do Instituto de Pontevedra en 1907, caso de Francisco Xavier Sánchez Cantón, Casto Sampedro Mon, Isidoro Millán, Antón Iglesias Vilarelle ou Antonio Blanco Porto, ós que se irían engadindo máis nomes, entre eles Valentín Paz Andrade, Estanislao Durán, Antón Losada Diéguez²⁰⁴ ou, dende 1916, o propio Afonso Castelao. Karepista era tamén o médico Tomás Abeigón, que tempo depois habería de ser alcalde de Pontevedra e presidente do Casino, Ernesto Baltar, Arturo Carrillo, o violoncelista Gaspar Casado, Xulio Casal, Ignacio Gamallo —o presidente do clube—, Celso López Blanco, Bernardo López Durán, Antonio Sáenz-Díez, Xavier e Luís Sánchez Cantón, Eloi, Xaquín e Sebastián Maquieira, Manolo Paz, Serxio Sánchez Puga ou Carlos Lino.

O seu local non era máis ca un barco vello chamado “A Reina” e reuníanse en cafés ou nalgún outro establecemento da localidade, caso da botica de Xaquín Maquieira. O día da festa maior era o 14 de agosto. A partir de 1912 acollían os artistas e estudantes de fóra chegados á cidade, por exemplo o artista nipón Mosaki Yodogawa.

Dentro das actividades do Clube Karepas está a mostra realizada por Castelao no estudio fotográfico de Xoán Manuel Sáenz Mon, en 1917, na cal presentou, amais de cadros, caricaturas e debuxos, o seu primeiro óleo “Contos de cegos”, co que participara na Exposición Nacional de 1915. Foron tamén os homes deste clube os organizadores de homenaxes que se lle tributaron na capital do Lérez ó rianxeiro e participaron da súa exposición realizada en maio de 1922²⁰⁵.

²⁰² Unha escolma de alusións á agrupación, seleccionada de artigos e crónicas aparecidas na prensa, pode consultarse en “La Coral Polifónica de Pontevedra”, *Galicia Emigrante*, Bos Aires, nº 30, agosto-setembro de 1957, pp. 7-8.

²⁰³ A actividade desta figura en Pontevedra, e dentro do Clube Karepas, está referida por Xosé Filgueira Valverde no *IV Adral*. “Castelao na lembranza”, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1987.


²⁰⁴ Un dos membros da xuntanza pontevedresa que en novembro de 1923 se integraría no Seminario de Estudos Galegos. Na IV Xuntanza Xeral do Seminario, que se celebrara en Pontevedra no mes de abril de 1928, sería un dos participantes, entre outras cuestións, na “Ponencia para Unificación Ortográfica e Morfolóxica” do idioma.

²⁰⁵ Para un seguimento documental da traxectoria desta principal figura é de interese a consulta do volume de Valentín Paz Andrade, *Castelao na luz e na sombra*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, nº 2, 1982.

A formación da Coral Polifónica de Pontevedra parece ser que foi iniciativa de socios do clube, algúns dos cales, conxuntamente con outras xentes, se responsabilizaron dos traballos de organización da sociedade de concertos "La Filarmónica"²⁰⁶. Participaron, asemade, nos primeiros traballos do Museo Provincial, formando parte algúns do seu padroado.²⁰⁷

7.3. O Museo de Pontevedra

Os antecentes máis inmediatos do Museo atópanse na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra²⁰⁸, que fora fundada en 1894 por un grupo de estudosos encabezados por Casto Sampedro Folgar. Era secretario Carmelo Castiñeira, logo sucedido polo avogado Luis Gorostola; Xosé Casal era o vicepresidente. Membros activos da mesma foron personaxes como Losada Amor e Emilio Álvarez Jiménez. A pretensión desta Sociedade Arqueolóxica era o estudo e a investigación do pasado e o arquivo e conservación de obxectos antigos, que chamaron Museo Arqueolóxico —que abriu as portas en 1896—, situándose nas ruínas do antigo convento de Santo Domingo, e o centro de estudos e burocracia no Pazo do Concello, para logo pasar ó Pazo da Deputación.



O vencellamento do Museo Arqueolóxico á Deputación deu como resultado a fundación do Museo Provincial. De 1927 data a proposta fundacional, impulsada por Francisco Xavier Sánchez Cantón. A presidencia ocupouna Daniel de la Sota. Foi o seu primeiro director Casto Sampedro Folgar e Xerardo Álvarez Limeses desempeñou as funcións de vicedirector. Das cuestións económicas encargouse Raimundo Riestra e as funcións de bibliotecario e secretario foron desempeñadas por Xosé Millán e Xosé Filgueira Valverde, respectivamente. Xunto a todos eles, personaxes como Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Antón Losada Diéguez ou López de la Ballina colaboraron en maior ou menor

Filgueira Valverde (primeiro pola dereita) foi incansable impulsor da vida cultural de Pontevedra. Con el, os seus compañeiros de claustro do Instituto (1932)

²⁰⁶ Datos extraídos do artigo de Álvaro Losada Fernández "El Club Karepas", en *Libro de Oro de la Provincia de Pontevedra*, Pontevedra: Editorial P.P.K.O., 1931, p. 54.

²⁰⁷ De interese resulta a consulta dos artigos de Francisco Xavier Sánchez Cantón publicados, respectivamente, en *Vida Gallega* (nº 183, 5-XI-1921) e no *Diario de Pontevedra* (8-VIII-1963), logo recollidos no volume *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, en *El Museo de Pontevedra*, nº XXV, Pontevedra: Museo de Pontevedra, 1973, pp. 219-223.

²⁰⁸ Vx. Xosé Filgueira Valverde, "A Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Centenario da fundación", en *Os debuxantes da "Sociedad Arqueológica" de Pontevedra*, Pontevedra: Deputación Provincial, 1995, pp. 9-18.

medida coas actividades promovidas no seo da referida institución. En 1929, dous anos máis tarde das primeiras iniciativas, inaugurouse o Museo de Pontevedra, ocupando xa daquela as súas actuais dependencias e iniciando a súa loita pola independencia da Deputación. Esta "histórica" pretensión provocaría un soado incidente que tivo como máximo responsable a Castelao, que rematou coa clarificación definitiva do Museo como dependente da citada institución. Depois, a guerra civil e mais o falecemento de Antón Losada Diéguez, Casto Sampedro, José Millán, López de la Ballina e Xerardo Álvarez Limeses acabaría de raíz con todo intento de independencia, ó tempo que Xosé Filgueira Valverde ocupaba o posto de director e Alfredo García Alén o de secretario.

Ó esforzo de Xosé Filgueira Valverde na época en que presidía o Museo débese o impulso definitivo na publicación do *Cancionero musical de Galicia*, elaborado en Pontevedra entre 1880 e 1937. Trátase dun vasto conxunto de materiais relativos á música tradicional galega recollidos ó longo destes anos por Casto Sampedro. Presentado a concurso académico, baixo a sinatura deste e mais de Víctor Said Armesto, recibiu un galardón en 1911. Ó pasar a colección de materiais ó Museo comprobouse que carecía da elaboración necesaria para a súa impresión e para solventar as deficiencias Xosé Filgueira Valverde realizou un decisivo labor como transcriptor, anotador e, polo derradeiro, como editor²⁰⁹.

7.4. A Biblioteca Pública

Polo que respecta á Biblioteca de Pontevedra temos que salientar a súa aparición a carón de dúas institucións de ensino, os xa referidos Instituto e mais a Escola Normal. Formouse con fondos procedentes dos mosteiros suprimidos polos efectos da desamortización de Mendizábal. A súa apertura en 1849 parece que foi bastante improvisada, xa que nesa data a penas contaba con libros e carecía practicamente de andeis. Inicialmente instalouse, igual que o Instituto, no exconvento dos xesuítas. Logo, ata 1920, ha de estar instalada no Pazo Provincial, ano en que pasa a unha sala a carón do arquivo da Delegación de Facenda. En 1931 traslada as súas dependencias ó novo Instituto Valle-Inclán, cambiando en 1953 á casa de Cultura para, finalmente, ocupar as instalacións da rúa de Alfonso XIII, lugar este onde na actualidade se atopa. Do seu desenvolvemento interesa salientar que no ano 1884 se establece como Biblioteca de carácter público, e sábese que por aquel entón os seus fondos aproximábanse xa ós 50.000 volumes. Contra finais de século prodúcese a súa desvinculación tanto da Deputación coma do Instituto. Daquela cambia a súa denominación

²⁰⁹ *Cancionero musical de Galicia* —edición facsímile—, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Musical, 1982.

pola de Biblioteca Nacional e o cargo de director pasa a ser nomeado pola Dirección Xeral de Instrucción Pública.

No período republicano foi cando a Biblioteca tivo o maior crecemento. Pasou a contar cos depósitos da colección da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, a colección de Casto Sampedro, os libros reunidos en homenaxe a Antón Losada Diéguez e mais os fondos da biblioteca do Instituto de Ensino Medio. Medra o número de libros adquiridos e lévase a cabo a subscripción a diversas revistas e xornais. É de destacarse tamén a Biblioteca de Xesús Muruais, rica en edicións de bibliófilo, adquirida en 1946.

8. A cinematografía

No ano 1930 chega o cine sonoro a Pontevedra. Isto conlevaría unha grande expectación por parte do público. A primeira recensión crítica sobre o cine sonoro é de outubro de 1930 e aparece no xornal *Progreso*, referida ó filme "Río Rita", que se proxectaba no Principal por aquel entón, explotado por Isaac Fraga. Ó mesmo tempo o Ideal Cinema proxectaba nas mesmas datas a produción da Fox "Orquídeas Salvajes", protagonizada por Greta Garbo; en outubro de 1933 comeza unha nova andaina co filme "El secretario de Madame". Iniciada a dobraxe de filmes ó castelán, a finais do devandito ano presentouse, con grande éxito de público, "Del mismo barrio". A reinauguración do Principal faríase en febreiro de 1931 con "Galas de la Paramount". No ano de se proclamar a República destaca o grande éxito comercial dos filmes "Camino del Infierno", "La pura verdad", "Su noche de bodas" (protagonizada por Imperio Argentina) ou "El desfile del amor", de Ernst Lubistch.



O Coliseum.
onde
García
Lorca falou
de María
Blanchard
en 1932

En consonancia co éxito de público constrúese na cidade o primeiro edificio *ex profeso* para o cine, no cal se vai instalar o Cine Coliseum, aberto o 20 de febreiro de 1932 coa película "Bésame otra vez". Seguiríanlle as proxeccións "La canción del día", "La ley del harém", "El zeppelin perdido" ou "Galicia". Trátase esta última dunha recolleita de tomas de vilas e cidades galegas, dividida en doce partes. A estrea, que tivo lugar en Pontevedra en febreiro de 1932, a beneficio da Biblioteca Escolar Losada Diéguez, correu a cargo da asociación Labor Gallega, e a proxección gozou do acompañamento musical da Coral Polifónica e de distintos coros rexionais.

Os irmáns Enrique e Ramón Barreiro principian a andaina da empresa Folk coa estrea no Teatro Principal do “Noticuario nº 1”, espectáculo que consistía en reportaxes diversas referidas a aspectos da realidade²¹⁰. Ambos tiñan o propósito de producir un filme a prol da autonomía galega. Esta iniciativa habería de ser apoiada economicamente polo “Comité Central de Propaganda del Estatuto Gallego y Organización del Plebiscito”, co alcalde de Pontevedra e membro do Partido Republicano Galego, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, á fronte. O 4 de marzo de 1933 presentouse, diante de personalidades galeguistas e republicanas, baixo o título de “Por unha nova Galicia”. A esta iniciativa seguiríalle un “Noticuario Comercial” —presentado o 7 de marzo no Teatro Principal— e a película “Excursión estudiantil por el norte de España”.

En 1934 a empresa editou un pequeno noticuario co título de *Folk. Cine-Revista Mensual Gallega*, que contiña unha serie de fotogramas documentais. Neste ano é de salientar a película “El Seminario de Estudios Gallegos en Deza”, que realizaron persoas do Seminario de Estudos Galegos —entre as que aparecían Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino Cuevillas ou Bibiano Fernández Osorio-Tafall— que distribuíu en diversas localidades galegas a agrupación galeguista xuvenil “Ultreya”. Logo dalgunha reportaxe realizada pola Folk en 1935, caso de “El Día de Orense en Pontevedra”, a empresa desaparece en xullo de 1936, por disensións entre os irmáns Barreiro, unidas estas á dificultade de introducción dos noticieros nas principais salas pola competencia coas grandes distribuidoras.

Entre 1933 e 1936 proxéctanse boa parte das obras dos directores do cine republicano español, caso de Florián Rey, Luís Buñuel ou Sáenz de Heredia. Algúns dos títulos proxectados foron “Nobleza Baturra”, “La hermana San Sulpicio”, “Rataplán”, “Morena Clara”, “La berbena de la Paloma” ou “María de la O”. O 7 de xullo de 1934 estreouse no Teatro Principal o filme “Alalá”. Esta longametraxe, igual có filme norteamericano “Odio” (estreado en 1933) e a curtametraxe “Terra Meiga” (realizada en 1932), foron as versións de temática galega que desenvolveron o folclorismo populista común do cine republicano.

A primeira película galega canto ó argumento e filmada nos arredores de Pontevedra foi “Miss Leyda”, que contou co guionista Rafael López de Haro e con Castelao no papel de pastor protestante. En 1924 rodárase entre Pontevedra, Combarro e Marín a primeira versión cinematográfica de “La Casa de la Troya”, dirixida polo propio Pérez Lugín. En 1925 Antonio Rey Soto, persoa moi vinculada á productora Celta-Film, realizaría o guión de “Carmiña, flor de Galicia”.

²¹⁰ Na sección “Crónica de Pontevedra” de *Faro de Vigo* (10-XII-1932) alúdese á estrea en tal día do “Noticuario Folk”, mentres que no número correspondente ó 7-V-1933 indícase que ó día seguinte se habería de estrear o primeiro número dos “Noticieros comerciais Folk”.

Pero á carón desta exigua produción autóctona —na que aparecerían figuras como Carlos Velo, Xosé Suárez ou Antonio Román— e da específica para o mercado español, os cines de Pontevedra contaban cunha moi importante presenza filmográfica das grandes produtoras americanas, amais dunha relativamente significativa porcentaxe de filmes de orixe francesa ou alemá. As películas de Tarzan, de Frankenstein, de destacadas actrices coma Greta Garbo —protagonista da exitosa “Mata-Hari”— ou de Joan Crawford, do oeste, cómicas —dos irmáns Marx, Buster Keaton ou os famosos Laurel e Hardy—, compoñen boa parte do repertorio das carteleiras. Entre as producións europeas estaban “Los miserables”, de Roland Dorgèles, “¡Viva la libertad!”, de René Clair ou “Guerra de valses”, de Ludwig Berger. Á vez encetouse a proxección de filmes que analizaban temáticas moi pouco representadas ata entón. É o caso da produción de Georg Wilhelm Pabst, “Carbón”, relativa ós conflitos sociais; dos desnudos de “Éxtasis” ou de “El misterio de los sexos”.

Dunha mención á parte é merecente a filmografía de orixe soviética, que coa chegada da República empeza a ter acollida. Daquela, en xuño de 1932, estréase “Iván el Terrible” mentres que de decembro data a proxección de “El camino de la vida”, de Nikolai Ekk, sendo nos cine-clubes fundados no primeiro bienio republicano onde maior divulgación acadan estas películas. Neste mesmo ano fúndase en Pontevedra o Comité de Cooperación Intelectual, conformado coma unha asociación de dinamización cultural, por parte de persoas próximas á revista *Cristal*. Inician logo as sesións de cine-clube baixo cota mensual²¹¹ e figuraban no repertorio de representacións títulos coma o de Alex Dovchenko, “La Tierra”, “Igdembu el gran cazador”, “Noticiero avant-guerra” ou o documental biolóxico “Las abejas”.

Polo derradeiro, apuntar que con carácter divulgativo, se realizarían, exhibicións cinematográficas no Instituto de Segunda Ensinanza e que José Bellver, pola súa banda, foi autor de filmacións de fitas en formatos non profesionais.

9. O mundo dos cafés e tertulias

Noutra orde de cousas, a sociedade pontevedresa alimentaba daquela unha grande actividade cultural diaria e en distintos locais reunía arredor dos máis variados faladoiros a moitos dos seus máis relevantes persoeiros. Xa na época finisecular eran de destacarse tertulias literarias coma a de Concepción Arenal na rúa da Oliva (nos anos 1889-1990). Nun hoteliño de Marín, na época estival, salientaba pola súa vitalidade a presidida polo dramaturgo José de Echegaray, e

²¹¹ Xosé Enrique Acuña, *Da historia do cine en Pontevedra 1897-1936*, Vigo: A Nosa Terra, col. Campus, nº 3, 1996.

en 1882 era a do poeta Manuel del Palacio a que gozaba de maior dinamismo. Mención especial merece a tertulia de Xesús Muruais (entre 1897-1898), na Casa do Arco²¹², con figuras como Ramón M^a del Valle Inclán, Víctor Said Armesto ou Torcuato Ulloa e predominio da bibliografía francesa. Eco desta tertulia é, na súa parte literaria e artística, a revista quincenal *Galicia Moderna*, de nidia orientación cultural, que dirixía Enrique Labarta Pose e que, con Xerardo Álvarez Limeses na redacción, se editou entre 1897 e 1898.

Xa na época que estamos a tratar hai que falar dos vellos cafés, que acollían nos seus locais unha importante actividade. O “Kursaal”, na rúa da Oliva, organizaba, no entroido, importantes bailes de máscaras. Dous establecementos levaban o nome de Urquín e tiñan restaurante, café, taberna típica e sala de exposicións, ademais de ser centro musical de importancia. No estudio de xurisconsulto de Casto Sampedro, na praza da Ferreiría, desenvolveuse unha importante tertulia que contou con diversas xeracións de pontevedreses. Entre eles Enrique Campo, Torcuato Ulloa, Carmelo Castiñeira, Víctor Said Armesto, Antón Losada Diéguez, Francisco Xavier Sánchez Cantón, Antonio Iglesias Vilarelle, Antonio Blanco Porto, Afonso Rodríguez Castelao ou Xosé Filgueira Valverde.

O Café Moderno, rexentado polo empresario Valentín García Temes, situábase na Praza de San Xosé e mantiña unha intensa actividade dende finais do XIX como local de variedades, xogos de salón, música e espectáculos cinematográficos.

Aberta en 1913 a sala de proxeccións, nela pasábanse os noticieiros Actualidades Gaumont, Panorama diario e Semanario Eclair, á carón dun bo número de filmes cómicos e dramáticos de acceso para un público predominantemente feminino e acomodado. No que á decoración respecta, hai que facer referencia ó mural de Laxeiro que presidía a sala de billar —*O manancial da vida*, pintado xa serodiamante en 1940— e ás paisaxes de Pintos Fonseca que decoraban o salón das tertulias; o



Edificio que
albergou,
nos seus
baixos, o
Café
Moderno

chamado “salón pequeno” contiña murais do pintor francés Monteserin. Neste café de ambiente modernista tiñan lugar interminables tertulias por parte dos membros da burguesía local, que procuraban un ambiente distinguido neste


²¹² Unha casona na praza de Méndez Núñez que acollía unha moi importante biblioteca. Véxase ó respecto Jean-Marie Lavaud, “Una biblioteca pontevedresa a finales del siglo XIX (De J. Muruais hacia Valle-Inclán)”, en *El Museo de Pontevedra*, nº XXIX, Miscelánea de estudios dedicada a D. José Fernández López, Pontevedra: Deputación Provincial, 1975, pp. 416-424.

establecemento. Contertulios canda Castela a principios da década dos anos dez eran Luís e Carlos Sobrino, Xoán Bautista Andrade, Isidoro Millán, Mosaki Yodogawa, Gamallo, Xosé Carbonell ou Manuel Cabanillas²¹³. Tamén Alexandre Bóveda, Valentín Paz Andrade e Ramón Cabanillas. No recinto deste local estaban tamén a disposición da xente as circulares de adhesión ó Comité de Cooperación Intelectual. Sería tamén aquí onde Federico García Lorca compuxese un soneto, en novembro de 1932.

Ó século XIX remóntase tamén os faladoiros do Café Méndez Núñez, que no ano 1911 se traslada dos soportais da Ferrería á esquina das rúas Oliva e Michelena. Nas tertulias que alí tiñan lugar nacerían movementos culturais e políticos de relevancia para Galicia. Rexentaba este amplo local —que fora decorado polos artistas Federico Alcoverro e Fernando Campo— o empresario Anselmo Martín. No ano 1916 principian alí as proxeccións cinematográficas, mais a escasa orixinalidade da súa programación e a competencia con outras salas determinou que aquelas rematasen xa ó ano seguinte. Este local, que mesmo chegou a ser café cantante, ofertaba tamén diariamente concorridas veladas musicais, ó igual que os máis populares Royalty e Bar Carrillo.

Ata a chegada da guerra civil posuía tamén notoria relevancia nas tertulias pontevedresas o Café Savoy, por onde pasaría, asemade, un bo continxente de figuras da intelectualidade daquel entón. Entre os persoeiros que facían daquela vida de tertulia en Pontevedra hai que falar de Antón Iglesias Vilarelle, o músico Blanco Porto, Virxilio Blanco, Laxeiro, Manuel Torres ou Agustín Portela.

²¹³ Vx. Valentín Paz Andrade, *ibid.*, pp. 101-105.



A linoleografía en Galicia

"Entre las nobles inquietudes del Grabado de Arte figura la del linóleo, escasamente conocido"²¹⁴

Introducción

Co termo linoleografía désígnase un tipo de gravado de peculiares características. Pero é conveniente, antes de entrar no seu estudio e para ter un coñecemento máis exacto desta técnica, facer unha breve introducción á materia prima do artista: o linóleo.

O linóleo, inventado polo británico F. Walton cara a 1860, é un tecido forte e impermeable de fibra vexetal que se prepara con aceite de liñaza mesturado con materias sólidas como resinas ou po de cortiza. Desta aliaxe extráese unha substancia espesa e adhesiva que, mediante un proceso de oxidación, vai lentamente solidificándose sen agretarse e dá lugar a este produto que ten como característica principal a elasticidade.

E, finalmente, chega o momento no que o artista, fronte ás planchas de linóleo, crea a súa arte combinando o branco e o negro (aínda que con posterioridade se progresa cara a unha policromía ou *camaieu*) ó mesmo tempo que traballa fundamentalmente sobre o trazo, a mancha e o claroscuro, pero tendo sempre en conta a peculiaridade de que a imaxe que grava ó reproducila por estampación sairá invertida.

A linoleografía xorde pois como alternativa ó gravado en madeira (a xilografía), do que imita o procedemento de execución e estampación²¹⁵. Sen embargo, respecto da madeira o linóleo ofrece diversas vantaxes²¹⁶, como a facilidade do traballado (ó tratarse dun material máis mol e uniforme), a súa resistencia á humidade, que é tamén un factor destacado, e o feito de conseguirse coa estampación negros perfectos e brancos puros, porque as súas cualidades admiten magnificamente o entintado das pranchas para a súa impresión. É, en definitiva, "un término medio de expresión estética aplicada, que debíndose al sentimiento y a la ejecución del artista, se entrega a la artesanía inteligente del tipó-

²¹⁴ Francisco Esteve Botey, "El grabado en linoleum", *Spes*, nº 112, abril de 1944, p. 3.

²¹⁵ Polémicas foron as declaracións de Francisco Esteve Botey en "La xilografía en España" (*Arriba*, 1-X-1943), nas que censuraba ós "atrevidos" que valéndose do linóleo pretenden conseguir "como una mixtificación más de nuestro tiempo", a aparencia impresa do gravado en madeira. Este artigo deu pé a unha constestación de Gabriel Méndez Rodríguez, "Exaltación: El grabado en linoleum", no nº 108 (decembro de 1943) de *Spes*.

²¹⁶ Aínda que tamén presenta algún inconveniente como é a limitación da tirada (pola textura mol deste material, que motiva unha rápida destrucción trala reiterada presión que se exerce sobre el).

grafo experimentado, para enriquecer las páginas del texto, a tono de color y de carácter con el signo, al que enlaza en la impresión su modalidad ornamental”²¹⁷. Ou noutras palabras, o gravado en linóleo é un leal intermediario entre a arte e a artesanía. Este novo procedemento alcanzou ó longo da historia cimas de beleza artística e perfección técnica moi estimables.

No contexto europeo, Alemaña²¹⁸, Austria e Suíza eran a principios de século os máximos expoñentes da linoleografía. Se ben, en Francia contaban cun dos exemplos maxistras desta arte: Henri Matisse. Moita sona acadou tamén a exposición de gravados en madeira e linóleo que fixo, en 1934, o artista escandinavo Edward Munch na Albertina de Viena. Polo que respecta a España oficialmente só nalgunhas Escolas de Artes e Oficios e do Traballo de Cataluña e Andalucía aparece o ensino desta técnica linoleográfica.

O mellor estudio sobre este tipo de arte é obra do profesor Richard Rothe, *Linoleumschmit* (Viena, 1925). En España destaca o traballo do catedrático Luis Gil de Vicario, “Dibujo artístico, modelado y otras técnicas” (1941), no que se recollen as xeneralidades relativas á técnica do linóleo.

Castelao. A década dos vinte

Centrándonos xa en Galicia, o introductor e difusor da linoleografía foi, en 1921, Castelao²¹⁹. O autor de *Sempre en Galiza* chegara a Pontevedra en 1916 cando contaba trinta anos²²⁰. Nesta cidade divide o seu tempo entre dous traballos: a función burocrática como empregado da Oficina de Estatística, e a función académica, impartindo clases no Instituto²²¹. Aquí fixo grandes amigos como Losada Diéguez, Iglesias Vilarelle, Claudio Losada e mesmo Sánchez Cantón.

A comezos dos anos vinte o artista rianxeiro pedira unha pensión á Junta para la Ampliación de Estudios para a aprendizaxe de augaforte, litografía e gravado por distintos países europeos (percorre Francia, Bélxica e Alemaña)²²², que lle foi con-

²¹⁷ Francisco Esteve Botey, “La linoleografía y la revista *Spes*”, en *La linoleografía en Galicia*, Pontevedra: Ediciones de la revista *Spes*, 1946, p. 35.

²¹⁸ En Alemaña será onde descubran as enormes posibilidades expresionistas do linóleo.

²¹⁹ Ou visto doutra maneira: “Un artista gallego, perdido para su país por el morbo de la política, aportaba de Baviera el procedimiento del grabado sobre linóleo” (palabras de F. Javier Sánchez Cantón, “Sugerencias en torno a una Exposición”, en *La linoleografía en Galicia*, *op. cit.*, p. 87).

²²⁰ Permanecerá nesta cidade ata o estoupido da guerra civil.

²²¹ No Instituto entra en contacto coa xuventude e con algúns mestres como Losada Diéguez ou Carlos Sobrino.

²²² Entre os países ós que podía desprazarse coa súa pensión figuraba tamén Inglaterra, pero Castelao non chegou a visitala nesta ocasión. Anos máis tarde, cunha segunda pensión de catro meses (13-VIII-1928 a 24-I-1929) da Comisión de Estudios en Galicia, visitará Bretaña, viaxe da que sairá unha das súas máis fermosas obras, *As cruces de pedra na Bretaña* (1930).

cedida o 30 de setembro de 1920. Ó longo da súa estancia Castelao enviaba informes mensuais dando conta puntual dos seus traballos e no remate presentou unha "Memoria" e publicou un interesante traballo sobre o cubismo²²³. Cando regresou²²⁴ desta viaxe iniciática²²⁵ trouxo consigo a novidade do gravado en linóleo²²⁶.

Facendo unha pequena paréntese, cómpre salientar a importancia das pensións que concedía a Deputación de Pontevedra²²⁷ —tamén nas demais provincias existían estas bolsas de axuda á arte galega pero tiñan un carácter máis restrinxido: na Coruña gozou dunha bolsa Carlos Maside; en Lugo, Maruja Mallo e Xulia Minguillón; e en Ourense foi Fernández Mazas o artista elixido para estas axudas—, pensións que se institucionalizaron en 1925 e que supuxeron unha interesante apertura da arte galega.

En novembro de 1925 a Deputación Provincial presidida por Daniel de la Sota (pai de Alejandro de la Sota, colaborador de *Cristal*) xuntou unha comisión de expertos para sentar as bases que servisen de paradigma e modelo na concesión destas axudas. A comisión estaba composta por Castelao —verdadeira alma máter desta idea—, Losada Diéguez, Carlos Sobrino Buhigas e Eduardo Castedo (profesor de Debuxo no Instituto). O presidente da comisión era Gaspar Massó, daquela deputado provincial. Foron pensionados pola Deputación ó longo de oito anos un total de 26 artistas²²⁸:

- a) no apartado de pintura figuran Virxilio Blanco, Colmeiro, Martín Echegaray, Emilio Fernández Rodal, Carlos Maside, Antonio Medal, Laxeiro, Pintos Fonseca, Valentín del Prado, Ignacio Senra, Arturo Souto, Guillermo Taboada, Manuel Torres e L. M. Villafínez.
- b) no apartado de escultura, J. M^a Acuña, Ángel Alén, Enrique Huertas, Manuel Longa, Camilo Nogueira, Narciso Pérez Rey, Benjamín Quintero e Uxío Souto.

²²³ *Nós*, nº 11 (26-VI-1922), pp. 4-9 e nº 12 (25-VIII-1922), pp. 6-10. Tamén en *Nós* publicaría Castelao parte do seu diario de viaxe baixo o título "Do meu diario" en diversas entregas (nº 10, 20-IV-1922; nº 13, 1-XI-1922, nº 16, 1-II-1923, e nº 18, 1-VII-1923).

²²⁴ A súa viaxe de pensionado comprende dende xaneiro a novembro de 1921.

²²⁵ *Nós* na sección "Os homes, os feitos, as verbas" dos números 3 (30-XII-1920) e 9 (31-I-1922) faise eco desta viaxe de Castelao.

²²⁶ En palabras do propio Castelao "Eu quixera chegar á miña Terra empapado dun espírito novo e dun xeito novo de pintar: dun espírito novo no senso do tempo e dun xeito novo no senso da teinica" (Castelao, *Diario 1921*, Vigo: Galaxia, 1977, pp. 313-314). E así foi: cando chegou, trouxo, entre outras, a técnica do linóleo.

²²⁷ Para un estudio máis pormenorizado deste tema convén consultar X. Antón Castro, *Renovación e avanguardia en Galicia (1925-1933). Os pensionados da Deputación de Pontevedra*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 1986, obra editada con motivo da exposición dos pensionados da Deputación de Pontevedra (1925-1933) na VII Bienal Internacional de arte de agosto de 1986. Un breve extracto desta obra figura no catálogo da citada Bienal (pp. 193-195).

²²⁸ Tamén se debe apuntar para un mellor coñecemento da realidade que algúns destes artistas gozaron da bolsa da Deputación en máis dunha ocasión.

- c) no apartado de gravado, Xosé de Castro Arines.
- d) no de ilustración de libros, Xosé Sesto López.
- e) no de cerámica, José Jamardo Grela e Rafael Ochoa Carrasco.

Desgraciadamente —como xa apuntamos ó tratar a biografía de Xosé Sesto— o gravado foi un dos aspectos da arte polo que mostrou menor interese a Deputación²²⁹. Así, como pode observarse na relación anterior, só se concederon dúas pensións neste sentido: unha para o estudio da augaforte a Castro Arines, en 1930, e outra un ano máis tarde a Xosé Sesto para a ilustración de libros.

Volvendo a Castelao, este —que recoñece estar influenciado polo linóleo de Kathe Kollwitz (1867-1945), importante debuxante social— recomendaba esencialmente o gravado en linóleo para os carteis propagandísticos, tanto de carácter comercial como político, debido en gran parte ó seu baixo custo²³⁰ (vantaxe económica motivada pola posibilidade da impresión directa), pero tamén destacaba a forza do contraste do branco e negro que impactaba fondamente no público. Deste procedemento linoleográfico o artista rianxeiro soubo sacar o máximo partido.

Por outra banda, a circunstancia de existir publicacións periódicas que inserían nas súas páxinas as obras dos artistas do linóleo trae consigo tres grandes claves para a implantación e o progreso desta técnica:

1. un estímulo constante para continuar ou iniciarse na linoleografía.
2. certa emulación entre os autores, que provocou unha maior perfección do procedemento.
3. continuidade no emprego daquela técnica.

Efectivamente son as páxinas das revistas as que recollen os primeiros resultados impresos do gravado en linóleo. E será *Alborada*, publicación aparecida en maio de 1922, a que, facendo honor ó seu nome, abrirá o camiño ó linóleo, único procedemento de ilustración presente na revista. En *Alborada* Castelao —o seu redactor técnico xunto con Méndez e Cebreiro— dá a coñecer os seus gravados e os dos seus discípulos²³¹. Sen embargo onde máis vai colaborar Castelao será

²²⁹ Dos artistas presentes en *Cristal* recibiron este tipo de axudas Maside (pensións concedidas o 13-II-1926 para viaxar a París e Munich e o 21-X-1927 e o 19-X-1928, ambas para o estudio dentro de Galicia), Pintos Fonseca (pensión para viaxar a Madrid concedida o 13-II-1926 e renovada en dúas ocasións o 21-X-1927 e o 19-X-1928), Sesto (pensión concedida o 8-X-1931) e Torres (pensións concedidas o 21-X-1927 para viaxar a Madrid, o 10-XI-1930 para viaxar a París e o 8-X-1931 e o 29-XI-1932, ambas para regresar a Madrid) pero todas eran —salvo a de Sesto que era para o perfeccionamento na ilustración de libros— para o estudio da pintura de vangarda.


²³⁰ De feito Castelao equiparaba o uso do linóleo en arte ó uso do cemento na arquitectura. E é precisamente o prezo económico deste tipo de gravado unha das razóns polas que as publicacións adoptan este procedemento como forma de ilustración.

²³¹ O primeiro deles foi Carlos Sobrino, pero tamén José Luis, Liste Naveira, M. Méndez, Pintos Fonseca, Portela Paz, Sesto, Turas, etc.

na publicación dirixida por Valentín Paz Andrade, *Galicia. Diario de Vigo*, a partir do 25 de xullo de 1922. Outras revistas que deron cabida nas súas páxinas á linoleografía foron *Abrente*, *Alfar*, *Céltiga*, *Finisterre*, *Galicia Social*, *Los Ribartemes*, *Luz*, *Nós*, *Sal-Lux*, *Sonata Gallega*, *Spes*, *Ven*, *Vida*, etc. e tamén *Parábola* (Burgos), influída e inspirada dende Pontevedra.

Como xa quedou dito, Castelao²³² foi o introductor do linóleo en Galicia, pero esta afirmación débemola matizar. Castelao chega a Pontevedra cando volta de Europa e dende o seu maxisterio estende a técnica do linóleo entre unha serie de rapaces da cidade do Teucro. E a este espazo quedou reducido o ámbito da linoleografía: Pontevedra é unha realidade xeográfica que aglutina ós artistas deste tipo de gravado. Existen, é verdade, outros puntos da xeografía galega²³³ onde fai acto de presenza esta técnica, pero son unha serie de casos esporádicos (por exemplo, en Ourense, Xaime Prada²³⁴ e Fernández Mazas emprégana ocasionalmente).

O nexos de unión entre estes inicios do linóleo na década dos vinte e a súa eclosión xa nos anos trinta está constituído por Carlos Sobrino e Luis Pintos Fonseca, seguidores de Castelao e mestres e mentores dos artistas da Escola de Pontevedra, discípulos, coetáneos e continuadores. Por último, cómpre sinalar as dúas grandes vías do linóleo: por unha banda está o “rexionalismo”, de carácter tradicional e gusto sentimental e burgués —núcleo no que se desenvolve maioritariamente a escola de Pontevedra— e por outra banda a opción “nacionalista” de vangarda, de maior innovación temática e estilística (como é o caso de Castelao, Maside, Torres, etc.).



“Montaña gallega”
linóleo de
Carlos Sobrino

²³² Para unha aproximación á figura de Castelao referido a este tema véxase Luís Seoane, “Castelao, artista gráfico”, *Galicia Emigrante*, nº 17, xaneiro de 1956, pp. 5-8 e X. Filgueira Valverde, “Castelao e a linoleografía”, *IV Adral. Castelao na lembranza*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1987, pp. 68-76 (reproducido na presentación da edición facsímil da revista *Alborada*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, serie Resgate, 1990, pp. XIV-XVI).

²³³ Esta é unha das reivindicacións que fai Luís Seoane en “O grabado ao linóleo”, texto publicado en *Comunicacións Mesturadas*, Vigo: Galaxia, 1973, pp. 60-61. Destacamos, entre outras afirmacións, “En Pontevedra formouse unha escola de grabadores en linóleo que chegou a publicar unha monografía con numerosos exemplos de diversos artistas, reclamando cáseque a escrusividade dese procedemento pra esa cidade, alardeando descoñecemento do que fixeron outros, que é abondo característico dos clans artísticos”.

²³⁴ Xaime Prada ilustrou mediante o gravado ó linóleo, en 1927, unha antoloxía de 18 prosistas galegos.

As escolas. A década dos trinta

Será a revista *Spes*, nada o 15 de xuño de 1934, a que marque o inicio dunha escola de gravadores²³⁵ que logo se proxectará en *Sonata Gallega* e *Sal-Lux*.

Constituída por unha serie de artistas cun estilo moi representativo e singular, —uns trazos comúns con predominio dos elementos clásicos na representación da imaxe e da abundancia do claroscuro— trátase, pois, dunha escola²³⁶ que mostra unha gran cohesión do grupo, pero que á vez non elimina as características propias de cada un dos seus compoñentes.

Respecto á temática das obras distínguense dúas cuestións fundamentais: o influxo da cidade de Pontevedra, que conduce ó tema galego (especialmente á lírica da paisaxe), e a propia orientación da revista, que conleva o tema relixioso ou a análise do profundo da transcendencia cristiana.

Spes convertírase na mellor sala de exposicións onde o gravado ó linóleo é o único medio a empregar²³⁷ ó longo das tres décadas nas que se desenvolve a revista²³⁸. Por todo isto, *Spes* representa unha especie de itinerario artístico²³⁹ no que se evidencia o proceso evolutivo do gravado ó linóleo²⁴⁰.

Dentro desta escola anotamos dúas etapas que se corresponden con dous períodos da revista pontevedresa *Spes* (o punto de inflexión prodúcese coa

²³⁵ Antes de iniciar este achegamento á escola linoleográfica da que tratamos debemos facer referencia ós distintos termos empregados para designala. Por unha banda existe "Grupo linoleográfico de *Spes*", en homenaxe á revista impulsora, e, por outra, "Escola de Linóleo de Pontevedra", facendo mención á cidade orixe. Obxectivamente semella máis precisa esta segunda opción, pois aínda que *Spes* foi o máis representativo non foi o único ámbito escollido por estes artistas para publicar as súas obras.

²³⁶ Para unha análise pormenorizada desta escola resulta de interese a consulta de Ramón Rodríguez Otero, "La escuela linoleista de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, t. XXXIV, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Consello Superior de Investigacións Científicas e Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1980, pp. 299-427 (publicado tamén como separata do Boletín nese mesmo ano).

²³⁷ Tal é así que xa entre os seus principios fundacionais figura o propósito de ilustrar as súas páxinas única e exclusivamente con gravados ó linóleo.

²³⁸ Resulta curioso o feito de que en Pontevedra, que ata o momento producira revistas marcadas polo seu carácter efémero, apareza unha publicación como *Spes*, que perdura ó longo de case trinta anos (vinteoito en total).

²³⁹ Como mostra do interese e repercusión do labor da revista, cabe sinalar que publicacións mesmo de ámbito estatal como é o caso de *ABC* (p. ex.: "*Spes* y sus grabados en linóleo", 15-II-1944) aparecen páxinas de encomio ó orixinal quefacer ilustrador das páxinas de *Spes*, apreciando especialmente a novidade e o valor estético desta iniciativa. Tamén, con motivo da exposición de gravados de *Spes* en Madrid, revistas e xornais como *Arriba* (26-XI-1944), *Signo* (9-XII-1944), *Fotos* (10-XII-1944), *Hoja del Lunes* (11-XII-1944), *Madrid* (13-XII-1944), *ABC* (16-XII-1944), *Faro de Vigo* (20-XII-1944), *Ecclesiae* (23-XII-1944), *Estafeta Literaria* (I-1945) e *El Bibliófilo* (I-1945) fixéronse eco do acontecemento e do interesante labor da revista.

²⁴⁰ "La labor desarrollada por el grupo de entalladores de imágenes que vienen decorando año tras año las páginas de SPES, nos habla elocuentemente de las posibilidades que este medio ofrece, estimulando la iniciación y seguimiento de sus prácticas a quienes se sientan animados de propósitos formales.", Francisco Esteve Botey, "El grabado en linoleum", *art. cit.*, p. 3.

exposición de gravados en linóleo da revista celebrada en Madrid en 1944, feito que funciona como colofón e resumo do labor realizado ata o momento) e unha terceira e última etapa presente en *Sal-Lux*.

A primeira etapa²⁴¹ podería denominarse “dos fundadores”²⁴² e nela figuran os iniciadores da arte linoleográfica²⁴³: José Luis²⁴⁴, Liste Naveira²⁴⁵, Paisa Gil²⁴⁶, Pintos Fonseca²⁴⁷, Portela Paz²⁴⁸, Carlos Sobrino²⁴⁹ e Turas²⁵⁰. Esta primeira época comprende dende a fundación da revista, o 15 de xuño de 1934, ata a Exposición de gravados en linóleo da revista en Madrid²⁵¹, na Asociación de Escritores y Artistas Españoles do 25 de novembro ó 18 de decembro de 1944²⁵². Á exposición —que ten como finalidade coñecer a contribución da revista e os gravadores que nela traballan— súmase un ciclo de conferencias pronunciadas por Esteve Botey, Laínez Alcalá, Sánchez Camargo, Prados López, Barberán e

²⁴¹ A contribución de *Sonata Gallega* (1944) débese incluír nesta etapa. En *Sonata Gallega*, sen ser exclusivo o uso do linóleo, advírtese certa preferencia por este procedemento artístico. Así, figuran colaboracións de Sobrino, Paisa Gil, M. Torres e Pintos Fonseca. Pódese considerar, pois, como un proxecto paralelo a *Spes*.

²⁴² Sobre estes artistas fundadores pertencentes á primeira etapa pódese consultar o artigo de Armando Vázquez Crespo “SPES y sus grabadores en linóleo. I”, *Spes*, nº 306, setembro de 1960, pp. 8-10.

²⁴³ Ocasionalmente colaboraron tamén en *Spes* durante esta primeira etapa Fernando Alonso, Isidro Conde, Manuel Torres Martínez e Xosé Sesto.

²⁴⁴ Impregnado de aspiración relixiosa —de feito viviu consagrado á Acción Católica pontevedresa— o seu gravado mostra o camiño da simplificación: a liña escueta, conceptista.

²⁴⁵ Liste Naveira é o artista dos motivos típicos e pintorescos da cidade con certa tendencia ó barroquismo.

²⁴⁶ Alejandro Paisa Gil, o máis inquieto dos artistas desta escola, inicia moi novo as súas colaboracións en *Spes*. A súa obra como gravador é fecunda. As súas obras pretenden plasmar a imaxe real das cousas; non son só siluetas, senón que son figuras máis naturais.

²⁴⁷ Fundamentalmente pintor e acuarelista, dende moi novo especializouse na paisaxe e atopou no gravado o medio idóneo para expresarse. É un artista cargado dun romanticismo melancólico.

²⁴⁸ Agustín Portela Paz, de obra non moi extensa, realiza estampas fundamentalmente de asunto popular, da terra (de feito este tipo de arte chegou a coñecerse como “estilo dos canteiros”). No estilo imita a rusticidade, cunha perfección desleixada. Con anterioridade cultivara augaforte e punta seca.

²⁴⁹ Carlos Sobrino Buhigas, mestre de tres xeracións, exerceu como catedrático de Debuxo na Escola de Comercio de Vigo. É o gravador das figuras, caracterizado polo trazo grosso e o predominio das manchas e do escuro.

²⁵⁰ Representa unha corrente relixiosa especial dentro da escola, caracterizándose a súa obra polo verticalismo, sutil e sucinto, coas liñas precisas que enmarcan a figura.

²⁵¹ Na propia revista dáse conta desta iniciativa, primeiro con breves notas informativas nas que se anuncia a exposición (“Exposición en Madrid de grabados en linoleum de la revista «Spes»”, nº 118, outubro de 1944, p. 16 e “La exposición de grabados de «Spes»”, nº 119, novembro de 1944, p. 11), posteriormente dáse conta da posposición da clausura (“A los lectores”, nº 120, decembro de 1944, p. 11) e, finalmente, faise unha detallada crónica de todo o acontecido (“Crónica de la exposición de grabados en linóleo de «Spes»”, nº 121, xaneiro de 1945, pp. 3-12).

²⁵² A colección exposta constaba dun total de 56 estampas (31 en negro, 15 con fondo de color e 10 de cores superpostas) dos nove artistas gravadores que colaboraran en *Spes* ata o ano 1944: José Luis (4), Liste Naveira (1), Paisa Gil (15), Pintos Fonseca (17), Portela Paz (2), Sesto (1), Carlos Sobrino (4), Torres Martínez (3) e Turas (9). O interese e a importancia deste acontecemento débese á novidade e orixinalidade desta técnica (é, de feito, a primeira exposición deste tipo que se realiza en España) así como á clara afirmación de principios que mostra.



"Peixeira",
linóleo de
Paisa Gil

Sánchez Cantón, que logo aparecería en forma de libro²⁵³ editado pola revista *Spes*. Ó mesmo tempo, ten lugar unha lección práctica da técnica do gravado en linóleo a cargo de Luis Pintos Fonseca.

Durante este período o director e alma da revista foi Gabriel Méndez Rodríguez, finado en xaneiro de 1947²⁵⁴. Jesús M^a Muíños González, cofundador da revista, será quen recolla o facho aceso do seu antecesor e quen guíe xa a seguinte época.

Esta segunda etapa ou "dos epígonos"²⁵⁵ conta cos nomes de Ángel Bravo Cuevas²⁵⁶, os González Bolívar²⁵⁷, María Figuerola Rubio²⁵⁸, Jesús Rodríguez Otero²⁵⁹, Rafael Núñez González²⁶⁰, Jesús Paz Ferreiro²⁶¹, Enrique Regueiro Cidrón²⁶², Rafael Úbeda²⁶³ e Bernardo Vázquez Gil²⁶⁴. É un

²⁵³ VV. AA., *La linoleografía en Galicia*, Pontevedra: Ediciones de la revista *Spes*, 1946. En *Spes* anúnciase nunha nota da redacción co mesmo título da obra a súa publicación no nº 142, outubro de 1946, p. 20. Francisco Esteve Botey trata desta obra nun artigo titulado "La linoleografía en Galicia" (*Spes*, nº 146, febreiro de 1947, pp. 9-11).

²⁵⁴ Hai estudiosos que consideran a data da morte do primeiro director da revista como verdadeiro límite entre a primeira e a segunda etapa da escola de gravadores de Pontevedra.

²⁵⁵ Sobre estes artistas "epígonos" pertencentes á segunda etapa pódese consultar o artigo de Armando Vázquez Crespo "SPES y sus grabadores en linóleo. II", *Spes*, nº 307-308, outubro-novembro de 1960, pp. 7-8.

²⁵⁶ Ángel Bravo Cuevas, segoviano cultivador do linóleo, é un dos máis fecundos artistas do grupo de *Spes*, tanto pola cantidade de obras como pola múltiple e variada temática. O seu estilo está na liña do detalle, do dominio dos contrastes, de encher todos os espacios.

²⁵⁷ Cos apelidos González Bolívar englobamos a tres irmáns: Lina, Tomás e José Luis. Nos seus gravados mostran unha clara preferencia polos temas mariñeiros. Destaca do grupo Lina, pois é a que mostra un estilo máis peculiar: un raído moi propio (trazos de liñas cortas en diversas direccións) que dá un matiz nebuloso ás súas obras.

²⁵⁸ María Figuerola Rubio, artista barcelonesa que enviaba as súas colaboracións a *Spes*. A súa obra divídese fundamentalmente en dous temas: asuntos cataláns e motivos cristiáns.

²⁵⁹ Os seus mellores linóleos ilustran o libro *Doas de vidro*, de Faustino Rey Romero. A tónica xeral no seu traballo é o uso constante do trazo fino en todas as súas formas e dimensións, fuxindo do folclorismo e manexando os superpostos con gran maestría.

²⁶⁰ Rafael Núñez González manifesta certa preferencia polos misterios cristiáns e, en xeral, toda a súa obra ten un matiz relixioso. Nos seus gravados advertimos un rigoroso detallismo.

²⁶¹ Jesús Paz Ferreiro é un seguidor de Turas, aínda que a súa obra terá un carácter menos ascético e de máis sensibilidade.

²⁶² Enrique Regueiro Cidrón imprime certo movemento ás súas obras (o mundo da auga é un claro exemplo disto). Gravador de tipo escultórico, rompe co academicismo en busca do rigor do volume.

²⁶³ Rafael Úbeda, alumno da Escola Superior da Real Academia de Artes de San Fernando, exerceu o seu maxisterio na cátedra de debuxo do Instituto Valle-Inclán de Pontevedra. A súa contribución á revista *Spes* foi moi limitada. Na súa obra mostra unha grande amplitude de movemento.

²⁶⁴ Bernardo Vázquez Gil é un artista dificilmente encaixable no estilo dos anteriores linoleístas. Os seus traballos ofrecen un claro barroquismo pola infinitude de trazos e pola multitude de elementos que representa en cada gravado, obras cheas de vida e color.

momento de consolidación e revalorización que chega ata o último número da revista, en decembro de 1962. Estes epígonos seguen cronoloxicamente ós seus antecesores e manteñen os mesmos temas de traballo, pero chegan mesmo a superalos na valoración estética e nos enfoques novidosos das súas obras.

A terceira etapa, tamén coñecida como a escola de Poio²⁶⁵, está protagonizada por frades mercedarios. Este tramo final da escola pontevedresa está representado pola revista *Sal-Lux*, Boletín interno da Academia Literaria do Coristado Mercedario de Poio, aparecida en xaneiro de 1951²⁶⁶. No número inicial desta publicación Frei Amarante asina un artigo, co título "Linoleografía", no que afirma que se adopta o gravado en linóleo como medio artístico de ilustración seguindo a pauta que Pontevedra viña imprimindo desde había varios lustros.

Os gravadores presentes en *Sal-Lux*, sobre todo dende 1958²⁶⁷, traballan cunha creatividade distinta da convencional, dos academicismos clásicos, e irrompen no mundo do volume e do xeométrico con novas tendencias estéticas (o abstracto, a pintura metafísica, o surrealismo, o cubismo, o fauvismo, o expresionismo, etc.). Son artistas que en ocasións non asinan as súas obras e que non figuran en ningunha outra revista do momento.

Entre os cultivadores desta escola cabe citar os frades Julián Martín, Carlos Casalheiro, Pacheco, R. Conde, R. Villagrán, Fernando Cascón, Magín Carbonero, Aguirre, entre os tradicionalistas; e a Seara, González, José Serrano, Iturrarán, F. Díaz, Sanmillán, Valentín e Lozano, como renovadores.

Con esta revista péchase o ciclo vital da Escola Linoleísta de Pontevedra e, despois do dito, resulta evidente que a linoleografía constitúe na evolución da ilustración gráfica galega unha fase de grande interese artístico.

Pero antes de pechar este apartado cómpre anotar, por unha banda, o pouco estudiado que está o tema do gravado en Galicia²⁶⁸ (ata hai ben pouco só

²⁶⁵ Sen embargo non rompe totalmente con *Spes* (por exemplo, dende o punto de vista temático, segue dentro da mesma liña: a relixión e a ambientación rexional galega), polo que non parece axeitado falar dunha escola independente.

²⁶⁶ Saíron un total de 32 números, o derradeiro de xuño de 1969, pero no nº 29 deixa de se empregar o linóleo como expresión gráfica.

²⁶⁷ Este ano de 1958 marca a liña divisoria entre dous distintos quefaceres artísticos: o linóleo tradicional e o linóleo renovador.

²⁶⁸ Un breve achegamento ó gravado galego pode verse no artigo "El grabado en Galicia" na *Colección Carlos Martínez-Barbeito de Estampas de Galicia (Palacio de Exposiciones Kiosko Alfonso, A Coruña, decembro 1993-xaneiro 1994)*, A Coruña: Concello da Coruña, 1994, pp. 27-38. De interese resulta tamén a Tese de Licenciatura de M^a Beatriz Castejón Rodríguez, "Grabado gallego del siglo XX en el Museo de Pontevedra. Catalogación", en *El Museo de Pontevedra*, Tomo XLI, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Consello Superior de Investigacións Científicas e Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987, pp. 407-619.

Enrique Mayer, Xosé Filgueira Valverde e Fermín Bouza-Brey escribiran algunhas páxinas dedicadas a esta técnica); e pola outra, o escaso cultivo deste na nosa terra²⁶⁹. De feito, despois da época do gravado de carácter xacobeo²⁷⁰ (séculos XVIII e XIX) existe un espacio baleiro que veu encher a linoleografía²⁷¹.

O linóleo nas publicacións galegas: o caso de *Spes*

Como pode deducirse do tratado anteriormente non só *Spes* reproduce gravados en linóleo nas súas páxinas, senón que un importante número de publicacións galegas empregan esta técnica como ilustración. Entre outras pódense citar *Abrente* (Santiago de Compostela), *Alborada* (Pontevedra), *Alfar* (A Coruña), *Céltiga* (Ferrol), *Claridad* (Santiago de Compostela), *Cristal* (Pontevedra), *Faro de Vigo* (Vigo), *Finisterre* (Pontevedra), *Galicia* (Vigo), *Galicia Social* (Vigo), *Galiza* (Mondoñedo), *Gelmírez* (Santiago de Compostela), *Guión* (Lugo), *Logos* (Pontevedra), *Los Ribartemes* e *Luz* (A Coruña), *Nós* (Ourense), *Posío* (Ourense), *Ronsel* (Lugo), *Sal-Lux* (Pontevedra), *Sonata Gallega* (Pontevedra), *Ven* (Tui), *Vida* (A Coruña) e *Yunque* (Lugo). A continuación faremos un breve percorrido polas publicacións máis significativas centrándonos na súa contribución á linoleografía.

ALBORADA (1922)

Revista literaria fundada en Pontevedra por Xoán Vidal Martínez. Nos créditos do seu primeiro número figuraban como redactores artísticos Alfonso R. Castelao, Álvaro Cebreiro e Manuel Méndez.

A ilustración da revista está sempre baseada na técnica linoleográfica. Así, no nº 1 (maio do 1922) a portada —única ilustración— é un gravado ó linóleo de Méndez no que actualiza o brasón de Galicia con estrelas e cruces. No seguinte número (xuño de 1922) tamén figura unicamente a ilustración da portada, nesta ocasión obra de Castelao, que representa un amencer, dentro da liña temática dun dos relatos de Losada Diéguez que se reproducen neste número²⁷².

²⁶⁹ Gabriel García Méndez facía un comentario similar en "Exaltación. El grabado en linoleum", *Spes*, nº 108, decembro de 1943, p. 10: "Las referencias al grabado en linoleum, son nulas o casi nulas. Es un procedimiento que cuenta con pocos cultivadores. Los devotos del grabado apenas si practican trabajos en linoleum, no parándose sin duda a observar sus cualidades interpretativas y su fácil utilización".

²⁷⁰ Neste sentido é fundamental a obra de Yolanda Barriocanal López, *El grabado compostelano del siglo XVIII*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1996.

²⁷¹ Este baleiro pode deberse á falta de público —queixa común entre os artistas gravadores— ou ben a que o público existente nese momento non sabe valorar ou apreciar este traballo, xa que está afeito ó gravado mecánico que cautiva pola súa rapidez, economía e perfección industrial. É dicir, a mecánica vén suplantar a arte.

²⁷² Figuran dous textos deste autor: a lenda "Camiñantes" e o conto "Amañecer".

O nº 3 (xullo do 1922) exhibe como novidade respecto ós anteriores a presenza dun maior número de ilustracións: a portada e tres gravados interiores (pp. 3, 6 e 15), todos eles da autoría de Méndez.

Finalmente, Castelao e Méndez ilustran o número extraordinario do Día de Galicia de 1922. Neste número contrasta a figuración expresionista de Castelao co futurismo e os elementos de carácter cubista-ultraísta de Méndez. O reparto das ilustracións é como segue:

— A portada, de Castelao, representa unha imaxe de Santiago Matamouros.

— Reproducción da figura do Apóstolo no Pórtico da Gloria, obra de Méndez. Este gravado ilustra o texto de Vicente Risco “O mito de Sant-Iago”.

— Paisaxe montañosa, de Méndez, acompañando “Os esteos da nazonalidade”, de A. Villar Ponte.

— Paisaxe con casa labrega, de Castelao, que ilustra un texto (sen título) de Ramón Cabanillas.

— Acompañando o texto de Manuel Antonio, “O que o sol-por calaba”, figura un gravado sen asinar que representa un cruceiro.

— Ilustrando a contribución de Luís Amado Carballo á revista, “O iris dinámico”, aparece un cadro de mulleres, obra de Méndez.

— Un novo texto de Manuel Antonio, “As irremediabes merancorías”, volve estar acompañado do gravado dun cruceiro, nesta ocasión asinado por Castelao.

— Un piñeiral de Castelao ilustra “O símbolo do árbore”, de Valentín Paz Andrade. Este gravado é moi semellante ó que despois o artista rianxeiro incorporará a *Ronsel* (“O Pinal”, nº 3).

— Este mesmo motivo repítese no seguinte gravado, asinado por Méndez, que acompaña un novo texto de Valentín Paz Andrade, “O pino de Beni-Hassan”.



*Linóleo de
Castelao*

— A última ilustración do artista rianxeiro para a revista será a face dun cego, gravado que acompaña a un texto do propio Castelao, “O cego”.

— Pecha a revista un gravado de Méndez que representa o pórtico dunha igrexa e que ilustra “Esfinxes”, de Luís Amado Carballo.

Como pode observarse tras esta relación Méndez e Castelao alternanse á hora de ilustrar a revista, tanto nos números nos que as colaboracións plásticas están asinadas por un só artista como no número extraordinario no que ambos realizan diversos traballos. Paradoxicamente, do terceiro redactor artístico de *Alborada*, Álvaro Cebreiro, non figura ningunha colaboración.

ALFAR (1920-1955)

En *Alfar* resulta moi interesante o apartado plástico, que conta ó longo das súas páxinas cun importante elenco de colaboradores (Abelenda, Rafael Barradas, Norah Borges, Castelao, Álvaro Cebreiro, Luis Huici, Manuel Méndez, Carlos Sobrino, etc.). Diversas son as técnicas empregadas na ilustración: o debuxo, o retrato, o gravado en madeira e en linóleo, etc. Sobre este último trataremos a continuación.

O gravado ó linóleo aparece por primeira vez en *Alfar* en decembro de 1922, cando aínda figuraba como cabeceira “Revista de Casa América-Galicia”. Abre este vieiro artístico a obra de Luis Huici titulada “Ritmo flamenco”, gravado no que con trazo seguro o artista representa a unha “bailaora” vestida de “faraloes” no momento da danza. Esta ilustración, a media páxina, acompaña un texto de Pedro Garfias, “Mar”, co que non ten ningunha relación.

A partir de febreiro do 1923 a presenza do linóleo vólvese unha constante nas páxinas da revista. Neste número son tres os gravados presentes. O primeiro deles —“Plástica del pudor”— é obra de Huici, o artista que comparece nun maior número de ocasións, e representa a toda páxina un grupo de seis figuras femininas que, en actitude púdica, ocultan coas mans as súas partes íntimas. A continuación, Francisco Miguel asina o linóleo que mostra, tamén a toda páxina, unha roda de mulleres que xogan ou bailan. Por último, Álvaro Cebreiro é o autor do gravado que ilustra “Os poemas do mar” de Vicente Risco, unha obra sinxela na súa realización, pero que resulta un tanto confusa.

En marzo dese mesmo ano 1923 inicia a súa colaboración Norah Borges. Ademais da portada —un gravado en madeira— a artista arxentina inclúe nas páxinas iniciais do número un linóleo que representa dúas cadenciosas figuras femininas con senllos instrumentos musicais. Baixo esta ilustración aparece un

texto en prosa titulado "Retrato", da autoría de Guillermo de Torre, no que fai unha breve semblanza da artista á vez que saúda a súa chegada.

No número seguinte colaboran novamente Luis Huici e Norah Borges. O gravado de Huici, no fondo da páxina a modo de colofón, repite unha mesma imaxe que representa unha figura feminina; trátase dun gravado sinxelo e moi escuro que ilustra a composición "Fiestas", unha autotraducción do galego de Euxenio Montes. Pola súa banda Norah Borges grava a toda páxina a imaxe duns homes e uns nenos xogando con cometas; como curiosidade pódese mencionar que a sinatura da artista está invertida.

En agosto dese mesmo ano péchase o camiño aberto pola presenza da lino-leografía na revista con "La Muiñeira", de Huici, e un linóleo de Julio Prieto. A obra de Huici —de gran tamaño pero sen chegar a ocupar a páxina completa²⁷³— mostra dun xeito un tanto xeométrico de liñas rectas, case cubista, unha parella no intre da danza. Trátase dun gravado cheo de movemento. Pola súa banda o linóleo de Julio Prieto, tamén vangardista, representa a un pallaso sen cabeza que sostén unha copa como brindando coa lúa, que se mostra enorme e branca como fondo.

CLARIDAD (1933)

Deste "Semnario de izquierdas", lembra Luís Seoane que foi "o máis importante semanario que se publicou por aqueles anos en Galicia, onde, de ves en cando unha grabura en linóleo —neste caso miña— atravesaba a súa primeira páxina impresa nunha franxa de papel de coor como si fora un cartel anunciador do seu contido, seguindo o consello de Castelao, e atopando na súa impresión, as virtudes que agora eloxian en Francia"²⁷⁴. A raíz deste texto pódese sinalar, pois, que Seoane foi o autor dalgunhas das portadas do semanario e que, nalgunha ocasión, estas eran realizadas mediante a técnica do gravado en linóleo.

GALICIA (1922-1926)

Este "Diario de Vigo" contou con Castelao como redactor artístico. Precisamente do artista rianxeiro destacan, deixando a un lado as caricaturas e viñetas case diarias, os gravados en linóleo que acompañaban os seus textos literarios e algunhas portadas, como a do Aninovo de 1926. Figuran tamén algunhas

²⁷³ Figura na mesma páxina "Pequeños poemas" de Gil Bel, composicións coas que o gravado de Huici non garda ningunha relación.

²⁷⁴ Luís Seoane, *Comunicacións mesturadas*, Vigo: Galaxia, 1973, p. 61.

colaboracións doutros artistas como é o caso de Luis Pintos Fonseca, que asina como Lois Pintos un gravado de motivo relixioso —a adoración ó Neno Xesús— no nº 436 (25-XII-1923) do xornal.

GALIZA (1930-1933)

Publicación mindoniense que comezou a editarse en Lugo e no seu nº 3 pasou a Mondoñedo. Precisamente na portada deste número (25 de Santiago de 1932) figura un gravado en linóleo de R. Veiga que mostra un puño apertado e atado con cadeas cunha evidente simboloxía política. As ilustracións dos outros números que puidemos consultar son debuxos de Castelao e Vidarte.

GUIÓN (1930-1931)

Ánxel Johán era o responsable da ornamentación desta revista. Así, no derradeiro número, un extraordinario con motivo da festa do traballo (1-V-1931), inclúe dous linóleos: un, de temática industrial, no que aparece un grupo de persoas e como fondo os contornos dunhas fábricas; o outro pecha a revista e representa unha figura humana sen rostro coas mans nos petos fronte ó mar, unha imaxe que mostra unha absoluta desolación.

GELMÍREZ (1945-1946)

Revista compostelana²⁷⁵ de curta duración, inclúe no primeiro dos seus tres números unha serie de linóleos —tres en total— obra de Beberide²⁷⁶, artista berciano ilustrador tamén de *Espadaña*.

Xunto ó poema de Manuel Rabanal “Al átomo” (p. 12) inserta o artista un gravado no que mostra un primeiro plano dunha parella. Na seguinte páxina aparece un novo linóleo —unha figura feminina coas mans entrelazadas— que fai as veces de portada a “Dos poemas de Rainer María Rilke” (Versión y nota de A. Moralejo). Finalmente, na p. 27, un gravado que representa unha parella abrazada ilustra a versión española “Gong de la media noche (Cerca de la Seo de San Jaime)” de “Gong de les dotze de la nit (Prop de la Seu de San Jaume)”, de Alfredo Llecha Ferrer. Trátase de obras realizadas cunha serie de trazos finos

²⁷⁵ Existe unha edición facsímile: *Gelmírez*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.

²⁷⁶ Colaborador de *Estampa*, *Faro de Vigo*, *El Heraldo*, *El Imparcial*, *Informaciones*, *La Linterna*, *Luz*, *La luz de Astorga*, *El Pueblo Gallego* e *Ya*, creou a chamada “grafidia”, técnica consistente na fixación de recortes de papel sobre unha cartolina.

paralelos que buscan crear sensación de volume; así mesmo, no primeiro deles, trala parella —o verdadeiro centro da ilustración— o artista grava unha paisaxe urbana que serve de fondo e crea á súa vez sensación de perspectiva. Pola contra, os outros dous gravados carecen de fondo.

Logos (1931-1936)

Publicación²⁷⁷ escasamente ilustrada, de feito non hai máis ornamentación que a portada, que representa ó profeta Daniel —obra de Castelao— e as letras capitulares, ata chegar ó nº 44 (xaneiro-marzo de 1935), no que figura un gravado de Sesto, “Thomas Morus”. Finalmente, nos números 47 (outono-nadal de 1935), 48 (xaneiro-febreiro de 1936) e 49 (marzo-abril de 1936) aparecen unha serie de debuxos anónimos todos eles de temática relixiosa. Se ben esta publicación non debería figurar nesta nómina polo escaso interese do seu apartado artístico, si resulta suxestivo o feito de que a primeira das súas ilustracións sexa un gravado ó linóleo.

Nós (1920-1935)

No “Boletín mensual da cultura galega, órgao da sociedade galega de publicacións Nós”, debemos distinguir tres etapas. A primeira, a etapa ourensá, vai do 30-X-1920 ó 1-VII-1923 e comprende os números 1 ó 18. É considerada a máis literaria²⁷⁸.

Nesta primeira andaina son varias as ilustracións realizadas mediante o gravado en linóleo. Así, na portada do nº 4 (31-I-1921) figura unha Virxe das Angustias, obra de Castelao, na que o artista rianxeiro reproduce o reverso dun cruceiro. Máis tarde, no nº 11 (26-VI-1922), colabora Luis Huici co gravado “Anxelus”²⁷⁹ e Manuel Méndez envía ó nº 14 o linóleo “Muiñeira”²⁸⁰. Xa no nº 17 (1-III-1923) aparecen catro novas variantes²⁸¹ de Castelao nas que figura a Virxe das Angustias co fillo en posición cambiante.

²⁷⁷ Unha breve lembranza desta revista pódese consultar no limiar de Xosé Filgueira Valverde á edición facsímile *Logos*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1983, pp. VII-XV (reproducido máis tarde en Xosé Filgueira Valverde, *III Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio, 1984, pp. 363-375).

²⁷⁸ Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, nº 52, 1990, pp. 536-537.

²⁷⁹ Sobre este gravado escribe María Victoria Carballo-Calero Ramos en *La Ilustración en la revista Nós*, Ourense: Deputación de Ourense, 1983, p. 65: “El presente linóleo es testimonio del arte renovador del grabado, en una época en la que, en Galicia, sólo Castro Gil y Prieto Nespereira marcaban el camino a seguir”.

²⁸⁰ M^a Victoria Carballo-Calero Ramos (*op. cit.*, p. 66) trata, así mesmo, deste gravado de Manuel Méndez e afirma que nel o artista “se nos muestra neocubista, y hasta sería posible ver en su arte reminiscencias de los arlequines picassianos”.

²⁸¹ Tres delas reproducense posteriormente en *Cousas* (1926).

Un novo linóleo, de estética vangardista, é o anuncio publicitario de augas de Mondariz —que substitúe ó debuxo feito inicialmente por Castelao— e que se reproduce nos números 13, 14, 15 e 16 da revista. Este gravado figura sen asinar, polo que podería corresponder tanto a Méndez como a Huici; sen embargo M^a Victoria Carballo-Calero Ramos atribúello a Cándido Fernández Mazas²⁸².

Finalmente, e un tanto á marxe desta relación, convén sinalar que parte das viñetas que Castelao intercala ó longo de toda a revista e nas que reproduce as figuras zoomórficas do Pórtico da Gloria, sen tratarse de linóleos lembran esta técnica do gravado.

Na segunda etapa da revista —que ten como sede a cidade da Coruña, entre o 25-VII-1925 e o 15-III-1931 (n^o 19-87)— incorpórase unha das figuras fundamentais do gravado ó linóleo, Luis Pintos Fonseca, pero curiosamente as ilustracións da súa autoría —“O adro”, n^o 54 (15-VI-1928) e no n^o 84 (15-XII-1930)— son ambas gravados en madeira.

Por último, a terceira etapa, do 15-IV-1931 a Xullo-Nadal de 1935 (n^o 88-139/144), sae do obradoiro de Ánxel Casal, en Santiago de Compostela. Nesta etapa Bernardino Vidarte asina un gravado no n^o 130 que moi posiblemente sexa un linóleo no que recolle a efixie do célebre poeta alemán Friedrich Hölderlin. Neste gravado advertimos a forzada perspectiva como recurso expresionista.

Posío (1945-1946)

Nesta revista de carácter literario²⁸³ é Miguel López Elizalde²⁸⁴ o autor das ilustracións. Nos catro números da revista inclúe o artista dun a tres gravados ó linóleo: un deles figura sempre como fondo do apartado “Musa al Noroeste” —sección que ocupa as páxinas centrais da revista— e nalgúns ocasións outro ilustra algún texto dun autor recoñecido como Vicente Risco ou José Luis Varela.

No n^o 1 (xullo de 1945) só aparece o gravado de fondo da citada sección, neste caso dedicada a Manuel Antonio, co título “*De catro a catro* hace guardia el mejor poeta del mar”. O fondo, en clara sintonía co texto dos poemas, representa o mar.

O n^o 2 (1945) é no que figuran un maior número de ilustracións: un gravado que mostra unha parella de bois cun home que os guía, ilustra “Montefurado”,

²⁸² *op. cit.* p. 66.

²⁸³ Existe unha edición facsímil: *Posío*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.

²⁸⁴ Encargado da Imprenta Otero, en Ourense, en 1950 emigrou cara a Suíza.

de José Luis Varela; outro en “Musa al Noroeste” —dedicada a Martín Codax, co título “Martín Codax, de Vigo, entona cantigas d’amigo”— que representa un trobador; e o busto dunha muller africana, linóleo que ilustra o texto de Vicente Risco “Una muchacha mongbetu”.

Dous son os gravados presentes no nº 3 (1946): unha vista da catedral de Santiago de Compostela dende a Alameda serve de fondo ás páxinas centrais, que desta vez se titulan “Cuatro poemas gallegos”, obra de Fermín Bouza-Brey, e unha ilustración na que vemos unha muller sentada fronte a un carro acompaña ó texto de José Luis Varela, “Camila (Diez minutos a las puertas del monte)”.


No nº 4 só a paisaxe que serve de fondo á sección de poemas galegos “Musa al Noroeste” titulada “Trébol de cuatro hojas” —que inclúe poemas de Aquilino Iglesia Alvariño, Pura Vázquez, Fermín Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro— ilustra a revista. Neste gravado poden distinguirse un canastro, un cruceiro e unha casa, todos eles elementos claves da paisaxe galega.

RONSEL (1924)

Figura nesta revista un interesante linóleo de Castelao, “Pinal”, nº 3 (xullo de 1924), p. 9, unha visión lírica da natureza sen figuras (e carente da acritude crítica de moitas obras do artista), moi semellante ó que se reproducira en *Alborada* no Día de Galicia de 1922. Tamén Ánxel Johán contribúe ó nº 6 (outubro-novembro de 1924), p. 19, con “Nouturno”, un gravado moi sinxelo no que o autor xoga coa perspectiva.

SAL-LUX (1951-1969)

Caso á parte é este “Boletín interno de la Academia Literaria San Pedro Pascual”, do Coristado Mercedario de Poio. Esta revista prosegue a traxectoria linoleográfica de tan brillante tradición en Pontevedra. De feito, no número inicial Frei Amarante publica un artigo titulado “Linoleografía” no que afirma: “por ello adoptamos el grabado en linóleo como medio artístico de ilustración, siguiendo así —por hermandad cultural y por convencimiento— la



“Pinal”,
linóleo de
Castelao

pauta que, en el campo del Arte, viene imprimiendo Pontevedra desde hace unos lustros.”²⁸⁵

Ó tratarse dunha publicación dun centro de formación relixiosa a maioría das ilustracións linoleográficas están inspiradas no Evanxeo e no menoloxio mercedario. Outra característica desta publicación é a constante renovación do grupo de gravadores, que traen consigo unha creatividade que irrompe no mundo do volume e do xeométrico.

Entre 1951 e 1953 colaboran Fr. Julián Martín, Fr. Carlos Casaldeiro, Pacheco, Fr. R. Conde e Fr. R. Villagrán. De Fr. Martín —artista presente ata o nº 6— temos no nº 1 dúas ilustracións: unha Asunción e unha imaxe do Quixote. De Fr. Casaldeiro —que participa ata o nº 10— destacan, no nº 1, unha reprodución do Convento de Poio, e no nº 3, “Jesús calma la tempestad”. No nº 7 publican interesantes gravados Pacheco (un cruceiro de liñas simplificadas), Fr. Conde (un lábaro co signo mercedario) e Fr. Villagrán, que fai unha copia do “Entierro del conde de Orgaz”, do Greco. Tamén de Villagrán é a portada do nº 8.

Máis tarde, entre 1953 e 1958, inician as súas colaboracións Fr. Fernando Cascón e Fr. Magín Carbonero. Ambos figuran con interesantes traballos no número dobre (10-11) de marzo de 1955: Fr. Cascón, grava unha visión mercedaria, e Fr. Carbonero, publica unha estampa puntillista do estilo de Seurat.

Precisamente o ano 1958 (nº 18) supón un xiro no gravado ó linóleo dentro da revista: Aguirre e Seara introducen nas súas obras os cambios que abren o camiño cara ás novas escolas que van nunha liña vangardista (por exemplo, aparecen como ilustracións un bodegón cubista, figuras entre o fauvismo e o expressionismo, abstraccións xeométricas, etc.). Así as cousas, en 1961 colaboran en *Sal-Lux* Seara, Iturrarán, González e Serrano, nómina á que se suma no nº 23 F. Díaz e no nº 24 (número datado xa en 1962), Sanmillán. As últimas incorporacións son as de Lozano e Valentín, que aparecen no nº 25 da revista.

O gran problema deste segundo momento da revista —a partir de 1958— é que a maior parte das ilustracións están sen asinar e algunhas das asinadas son irrecoñecibles²⁸⁶. Así e todo, pódese asignar un linóleo de incipiente cubismo —lámina sacerdotal con multiplicación volumétrica— a Serrano e un Cristo na liña clásica a Iturrarán, ambos no nº 20; a Serrano, unha ilustración moi lograda alusiva á música (nº 22) e un linóleo na liña picassiana “Nosotros y el misterio” —tal vez a súa mellor obra—; unha figura clásica, sinxela e lineal, a Sanmillán, no nº 24; un Pantócrator, unha visión *sui generis* do Vaticano e unha imaxe dunha igrexa ilu-

²⁸⁵ *Sal-Lux*, nº 1, 1951.

²⁸⁶ Fundamentalmente porque empregan siglas ou abreviaturas que ignoramos a quén corresponden.


minada polo Espírito Santo, asinados por Valentín, no nº 25; por último, no nº 27 (1964), dedicado á liturxia, Lozano asina varios gravados na liña de Dalí: un momento da Creación e un rostro de Cristo, entre outros.

En 1965 sae o que será o derradeiro número con gravados en linóleo, o nº 28. A revista continúa ata o nº 32 (1969), pero xa sen apartado gráfico.

SONATA GALLEGA (1944-1947)

O linóleo posúe certa preferencia nas páxinas desta revista sen ser a técnica exclusiva do seu apartado gráfico. Esta publicación semella, tanto pola temática das súas ilustracións como polos ilustradores que colaboran nela, unha proxeción paralela de *Spes*, matriz deste orixinal quefacer artístico común.

O artista máis presente nas páxinas de *Sonata Gallega* é Luis Pintos Fonseca, autor das portadas dos sete primeiros números. Na súa liña habitual o artista plasma con trazo fino, con claros e sombras, coa luz difusa do solpor ou do mencer, coa presenza case constante de árbores, unha serie de imaxes peculiares de Galicia: un cruceiro (nº 1, inverno de 1944), unha paisaxe cun canastro e un carballo (nº 2, primavera de 1944), un piñeirál (nº 3, verán de 1944), a igrexa de San Benitiño de Lérez (nº 4, outono de 1944), unha imaxe da parte posterior e lateral dunha igrexa con cipreses (nº 5, inverno de 1944-1945), a entrada dunha casa xunto a un castiñeiro (nº 6, primavera de 1945) e o correr dun río por baixo dunha ponte (nº 7, verán de 1945). Tamén é obra súa a ilustración, de gran tamaño, que acompaña ó texto de Emilio Canda "Casa aldeana" (nº 5, inverno de 1944-1945).



No nº 2 (primavera de 1944) Paisa Gil ofrece un gravado que ilustra "Balada para cantar al son de gaita y tamboril", asinado por C.(elso) de C.(ela)²⁸⁷. Trátase dun busto de muller con cruceiro ó fondo; un linóleo no que, seguindo na súa liña, busca a naturalidade e redondea os contornos da figura. Como curiosidade pódese anotar que o nome de Paisa Gil figura tamén no sumario do seguinte número (verán de 1944), pero non existe no interior da revista ningunha ilustración ó seu cargo.

Portada do
nº 5.
Linóleo de
Pintos
Fonseca

²⁸⁷ Pseudónimo de Celso Emilio Ferreiro.

No número correspondente ó verán de 1944 (nº 3) aparece por primeira vez Carlos Sobrino asinando o gravado “Estampa gallega” —que Rodríguez Otero²⁸⁸ titula “A volta a misa”— e no que se mostra unha parella de velliños ó lado dunha igrexa. A segunda aparición deste artista será no nº 5 (inverno de 1944-1945), onde ilustra o texto de F. Montes Aguilera “Salutación a Galicia”, cun linóleo que Rodríguez Otero denomina “En la montaña gallega”. Outro linóleo seu reproducécese sobre o sumario do nº 6 (primavera de 1945) e nel o artista mostra unha casa galega cun cruceiro. Como en toda a súa obra nestas ilustracións predomina a claridade, con espacios brancos e un amplo ceo.



“A Castañeira”,
linóleo de
M. Torres

cunha acuarela, ou Carlos Sobrino, que presenta tamén no nº 7 un debuxo e no nº 11 un óleo, ou Pintos Fonseca, que inclúe senllos óleos nos números 9 e 11.

Por outra banda cabe mencionar que algúns dos máis destacados artistas do linóleo —José Luis (nº 11), Agustín Portela (nº 11) e Xosé Sesto (nº 9)— ilustran tamén páxinas de *Sonata Gallega*, pero empregando técnicas distintas, como o óleo. Cítase tamén no sumario do nº 11 a un tal Alonso que podería ser o artista que figura en *Cristal*, Fernando Alonso, sobre o que carecemos de información.

Caso á parte podemos considerar o suplemento “Rianxo” de *Sonata Gallega*, unha edición especial dedicada ás festas da Virxe de Guadalupe do ano 1952. Neste suplemento escasamente ilustrado —no que sen embargo aparecen abundantes fotografías— son dous os colaboradores artísticos: Portela, autor da portada —unha imaxe da Virxe de Guadalupe sobre unha barca—, e Torres, que ilustra con dúas pequenas figuras —un pescador recollendo as redes e unha pescantina coa patela na cabeza— o texto de Celso Emilio Ferreiro, “O teósofo”.

²⁸⁸ Ramón Rodríguez Otero, *op. cit.*, pp. 342-343.

SPES (1934-1962)

Como xa sinalamos anteriormente na revista *Spes*, distínguense dúas etapas que coinciden²⁸⁹, *grosso modo*, co momento de cada un dos seus directores: Gabriel Méndez Rodríguez (que ostentou o cargo ata a súa morte, en xaneiro de 1947) e Jesús M^a Muiños González.

Esta revista, órgano da xuventude católica de Pontevedra, tiña carácter mensual. Co seu primeiro número, aparecido o 15 de xuño de 1934 —única ocasión na que se cita o día na datación de *Spes*—, iníciase o importante ascenso do linóleo. É un número profusamente ilustrado: practicamente aparece un gravado por cada dúas páxinas, existen numerosas letras capitulares moi decoradas, ó final dalgúns textos insérense pequenos enfeites, etc. Figuran nel colaboracións artísticas de Luis Pintos Fonseca e Ventura de Dios López. Algúns son gravados moi sinxelos (unha gaivota voando, p. 6; dúas casas con soportais, p. 13; unha paisaxe, p. 19), de temática fundamentalmente relixiosa (Santo Tomás de Aquino, visto por detrás, p. 3; a representación de Deus, p. 24; un monxe de costas axonllado, p. 26; un monxe de costas sentado e lendo, p. 27; o Papa baixo palio acompañado de dous monxes, p. 30) ou ben paisaxística, con dúas vertentes: a visión mariñeira (o mar e o ceo nun día tormentoso, p. 8; un barco dirixíndose cara a unha cruz que se observa sobre o horizonte, p. 11) e a visión rural (un camiño entre árbores, p. 16). Deste conxunto destaca na páxina 23 un gravado paisaxístico de Pintos Fonseca, a toda páxina.

A portada —en vermello e sen asinar nesta ocasión— está decorada con motivos relixiosos e no centro leva un recadro —desta vez gris— onde vai a ilustración, que variará²⁹⁰ nos seguintes números.

Nas seguintes entregas da revista e ata o seu pasamento —que se produce o 23 de novembro de 1936²⁹¹— será Turas o único responsable do apartado gráfico. Inclúe arredor de dez ilustracións e viñetas en cada número, algunhas repetidas. Entre as súas achegas pódense salientar “San Pablo, primer ermitaño” (n^o 9, febreiro de 1935, p. 19), “San Buenaventura” (n^o 11, maio de 1935, p. 15), “El


²⁸⁹ Xa quedou dito que se considera como punto de inflexión das dúas épocas da Escola Linoleísta pontevedresa a exposición dos gravadores de *Spes* en Madrid, do 25 de novembro ó 18 de decembro de 1944, se ben hai estudiosos que prefiren tomar como referencia o cambio na dirección da publicación.

²⁹⁰ A portada é un dos aspectos que máis variará ó longo da historia da revista: cambian as cores, o formato, a disposición da ilustración, as letras da cabeceira, a aparición ou non do sumario, etc. A partir do ano 1943 aumenta tamén o formato da revista.

²⁹¹ O n^o 24 (decembro de 1936) está practicamente dedicado á desaparición deste artista. Así, figuran colaboracións de Gabriel Méndez Rodríguez (“A la memoria de Turas”, p. 3), Jesús María Muiños González (“En la muerte del amigo”, p. 9), Ricardo Delgado Capeáns (“Gloria y honor a Turas”, p. 12) e Xosé Sesto (“Planto a Turas”, p. 15) ademais dunha “Nota necrolóxica” da redacción da revista (p. 22). Inclúense tamén unha serie de gravados póstumos.

doctor don Tomás de Muniz Pablos" (nº 13, agosto de 1935, p. 10), "Apóstol (Estudio)" (nº 13, agosto de 1935, p. 19), "Lugar de San Blas" (nº 17, xaneiro-febreiro-marzo de 1936, p. 15) e "Meditación" (nº 17, xaneiro-febreiro-marzo de

1936, p. 27). Trala súa morte a revista continúa a publicar gravados inéditos do artista, como é o caso de "Motivos del Nacimiento: el pastor" (nº 24, decembro de 1936, p. 14), "San Francisco" (outubro de 1948) e "La purificación de la Virgen" (febreiro de 1954).



Portada do nº 1 da revista Spes

esporádicas ou ocasionais. Serán, en realidade, Pintos Fonseca, nun primeiro momento, e Paisa Gil, despois, os que tomen o relevo no traballo do desaparecido Ventura de Dios López.

A partir do nº 17 (xaneiro-febreiro-marzo de 1936) existe unha novidade interesante: ademais da portada algúns dos gravados interiores son realizados tamén a cor, nesta ocasión son dous linóleos en azul, xa citados entre as obras de Turas.

Con posterioridade a decembro de 1936 e ata a metade da década dos corenta son varios os artistas que colaboran nas páxinas de *Spes*: Alejandro Paisa Gil, Manuel Torres, Xosé Sesto, Luis Pintos Fonseca, José Luis Alonso Fuentes, Olimpio Liste Naveira, Agustín Portela Paz e mesmo Isidro Conde, pero algunhas destas colaboracións son

Un percorrido anual pola revista sería, a grandes trazos, como segue:

- a) no xa citado nº 24 (decembro de 1936) figuran Turas, Paisa e Torres.
- b) no nº 28 (abril de 1937) están Sesto, cun espléndido linóleo en verde titulado "San Marcos" (p. 17), e Paisa, especialista en retratos, nesta ocasión fai un do xeneral Franco (p. 2); o nº 30 (xuño 1937) está integramente ilustrado por Paisa e do conxunto de gravados destaca "San Francisco de Sales" (p. 11); o nº 31 (xullo de 1937) pódese considerar un especial, pois duplica o número de páxinas e polo tanto de ilustracións (obras de Paisa, Pintos e Sesto).
- c) no nº 38 (febreiro de 1938) destaca o gravado de Portela "Muller do agro camiño do mercado"; dez meses despois, decembro de 1938, aparece "San Bruno", de José Luis (nº 48).
- d) no nº 53 (maio de 1939) inclúe Portela a súa "Peixeira"; nos números 55 (xullo de 1939) e 56 (agosto de 1939) foi Pintos o autor da maior parte das ilustracións, entre as que destaca "Paisaje" (nº 56, p. 11), se ben están

presentes tamén Turas (nº 55, p. 23) e Paisa (nº 56, p. 3). No seguinte número, o 57, de setembro de 1939 figuran colaboracións artísticas de Pintos, Paisa e José Luis; no nº 58 (outubro de 1939), de novo aparecen Paisa e Pintos, este último cun gravado de certo interese no que se observan unha serie de soportais (p. 19); finalmente, no nº 59 (novembro de 1939) é Luis Pintos Fonseca o autor tanto dos gravados como das viñetas.

A partir do nº 60 (decembro de 1939) e ata o nº 120 (decembro de 1944) os números inclúen un menor número de ilustracións. Durante este período a presenza de Pintos Fonseca e Paisa é constante²⁹² en todas as entregas da revista e, ás veces, aparece algún outro ilustrador, así: Torres figura nos números 60 (p. 15), 64 (portada), 68 (p. 18), 90, 91 (p. 12), 92 (portada), 93 (portada), 96 (portada), 116 (p. 6), 117 (pp. 12-13) e 118 (portada); José Luis nos números 60, 63 (p. 19) e 65; Liste nos números 64 (p. 13) e 97 (p. 17); Portela tan só aparece no nº 65; Isidro Conde no nº 65 (a súa única contribución á revista como ilustrador é un gravado de cor azul, “La torre del reloj”, p. 9) e Carlos Sobrino no nº 117 (cun gravado que combina o marrón e o amarelo, titulado “Plaza de la leña (Pontevedra)”, p. 15).

Dos gravados comprendidos entre estes números destacan: “Claustro de Poyo” (nº 69, setembro de 1940, p. 9), “Lugar de paz” (nº 99, marzo de 1943, p. 11), “Capilla del Nazareno” (portada do nº 111, marzo de 1944), “El callejón de San Telmo” (nº 111, marzo de 1944, p. 9), “Convento de Belvís (Santiago)” (nº 112, abril de 1944, p. 11), “Santa Clara (Pontevedra)” (portada do nº 113, maio de 1944), “Reflejos” (nº 113, maio de 1944, p. 9) e “San Salvador de Poyo” (portada do nº 117, setembro de 1944), de Pintos Fonseca; “Tierra” (nº 82, agosto de 1941, p. 21), “Motivo navideño” (nº 84, decembro de 1941, p. 21), “Los Magos” (nº 85, xaneiro de 1942, p. 9), “San José”, (nº 87, marzo de 1942, p. 9), “Dios te salve, maestro” (nº 88, abril de 1942, p. 13), “San Juan de la Cruz” (nº 89, maio de 1942, p. 11), “Estampa del Corpus” (nº 90, xuño de 1942, p. 9), “La cruz en el camino” (nº 91, xullo de 1942, p. 11), “Sueño oriental” (nº 92, agosto de 1942, p. 15), “Crepúsculo”, (nº 93, setembro de 1942, p. 10), “Motivo invernal” (nº 97, xaneiro de 1943, p. 7), “La oración en

*Linóleo de
Paisa Gil*



²⁹² Nalgunha ocasión figura unicamente un dos dous; é o caso dos números 66, 67, 68 e 113 nos que todas as obras pertencen a Luis Pintos Fonseca, ou dos números 72, 75, 78 a 83, 85, 87, 88, 102, 109 e 110, da autoría exclusiva de Alejandro Paisa Gil.

el huerto" (portada do nº 112, abril de 1944) e "Crepúsculo" (nº 115, xullo de 1944, p. 7), todos eles de Paisa Gil.

Tamén ten certo interese o nº 76 (abril de 1941) no que en practicamente todas as páxinas do exemplar —na p. 3 a media páxina, nas pp. 5, 7, 9, 11, 15, 17 e 19 na parte superior dereita e nas pp. 12 e 20 a toda páxina— aparecen gravados que ilustran os distintos pasos da Paixón de Cristo. Por último chama a atención o nº 77, que só presenta unha ilustración —ademais da portada— na p. 3: un retrato de León XIII asinado por P. (posiblemente Paisa).

Á parte, durante este período publícanse na revista dous interesantes artigos sobre o gravado en linóleo:

- a) Gabriel Méndez Rodríguez, "El grabado en linoleum", nº 108 (decembro de 1943), pp. 9-11.
- b) Francisco Esteve Botey, "El grabado en linoleum", nº 112 (abril de 1944), pp. 3-4.

e unha serie de notas informativas sobre a exposición de gravados de *Spes* en Madrid:

- a) "Exposición en Madrid de grabados en linoleum de la revista «Spes»", nº 118 (outubro de 1944), p. 16.
- b) "La exposición de grabados de «Spes»", nº 119 (novembro de 1944), p. 11.
- c) "A los lectores", nº 120 (decembro de 1944), p. 11.

A partir de 1945 comeza unha nova etapa na revista. Existe un "período de transición" no que os artistas ata o de agora presentes nela continúan as súas colaboracións, pero xa en menor cantidade: referímonos a Pintos e Paisa, fundamentalmente.

Ó mesmo tempo algún gravador que con anterioridade publicaba esporadicamente comeza neste intre a ser máis constante nas súas achegas. É o caso de Carlos Sobrino, que só dera ó prelo unha obra no nº 117 e a partir deste momento e ó longo do ano 1945 ofrece diversas ilustracións en *Spes* (nº 121, 123, 126, 128, 131 e 132).

Á vez inician as súas colaboracións un importante número de gravadores: Bernardo Vázquez Gil (aparece por primeira vez no nº 122), Lina González Bolívar (no nº 140), o seu irmán Tomás (no nº 147), Rafael Núñez González (no nº 155), Jesús Paz Ferreiro (no nº 169), Ángel Bravo Cuevas (no nº 174), Jesús Rodríguez Otero (no nº 177), Miguel Ángel Conradi (no nº 185), M^a Figuerola Rubio (no nº 186), Rafael Úbeda (no nº 237) e Enrique Regueiro (no nº 269-270).

Con eles iníciase a segunda etapa da chamada Escola Linoleísta de Pontevedra.

Esta evolución do gravado e dos gravadores da revista *Spes* podemos observala mediante un detallado estudio cronolóxico.

Ano de transición como xa apuntamos, 1945 caracterízase pola maior presenza de Carlos Sobrino, acompañando a Paisa e Pintos. Así no nº 121 (xaneiro de 1945) figuran Paisa, Pintos e Sobrino, este último cun interesante traballo titulado "Contos da vella" (pp. 12-13). No seguinte número, o 122, fai a súa primeira incursión na revista Bernardo Vázquez Gil, autor da portada, acompañado —¿como non?— de Paisa e Pintos.

Nos números 123, 126 e 131 son Paisa, Pintos e Sobrino os autores das ilustracións. Nos números 125, 129 e 130 colaboran Paisa e Pintos. No nº 128 están Paisa e Sobrino. No nº 132 están Pintos e Sobrino. Paisa e Pintos son os únicos responsables das ilustracións dos números 124 e 127, respectivamente. Como remate pódense comentar dous feitos de interese: a publicación en xaneiro da "Crónica de la exposición de grabados en linóleo de Spes"²⁹³ (pp. 3-12) e o número de outubro (nº 130) que só presenta unha ilustración exceptuando a da portada.

Xa 1946 é o ano de Paisa, pois este artista aparece en todas as entregas da revista e na maior parte delas é o único responsable do apartado gráfico. Entre os numerosos linóleos deste gravador pódense citar "San José" (nº 137, maio, p. 17, realizado en amarelo e negro), "Catedral de Santiago (Contraluz)" (nº 139, xullo, p. 9, en vermello e negro) e "Campanario de S. Pedro de Rocas (Ourense)" (nº 139, xullo, p. 19, en verde e negro). Por outra banda cabe mencionar a segunda aparición de Bernardo Vázquez Gil (autor de "Dársena de las Corbaceiras", ilustración da p. 11 do nº 135, e da portada do nº 140) e a primeira de Lina González Bolívar (presente na p. 9 do nº 140, con "Monte de la roca" e na portada do nº 141). Tamén inclúen un gravado Pintos no nº 140 (agosto) e Sobrino na p. 9 do nº 144 (decembro). En canto á letra impresa referida ó linóleo publícase en outubro deste ano (nº 142) un artigo sen asinar, "La linoleografía en Galicia", no que se anuncia a próxima aparición do libro do mesmo título editado pola revista *Spes*.



"Contos da vella",
linóleo de
Carlos
Sobrino

²⁹³ Neste artigo, sen asinar, dáse conta das diversas circunstancias da exposición: os antecedentes, a iniciativa, a axuda das distintas entidades, a representación oficial, a inauguración, o ciclo de conferencias, a clausura e a crítica.



Gabriel Méndez, por Paisa Gil

e verde da p. 13 do nº 150, “Atardecer en el mar”, aínda que tamén é autora no nº 145, da portada, e no nº 156, do gravado da p. 9), Rafael Núñez González (que inclúe algunha viñeta no nº 155), Alejandro Paisa Gil (presente nos números 145 a 149 e 155) e Bernardo Vázquez Gil (autor da portada do nº 153, “Los hórreos”). Finalmente tamén de interese resulta o artigo de Francisco Esteve Botey, “La linoleografía en Galicia (I)”, nº 146 (febreiro), pp. 9-11.

En 1948 a substitución de ilustradores vaise facendo efectiva e artistas como Vázquez Gil e Núñez González²⁹⁹ vanse encargando das páxinas máis importantes —a portada e a estampa interior (un gravado a toda páxina)— substituíndo ós consagrados como Paisa Gil e Pintos Fonseca; de feito Paisa só publica, á parte de pequenas viñetas no nº 157, un gravado no nº 166 (outubro), p. 14, e Pintos é o autor da portada do nº 159 (marzo), “Tinieblas”, e pequenos gravados nos

²⁹⁴ Entre os que cabe citar o de Enrique Quesada Munuera, “El grabado en linóleo ha perdido su adalid”, *Spes*, nº 147, marzo de 1947, pp. 12-13 (artigo reproducido das páxinas de *Pueblo*, de Madrid).

²⁹⁵ “D. Luis Pintos Fonseca, sacerdote”, *Spes*, nº 151, xullo de 1947, p. 13.

²⁹⁶ Neste ano é autor das portadas dos números 152, “Campanario parroquial de San Adrián de Vilariño (Cambados)”, e 155, “Cementerio de Mourente (Pontevedra)”, así como dalgunha viñeta nos números 145, 149 e 155.


²⁹⁷ “D. José Luis Alonso Fuentes”, *Spes*, nº 156, decembro de 1947, p. 21.

²⁹⁸ En setembro deste mesmo ano (nº 153) xa figuraba na revista un linóleo en tons verdes e azuis de José Luis: “Mariñeiro” (p. 15).

²⁹⁹ Tamén Lina González Bolívar, aínda que en menor medida. De feito neste ano tan só ofrece un gravado na portada do nº 161 (maio).

números 157, 163 e 167. Entre as múltiples obras de Núñez e Vázquez Gil destacan “Descendimiento” (nº 159, marzo, p. 9), “Mosteiro de Armenteira” (portada do nº 160, abril), “Resurrección” (nº 160, abril, p. 15) e “Eucaristía” (nº 161, maio, p. 17), do primeiro, e “Procesión en Belmonte” (nº 159, marzo, p. 19), do segundo. Por último no nº 168 (decembro), con motivo do cabodano de José Luis, reproducense dous gravados do finado artista (na portada e na p. 15).

Segue 1949 a mesma tónica do ano anterior no referido ó apartado gráfico, pero nesta ocasión xunto a Vázquez Gil e Núñez están Jesús Paz Ferreiro, Ángel Bravo Cuevas e Jesús Rodríguez Otero, un grupo de ilustradores totalmente renovado. Continúan colaborando Pintos (viñetas nos números 169 e 177 a 179 e portada do nº 171) e Paisa (viñetas nos números 172, 177 a 179 e portada do nº 175). Un número curioso é o 173 (maio), que semella unha paréntese e volta atrás no tempo, pois está integramente ilustrado por Torres e Portela, dous dos anteriores colaboradores con carácter esporádico (destacan a portada de Torres e a ilustración da p. 14 de Portela). Especial atención merecen os gravados “Epifanía” (portada do nº 169, xaneiro) e “Crucifixión” (portada do nº 172, abril), de Núñez; “Huida a Egipto” (nº 169, xaneiro, p. 17), “¡Hermano lobo!” (portada do nº 170, febreiro) e “Custodio y guía” (portada do nº 178, outubro), de Paz Ferreiro; “Estudio linoleográfico” (nº 175, xullo, p. 10) e “San Juan de la Cruz” (portada do nº 179, novembro), de Bravo; “El molino” (portada do nº 177, setembro) e “Pesebre” (portada do nº 180, decembro), de Rodríguez Otero; “Construcción de Santa María” (nº 178, outubro, p. 17), “El último embarque” (nº 179, novembro, p. 9) e “Invernada” (nº 180, decembro, p. 17), de Vázquez Gil.




“Plaza Mayor de Rupit”, linóleo de María Figuerola

Conta 1950 con colaboracións artísticas de Rodríguez Otero, Bravo, Vázquez Gil, Paz Ferreiro e María Figuerola principalmente, se ben están presentes, así mesmo, con pequenas viñetas Turas e Paisa. Un caso á parte constitúe o gravado asinado por Miguel A. Conradi no nº 185 (maio), pp. 12-13, única contribución deste artista ás páxinas de *Spes*. Outra curiosidade deste ano é a aparición de viñetas e unha portada, “Nochebuena” (nº 192, decembro), de Mafiru, pseudónimo de María Figuerola Rubio, artista que tamén asina gravados co seu nome. Destacan neste período os seguintes linóleos: “San Pedro del Vaticano” (portada do nº 181, xaneiro), “Campanario” (portada do nº 183, marzo), “El divino redentor” (portada do nº 184, abril), “Jesús-Eucaristía” (portada do nº 186, xuño), “Paisaje” (nº 189, setembro, p. 15), “Misionero de Cristo” (portada do nº

190, outubro) e “Estampa misional” (nº 190, outubro, p. 17), de Jesús Rodríguez Otero; “Camino de Belén” (nº 181, xaneiro, p. 15), “Redención” (nº 184, abril, p. 6), “El buen sembrador” (portada do nº 185, maio) e “Estampa pontevedresa” (portada do nº 188, agosto), de Ángel Bravo Cuevas; “Judit” (nº 182, febreiro, p.19), “Soldadesca” (nº 184, abril, p. 23) e “Fiesta de toros en Castilla” (nº 187, xullo, p. 17), de Bernardo Vázquez Gil; “Penitente” (nº 183, marzo, p. 17), de Jesús Paz Ferreiro; “La Madonna de Cardellino” (nº 186, xuño, p. 7), “La ascensión de Nuestra Señora” (nº 188, agosto, p. 11), “Nuestra Señora de las Mercedes” (portada do nº 189, setembro) e “La Virgen María” (nº 192, decembro, p. 9), de María Figuerola.

Continúa 1951 na liña do ano anterior: repiten Bravo, Vázquez Gil, Rodríguez Otero e María Figuerola e reaparecen Lina González Bolívar e Rafael Núñez. Quen practicamente desaparece da revista é Paz Ferreiro, que tan só inclúe algunha viñeta no nº 199. Tamén Manuel Torres inclúe algunha viñeta no nº 195.



Por outra parte, Alejandro Paisa volve a ser protagonista do apartado gráfico de *Spes* e publica tres interesantes traballos: “Eucaristía” (nº 197, maio, p. 10), “Beato Pío X” (portada do nº 198, xuño) e as páxinas centrais do nº 199 (xullo, pp. 12-13). Interesantes son, así mesmo, “Epifanía” (portada do nº 193, xaneiro) e “Madre Dolorosa” (nº 195, marzo, p. 13), de Bravo; “Adoración de los Santos Reyes” (nº 193, xaneiro, p. 19), de Vázquez Gil; “Divina redención en Galicia” (portada do nº 195, marzo), “Real Monasterio de Samos” (nº 202, outubro, p. 9) e “San Mamed de Lourenzá-El Rosal (Pontevedra)” (nº 204, decembro, p. 17), de Rodríguez Otero; “La oración en el huerto” (nº 195, marzo, p. 29) e “Claustro conventual” (portada do nº 203, novembro), de Lina González Bolívar; “Monasterio de la Armetera” (nº 196, abril, p. 11), de Rafael Núñez; “Divina maternidad” (portada do nº 204, decembro), de María Figuerola. Por último digamos que se publica unha nota de redacción, “Nuevos sacerdotes” no nº 199 (xullo, p. 11), na que se dá conta da

“Claustro conventual”, ordenación como sacerdote de Jesús Rodríguez Otero na súa parroquia natal de San Miguel de Pontearreas.

linóleo de

Lina

González

Bolívar

Supón 1952 a confirmación de artistas como Jesús Rodríguez Otero, Bernardo Vázquez Gil, María Figuerola Rubio —que asina tamén como Mafiru o gravado “S. S. Pío XII” no nº 207 (marzo, p. 16)— e, sobre todo, de Ángel Bravo Cuevas. Paisa continúa colaborando con pequenas viñetas (nos números 205, 206, 212 e 215) e tamén Torres (nº 205). Entre os gravados deste período que merecen ser


salientados figuran: "Ilusión" (portada do nº 205, xaneiro), "Iglesia rural" (nº 208, abril, p. 15) e "Otoño" (nº 214, outubro, p. 17), de Rodríguez Otero; "Camino viejo (Lérez)" (nº 205, xaneiro, p. 17), "Rincón pontevedrés" (nº 206, febreiro, p. 15) e "La Divina Peregrina" (nº 212, agosto, p. 19), de Vázquez Gil; "Candelaria" (portada do nº 206, febreiro), "Templo expiatorio de la Sagrada Familia. Barcelona" (portada do nº 210, xuño) e "Divina maternidad" (nº 216, decembro, p. 9), de María Figuerola; "Patio claustral" (portada do nº 207, marzo), "Cristo agonizante" (portada do nº 208, abril), "Mariñeiros" (portada do nº 212, agosto), "Barrio mariñeiro" (portada do nº 213, setembro), "Hispanidad" (portada do nº 214, outubro) e "Paisaje" (portada do nº 215, novembro), de Bravo.

En 1953 continúan como ilustradores Ángel Bravo, María Figuerola e Jesús R. Otero e descólgame do grupo Bernardo Vázquez Gil, asiduo ata o de agora. Inclúense gravados de certo interese de José Luis (nº 220, abril, p. 17), Liste Naveira ("Soportales", nº 223, xullo, p. 10) e Paisa Gil ("La Divina Peregrina", portada do nº 224, agosto). Aparecen tamén viñetas do xa mencionado Paisa (nº 217, 219, 220, 224, 225), de Rafael Núñez (nº 217) e de Paz Ferreiro (nº 220). Destacan entre os linóleos "Vista panorámica de Sitges (Barcelona)" (portada do nº 222, xuño) e "Madre de Dios" (nº 28, decembro, p. 15), de María Figuerola; "Natividad" (portada do nº 225, setembro), "Estudios bíblicos" (nº 225, setembro, p. 17), "Camposanto" (portada do nº 227, novembro) e "Oración" (nº 227, novembro, p. 14), de Jesús R. Otero; "Pastoral navideña" (portada do nº 228, decembro), de Bravo.

En 1954 temos fundamentalmente dous gravadores: Ángel Bravo e María Figuerola, aínda que tamén se reproducen obras de Ventura de Dios López, Turas, ("La purificación de la Virgen", nº 230, febreiro, p. 13), Alejandro Paisa Gil ("San Pío X", nº 233, maio, p. 11 e "Evangelizador y defensor de España", portada do nº 235, xullo) e Lina González Bolívar ("María Inmaculada", portada do nº 239-240, novembro-dicembro). Aparecen viñetas de Bravo, Paisa (nº 229, 230, 233 e 235), Otero (nº 229, 230, 233, 237 e 239-240) e Úbeda (nº 237), primeira colaboración deste artista escasamente representado na revista.

Dos gravados deste período destacan: "Pórtico de la Gloria" (portada do nº 229, xaneiro), "El apóstol Santiago según el Greco" (nº 235, xullo, p. 15), "Monasterio de Osera. Sacristía" (portada do nº 237, setembro) e "Purísima" (nº 239-240, novembro-dicembro, p. 13), de Bravo; e "Plaza Mayor de Rupit

Portada do
nº 226.
Linóleo de
Ángel
Bravo




(Cataluña)" (portada do nº 230, febreiro), "Flor y capullo" (portada do nº 233, maio) e "Tota Pulchra es, Maria" (nº 239-240, novembro-décembro, pp. 16-17), de María Figuerola.

En 1955 obsérvase un pequeno descenso no número de ilustracións da revista; así, en máis da metade das entregas de *Spes* desaparece a típica estampa interior a toda páxina. Ó mesmo tempo os colaboradores son máis variados: seguen Bravo e Figuerola e reincorpórase R. Otero, á vez que se mantén como secundario case obrigatorio Paisa (con gravados xa publicados anteriormente nas páxinas da revista como é o caso de "San José, el carpintero" nº 243, marzo, p. 15 ou "La Divina Peregrina", nº 248, agosto, pp. 12-13; tamén é autor da portada do nº 251 de diciembre), pero tamén aparecen Úbeda (autor de "Calvario", portada do nº 244, abril), Portela (autor da portada do nº 248, agosto), Núñez (autor de "Sala del Monasterio de Osera", portada do nº 249, setembro) e Lina González Bolívar (autora da portada do nº 250, novembro). Dos autores consagrados desta etapa salientan "Callejuela pirenaica" (portada do nº 242, febreiro), "Cabeza de estudio" (portada do nº 243, marzo), "Arcos del acueducto (Segovia)" (portada do nº 245, maio) e "Un mirador típico" (portada do nº 246-247, xuño-xullo), de Bravo; "Jesús crucificado" (nº 244, abril, p. 11), de María Figuerola; "Vexila Regis" (nº 244, abril, p. 19), de Otero. Paisa, Bravo, Otero, Figuerola e Núñez son os autores das distintas viñetas interiores. Á parte, nunha breve nota da redacción, dáse conta do galardón —medalla de bronce— outorgado á colaboradora de *Spes* María Figuerola no concurso celebrado pola Real Academia de Bellas Artes de S. Jorge de Barcelona.

Conta 1956 con ilustracións dos colaboradores habituales nas páxinas da revista J. R. Otero, A. Bravo e María Figuerola —que tamén asina un gravado, "Estampa navideña" (nº 260-261, novembro-décembro, p. 8), como Mafiru—, pero tamén de Agustín Portela ("Peixeira", portada do nº 257, agosto). As viñetas son obra de Paisa, José Luis, Figuerola, Bravo, Núñez, Úbeda e Otero. Entre os linóleos deste momento destacan "Basílica de S. Pedro del Vaticano" (nº 254, maio, p. 15) e "Crucero campesino" (portada do nº 258, setembro), de Otero; "Eucaristía y cruz" (nº 257, agosto, p. 10) e "Rincón santanderino" (portada do nº 260-261, novembro-décembro), de Bravo. Aparece no nº 257 unha noticia referida a Rafael Úbeda na que se informa de que o artista ingresa na Real Academia de San Fernando, na sección de pintura e profesorado de Debuxo.

En 1957 son tres os principais protagonistas da ilustración de *Spes*: Ángel Bravo Cuevas, que segue na súa liña de costume e inclúe un total de oito gravados (á parte das numerosas viñetas), sendo o artista máis prolífico do momento; Alejandro Paisa Gil, que se sitúa en segundo lugar como autor que máis

